



VALEDOR DO CIDADÁN

**INFORME AO PLENO DO CONCELLO**  
**2006**

ACTUACIÓNS A INSTANCIA DE PARTE  
CONSULTAS, ENTREVISTAS, EXPEDIENTES

Edita: Valedor do Cidadán

Maquetación: Diego Durán

Imprime: Roel Artes Gráficas

Depósito Legal: xxxxxxxxxxxxxx

## ÍNDICE

<b>PRESENTACIÓN</b> .....	7
<b>INTRODUCCIÓN</b> .....	9
<b>PARTE I: ACTUACIÓNS A INSTANCIA DE PARTE DO ANO 2002 CON INCIDENCIAS NO ANO 2006</b> .....	13
INTRODUCCIÓN .....	13
EXPEDIENTES .....	13
CAPÍTULO I: URBANISMO.....	13
RESUMO ESTATÍSTICO .....	26
<b>PARTE II: ACTUACIÓNS A INSTANCIA DE PARTE DO ANO 2003 CON INCIDENCIAS NO ANO 2006</b> .....	29
INTRODUCCIÓN .....	29
EXPEDIENTES .....	29
CAPÍTULO I: MOBILIDADE E SEGURIDADE .....	29
CAPÍTULO II: URBANISMO E MEDIO AMBIENTE .....	32
RESUMO ESTATÍSTICO .....	41
<b>PARTE III: ACTUACIÓNS A INSTANCIA DE PARTE DO ANO 2004 CON INCIDENCIAS NO ANO 2006</b> .....	45
INTRODUCCIÓN .....	45
EXPEDIENTES .....	45
CAPÍTULO I. MOBILIDADE E SEGURIDADE .....	45
CAPÍTULO II. SERVIZOS XERAIS.....	54
CAPÍTULO III. URBANISMO.....	57
CAPÍTULO IV. XESTIÓN MUNICIPAL .....	70
RESUMO ESTATÍSTICO .....	72
<b>PARTE IV: ACTUACIÓNS A INSTANCIA DE PARTE DO ANO 2005 CON INCIDENCIAS NO ANO 2006</b> .....	77
INTRODUCCIÓN .....	77
EXPEDIENTES .....	77
CAPÍTULO I: ASUNTOS SOCIAIS .....	77
CAPÍTULO II. MEDIO AMBIENTE .....	82
CAPÍTULO III. MOBILIDADE E SEGURIDADE .....	97
CAPÍTULO IV. PARTICIPACIÓN E ATENCIÓN CIDADÁ.....	118

CAPÍTULO V. URBANISMO .....	122
CAPÍTULO V. SERVICIOS XERAIS.....	131
CAPÍTULO VII. XESTIÓN MUNICIPAL .....	150
RESUMO ESTATÍSTICO .....	154
<b>PARTE V: ACTUACIÓN A INSTANCIA DE PARTE DO ANO 2006 .....</b>	<b>167</b>
INTRODUCCIÓN .....	167
EXPEDIENTES .....	168
CAPÍTULO I: ASUNTOS SOCIAIS .....	168
CAPÍTULO II: MEDIO AMBIENTE .....	170
CAPÍTULO III: MOBILIDADE E SEGURIDADE .....	181
CAPÍTULO IV: PARTICIPACIÓN CIDADÁ.....	199
CAPÍTULO V: PROMOCIÓN ECONÓMICA .....	205
CAPÍTULO VI. SERVICIOS XERAIS .....	207
CAPÍTULO VII: URBANISMO .....	211
CAPÍTULO VIII: XESTIÓN MUNICIPAL.....	237
<b>PARTE VI: RESUMO ESTATÍSTICO.....</b>	<b>257</b>
EXPEDIENTES ANALIZADOS NO ANO 2006 QUE SE CORRESPONDEN CON ACTUACIÓN INICIADAS EN ANOS ANTERIORES .....	257
EXPEDIENTES QUE PASAN A TRÁMITE NO ANO 2007 .....	257
EXPEDIENTES PENDENTES DE ANOS ANTERIORES A TRAMITAR NO ANO 2007 POR ÁREAS .....	257
ANO 2006 .....	259
ENTREVISTAS .....	259
CONSULTAS POR CORREO ELECTRÓNICO .....	260
EXPEDIENTES .....	261
TOTAL DE ACTUACIÓN: ENTREVISTAS, CONSULTAS por CORREO ELECTRÓNICO E EXPEDIENTES .....	262

## PRESENTACIÓN

É preceptivo, de acordo coa normativa que rexe o funcionamento do Valedor do Cidadán, presentar un informe anual que, pormenorizadamente, dea conta de toda a casuística relacionada coas queixas presentadas, así como as recomendacións que este órgano levou a cabo ó longo do ano 2006.

Este informe preséntase con absoluta independencia e autonomía ante o Pleno municipal, mantendo que é comunmente aceptado que o perfil da función de calquera Valedor debe incluír tres características peculiares e diferenciadoras:

- Máis autoridade que poder
- Máis xustiza que dereito
- Máis humanismo que burocracia

O Valedor do Cidadán non nace da desconfianza na xestión municipal, xa que o seu obxectivo é, ó fin e ó cabo, equilibrar as actuacións das distintas instancias, integrar o máis posible os dereitos individuais coas esixencias colectivas do Concello e do seu ámbito social, mellorando as relacións entre os diferentes sectores e compoñentes individuais da cidadanía de Vigo.

Con estes criterios detállanse as súas formas de actuación por medio de entrevistas persoais, consultas e expedientes.

LUIS ESPADA RECAREY



## INTRODUCCIÓN

O réxime local é unha materia con perfís propios que abrangue máis alá da potestade de autoorganización, estendéndose a un grupo de competencias diferenciadas (García de Enterría).

A propia Carta Europea de Autonomía Local, de 15 de outubro de 1985, declara que estamos convencidos de que a existencia das entidades locais investidas de competencias efectivas permite unha administración á vez eficaz e próxima ó cidadán. Esta carta non é só unha norma xurídica, senón un instrumento para a convivencia, un factor de integración social, unha canle de comunicacións, un instrumento cotián. Por todo, é preciso promover, remover e facilitar o poder público, sexa o que fose; é dicir, tense que acadar unha actitude activa. Este poder ten a obriga de promover as condicións de igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra, removendo os atrancos que a dificulten, promovendo o progreso para asegurar unha digna calidade de vida (dar vida ós anos e non só anos á vida, Marc Lalonde).

A Lei de bases de réxime local xa considera ó municipio como o marco por excelencia da convivencia civil; o equilibrio social estivo asociado, desde a antigüidade, ó florecemento municipal.

Non obstante, a liberdade en materia de autoorganización non é plena ou absoluta, e así o declara o Tribunal Constitucional na súa sentenza de 2 de febreiro de 1981.

A Constitución española impón un carácter de suprallegalidade que serve de marco de referencia para as demais normas. O seu valor normativo ten proxectarse e expandirse, e incidir en todo o ordenamento, con especial reflexión no ámbito público que regula as relacións entre todas as Administracións públicas e os cidadáns e que se configura como un inestimable elemento de equilibrio entre os privilexios administrativos e as garantías individuais.

No seu papel a desenvolver, ten que facilitar os medios para que a administración, sexa cal sexa, leve a cabo as súas tarefas de conformación social e o seu significado de límite, de defensa, de control e de garantía dos cidadáns. Pero esta precisión no se refire só ás relacións entre distintas administracións, senón, e é o que agora interesa, é de aplicación ás relacións intraadministrativas dunha mesma administración, entre todos os órganos que a integran.

O artigo 103 da Constitución española subliña taxativamente que a Administración pública, sexa cal sexa, serve con obxectividade os intereses xerais e actúa de acordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e COORDINACIÓN, con sometemento pleno á lei e ó dereito. O mesmo artigo di que os órganos da Administración do Estado son creados, rexidos e COORDINADOS de acordo coa lei. Este precepto tamén afecta ás outras Administracións públicas, segundo a sentenza do Tribunal Constitucional 85/1983.

Para maior abundamento, o artigo 3 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro, de Réxime xurídico das Administracións públicas

e do procedemento administrativo común, repite literalmente o exposto no artigo 103 da Constitución española.

O artigo 18 da Lei 30/1992, establece que os órganos administrativos no exercicio das súas competencias axustarán a súa actividade nas súas relacións con outros órganos da mesma ou doutras administracións ós principios establecidos no artigo 4.1 e a coordinarana coa que lle puidese corresponder lexitimamente a estes.

En relación coa coordinación administrativa, entre administracións diferentes ou dentro de cada administración, cómpre aclarar que esta non supón unha subtracción ou menoscabo das competencias dos interesados nela; antes ben, presupón lexitimamente a titularidade das competencias a favor da entidade coordinada.

A coordinación implica “a fixación de medios e sistemas de relación que fagan posible a información recíproca, a homoxeneidade técnica en determinados aspectos e a acción conxunta das administracións ou dos órganos dunha mesma administración, coordinadora e coordinada no exercicio das súas respectivas competencias, de xeito que se acade a integración de actos parciais na globalidade do sistema. Esta integración que toda coordinación persigue, trata de evitar contradicións e reducir disfuncións que, de subsistir, impedirían ou, cando menos, dificultarían o funcionamento do mesmo.”

É preciso lembrar que o principio de autonomía das Corporacións locais é compatible coa presenza dun control de legalidade sobre o exercicio das súas competencias, realizado nos casos e formas definidos pola lei.

A coordinación é un título habilitante que permite ó órgano coordinante aprobar medidas, directrices ou programas que suxeiten ou moldeen o exercicio de competencias do órgano coordinado, respectando a este algún ámbito de decisión, unha marxe de libre decisión, sen a que a autonomía deixe de existir (Tolosa Tribiño e García Gil).

O Tribunal Constitucional pronúnciase deste xeito ó declarar (27 febreiro 1987): “a coordinación non entraña subtracción de competencias propias das entidades coordinadas, senón que implica tan só un límite ó exercicio das mesmas.”

Non se debe esquecer que o conxunto dos órganos dun ente integra a organización deste, e que a potestade organizativa é a que corresponde a toda administración para configurar, dentro do marco da lei, a súa propia estrutura, creando, modificando e suprimindo órganos administrativos e atribuíndolles as súas respectivas competencias.

A coordinación é recoñecida pola doutrina como o primeiro principio de toda organización. Xa Mooney a definía como “a ordenada disposición do esforzo do grupo, a fin de acadar a unidade de acción na persecución dun propósito”; posteriormente, o mesmo autor subliña que a coordinación é, en primeiro lugar, un problema de autoridade e, despois, unha convición de servizo mutuo.

Hoxe, dentro dos propósitos dunha reforma administrativa, o esforzo por unha maior e mellor coordinación dos órganos administrativos ocupa un lugar preponderante; calquera medida imperfectamente coordinada resulta perturbadora.



A temática da coordinación municipal debería formar parte das preocupacións esenciais dos expertos en organización municipal. Sería preciso coordinar non só as áreas, senón tamén os distritos, e unhas e outros cos organismos autónomos e coas empresas públicas que integran o sector municipal público.

Os entes locais ampliaron notablemente as súas funcións e, por outro lado, os cidadáns esixen máis á súa administración máis próxima, o que obriga ás administracións a considerables esforzos, acadando decisións que van por riba das súas competencias, as cales tiveron que asumir para non afastarse da realidade máis achegada.

A estrutura burocrática xera a proliferación de mecanismos de control, o que leva consigo uns elevados custes de información e, á súa vez, unha maior lentitude no desenvolvemento da súa actividade e a acumulación de documentos a tramitar. Unha das claves da cultura na xestión pública é, precisamente, a teima polo control (Sinke, 1988). Aquí tamén é primordial a coordinación que, nun senso científico, é a actividade encamiñada a conseguir un funcionamento harmónico dos distintos elementos da organización, evitando as friccións competenciais (Baena Alcázar).

É obvio que unha soa persoa non pode abarcar simultaneamente todas as tarefas. Os dirixentes municipais, todos, teñen que pór ó servizo da función toda a imaxinación e capacidade, pois diso depende o bo funcionamento.

Téñense que introducir mecanismos de cooperación e coordinación, non só interadministrativa, mantendo as relacións de control unicamente como instrumento de clausura de toda a organización territorial, tal como subliña o preámbulo da Lei 7/1985, de Bases do réxime local. O obxectivo non se acadou con plenitude, e os mecanismos de colaboración e coordinación son insuficientes (Eva Giménez) para lograr a continuidade do sistema administrativo, garantindo a eficacia.

A coordinación implica un poder de dirección como consecuencia da superioridade na que se sitúa que coordina, dependendo, en gran parte, o éxito das políticas públicas de capacidade para facer da acción conxunta unha acción eficaz.

Os gobernos locais deberán de potenciar a idea de comunidade, da que exercen o liderado. No ámbito local é onde as posibilidades de desenvolvemento das iniciativas de participación cidadá e do afondamento da democracia son máis fáciles de levar a cabo a un menor custe desde o punto de vista do conxunto do sistema político-administrativo (R. Bañón).

Para rematar, non se pode esquecer que a distribución de funcións entre as distintas dependencias das Administracións públicas conduce, a miúdo, a actuacións independentes e, moitas veces, descoordinadas, o que vulnera a lóxica e legal esixencia da nomenclatura de coordinación que lle vén imposta a aquelas pola propia razón de ser como simples organizacións instrumentais ó servizo dos intereses colectivos.

A hipertrófica valoración dos “intereses propios” de cada ente, unicamente devén nun prexuízo do cidadán, quen, en moitas ocasión, se atopa sometido simultánea e dobremente a unha actuación múltiple: a estatal, a autonómica e a municipal. É neces-

ria e imprescindible unha harmonización entre os intereses xerais e os locais, o cal non quere dicir que os intereses locais non sexan tamén xerais.

A coordinación non supón unha mingua das competencias propias dos entes coordinados, só implica un límite do exercicio das mesmas cando estas conteñan un interese xeral máis amplo, de tal xeito que o ente ou órgano coordinado non verá suprimido o ámbito de decisión autónoma.

Os medios e técnicas de coordinación teñen que respectar a marxe de libre decisión e discrecionalidade ós coordinados, sen a cal non existiría verdadeira autonomía (Baño León e Climent Barberá). Só así tería reflexo aquel parágrafo maxistral da exposición motivada da Lei 7/1985, de Bases do réxime local, no que se reflite que “a implantación dun cimento tan sólido de convivencia, que vale tanto como dicir de futuro, por forza ten que producir beneficiosos efectos ó longo e ó ancho do ser nacional, insuflando novo zume e novas enerxías nos últimos redutos da organización municipal; nunha palabra, rexenerando un tecido social desatendido, cando non decrepito e magoado polos sucesivos embates de cantos vicios e abusos asolaron a nosa vida pública, transformándose en campo de agramante de quen disputaba o dominio das institucións para a satisfacción de privados intereses”.

# PARTE I

## ACTUACIÓNS A INSTANCIA DE PARTE DO ANO 2002 CON INCIDENCIAS NO ANO 2006

### INTRODUCCIÓN

Nesta Institución rexistráronse un total de seis expedientes correspondentes a solicitudes de cidadáns formuladas no ano 2002 con incidencias durante o 2006 e que corresponden a Área de Urbanismo.

Do seu contido cabe deducir o reiterado incumprimento artigo 10.2 do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán e que, dada a localización temporal dos mesmos, resulta indubidable que os rendementos da Administración pública están presididos, en gran medida, por unha falta de eficacia e axilidade. Non se desterran as actuacións insuficientes e prodúcese unha notable insatisfacción no ámbito cidadán.

### EXPEDIENTES

---

#### CAPÍTULO I: URBANISMO

---

#### **EXPEDIENTE 7/20020**

Queixa relacionada co incumprimento das ordes de derruba dun muro de contención. A petición vense interesando dende o ano 1996.

Con data 13/05/2004, máis de seis meses despois do actuado pola Concellería de Urbanismo, recíbese notificación do promotor da queixa na que nos indica que seguen sen executarse as ordes de derruba, sen impoñerse, cando menos, as multas coercitivas procedentes e sen actuación subsidiaria, tal como prescribe a lei.

Solicítase información actualizada o 14/05/2004, que ten que ser reiterada o 2/06/2004 e de novo o 21/06/2004. Recíbese a información o 19/07/2004, da que se deu traslado o 20/07/2004. No precitado informe dise: “...o vicepresidente da Xerencia Muni-

*cipal de Urbanismo, mediante resolución de 7 de xullo de 2004 impuxo a ... multa coercitiva en contía de 1.200 euros polo incumprimento da demolición ordenada no acordo da Comisión Municipal de Goberno co apercibimento da posibilidade da imposición dunha nova multa coercitiva se transcorrido o prazo dun mes a derruba non se tivese realizado”.*

Transcorrido un prazo prudencial, o 1/09/2004 solicítase información actualizada, que se reitera o 5/10/2004. En data 8/11/2004 recíbese o preceptivo informe, no que di o seguinte:

*“En resposta ó seu escrito de 5 de outubro de 2004, (ref. Expte: 7/02), en relación coa queixa de ..., infórmolle que por parte de ... procedeuse a rebaixar a altura do muro de contención e a retirar terras do recheo.*

*Segundo informa o arquitecto municipal o 22 de outubro de 2004 non se ten recuperado a rasante natural do terreo nos puntos de referencia P-1 e P-2 do levantamento topográfico realizado pola oficina de Cartografía municipal. Nos puntos P-3 e P-4 recuperouse a rasante natural do terreo.*

*O denunciado en data 28 de outubro personouse na oficina de Inspección Técnica de Obras manifestando a súa vontade de acatar o ordenado, pero presenta o problema de que as terras, ó haber un forte desnivel, van caer sobre o camiño e non quere ter problemas cos veciños.”*

A doutrina é coñecida nos temas en que a Administración municipal tería que poñer máis dilixencia na actuación que nos ocupa, o que é obvio que se traduce nunha falta de eficiencia, é dicir, calidade do que é eficiente, que é eficaz, que dá o resultado esperado, que é resolutivo no seu traballo, competente, eficaz.

Para tal efecto, é preciso citar unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (outubro de 2003) que expresa a súa repulsa ao Concello de Vigo pola pasividade ante unha orde de derruba que significa unha medida de restauración da legalidade urbanística. Advertindo que o Concello tratou de xustificar-la dilación “polo elevado número de asuntos que se abordan”, o Tribunal, coherentemente, considera que esta non é xustificación suficiente, condenando ó Concello ao pagamento das costas. Non é preciso subliñar a quen se lle detraeron realmente as costas: aos cidadáns.

Por outra banda, en maio de 2004 tense noticia da execución dunha orde de derruba de data de setembro de 1998. Sobre este particular o Xulgado do Contencioso Administrativo, en xullo de 2001, recrimina ó Concello, é dicir, crítico con dureza e rigor, por non ter levado a cabo a derruba no tempo transcorrido, rexeitando a validez do argumento de que se tiñan imposto multas coercitivas ao titular da obra.

O xuíz non considera válida a imposición de dúas sancións, unha en febreiro de 1999 e outra en marzo de 2000, estimando que as multas son unha mera cantidade simbólica aceptada polo administrado a modo de taxa ou contribución periódica, e que “non cumpren o previsto na lei”, declarando que o Concello debe derrubar subsidiariamente.

Volvendo ó cualificativo principal, cal é a eficacia, é de subliñar que a Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, nas súas motivacións declara que o termo resulta un principio activo non só desexable, senón indispensable no seu funcionamento. A propia Constitución española, no seu artigo 103, establece a eficacia como un dos seus alicerces.

Non hai que esquecer que hoxe a entidade local é máis permeable ao contorno que as outras Administracións públicas.

Retomando de novo a Constitución, tense que precisar que o primeiro interese do cidadán soe centrarse en que as Administracións públicas presten con eficacia todos os servizos que son da súa responsabilidade e competencia. Estas prestacións van dende a axilidade na resolución dos expedientes e trámites, ata a adopción das medidas tendentes a resolver os problemas da vida cotiá, citándose a continuación unha serie destes servizos, entre os que figura o urbanismo. Segue o texto legal a dicir que ó cidadán interésalle o bo funcionamento da administración en termos de calidade, axilidade e rapidez. Isto supón tamén un achegamento na procura de credibilidade.

Xa en xaneiro de 2003 a prensa local facíase eco da opinión do Valedor do Pobo sobre este caso, sinalando a ineficacia da Xerencia de Urbanismo do Concello de Vigo.

Con data 9/11/2004 dáse cumprida información ó interesado do informe recibido o 8/11/2004.

Con data 4/04/2005 reábrese o expediente por mor dun escrito da mesma data, no que o interesado nos comunica que *"fai un mes e como sempre sen contestar"* solicitou na Xerencia Municipal de Urbanismo información sobre a situación na que se atopa o expediente 9670/423, xa que non se fixo a retirada total das terras de recheo, e que a vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo, no seu citado informe, dá por rematado o expediente, preguntándose cómo pode ser isto se a situación segue a ser a mesma.

Pola nosa parte, indícase que as obras relativas ó expediente 9670/421 foron declaradas incompatibles coa ordenación urbanística vixente e, no mesmo informe, sublíñanse como obras realizadas sen licenza e incompatibles coa normativa vixente as executadas no Camiño ... (expedientes 12162-12362/423), o que resulta incomprensible. Estase a falar dun feito ilegal denunciado no ano 1996, o que reflite que a medición da calidade da atención ó cidadán implica un nivel de satisfacción non desexable por ninguén.

Solicítase información actualizada o 5/04/2005 e, de novo, o 5/05/2005. Con data 15/06/2005 recíbese informe do Sr. Vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo, no que subliña que, con respecto ó expediente 9670/421, as obras adaptanse ás condicións requiridas e, con respecto ó expediente 12335/423, procédese á incoación dun novo expediente de protección da legalidade urbanística pola caducidade do anterior. Tendo en conta os prazos que se sublíñan, insistiremos a finais de xullo de 2005.

Con data 5/08/2005 solicítase á vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo informe actualizado en relación coas actuacións previstas na resolución de 18 de

maio de 2005, que se ten que reiterar nas seguintes datas: 21/09/2005, 20/10/2005, 16/11/2005 e 19/12/2005.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con datas 7/01/2006, 16/02/2006, 20/03/2006, 17/04/2006, 17/05/2006, 13/06/2006, 12/07/2006 e 11/08/2006 reitérase o pedimento anterior.

Con data 8/09/2006 recíbese escrito do interesado instando unha solución definitiva ó expediente.

Con datas 11/09/2006, 9/10/2006, 9/11/2006 e 7/12/2006 reitéranse os pedimentos anteriores.

### **EXPEDIENTE 15/2002**

O interesado indícanos que presentou denuncias contra un taller, lindeiro coa súa vivenda, por carecer de licenza de obra, de apertura e por contaminar o contorno.

Leva tempo facendo xestións no Concello, incluso requiriu a presenza da Policía local para parar a citada actividade, sen obter resultados, motivo polo que recorre a esta Institución.

A última actuación desta oficina data de 24/07/2003, na que se incide ante Urbanismo que, non obstante a sentenza recaída sobre a ilegalidade urbanística, a actividade segue realizándose, e interesando unha solución axeitada ós fundamentos da queixa.

Con data 21/09/2005, o interesado entrega un informe da Concellería de Urbanismo de 11/02/2005 sobre o estado da tramitación do expediente feito polos servizos de Inspección Técnica de Obras, que relata as actuacións levadas a cabo nos anos 2003 e 2004, do que se desprende que en novembro de 2004 existe actividade. Coa mesma data solicítase á vicepresidencia da X.M.U. información en relación coas actuacións realizadas no período relativo ós oito primeiros meses do ano 2005, en aras a acadar unha protección da legalidade urbanística, a cal tivo que reiterarse o 25/10/2005, o 21/11/2005 e o 19/12/2005.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con datas 17/01/2006, 16/02/2006, 20/03/2006 e 17/04/2006 reitérase o pedimento anterior.

Con data 9/05/2006 recíbese escrito da vicepresidencia da X.M.U. no que se indica que o expediente está en fase de execución forzosa e está vixiado pola Policía local, a cal presenta no Xulgado os correspondentes atestados por desobediencia. Sinala, ademais, que resulta difícil comprobar o exercicio da actividade ó permanecer pechado o taller, utilizándose, ó parecer, unha propiedade lindeira para escapar da vixilancia policial. Do anterior dáse cumprida información ó interesado na mesma data, indicándolle que en datas vindeiras instarase nova información.

Con data 26/06/2006 diríxese novo escrito á X.M.U. instando unha acción decidida e citando o artigo 96.3 da Lei 30/1992. Esta petición reitérase o 19/07/2006, o 24/08/2006, o 26/09/2006, o 25/10/2006 e o 27/11/2006.

Con data 19/12/2006 recíbese escrito da vicepresidencia da X.M.U. no que se indica que o 16/05/2006 (seis meses antes desta comunicación) se acordou impor unha multa de 3.000 euros, co apercibimento de unha máis se no prazo de un mes non cesa a actividade. Do anterior dáse cumprida información ó interesado o 21/12/2006. No transcurso do expediente compróbase que o apercibimento de reiterar as multas faise por meses, pero a realidade da acción municipal responde a períodos máis amplos. Ademais, cómpre sinalar que xa é coñecida a doutrina xurisprudencial no ámbito deste tipo de multas, que non é considerada.

### **EXPEDIENTE 17/2002**

Queixa relacionada cunha instalación de talleres sen licenza urbanística.

Con data 28/04/2003 incoouse atestado por desobediencia ante a negativa do responsable da actividade a que se precintase o local. Con data 15/12/2003 esta Institución solicitou informe actualizado, que se reitera o 9/02/2004, e que se recibe o 24/02/2004, no que se explicita que: *“ al parecer dicho taller ejerce actividad a puerta cerrada, las vigilancias se realizarán por agentes de paisano ”*.

Con data 24/03/2004, dado o tempo transcorrido, solicítase informe actualizado, que se reitera o 27/04/2004, o 2/06/2004 e, posteriormente, o 17/06/2004. Recíbese o 29/06/2004 e comunícasenos que, con data 3/05/2004, o denunciado *“ presenta escrito de alegacións contra a resolución de 7 de abril de 2004 que a data de hoxe (17/06/2004) se atopa pendente de resolver. No mesmo manifesta que non realiza ningunha actividade, pero si pode realizar tarefas para o mantemento da súa vivenda ”*.

Con data 15/07/2004, é dicir, dous meses despois do escrito de alegacións, interésase informe actualizado sobre a situación exposta, que se reitera o 18/08/2004, o 15/09/2004 e, por último, o 25/10/2004, sen resposta ningunha.

Atopámonos ante outro suposto no que se fai patente, por un lado, a falta de colaboración e polo tanto o entorpecemento das actuacións desta Institución, xa que tras catro requirimentos sobre a resolución das alegacións feitas en relación cun expediente iniciado en 2002, en novembro de 2004 aínda non se tiña recibido resposta; e por outro, é de resaltar a falta de dilixencia, que non é outra cousa que a eficacia e a responsabilidade na execución dalgunha cousa.

Deste xeito, resulta claro que o cidadán afectado non pode ter unha valoración positiva con respecto á actuación do seu Concello.

Todo procedemento administrativo ordénase con vistas á conformación e exteriorización dunha declaración de vontade que produce o efecto de declarar, constituír ou modificar situacións xurídicas concretas. Coa lei nada é imposible, só hai que coñecer contra que clase de inxustiza se quere loitar. Os procedementos son situacións que obri-



gan á administración a actuacións presididas polas normas de economía, celeridade e eficacia. Tense que actuar con axilidade na resolución dos expedientes e trámites ata que se adopten as medidas tendentes a resolver os problemas da vida cotiá, hai que superar radicalmente a indisciplina e os comportamentos primarios que en materia de urbanismo mantén a administración, a eficacia da norma xurídica require da coactividade.

En ningún outro ámbito se sente máis involucrado o cidadán que no ámbito municipal.

Con data 23/11/2004 recíbese informe da vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo, no que se di:

*“Con data 3 de novembro de 2004 desestimouse o recurso de reposición interposto por... contra a resolución do vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 7 de abril de 2004 por canto nos informes da Policía local resulta probado que desobedeceu a orde de suspensión da actividade ditada polo presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo de 2 de outubro de 2002.*

*Toda vez que no informe do inspector municipal de data 1 de outubro de 2004 indica que no establecemento denunciado non consta o exercicio de actividade de taller de chapa e pintura, procede o arquivo de expediente”.*

Con data 25/11/2004 dirixímonos novamente á Xerencia Municipal de Urbanismo indicando que, segundo manifesta o interesado, a actividade denunciada segue a desenvolverse a porta pechada e en horarios non habituais de apertura ao público, incluso de noite, polo que se insta nova visita de inspección procurando que a mesma se efectúe en horarios non habituais.

Non é preciso estenderse máis en canto á axilización dos procedementos e á eficacia e axilidade da actividade pública do organismo en cuestión:

1º) Expediente iniciado en setembro de 2002, pero o interesado xa tiña presentado escrito de alegacións na Xerencia de Urbanismo en febreiro de 2001.

2º) O atestado por desobediencia incóase en abril de 2003 e remata en novembro de 2004.

Nun dos últimos traballos sobre a actividade municipal, feito polo profesor Álvarez Corbacho (*Veinticinco años después*), fálanos dos factores que explican a crise municipal e, entre outros, subliña:

Debilidade de organización.

Reducida cualificación profesional nas distintas áreas de xestión.

Con data 8/02/2005 a Concellería de Urbanismo comunica ó interesado que en contestación á súa solicitude de entrevista presentada no Rexistro Xeral da xerencia o 15/11/2004, remíteselle copia da información enviada pola oficina de Infraccións sobre a tramitación do expediente. Nesta información recóllense unha serie de informes da Policía local, dos que reflectimos os catro últimos:



17/07/2004 *“observaron desde la terraza de su casa como en el taller de al lado se estaban llevando a cabo trabajos de chapa y pintura”.*

8/11/2004 *“se realizó nuevamente atestado por desobediencia de la suspensión de actividad que se remitió al Juzgado”.*

16/11/2004 *“los agentes se personaron nuevamente en el taller, permitiéndoles la entrada el propietario al mismo, pudiendo comprobar que no existían indicios de ejercer actividad, si bien en el interior del mismo se encontraba un vehículo, y todo tipo de herramientas y aparatos de taller de chapa y pintura”.*

14/12/2004 *“una vez más y a requerimiento de D. ..., se personaron en el taller los agentes de esta Policía Local, pudiendo observar que en el interior del local había luz y se escuchaba el ruido de un motor o compresor, no contestando nadie a las llamadas del timbre”.*

Con data 3/03/2005, esta Institución comunícalle á Concellería de Urbanismo que o 2/03/2005 recíbese visita do interesado, o cal nos fai entrega dos informes antes citados e manifesta que algún dos atestados xa foi ditaminado pola autoridade xudicial, descoñecendo o contido desta resolución, sen que pola Concellería de Urbanismo se lle teña dado coñecemento ou resposta e pregando información ó respecto.

Con data 4/04/2005 reitérase o pedimento anterior, que de novo se solicita o 5/05/2005 e o 2/06/2005. Con data 8/06/2005 recíbese escrito da vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo, no que se informa da imposición dunha multa coercitiva de 500 euros, susceptible de ser reiterada se no prazo de un mes non se suspende a actividade. Esta Institución prevé, unha vez transcorrido o mes de xuño de 2005, instar de novo información actualizada, é dicir, vinte e sete meses despois de iniciado o atestado por desobediencia. Non obstante, con data 14/06/2005 solicítase información sobre a situación dos atestados, xa solicitada o 3/03/2005, e que se reiteira o 4/07/2005, o 2/08/2005, o 22/09/2005, o 20/10/2005, o 16/11/2005 e o 19/12/2005.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con data 17/01/2006 reitérase o pedimento anterior, recibíndose información da vicepresidencia da X.M.U. o 2/02/2006 na que se comunica que en data 18/01/2006 se recibe copia da sentenza 250/05, da que se achega copia, así como dos partes da Policía local de 6 de xullo e de 10 de novembro de 2005. No fallo da sentenza contéplase a absolución do denunciado no delito de desobediencia por falta de probas e a condena como autor responsable dunha falta contra a orde pública.

En canto ós partes da Policía local, faise constar que non se permitiu a inspección do local por non ter orde xudicial ó respecto.

Do anterior dáse cumprida información ó interesado o 6/02/2006.

Con data 21/02/06 dirixímonos á vicepresidencia da X.M.U. subliñando o seguinte:

*“Do parte de servizo da Policía local resáltase que o propietario se nega á inspección do local, agás que se inste mediante orde xudicial (10/11/2005).*

*Ó cidadán promotor da queixa e a esta institución, xórdelle a seguinte dúbida:*

*Se á autoridade local se lle nega a realización dunha actividade que lle é propia, é inquestionable a conveniencia de que exista un procedemento xeral que non mingúe a plena aplicabilidade do principio de legalidade, en canto á atribución de tal potestade á Administración Pública correspondente, neste suposto á Administración Local, e á tipificación de infraccións e sancións, establecéndose o procedemento nas propias leis sancionadoras ou no seu desenvolvemento regulamentario.*

*Isto resulta relevante e particularmente transcendental en relación coas entidades que integran a Administración local. Os distintos niveis administrativos teñen competencia para establecer os seus propios regulamentos e procedementos para o exercicio da potestade sancionadora.*

*Todo o anterior, de cordo o disposto no Real Decreto 1298/1993, de 4 de agosto.*

*É obvio que o tempo subliña os efectos positivos ou negativos de calquera xestión. A interesada presenta unha denuncia por primeira vez en febreiro de 2001; posteriormente, o 30/08/2002, e debido á falta de resolución da súa petición, diríxese a esta institución, e, cinco anos despois, a súa administración máis próxima e competente non foi quen de responder con eficacia, xa que non con axilidade e economía; á súa pretensión. É difícil soportar tanta responsabilidade.*

*O Concello ten que, dunha vez por todas, ser exemplar e acudir ás vías e ó presupostos legais que sexan precisos; só deste xeito é posible recuperar a estabilidade e a credibilidade xa perdida.*

*Por todo, prégase unha acción decisiva en tempo e forma, así como que se informe a esta institución puntualmente da mesma”*

A petición do citado informe reitérase o 20/03/2006. Con data 27/03/2006 recíbese escrito da vicepresidencia da X.M.U. no que nos informa facendo un relatorio das accións levadas a cabo ata o 10 de novembro de 2005 (xa coñecidas) e rematando do seguinte teor: *“O local está situado no baixo da vivenda. Neste local o interesado pode realizar traballos de mantemento da súa vivenda e outros, sempre que non constitúan unha actividade comercial ou mercantil e, para o que si necesitaría unha licenza”*

Desta información dáse traslado ó interesado o 27/03/2006, quen, con data 17/04/2006, infórmanos de que as actividades, xa denunciadas ó inicio do expediente, séguense a realizar, polo que as graves molestias ocasionadas no seu día non cesaron, o que lle segue causando estragos na súa saúde e supón, unha vez máis, unha burla por parte do denunciado en relación coas sucesivas ordes de cese da actividade. Por todo, solicita o respecto á legalidade urbanística e ós máis elementais dereitos que lle asisten como cidadán. Dáse traslado do anterior á vicepresidencia da X.M.U. o 19/04/2006 incidindo, pola nosa parte, na necesidade dunhas accións eficaces e decisións que acaben con situacións como a que nos ocupa, xa que a administración non pode deixar de

adoptar todas as medidas que a lei pon na súa man coa finalidade de repoñer a orde vulnerada.

Con datas 17/05/2006, 13/06/2006, 12/07/2006, 11/08/2006, 11/09/2006, 9/10/2006 e 9/11/2006 solicítase información actualizada en relación coa situación exposta.

Con data 21/11/2006 recíbese escrito da vicepresidencia da X.M.U., no que indica que con data 16/11/2006 dáse a orde de precinto do local á Policía local, o que se comunica ó interesado o 22/11/2006.

Con data 11/12/2006 solicítase información actualizada con respecto á actuación da Policía local.

### **EXPEDIENTE 25/2002**

Queixa presentada en relación coa construción dun tellado sobre un patio. Iniciado o expediente de protección da legalidade urbanística, acordouse e ordenouse a derruba das obras.

Das actuacións realizadas polo Concello, dáse este por satisfeito atendendo ó principio de proporcionalidade, engadindo que a execución subsidiaria das obras de derruba resultaría moi gravosa para a institución municipal.

Esta afirmación resulta contraria ós principios emanados de sentenzas xudiciais de supostos similares. A obriga do Concello pasa pola execución subsidiaria da derruba, asemade, a solución dada polo Concello dá a entender que non é necesario o cumprimento da normativa. Non se esqueza que "lex est quod notamus". Enténdese que a eficacia da norma deriva da eficacia da xestión e, polo tanto, o Concello terá que repoñer a legalidade infrinxida. Existe un decaemento da falta de rendemento.

Esta Institución, dende o 9/03/2004 ata o 5/10/2004, presentou sete requirimentos de información sobre a situación real de derruba, non obstante as multas coercitivas, sobre as que existe suficiente doutrina xurisprudencial, sen ter resposta ningunha.

Renúnciase pola nosa parte a seguir na pescuda deste expediente.

Tralo exposto, non sen certo asombro, o 18 de maio de 2005 recíbese escrito do vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo polo cal se obriga á reapertura do expediente e no que se nos informa que "con data 19/11/2004 se resolveu impoñer a ... unha nova multa coercitiva en contía de 400 euros polo incumprimento da demolición ordenada no acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de 18/06/1998, co apercebimento da posibilidade de imposición dunha multa coercitiva se transcorrido o prazo dun mes non se tivese realizado".

Do contido desta información dáse traslado ó interesado o 18/05/2005 e con data 23/05/2005 dirixímonos á vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo puntualizando o seguinte:

Na Memoria do ano 2004 informouse que, tras sete requirimentos, por ser incoado o expediente o 9 de marzo de 2004, renunciouse a seguir a pescuda do mesmo.

Obviamente, ante a recepción do seu subliñado escrito, procédese á reapertura do mesmo e, sen esquecer os comentarios feitos na Memoria do ano 2004 (páxina 28), faise preciso manifestar o seguinte:

Atopámonos ante un suposto no que a dilixencia e a axilidade na tramitación do procedemento non responden ós criterios consagrados na normativa xeral. A eficacia non é máis cun principio activo, o que implica que se está en disposición de obrar, que se actúe con rapidez e eficacia; é o feito que realiza o ser humano como efecto da súa vontade, que dá lugar a unha acción puntual e, no ámbito público, cando se realiza no exercicio das súas funcións ou polo traballo que se lle ten asignado.

Este principio de actividade non só é desexable, senón indispensable no seu funcionamento. Só así acadaremos un achegamento na procura da credibilidade.

No seu informe de 6 de maio de 2005, reflítese: *“en data 19/11/2004 resolveu impoñer a D. ... unha multa coercitiva en contía de 400 euros polo incumprimento da demolición ordenada no acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de 18/06/1998, co apercibimento da imposición dunha nova multa coercitiva se transcorrido o prazo de un mes a derruba non se tivese realizado”*.

Conclusións:

1ª. Con data 18/06/98 ordénase a demolición.

2ª. Como esta non se leva a cabo, o 11/11/2004, seis anos e medio despois, acórdase impoñer unha multa coercitiva.

3ª. A multa impoñese en novembro de 2004 e infórmase ó Valedor do Cidadán seis meses despois.

4ª. No acordo de imposición da multa coercitiva faise especial mención a que se no prazo de un mes non se leva adiante a derruba, imporase unha nova multa.

5ª. Cando se asina o seu escrito (6/05/2005) xa transcorreran case seis meses desde a imposición da multa, o que indica que ninguén se ocupou de comprobar se a orde de derruba se levou a cabo e senón, por que aínda non se impuxo a seguinte.

6ª. Coñecida é por esa vicepresidencia a doutrina xurisprudencial con respecto ás derrubas non levadas cabo, carecendo de argumentación a decisión de impoñer multas coercitivas, xa que está probado que estas non son máis cunha mera cantidade simbólica acatada polo cidadán a xeito de taxa ou contribución periódica e que non cumpren coa finalidade da lei.

Por todo, prérgase información puntual e actualizada da situación do expediente de referencia.

Esta información non é recibida, polo que con datas 22/08/2005, 27/09/2005, 25/10/2005, 21/11/2005 e 19/12/2005 reitérase a petición.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con datas 7/01/2006, 16/02/2006, 20/03/2006, 17/04/2006, 17/05/2006, 13/06/2006, 12/07/2006, 11/08/2006, 11/09/2006, 9/10/2006, 25/10/2006, 9/11/2006 e 7/12/2006 reitérase o pedimento anterior.

### **EXPEDIENTE 35/2002**

Queixa relacionada coas obras realizadas nunha vivenda que modifican o seu volume. O expediente iniciouse o 15/11/2002 e, tras diversos requirimentos, o servizo correspondente responde que se iniciou expediente de protección da legalidade urbanística con data 14/01/2003.

O 21/01/2003 solicítase ampliación do informe referente ao período que vai dende febreiro de 2002 ata esa data, xa que na referida data de 11/02/2002 se nos indica: *“a arquitecta municipal remite o expediente ós inspectores municipais atopándose nestes intres (20/12/2002) o mesmo pendente de informe”*.

Esta solicitude de ampliación reitérase o 19/03/2003 e, con data 23/05/2003, recíbese escrito no que se indica: *“achégase fotocopia do informado polo inspector municipal tras realizar nova visita ó edificio. O expediente pásase de novo á arquitecta municipal para a emisión do correspondente informe técnico”*.

Á vista do anterior, con data 17/09/2003 solicítase informe actualizado do expediente, resposta recibida o 6/04/2004, é dicir, case oito meses despois, onde se nos participa o seguinte:

*“O procedemento incoado está caducado ó non ter sido resolto no prazo sinalado no artigo 42 da LXPAC, non obstante, ó terse continuado as obras de execución dunha terraza transitable segundo lle manifestan o presidente e secretario da Comunidade de Propietarios, o inspector municipal procede á incoación dun novo procedemento de protección da legalidade urbanística”*.

Con data 21/04/2004 dirixímonos ao Sr. Concelleiro de Urbanismo expresándolle o seguinte:

*“Independentemente da data do informe da Sra. Arquitecta municipal (17/07/2003), do que se dá traslado a esta Institución o 18/03/2004, resulta que a Administración pública municipal é obvio que non actuou coa dilixencia requirida e que, de acordo co parágrafo 7 do artigo 42 da Lei 30/1992, se subliña que o “persoal ao servizo das Administracións públicas que teña ó seu cargo o despacho de asuntos, así como os titulares dos órganos administrativos competentes para instruír e resolver, son directamente responsables, no ámbito das súas competencias, do cumprimento da obriga legal de dicta-la resolución expresa en prazo.”*

*O mesmo artigo subliña que o incumprimento da citada obrigación dará lugar a esixir responsabilidade disciplinaria, sen prexuízo da que houberse lugar de acordo coa normativa vixente.*

*A propia Lei 30/1992, segundo Resolución de 20 de marzo de 1996 da Secretaría de Estado para a Administración pública, subliña que si ben ten carácter informativo, establece o marco xurídico no que se desenvolve a actividade administrativa e no que destaca a consideración do cidadán como suxeito activo e protagonista naquela, lonxe xa de consideracións dogmáticas nas que o administrado era o mero consignatario das actuacións da Administración pública, e subliña como elementos centrais da Lei a “transparencia da actividade administrativa e unha adecuada información ó cidadán como fundamento e presuposto para asegurar a súa participación e o eficaz exercicio dos seus dereitos.” Se ben esta resolución afecta exclusivamente á Administración do Estado, cada administración pode publicar unha resolución semellante, tal como xa teñen feito algunhas Comunidades Autónomas.*

*Para maior abondamento é conveniente recordar que “lex est quod notamus”, é dicir, a lei existe para que a observemos; coa lei nada é imposible, hai que coñecer contra que clase de inxustiza se quere loitar e, neste suposto, como en tantos outros, o prexudicado só lle queda o seu pasado e, recordando a Montesquieu, é preciso subliñar que “facendo leis inútiles, o que se acaba é debilitar as leis necesarias”.*

*Por outra banda, o profesor Álvarez Corbacho no seu libro “A rebelión municipal” subliña que dentro das liñas de transformación urxente tense que considerar a superación radical da indisciplina e os comportamentos primarios que en materia de urbanismo mantén a Administración.*

*A Administración non representa a “ninguén”, só serve aos intereses xerais (artigo 103.1 da Constitución española).*

*Por todo, prégolle dea as instrucións que estime a fin de que se nos faga chegar informe acerca da situación do novo procedemento incoado de protección da legalidade urbanística.”*

Con datas 2/06/2004 e 23/06/2004 reitérase a petición do informe que se recolle anteriormente, o cal se recibe o 1/07/2004, co que se achega copia da proposta de acordo remitida ó Concello da Xerencia Municipal de Urbanismo, e no que se conclúe:

*“Declarar como realizadas sen licencia e compatibles coa ordenación urbanística vixente, sempre que se xustifique o axuste da cuberta á envolvente definida no apartado 3.3.1.c das normas urbanísticas do PXOM-93, as obras obxecto do presente expediente consistentes en...”.*

Ademais, requírese aos denunciados concedéndolles un prazo de tres meses para que soliciten licenza, co apercibimento de que, en caso de incumprimento, procederá polo Concello á súa demolición, ben mediante execución subsidiaria por conta do interesado, ben mediante a imposición de multas coercitivas reiterables ata logra-la execución polo suxeito obrigado.

Con data 16/09/2004 solicítase, á vista do anterior, informe actualizado, petición que se reitera o 25/10/2004, e sen resposta a data desta información.

Para finalizar, bástenos con engadir que, unha vez máis, atopámonos ante un caso no que os principios constitucionais de eficacia e, por suposto, de celeridade non se acadan, máxime tendo en conta a doutrina existente no eido da reposición da legalidade urbanística.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con data 9/11/2006 recíbese escrito do representante do promotor da queixa, no que, tras facer un relatorio da situación do expediente, insta a esta oficina do Valedor do Cidadán a que se retome o mesmo, ante a súa paralización.

Con data 13/11/2006 solicítase información actualizada ó Sr. Vicepresidente da X.M.U., xuntando copia do escrito subliñado no parágrafo anterior, petición que se reitera o 11/12/2006.

### **EXPEDIENTE 51/2002**

Na memoria do ano 2004 consta o resumo do expediente de referencia, que literalmente di:

*“Queixa relacionada coa legalidade dun muro en propiedade lindeira á do interesado, segundo denuncia presentada o 16/12/2002. Con data 2/01/2003 solicítase o preceptivo informe, petición que se reitera o 7/02/2003, e que se recibe o 12/03/2003, indicando que se procedeu á apertura de expediente de protección de legalidade urbanística, pendente do informe técnico para incoación, se procede.*

*Posteriormente, xa en xaneiro de 2004, o interesado fainos chegar copia dunha resolución do Sr. Alcalde (data 1/07/2003) pola que se ordena a incoación do expediente de protección de legalidade urbanística, polo que se solicita informe actualizado con data 9/01/2004, informe recibido o 23/03/2004, no que se indica que se solicita a Vías e Obras o axuste das obras ás determinacións do PXOU.*

*O 27/04/2004, dado o tempo transcorrido, solicítase informe actualizado en relación co citado axuste, que se reitera o 2/06/2004, o 24/06/2004, o 21/07/2004, o 18/08/2004, o 15/09/2004, e o 25/10/2004; sen recibirse á data do peche deste informe.”*

*No ano 2005, dado o exposto anteriormente, non se fixo un seguimento do expediente, ben por considerar que o mesmo estaba solucionado, ben polo desistimento do interesado ante a falta de colaboracións desa concellería.*

*Con data 18 de xaneiro do ano que andamos, a interesada, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Josefa Juanatey Malvárez, entrega nesta oficina copia da solicitude entregada no Concello coa mesma data, número de documento 60005498, dirixida ó Sr. Presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo. Na mesma subliña que no expediente 12.153/423 se declararon sen*



*licenza e ilegalizables as obras realizadas ás que fai referencia o citado expediente, ordenando a derruba das mesmas.*

*Indica na solicitude que ata o de agora non se procedeu nin a derruba nin a legalización das obras, polo que interesa se proceda á derruba das mesmas á maior brevidade posible.*

*Por todo, prégase unha acción efectiva e decidida na defensa da legalidade urbanística, así como a información urxente da situación actualizada do expediente que nos ocupa”*

Posteriormente reitérase a petición de informe nas seguintes datas: 16/02/2006, 20/03/2006, 17/04/2006, 17/05/2006, 12/06/2006, 12/07/2006, 11/07/2006, 10/08/2006, 11/09/2006, 9/10/2006, 9/11/2006 e 7/12/2006.

## RESUMO ESTATÍSTICO

<b>ÁREA DE URBANISMO</b>	<b>6</b>
Execución de ordes de derruba	2
Obras sen licenza	4
<b>TOTAL EXPEDIENTES</b>	<b>6</b>

<b>NÚMERO DE EXPEDIENTES POR ÁREAS</b>	
URBANISMO	6

<b>REFERENCIA PORCENTURAL POR ÁREAS</b>	
URBANISMO	100%



## REQUIRIMENTOS DE EXPEDIENTES INICIADOS NO ANO 2002 CON INCIDENCIAS NO ANO 2006

### ÁREA DE URBANISMO

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
7/2002	Incumprimento da orde de derruba dun muro	17/01/2006 16/02/2006 20/03/2006 17/04/2006 17/05/2006 13/06/2006 12/07/2006 11/08/2006 11/09/2006 9/10/2006 9/11/2006 7/12/2006	
15/2002	Apertura dun taller sen licenza que provoca contaminación acústica	17/01/2006 16/02/2006 20/03/2006 17/04/2006 26/06/2006 19/07/2006 24/08/2006 26/09/2006 25/10/2006 27/11/2006	9/05/2006 19/12/2006
17/2002	Instalación dun taller sen licenza	17/01/2006 21/02/2006 20/03/2006 19/04/2006 17/05/2006 13/06/2006 12/07/2006 11/08/2006 11/09/2006 9/10/2006 9/11/2006 11/12/2006	2/02/2006 27/03/2006 21/11/2006

<b>QUEIXA</b>	<b>MOTIVO</b>	<b>PETICIÓN INFORME</b>	<b>RECEPCIÓN INFORME</b>
<b>25/2002</b>	Construción dun tellado sobre un patio	17/01/2006 16/02/2006 20/03/2006 17/04/2006 17/05/2006 13/06/2006 12/07/2006 11/08/2006 11/09/2006 9/10/2006 26/10/2006 9/11/2006 7/12/2006	
<b>35/2002</b>	Obras que supera o volume da licenza	13/11/2006 11/12/2006	
<b>51/2002</b>	Construción dun muro sen licenza	19/01/2006 16/02/2006 20/03/2006 17/04/2006 12/06/2006 12/07/2006 10/08/2006 11/09/2006 9/10/2006 9/11/2006 7/12/2006	

## PARTE II

### ACTUACIÓNS A INSTANCIA DE PARTE DO ANO 2003 CON INCIDENCIAS NO ANO 2006

## INTRODUCCIÓN

Nesta Institución rexistráronse un total de seis expedientes correspondentes a solicitudes de cidadáns formuladas no ano 2003 que tiveron incidencias durante o ano 2006, e que pertencen ás seguintes áreas:

- Mobilidade e Seguridade 2
- Urbanismo e Medio Ambiente 4

Do seu contido cabe concluír o mesmo que o exposto na introdución relativa á Parte I; isto é, o incumprimento do principio de legalidade contemplado no Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán e a falta de eficacia da actuación pública.

## EXPEDIENTES

---

### CAPÍTULO I: MOBILIDADE E SEGURIDADE

---

#### **EXPEDIENTE 30/2003**

Queixa relacionada cos aparcamentos masivos nunha travesía que conta con dous sinais verticais e que, a pesar das mesmas, se atopa case permanentemente ocupada por vehículos particulares, imposibilitando o acceso ás vivendas e ás atencións de servizos públicos imprescindibles, como ambulancias, bombeiros e taxistas.

Iníciase o expediente o 14/04/2003, recibíndose informe da Policía local o 18/06/2003, no que se explicita que se ten incrementado o servizo de vixilancia.

Con data 3/10/2003 recíbense novamente queixas de que as transgresións das prohibicións, a pesares da vixilancia policial, son constantes, polo que o 6/10/2003 diriximos

escrito á Concellería de Mobilidade e Seguridade, indicando que o escepticismo non se detén e apodérase, coma unha doenza, do espírito da colectividade sorbéndolle todas as enerxías, o que isto supón en contra do seu benestar, e solicítase un incremento da acción policial.

Con data 28/06/2004, o promotor da queixa comunícanos que a persistencia do estacionamento indebido segue afectando á veciñanza, reiterando o estado da situación con data 29/07/2004 e, novamente, o 2/09/2004, sen ter recibido máis información ó respecto.

É sobradamente coñecida a doutrina do Valedor do Pobo naqueles termos que afectan ós dereito dos cidadáns que sofren polos rúidos, a calidade de vida, a intimidade, a saúde e o descanso, así como as situacións como a que nos ocupa, cando se ven afectados en servizos tan precisos como os do taxi, ambulancias e bombeiros, o que fai necesario accións decididas e decisivas para a aplicación da normativa coa efectividade que se precise.

Con data 11/05/2005 reabriuse o expediente, xa que o interesado infórmanos do seguinte:

Os bolardos da beirarrúa seguen dobrados e rotos, co risco de accidentes para os transeúntes.

Nalgúns puntos da rúa faltan os bolardos, o que facilita que os vehículos estacionen na beirarrúa, impedindo o paso dos peóns e obrigándoos a pasar pola rúa, co conseguinte perigo.

Solicítase, polo tanto, unha urxente actuación en aras de acadar unha solución axeitada.

Con datas 13/06/2005 e 3/08/2005 reitérase o pedimento anterior.

Con data 14/09/2005 o promotor da queixa manifesta que se pintaron os pasos de peóns de García Barbón, pero non se realizou ningunha actuación na Travesía de Escolas Públicas, sentíndose, unha vez máis, non só abraiado, senón tamén ofendido polo abandono no que se atopa a veciñanza. Ante isto, con data 15/09/2005 reiteramos o pedimento, facendo mención ó sentimento anterior e, de novo, o 19/10/2005 e o 15/11/2005. Con data 17/11/2005 diriximos escrito á Sra. Alcaldesa en prol dunha solución.

Ante a falta de resposta, reitérase o pedimento anterior o 13/12/2005.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con datas 12/01/2006 e 14/02/2006 reitérase o pedimento anterior.

Con data 2/03/2006 recíbese escrito da concellería competente, no que informa que o 1/03/2004 a Concellería de Mobilidade e Seguridade remitiu informe ó servizo de Vías e Obras para o estudo da reparación dos bolardos e o 23/03/2004 enviaron ó taller de Vías e Obras o informe positivo do técnico municipal, dándose a orde para a reparación ó día seguinte. O anterior trasládase ó interesado o 6/03/2006, indicándolle que con esa

data esta Institución diríxese á Concellería de Mobilidade e Seguridade subliñando que a orde de 23/03/2004 non ten relación co escrito cursado o 19/09/2005, é dicir, un ano e medio despois, e, polo tanto, solicítase unha información congruente coa petición.

Con data 5/04/2006 recíbese informe no que se explicita que actualmente parece que os bolardos seguen en mal estado, polo que a nova queixa foi enviada ó servizo de Vías e Obras para que produza os efectos oportunos. O que se comunica ó interesado na mesma data.

### **EXPEDIENTE 43/2003**

Queixa presentada en representación da Asociación Veciñal de Lavadores pola falta de seguridade cidadá e a falta de resposta por parte do Concello ás reiteradas denuncias formuladas. O interesado, en representación daquela asociación, expón que presentou escrito ante a máxima autoridade municipal, poñendo de manifesto a inseguridade que están a padecer os veciños da parroquia dende hai anos. Ademais, indica que puxeron denuncias na Policía nacional e noutras entidades e organismos, así como no Xulgado, sen obter resultado ningún, polo que solicitan a colaboración da Autoridade Municipal.

Recíbese a queixa o 28/04/2003, solicitándose o preceptivo informe o 23/05/2003, que tivo que reiterarse o 30/07/2003 e o 18/11/2003. Recíbese o mesmo o 28/11/2003 e dáselle traslado ó interesado o 1/12/2003.

Resulta, cando menos, curioso que se nos faga chegar un informe, emitido o 10/09/2003 pola Policía local, con data 28/11/2003, o que induce a considerar ou ben unha falta de atención a esta Institución ou unha falta de coordinación na xestión municipal. A falta de coordinación implica unha desorde na disposición do esforzo de grupo, carencia de autoridade e falta da convicción do servizo mutuo.

Por outra banda, descoñécese, segundo o informe, a situación real dunha quebra do principio de legalidade urbanística derivada dun patente feito de falta de control en situacións que xeran núcleos de desarraigamento social.

Este expediente considerouse pechado no ano 2004, pero con data 10 de xaneiro de 2005 foi preciso reabrilo por mor da queixa renovada pola Asociación Veciñal de Lavadores, o que motivou que se instase novamente á concellería competente a adopción de medidas e un control da zona, co fin de erradicar a perigosidade e devolver a normalidade a toda a veciñanza.

Esta petición foi reiterada nas seguintes datas: 17/02/2005, 15/03/2005, 13/04/2005, 12/05/2005, 13/06/2005, 7/07/2005, 17/08/2005, 27/09/2005, 25/10/2005, 22/11/2005 e 22/12/2005.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con datas 23/01/2006, 22/02/2006, 22/03/2006, 6/04/2006, 5/05/2006, 2/06/2006, 3/07/2006, 9/08/2006, 4/09/2006, 2/10/2006, 2/11/2006 e 1/12/2006 reitérase o pedido anterior.

---

## CAPÍTULO II: URBANISMO E MEDIO AMBIENTE

---

### **EXPEDIENTE 18/2003**

Queixa presentada por unha asociación de consumidores en relación cos malos olores producidos por unha planta de residuos sólidos, asemade da acumulación de diverso material na beirarrúa.

As actuacións iníciáanse con data 5/03/2003 ante a Concellería de Infraestruturas e Medio Ambiente coa solicitude do correspondente informe, petición que se reitera o 30/04/2003, o 14/07/2003 e, posteriormente, o 6/08/2003. Con data 16/09/2003 recíbese escrito co que se achega o informe do Inspector Municipal de 27 de agosto, no que indica que *“o expediente continúa en trámites”*.

No informe da Inspección Municipal, entre outras, dise:

*“Na planta existe un forte cheiro, provocado posiblemente polos restos orgánicos que veñen nos colectores e o lavado de estes. Non podendo observar se a planta conta cun sistema de recollida de augas da choiva e de lavado, e se procede a pasalas por un separador de aceites graxas, debido á cantidade de contedores almacenados, e o xefe de loxística tamén o descoñece. Debido a que a persoa responsable da oficina está de vacacións non poden presentar a documentación: licenza de apertura, autorización do vertido”*.

Con data 22/10/2003, debido ó tempo transcorrido, solicítase informe actualizado sobre a situación. Con data 20/01/2004, dende Medio Ambiente comunícasenos que a actividade desenvolvida non se axusta á licenza concedida e, polo tanto, dirixen as súas actuacións a disciplina Urbanística, é dicir, a dez meses de iniciado o expediente.

Á vista do anterior, e en espera de que a acción urbanística tome o rumbo requirido, dirixímonos á Concellería de Urbanismo esperando que xa se tería comprobado todo o exposto na queixa, indicándolle que é evidente que as comprobacións ou non da existencia legal dunha actividade, denunciada en febreiro de 2003, non debe atoparse pendente do aproveitamento das vacacións (setembro de 2003) dun empregado da empresa. A Constitución española, artigos 9 e 10, consagra os principios de legalidade e eficacia na actuación da Administración pública. Téñense que evita-las actuacións insuficientes, como neste caso, e axiliza-los trámites legalmente previstos. A xestión que lle é propia debe exercerse eficazmente, máxime cando a mesma ten por obxecto preservar os dereitos constitucionais dos cidadáns.

Con data 23/03/2004 solicítase novamente informe actualizado, que se reitera o 20/04/2004, o 5/07/2004, o 17/08/2004, o 8/09/2004 e, finalmente, o 6/10/2004.

Con data 2/12/2005 recíbese informe da X.M.U., no que di que se procede á apertura de expediente de protección da legalidade urbanística.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con data 12/01/2006 dirixímonos ó servizo e Participación e Atención Cidadá, a través do cal se recibiu a última comunicación da X.M.U. o 2/12/2005, manifestando que nos atopamos cun feito denunciado no ano 2003 e que, polo tanto, é obvio que os principios constitucionais de legalidade e eficacia na actuación da Administración pública non se cumpren, o que dá lugar a unha actuación insuficiente, polo que se prega se insista ante o departamento correspondente da X.M.U. para que, dunha vez por todas, se adopten as medidas procedimentais axeitadas e se nos informe ó respecto.

Con data 3/02/2006 recíbese informe da inspección técnica de obras, no que subliña que con data 16/01/2006 remitiuse notificación á entidade interesada comunicándolle a apertura dun período de información previo á incoación de expediente de protección da legalidade urbanística, polo que se lle concede un prazo de quince días para alegacións. Con este informe achegan escrito da X.M.U. do 3/01/2006, no que indican da apertura do expediente antes citado. Chama a atención que o primeiro informe que se cita teña como data de sinatura o 10/11/2005.

Con data 8/03/2006 solicítase información actualizada en relación coa apertura do expediente de protección da legalidade urbanística, petición que se reitera o 6/04/2006 e o 5/05/2006. Con data 16/05/2006 recíbese escrito do servizo de Participación e Atención Cidadá, co que se achega informe da X.M.U. no que indica que se abriu un período de información previa, concedéndose un prazo de quince días para alegacións, comunicación que recibe o denunciado o 17/01/2006. O anterior comunícase ó interesado indicándolle que con data 18/05/2006, e á vista do tempo transcorrido, instase información actualizada ó respecto, pedimento que se reitera o 7/06/2006.

Con data 16/06/2006 recíbese informe do servizo de Participación e Atención Cidadá sobre as xestións levadas a cabo ante a X.M.U., nas que insisten en que se dea cumpriña información ó Valedor do Cidadán.

Con datas 5/07/2006, 9/08/2006, 4/09/2006, 2/10/2006, 2/11/2006 e 1/12/2006 solicítase novamente información actualizada.

### **EXPEDIENTE 20/2003**

Queixa relacionada coa apertura dun local de hostalería no baixo dun edificio, carecendo da licenza preceptiva e exercendo unha actividade non correspondente á licenza que se ten solicitado. As obras efectuadas ocasionaron danos na vivenda e molestias por rúidos e fumes.

O interesado xa tiña presentado escritos de denuncia o 24/10/2002, o 27/01/2003 e o 17/02/2003, sen ter recibido atención a ningún deles.

Iníciase o expediente con data 24/03/2003, reiterando o pedimento o 26/05/2003, o 29/10/2003 e, de novo, o 29/01/2004. Recíbese con data 24/02/2004 informe da Policía local, no que se reflicte que, efectuada visita, non existe documentación do local, estando cheo de persoas e con música bastante alta, realizándose medicións sonométricas con resultado positivo.

Con data 2/03/2004 dirixímonos á concellería competente indicando o seguinte:

*“Con data 24 de febreiro do ano que andamos recibimos informe da Policía local, a súa referencia 12923/2004, do que se achega fotocopia, no que se detallan diversas actuacións policiais, sen que ata o momento se teña coñecemento en relación coas medidas adoptadas en prol dunha solución do problema formulado dende hai case un ano, e sen ter recibido informe de Medio Ambiente, tal como sería nun axeitado proceder.*

*Pola nosa parte, só nos queda manifestar, unha vez máis como noutros supostos, que o réxime xurídico das Administracións Públicas debe transcender as regras de funcionamento interno para integrarse na sociedade á que serve como instrumento que promove as condicións para que os dereitos constitucionais do individuo e dos grupos que integran a sociedade sexan reais e efectivos.*

*O moderno Modelo Europeo de Excelencia, entre outras cuestións moi necesarias propugna que para comprender, prever e mellorar o desempeño e rendemento operativo é de maior interese revisa-la duración dos procesos de atención ao público, resolución de queixas e resposta ás demandas do contorno.*

*Segundo técnicos en temas de sostibilidade, as comunidades locais teñen que imaxinar, planificar, producir e gobernar as cidades de forma máis transparente, eficiente e cunha eficacia maior que a actual; tense que introducir o concepto de calidade no ámbito municipal como criterio fundamental da xestión municipal. Neste senso maniféstase a Lei 57/2003, de 16 de decembro, Lei de medidas para a modernización dos gobernos locais, que se concibe como instrumento axeitado para que os nosos gobernos locais afronten os complexos retos que lles presentan os abrentes do século XXI. Requírese de xeito inaprazable a adopción das reformas tendentes á súa racionalización e modernización, medidas estas que xa teñen adoptado varias cidades.*

*Pero non sempre estas solucións son fáciles de acadar se non se pon en marcha un mecanismo imprescindible, cal é a coordinación, primeiro principio de toda organización que se prece, é dicir, a ordenada disposición do esforzo do grupo á fin de acadar a unidade de acción na procura dun propósito. A coordinación é, en primeiro lugar, un problema de autoridade e, en segundo lugar, unha convicción de servizo mutuo. Calquera medida imperfectamente coordinada pode ser perturbadora.*

*A doutrina moderna interesa constantemente que os temas de coordinación municipal deberían formar parte das preocupacións esenciais dos dedicados á organización municipal.*

*O propio Tribunal Supremo (1989) declara que toda coordinación implica un poder de dirección, consecuencia da superioridade en que se sitúa quen coordina.*

*Nun xeito moi clarificador pronúnciase a Lei 30/1992, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, cando no seu artigo 18 indica que no exercicio das súas competencias propias, os órganos administrativos axustarán a súa actividade nas súas relacións con outros órganos.*



*Por todo, prégase, de novo, información esclarecedora das medidas levadas a cabo no expediente que nos ocupa e que poidan dar a satisfacción debida aos dereitos do cidadán”.*

Con data 8/03/2004 recíbese informe, no que se di e dispón “*que no caso de que a tramitación do correspondente expediente sancionador leve ó coñecemento de que o establecemento denunciado non dispón da correspondente licenza, ou a licenza que ten non corresponde coa actividade que desenvolve, o expediente rematará coa súa dilixencia á Xerencia de Urbanismo para que proceda á preceptiva clausura de actividade*”, co que se achegan copias de medicións sonométricas que superan os límites permitidos.

Con data 11/03/2004, á vista do anterior, dirixímonos á concellería competente co rogo de que, á vista do seu informe, se proceda a unha actuación decidida e se nos informe de xeito actualizado das xestións levadas a cabo pola unidade urbanística competente, reiterando o pedimento o 24/03/2004 e, de novo, o 16/04/2004.

Con data 19/04/2004 recíbese informe no que se di que se está a tramitar pola Inspección Técnica de Obras o expediente de protección da legalidade urbanística e que, con respecto á licenza de actividades, o informe de inspección indica que o local se axusta ó proxecto de construción, seguíndose o procedemento establecido, pendente do informe do laboratorio.

Con data 11/05/2004 solicítase nova información actualizada, que se reitera o 21/06/2004, o 22/07/2004 e o 24/08/2004. Con data 31/08/2004 recíbese informe, no que se di que con data 19/08/2004 concédese licenza municipal para o desenvolvemento de café bar sen música. Do anterior dáse cumprida información ó interesado.

Con data 13/12/2004 o interesado reitérase na súa queixa e achega copia do parte de medicións sonométricas efectuadas pola Policía local o 12/11/2004, no que figura unha superación de 4,1 dBA no suposto de dispor de licenza para música, cousa que non se dá, polo que con data 14/12/2004 instamos a Urbanismo á adopción de medidas axeitadas. Finalmente, a instancia do interesado, con data 16/12/2004 entrégaselle ó mesmo un informe coas actuacións levadas a cabo por esta Institución.

Reitérase a petición de informe nas seguintes datas: 7/02/2005, 7/03/2005, 7/04/2005, 10/05/2005, 9/06/2005, 7/07/2005, 17/08/2005, 27/09/2005, 25/10/2005, 22/11/2005 e 22/12/2005.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións.

Con datas 23/01/2006 e 22/02/2006 reitérase o pedimento anterior. Con data 7/03/2006 recíbese escrito do Concelleiro delegado de Medio Ambiente, no que comunica que teñen abertos expedientes por contaminación acústica, o que se comunica ó interesado.

Con data 8/03/2006, tendo en conta as actuacións municipais realizadas segundo a documentación recibida, solicítase información actualizada sobre as medicións sonométricas efectuadas, petición reiterada o 6/04/2006 e o 5/05/2006. Con data 29/05/2006 recíbese informe, no que se indica que o 15/05/2006 reitérase a orde á Policía local para

efectua-la medición. Con datas 26/06/2006, 19/07/2006, 23/08/2006, 26/09/2006, 19/10/2006, 21/11/2006 e 21/12/2006 solicítase información ó respecto.

### **EXPEDIENTE 21/2003**

Queixa relacionada coa instalación, na azotea dun inmobile, dunha antena de telefonía móbil.

O interesado, representante dunha comunidade de veciños, presenta no Concello con data 19/11/2002 a reafirmación das denuncias presentadas o 16/04/2002 e 25/10/2002, coas que achega informes da Policía local e do Seprona nos que constan as actividades relacionadas co obxecto da queixa.

Iníciase o expediente con data 10/03/2003, solicitándose o preceptivo informe na mesma data, pedimento que se reitera o 30/04/2003. Con data 16/05/2003 recíbese escrito, no que informa: *“1. Con data 4 de novembro de 2002 a entidade... solicitou licenza de actividades e instalacións para o emprazamento dunha antena de telefonía móbil no edificio... 2. A día de hoxe a devandita antena carece da preceptiva licenza municipal de actividades e instalacións, atopándose o expediente en trámite, requiridos os interesados polo técnico municipal á espera de que presenten a aprobación do proxecto técnico polo Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía a fin de continuar coa tramitación do devandito procedemento”*.

Con data 27/05/2003 recíbese novo informe no que, en resumo, se reflite:

A existencia dun informe da arquitecta municipal no que se indica a posibilidade de legalización da instalación en función do seu axuste ao establecido na Ordenanza municipal reguladora destes equipos.

Que se acorde incoar expediente de protección da legalidade urbanística (23/01/2003), ordenando a paralización da obras ó carecer da preceptiva licenza.

Con data 15/07/2003 solicítase informe actualizado da situación, pedimento reiterado con data 4/11/2003. Con data 22/04/2004 recíbese o informe, no que se indica que, á vista da documentación necesaria, parece prudente esperar a que o interesado complete o expediente (quinze meses despois da incoación do expediente de protección de legalidade urbanística), e continúa: *“o interesado non presentou a documentación requirida”*, engadindo que o expediente caducou ó non ter sido resolto no prazo legal, polo que se incoa de novo.

Á vista do anterior, e dado o tempo transcorrido, con data 10/06/2004 solicítase informe actualizado en relación co novo expediente, solicitude que se reitera o 8/07/2004, o 18/08/2004, o 16/09/2004 e, finalmente, o 25/10/2004. O informe recíbese o 21/12/2004, no que se conclúe coa concesión dun prazo de dous meses para que a empresa demandada complete a documentación precisa para a tramitación da licenza de obras, e, de non achegar a documentación ou de non axusta-las obras ás condicións da licenza, ordenarase a retirada da citada instalación. Dáse traslado do contido do mesmo ó interesado.

Estamos ante un asunto denunciado o 19/11/2002. Dous anos despois da denuncia, a situación segue sen definición. Esta Institución, pasados os dous meses subliñados, volverá insta-la información pertinente.

As reflexións son obvias, e o estado de indefensión dos afectados xorde da propia falta de rendemento no exercicio das competencias que lle son propias ó ente municipal. A situación dos cidadáns que demandan a acción pública, na protección dos dereitos que lles son propios, non mellora de ningún xeito, producindo un sentimento de exclusión social.

Con data 21/12/2004 recíbese informe da vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo, co que se achega copia do acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de 12 de decembro de 2004, no que, entre outras especificacións, dise e declárase *“como realizadas sen licenza as obras obxecto do presente expediente”* e que se require *“á entidade ... concedéndoselle o prazo de DOUS MESES ... para que complete a documentación .... De non aportar esta documentación ou de non axustar-las obras as condicións da licenza, ordenarase a retirada da citada instalación”*.

Con data 22/12/2004 dáse cumprida información do anterior ó interesado, indicándolle que *“en datas vindeiras, e de acordo co prazo que se subliña no apartado segundo do acordo, instarase á vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo a que emita informe actualizado da situación”*.

Con data 7/02/2005 solicítase información actualizada, petición que se reitera o 7/03/2005 e o 7/04/2005.

Con data 29/04/2005 recíbese informe da vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo, no que se reflite que con data 30 de decembro de 2004 aprobouse o PXOM, no que se dispón que *“En todo caso se prohíbe a instalación de dichas antenas o repetidores sobre las cubiertas de edificaciones residenciales o dotacionales”*.

Con data 2/05/2005 dáse cumprida información ó interesado, considerándose o expediente pechado. Non obstante, o 29/07/2005 recíbese copia do escrito que o interesado entregou no Rexistro Xeral da X.M.U. con data 4/07/2005, no que insta o desmantelamento da instalación considerada ilegal, o que motiva que o 28/08/2005 esta Institución solicite da vicepresidencia da X.M.U. informe actualizado sobre as medidas adoptadas en relación co citado desmantelamento, petición reiterada o 12/09/2005, 19/10/2005, 14/11/2005 e 13/12/2005.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións.

Con datas 12/01/2006, 14/02/2006, 8/03/2006, 6/04/2006, 5/05/2006 e 2/06/2006 reitérase o pedimento anterior.

Con data 14/06/2006 remítese novo escrito no que se indica que se fixeron doce peticións de información actualizada, sen resposta, e menciónase especialmente a falta de rendemento, o abandono dos dereitos dos cidadáns e a falta de colaboración con esta oficina do Valedor do Cidadán, tendo en conta que este expediente se iniciou hai trinta e nove meses. Con datas 3/07/2006, 9/08/2006, 4/09/2006, 2/10/2006, 2/11/2006 e 1/12/2006 reitérase o pedimento anterior.

## **EXPEDIENTE 54/2003**

O interesado solicita a execución dunha sentenza ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de 30/12/1998, pola que se declara firme a sentenza que ordena a demolición das obras de construción dunha vivenda.

Iníciase o expediente o 24/06/2003, reiterándose a petición o 14/08/2003 e, de novo, o 11/11/2003, recibíndose informe o 5/01/2004, no que se di:

*“...Desprazouse ao lugar unha pala retroescavadora e un camión. A derruba non puido executarse por canto un numeroso grupo de veciños, que increpaban ós membros da Comisión Municipal a través duns altofalantes nun vehículo aparcado diante da cancela de entrada á vivenda, impediron o acceso á mesma.*

*Pola Secretaria da Comisión requiriuse ós veciños para que depoñan a súa actitude advertíndolles de que se está a executar unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.*

*A Policía Local identifica a algúns dos veciños que impiden a entrada.*

*Destes feitos dáse traslado ó Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo que en data 20 de xuño de 2003 ditou sentenza no xuízo de faltas 213/2003 na que absolve ós veciños contra os que se seguiu o xuízo”.*

Á vista do anterior, con data 4/02/2004, dirixímonos á vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo no seguinte senso:

*“En relación co seu escrito de data 29/11/2003, nº de saída 061580, o seu expediente 12.273/423, nº de notificación 11462, e tendo en conta o tempo transcorrido dende as actuacións relatadas no mesmo, e con especial referencia á sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia nº 977, do 12 de novembro de 1998, e en atención ó principio de legalidade que preside a actuación en relación coa ordenación urbanística vixente, prégo lle información puntual e actualizada en relación co tema que nos ocupa.*

*Dende a nosa perspectiva faise preciso recordar que a evolución do contencioso é, en gran medida, a propia de todo o Dereito Administrativo; en termos sinxelos, redúcese todo a que o contencioso-administrativo como técnica impugnatoria existe porque ás Administracións Públicas a lei lles recoñece e outorga privilexios, potestades e poderes exorbitantes do Dereito Común, é dicir, sen potestade non existe actividade administrativa correcta. A Administración só pode face-lo que a lei lle permite realizar, está positivamente vinculada á lei e esta é a que lle concede a potestade para actuar de xeito acomodado, é dicir, de xeito legal, como é no caso que nos ocupa e de acordo coa sentenza subliñada anteriormente.*

*Recórdese o artigo 24.1 da Constitución española, onde se consagra que todas as persoas teñen dereito a obter a tutela efectiva dos xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, sen que, en ningún caso, poida producirse indefensión. No mesmo eido, hai que recordar o artigo 117.3 sobre o exercicio da potestade xurisdiccional “...xulgando e facendo executa-lo xulgado”, e para mellor entendemento o artigo*

118, onde se proclama a obriga de cumprir-las sentenzas e demais resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como prestar a colaboración requirida por aqueles no curso do proceso e na execución do resolto.

*Temos que rematar recordando que o artigo 103 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa, declara que “as partes están obrigadas a cumprir as sentenzas na forma e termos que nestas se consignent”.*

A petición do anterior informe reitérase o 2/03/2004, e recíbese resposta en data 6/04/2004, no que, entre outras precisións, indícasenos que: *“Esta Administración Municipal aterase ás ordes directas do Tribunal emitidas nese proceso, ó tratarse dun asunto “sub iudice” no que o Concello intervén como mero axente executor dos mandatos do órgano xudicial. Por este último motivo recoméndaselle que se dirixa directamente ó Tribunal”.*

Esta última recomendación está fóra de lugar, toda vez que o Valedor do Cidadán é, por definición legal, un comisionado do Pleno Municipal e non da Xerencia Municipal de Urbanismo.

Con data 1/07/2004 dirixímonos novamente á vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo no senso seguinte:

*“ En relación co expediente de referencia, o seu expediente 12273/423 – 6242/423, por mor da demolición das obras de construción dunha vivenda no Camiño Centieiro, en resposta ó seu escrito de data 25/03/2004, no que se nos informaba que a derruba da edificación estaba sendo examinada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso contencioso-administrativo 2/5558/1996, no que se abrixa unha peza específica de execución, informámoslle o seguinte:*

*O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia tense pronunciado ó respecto mediante auto de 2/06/2004, que desestima o recurso de súplica interposto por ... contra a providencia do mesmo tribunal de data 30/04/2004. No citado auto o tribunal expón que a sentenza ditada no proceso limitouse a desestimar as pretensións da demanda interposta por ..., ditándose a sentenza cando xa entrara en vigor a Lei 2/1998, de 13 de xullo, que, no seu artigo 105, que regula a inexecución das sentenzas, non contén referencia ningunha ás sentenzas desestimatorias, polo que resulta de aplicación a doutrina da STS de 22/09/1999: “la ejecución que procede es la del acto, y no la de la sentencia, la cual, a efectos de ejecución, lo ha dejado intacto, sin quitar ni añadir nada a su fuerza ejecutiva. Una sentencia desestimatoria confirma el acto impugnado, lo deja tal como fue dictado por la Administración demandada, y el Tribunal de Justicia no puede decir ni aconsejar ni ordenar a aquélla cómo tiene que ejecutarlo”.*

*Polo exposto, reiteramos a solicitude feita con data 4/02/2004 a esa Xerencia Municipal de Urbanismo; que en atención ao principio de legalidade que preside a actuación en relación coa ordenación urbanística, se adopten as medidas que corresponden en orde a restaurar a legalidade urbanística alterada, en concreto, que por parte desa administración se executen os seus actos administrativos firmes, e se proceda a cumprir a orde de derruba aprobada por acordo da Comisión de Goberno do 10 de maio de 1996, confirmada pola sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 12 de novembro de 1998.*

*Prégolle información puntual e actualizada en relación co tema que nos ocupa”.*

Con data 20/08/2004 reitérase o pedimento de información actualizada, que de novo se ten que solicitar o 21/09/2004 e o 25/10/2004, sen resposta ningunha.

Con data 8/02/2005 recíbese escrito da vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo, no que se reflite que *“con data 12/01/2005 impuxo a ... unha multa coercitiva en contía de 600 euros polo incumprimento da demolición ordenada no Acordo da Comisión de Goberno de Urbanismo de data 10/05/1996 e a fin de logra-la súa execución forzosa, co apercibimento da posibilidade de imposición dunha nova multa coercitiva se transcorrido o prazo dun mes a derruba non se tivese realizado”.*

Con data 9/02/2005 dáse cumprida información do anterior ó interesado.

Con data 15/03/2005 diriximos escrito literal á vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo:

*“Con data 8 de febreiro do ano que andamos recíbese desa vicepresidencia escrito de data 25 de xaneiro de 2005, número de saída 063076 do 7 de febreiro, o seu expediente 12.273/423, no que se explícita o seguinte: “...que con data 12-01-2005...impuxo...unha nova multa coercitiva en contía de 600 euros polo incumprimento da demolición ordenada no acordo da Comisión de Goberno de Urbanismo de data 10-05-1996 e a fin de logra-la súa execución forzosa, co apercibimento da posibilidade de imposición dunha nova multa coercitiva se transcorrido o prazo dun mes a derruba non se tivese realizado”*

*Ante esta puntualización, pola nosa parte temos que reiterar e recordar o exposto no noso escrito de 1/07/04, en canto que o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia tense pronunciado ao respecto mediante auto de 2/06/2004 que desestimou o recurso de súplica e continúa facendo aclaracións referentes á Lei 2/1998, de 13 de xullo, que agora non imos repetir, soamente que se preste a debida dilixencia en orde a restaurar a legalidade urbanística alterada, é dicir, que, en concreto, esa administración execute os seus actos administrativos FIRMES e, se procede, cumpra a orde de derruba aprobada por acordo da Comisión de Goberno de 10 de maio de 1996, confirmada pola sentenza firme do TS de Xustiza de Galicia de 12 de novembro de 1998.*

*As actuacións parciais de multas coercitivas, como a que se indica no seu escrito, xa teñen un referente na doutrina xurisprudencial, por esa Xerencia de Urbanismo coñecida, e que non é outra que o rexeitamento das medidas adoptadas que non refliten máis que unha actitude pasiva, e que a validez da imposición de sancións pecuniarias é un mero simbolismo que non cumpre coa finalidade da lei. Esta esixe para que sexa cumprida, e neste suposto o Concello debe derrubar subsidiariamente, acudir a todos os medios que a lei pon á súa disposición. A coercitividade obriga a actuar de forma concreta.*

*Signifícase ademais que en data sete dos corrente, recíbese a visita, unha vez máis, de D. ..., manifestando de novo a súa decepción e desesperanza polo estado dunha situación ilegal denunciada xa en 1994.*



*Por todo, requírese unha solución urxente e correcta que permita, na medida que sexa posible, recupera-la confianza por parte do cidadán ante unha tardía actuación da lexitimidade pola vía dos rendementos.*

*Prégase información puntual e actualizada en relación co exposto anteriormente”.*

Con datas 13/04/2005, 12/05/2005, 13/06/2005, 7/07/2005, 18/08/2005 e 27/09/2005 reitérase o pedimento anterior.

Con data 14/11/2005 recíbese resposta, na que se indica a imposición dunha multa coercitiva, co apercibimento dunha nova se no prazo de un mes non se realiza a derruba. Do anterior dáse traslado ó interesado o 15/11/2005, indicándolle que en datas vindeiras se instará nova información. Compróbase que o contido deste informe é o mesmo que o do recibido o 12/01/2005.

Con data 15/11/2005 dirixímonos á vicepresidencia da X.M.U. indicando o noso estupor pola falta de axilidade e coherencia ó deixar pasar case dez meses para segui-los pasos precisos na procura da defensa da legalidade urbanística, petición reiterada o 13/12/2005.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións.

Con datas 12/01/2006, 14/02/2006, 8/03/2006, 6/04/2006, 5/05/2006 e 2/06/2006 reitérase o pedimento anterior.

Con data 3/07/2006 recíbese informe de Urbanismo, no que indica a imposición dunha nova multa coercitiva. Co anterior achégase copia dunha carta da filla da propietaria da finca na que expón motivos de saúde da súa nai, do que se dá cumprida información ó interesado.

Con datas 9/08/2006, 4/09/2006, 2/10/2006, 2/11/2006 e 1/12/2006 reitérase a petición de información actualizada en relación coa situación tras a última sanción imposta.

## RESUMO ESTATÍSTICO

<b>ÁREA DE MOBILIDADE E SEGURIDADE</b>	<b>2</b>
Seguridade Cidadá	2
<b>ÁREA DE URBANISMO E M. AMBIENTE</b>	<b>4</b>
Apertura sen licenza	3
Orde de derruba	1
<b>TOTAL EXPEDIENTES</b>	<b>6</b>

### REFERENCIA PORCENTUAL POR ÁREAS\*

Urbanismo e Medio Ambiente	66,66%
Mobilidade e Seguridade	33,33%

\* Ordenadas porcentualmente de maior a menor.

## REQUIRIMENTOS DE EXPEDIENTES INICIADOS NO ANO 2003 CON INCIDENCIAS NO ANO 2006

<b>ÁREA DE MOBILIDADE E SEGURIDADE</b>			
<b>QUEIXA</b>	<b>MOTIVO</b>	<b>PETICIÓN INFORME</b>	<b>RECEPCIÓN INFORME</b>
<b>30/2003</b>	Aparcamento nunha rúa con sinais de prohibición e destrución de bolardos	12/01/2006	
		14/02/2006	2/03/2006
		6/03/2006	5/04/2006
<b>43/2003</b>	Falta de seguridade na veciñanza dun barrio	23/01/2006	
		22/02/2006	
		22/03/2006	
		6/04/2006	
		5/05/2006	
		2/06/2006	
		3/07/2006	
		9/08/2006	
		4/09/2006	
		2/10/2006	
		2/11/2006	
		1/12/2006	Sen resposta
<b>ÁREA DE URBANISMO E MEDIO AMBIENTE</b>			
<b>QUEIXA</b>	<b>MOTIVO</b>	<b>PETICIÓN INFORME</b>	<b>RECEPCIÓN INFORME</b>
<b>18/2003</b>	Malos olores en planta de residuos	12/01/2006	
		8/03/2006	
		6/04/2006	
		5/05/2006	
		18/05/2006	
		7/06/2006	
		5/07/2006	
		9/08/2006	
		4/09/2006	
		2/10/2006	
		2/11/2006	3/02/2006
1/12/2006	16/05/2006		
<b>20/2003</b>	Local de hostalería sen licenza que provoca ruídos e fumes	23/01/2006	
		22/02/2006	
		8/03/2006	
		6/04/2006	
		5/05/2006	
		26/06/2006	
		19/07/2006	
		23/08/2006	
		26/09/2006	
		19/10/2006	
21/11/2006	7/03/2006		
21/12/2006	29/05/2006		



<b>QUEIXA</b>	<b>MOTIVO</b>	<b>PETICIÓN INFORME</b>	<b>RECEPCIÓN INFORME</b>
<b>21/2003</b>	Instalación dunha antena de telefonía móbil sen licenza	12/01/2006 14/02/2006 8/03/2006 6/04/2006 5/05/2006 2/06/2006 14/06/2006 3/07/2006 9/08/2006 4/09/2006 2/10/2006 2/11/2006 1/12/2006	
<b>54/2003</b>	Solicitude de execución dunha sentenza que ordena a derruba de obras	12/01/2006 14/02/2006 8/03/2006 6/04/2006 5/05/2006 2/06/2006 9/08/2006 4/09/2006 2/10/2006 2/11/2006 1/12/2006	3/07/2006



## PARTE III

### ACTUACIÓNS A INSTANCIA DE PARTE DO ANO 2004 CON INCIDENCIAS NO ANO 2006

## INTRODUCCIÓN

Nesta institución rexistráronse un total de dezaoito expedientes correspondentes a solicitudes de cidadáns formuladas no ano 2004 que tiveron incidencias durante o ano 2006, e que pertencen ás seguintes áreas:

■ Mobilidade e Seguridade	7
■ Servizos Xerais	1
■ Urbanismo	8
■ Xestión Municipal	2

Do seu contido cabe concluír o mesmo que o exposto na introdución relativa á Parte II; isto é, o incumprimento do principio de legalidade contemplado no Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán e a falta de eficacia da actuación pública.

## EXPEDIENTES

---

### CAPÍTULO I. MOBILIDADE E SEGURIDADE

---

#### **EXPEDIENTE 41/2004**

O interesado formulou reclamación alegando que solicitou en diversas ocasións unha tarxeta personalizada de acceso ó Casco Vello, sen recibir resposta ningunha ó respecto. Engade que, como el non conduce, vese obrigado a acceder á súa vivenda, sita na praza da Pedra, utilizando os servizos dun taxi, situación que se repite cada vez que a visitan os seus pais, agravándose o custo do taxi en numerosas ocasións en que se producen demoras de ata vinte minutos para conseguir paso.

Queixa presentada o 26/05/2004. Solicítase informe á Concellería de Mobilidade e Seguridade o 28/05/2004, petición que se reitera o 30/06/2004, o 19/08/2004, o 20/09/2004, o 25/10/2004 o 18/11/2004 e o 7/12/2004.

No pedimento da información preceptiva de data 28/05/2004, á vista da particularidade do caso, expoñiamos que, pola nosa parte, e con todos os respectos e consideracións á normativa vixente, precisábase facer algunha reflexión:

Tense que desterrar a idea de que os Concellos son só unha unidade burocrática e proxectar a faceta política e a súa organización pública. Hoxe por hoxe a entidade local é máis permeable ó contorno cás outras Administracións públicas.

As estruturas municipais presentan dúas vertentes: a política e a administrativa, que teñen puntos de vista distintos sobre a institución, dúas culturas antagónicas: política e funcional. O técnico pode propiciar decisións políticas, incluso definindo obxectivos, pero nun caso concreto como o que nos ocupa tense que reflexionar sobre un principio, moitas veces esquecido, que non é outro que a equidade.

O concepto de equidade resulta, certamente, equívoco; xa numerosos textos legais históricos sinalábanse como fonte complementaria ou subsidiaria da norma (Foro de Aragón, Foro das Costumes de Valencia), que ligan á equidade coa razón natural e coa función do xuíz.

As leis, aínda sendo xustas, fallan en certos casos nos que a súa estrita observancia iría contra o Dereito natural. Non hai entón que xulgar segundo a literalidade desa norma, senón consonte á equidade, que non é outra cousa que a xustiza do caso concreto. Non se trata dunha violación da xustiza, non é suavidade senón xusteza, non ten que ver co indulto, é simplemente un personaxe conciliador.

Non se trata de pedirlle á autoridade o que excede das súas posibilidades. A autoridade ten o deber de aseguralas condicións xerais de felicidade que constitúen as bases mínimas para acadar unha vida social satisfactoria.

O propio Código Civil, no seu artigo 3, fai referencia á equidade ó reflectir que as normas se interpretarán segundo o senso propio das súas palabras, en relación co contexto, cos antecedentes históricos e lexislativos e coa realidade social do tempo en que se van aplicar, atendendo fundamentalmente ó seu espírito e finalidade.

Independentemente do anterior, neste suposto o interesado non ve unha acción eficaz con respecto á axilidade na resolución das súas peticións; xa fixera tres solicitudes antes de dirixirse a esta Institución. Ó cidadán, o que realmente lle interesa é o bo funcionamento da administración en termos de calidade, axilidade e rapidez, o que supón tamén un maior acercamento na procura da credibilidade.

Con data 8/04/2005 reitérase o pedimento anterior.

Con data 19/04/2005 recíbese escrito da Área de Mobilidade e Seguridade, no que remata co seguinte: *“... , non cumpre os requisitos indicados no Bando, aínda que si se considera que debe autorizárselle o acceso á súa vivenda, poderá solicitar no Rexistro*

*Xeral do Concello unha autorización ao obxecto de que se lle facilite o acceso coa única finalidade de recoller aos seus pais e volver a saír, en ningún caso estacionar”.*

Desta información dáse traslado ó interesado o 21/04/2005.

Con data 6/05/2005 recíbese nesta Institución escrito do promotor da queixa, no que manifesta non estar de acordo co anterior e que se considera discriminado ó non concedérselle a tarxeta polo feito de non posuír vehículo propio, máxime tendo en conta os problemas derivados da idade dos seus pais, que a visitan frecuentemente, cando o desprazamento se fai en taxi se non funciona o servizo de apertura.

Con data 10/05/2005, á vista do anterior, dirixímonos novamente a Mobilidade e Seguridade reiterando a petición, na procura dunha solución baseada no principio de pura equidade que ningunha Administración pública debe descartar.

Con datas 9/06/2005, 7/07/2005, 1/09/2005, 19/10/2005, 7/11/2005 e 7/12/2005 reitérase a petición anterior.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con datas 9/01/2006, 13/02/2006, 7/03/2006, 4/04/2006, 8/05/2006, 8/06/2006, 4/07/2006, 9/08/2006, 4/09/2006, 3/10/2006, 6/11/2006 e 7/12/2006 reitérase o pedimento anterior.

#### **EXPEDIENTE 55/2004**

Queixa por mor dunha sanción de tráfico na avda. de Castelao. O interesado indícanos que, unha vez recibida a notificación da sanción, presentou alegacións manifestando a súa desconformidade, xa que, por unha banda, confunden os datos do denunciado e, por outra, confunden a situación do vehículo, sendo o motivo da non notificación da denuncia “vehículo infractor en rota” e o feito denunciado “estaciona-lo vehículo en dobre fila sen condutor”.

Nunha segunda notificación de denuncia, examinadas as alegacións do interesado, modifícanse os datos do titular por terse producido un erro na gravación informática. No entanto, o interesado segue sen recibir resposta en relación coa confusión da situación do vehículo, considera que se produciu un defecto de forma e solicita a anulación da sanción.

Queixa presentada o 28/07/2004. Solicítase informe á Concellería de Mobilidade e Seguridade o 29/07/2004, petición que é reiterada o 8/09/2004, o 6/10/2004, o 10/11/2004 e, de novo, o 15/12/2004.

Ante unha primeira notificación, con data 16/01/2004 o interesado alega en apoio da súa desconformidade un erro nos datos do denunciado e, ademais, un erro substancial no motivo da infracción cando se di “estaciona-lo vehículo en dobre fila sen condutor”, cando a realidade é “vehículo infractor en rota”. Posteriormente, con data 28/05/2004 recibe comunicación na que se indica que por “error en la grabación infor-

*mática de la denuncia practicada por el agente*” anúlase a primeira notificación e practícase unha nova.

Débase subliñar que as denuncias dos axentes notificaranse no acto e, nos supostos de “*sen parar aos denunciados*” non serán válidas, a menos que consten nas mesmas as causas concretas e específicas polas que non foi posible dete-lo vehículo; entre estas causas, enténdense a grande intensidade de circulación, ou por outros motivos debidos a factores meteorolóxicos adversos, obras ou outros que poidan derivar en riscos concretos, así como cando se fixese un uso de medios de captación e reprodución de imaxes que permitan a identificación do vehículo.

A denuncia practícase case seis meses despois da infracción e non é de recibo a alusión a un “*error informático*”. Resulta evidente que o interesado foi notificado de xeito incongruente, segundo consta na notificación ó respecto, ó comunicárselle o motivo da non notificación, totalmente contradictorio co feito denunciado, así como co artigo infrinxido, o que racha co principio de igualdade e co propio ordenamento xurídico, xa que cando os datos básicos da denuncia, ou ben se ocultan ou ben non son verdadeiros, o expediente debe ser desestimado por nulidade.

Unha Administración pública é eficiente, congruente e sa cando os seus servidores promoven e xestionan servizos e desenvolven liñas de cooperación con e entre os cidadáns.

A Lei de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común, introduce dous principios de actuación dos entes públicos: por unha parte, o principio de boa fe e, por outra, tamén recollido pola xurisprudencia, o da confianza lexítima dos cidadáns en que a actuación das Administracións públicas non se pode alterar arbitrariamente.

Con datas 13/01/2005, 27/06/2005, 2/08/2005, 7/09/2005, 19/10/2005, 7/11/2005 e 7/12/2005 reitérase o pedimento anterior.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con datas 9/01/2006 e 13/02/2006 reitérase a petición anterior. Con data 28/02/2006 recíbese escrito da Concellería de Mobilidade e Seguridade no que informa que en data 12/01/2005, é dicir, catorce meses antes, se decreta a conclusión do procedemento sancionador ó estimar as alegacións e procedeuse ó arquivo das actuacións, o que se comunica para os efectos oportunos e se piden desculpas pola demora na emisión do informe. O anterior trasládase ó interesado e dáse o expediente por pechado.

#### **EXPEDIENTE 68/2004**

O interesado indícanos que un día, ó chegar á súa casa, na Baixada á Salgueira, atopou un paso de peóns e un sinal de reserva de parada para autobús dun colexio sobre unha entrada da súa propiedade, da que se serven sete propietarios máis. Segundo o mesmo, o paso de peóns, nun principio, estaba situado a uns tres metros do actual e o traslado do mesmo realizouse para beneficiar ó colexio alí situado.

Por todo isto, dirixiuse ás dependencias municipais en varias ocasións manifestando a súa queixa, desprazándose un inspector, que recoñeceu o erro, indicando que se procedería á súa rápida solución. Pasados uns meses, asfaltouse a rúa, polo que o interesado compareceu novamente nas dependencias municipais para que se situasen correctamente o paso de peóns e a reserva de parada. Porén, ó mes seguinte, o interesado atopou de novo o paso de peóns sobre a entrada á súa vivenda, dirixíndose en distintas ocasións ó Concello sen conseguir unha solución ó problema exposto.

Queixa presentada o 10/09/2004. Con data 13/09/2004 solicítase informe á Concellería de Mobilidade e Seguridade, recibíndose por parte da mesma con data 28/09/2004, no que se indica que con data 30/06/2004 se procedeu ó repintado da marca vial e que fora borrada polas obras de reposición da capa de rodadura na rúa. Informe que se trasladada ó interesado o 29/09/2004.

Con data 6/10/2004 o promotor da queixa reitérase nos feitos por el expostos, e subliña que o paso de peóns actual está en propiedade privada, ademais de ser perigoso, xa que se atopa nunha saída de vehículos na que non existe a visibilidade necesaria, tal como están aparcados os autobuses do colexio. Con data 25/10/2004 diriximos escrito á Concellería de Mobilidade e Seguridade trasladando as novas alegacións do interesado, tendo que reiterar o mesmo o 16/11/2004 e, de novo, o 15/12/2004, sen resposta.

Obsérvase no desenvolvemento deste expediente unha clara contradición:

Trala visita da inspección pertinente, que recoñece un erro na sinalización dun paso de peóns, pasado un tempo asfáltase a rúa e solicítase que a situación do paso de peóns e reserva de parada se faga correctamente. Despois de un mes, o interesado atopou de novo o paso de peóns sobre a entrada da súa vivenda.

Actualmente, o paso de peóns atópase en propiedade privada, co perigo, ademais, de estar situado nunha saída de vehículos sen a visibilidade necesaria por estar xunto a unha parada de autobuses dun colexio.

Tres meses despois do inicio do expediente, este segue sen solución, a pesar da posibilidade de producir danos irreparables nas persoas. Non é congruente que para permitir a comodidade dun colexio, se poña en dificultades e en situación de perigo ós cidadáns de sete vivendas.

É obvio que a lexitimidade por rendemento non se acada. Os resultados non son os adecuados, xa que non se fai efectiva a capacidade para dar resposta satisfactoria ás demandas do contorno.

Con datas 24/01/2005, 23/2/2005, 29/03/2005, 21/04/2005, 24/05/2005, 20/06/2005, 2/08/2005, 7/09/2005, 19/10/2005, 7/11/2005 e 7/12/2005 reitérase o pedimento anterior.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con datas 9/01/2006, 13/02/2006 e 7/03/2006 reitérase o pedimento anterior.

Con data 10/03/2006 recíbese escrito da Concellería de Mobilidade e Seguridade no que informa o seguinte: *“en canto a que a sinalización do paso de peóns está feita en propiedade privada non figura nos arquivos municipais documentación relativa a que se trata dunha propiedade privada. En canto ós restantes puntos, a sinalización ubícase na posición en que figura despois de realizar un estudo técnico previo por parte do departamento de Tráfico, que considerou dita ubicación a mellor entre todas as ubicacións.”*

Do anterior dáse cumprida información ó interesado o 16/02/2006, sen que se desen actuacións posteriores, polo que se considera o expediente pechado.

### **EXPEDIENTE 72/2004**

Queixa en relación coa falta de aparcamento na rúa Tomás A. Alonso. O interesado manifesta que na rúa Barcena existe un campo de fútbol en estado de total abandono, e considera que no mesmo se podería autorizar o aparcamento, o que suporía un alivio para todos os traballadores da zona.

Queixa recibida o 23/09/2004. Solicítase informe á Concellería de Mobilidade e Seguridade con data 27/09/2004, petición que foi reiterada o 27/10/2004, o 29/11/2004 e, de novo, o 28/12/2004.

Estamos ante unha solicitude individual que afecta, pola súa situación, a un contingente considerable de cidadáns que se ven afectados, por mor das dificultades de aparcamento, nas súas relacións laborais.

Tras tres meses de silencio por parte da entidade local, fainos reflexionar que non se acada unha acción pública dilixente e eficaz.

A lexitimidade por rendemento está ligada á capacidade para dar resposta satisfactoria ás demandas do contorno, é dicir, á mellora da situación material dos actores que demandan unha acción pública que proporcione unha mellora nas condicións de traballo pola vía da adopción dunhas medidas en prol da mobilidade.

O escepticismo dos afectados non se detén, ó estar en contacto cunha realidade que só lles ofrece dificultades, unha realidade que só lles ofrece un trato desigual.

Con data 26/01/2005, 16/06/2005, 13/07/2005, 6/09/2005, 19/10/2005, 7/11/2005 e 7/12/2005 reitérase o pedimento anterior.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con datas 9/01/2006, 13/02/2006, 7/03/2006, 4/04/2006, 8/05/2006, 8/06/2006, 4/07/2006, 9/08/2006, 4/09/2006, 3/10/2006, 6/11/2006 e 7/12/2006 reitérase o pedimento anterior.



## **EXPEDIENTE 76/2004**

Queixa en relación cunha sanción de tráfico. O promotor da queixa expón que con data 1/10/2004 foi multado na rúa Lepanto, previo enganche do seu vehículo, facendo efectiva a taxa pola inmovilización. O motivo da sanción foi estar aparcado en zona reservada para discapacitados, manifestando o interesado que non existe sinal que indique tal prohibición e que, ademais, a rúa en cuestión estaba ocupada por varios vehículos en dobre fila, sen que ningún deles fose sancionado, enganando o seu vehículo por ser fácil a operación.

Queixa presentada o 1/10/2004. Solicítase informe á Concellería de Mobilidade e Seguridade con data 4/10/2004, petición que foi reiterada o 4/11/2004 e, de novo, o 9/12/2004.

Ó igual que noutros supostos xa revisados, neste atopámonos cunha clara deficiencia na referencia ós datos que se subliñan na denuncia. No número subliñado no boletín da denuncia, nº 2 da rúa Lepanto, non existe ningunha prohibición de reserva de discapacitados.

Por outro lado, dáse unha situación discriminatoria, toda vez que non se sancionou ós demais vehículos aparcados xuntamente co do interesado e que estaban en zona de obras e aparcados en dobre fila.

O erro é atribuíble á Administración pública, xa que o dato referido non é correcto, así como a pasividade mostrada con outros vehículos infractores, de aí que o expediente debería ser declarado nulo.

Con datas 17/02/2005, 17/03/2005, 16/06/2005, 13/07/2005, 6/09/2005, 19/10/2005, 7/11/2005 e 17/12/2005 reitérase o pedimento anterior.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con datas 9/01/2006, 13/02/2006, 7/03/2006, 4/04/2006, 8/04/2006, 8/06/2006, 4/07/2006, 9/08/2006, 4/09/2006, 3/10/2006, 6/11/2006 e 7/12/2006 reitérase o pedimento anterior.

## **EXPEDIENTE 77/2004**

Queixa en relación cunha solicitude, presentada en distintas ocasións no Concello, de sinalización expresa, tanto vertical como horizontal, que prohiba o aparcamento no Camiño do Castañal.

O promotor da queixa manifesta que, como consecuencia do estacionamento de vehículos no citado camiño, de aproximadamente catro metros, a circulación normal no mesmo vese dificultada e, nalgúns casos, imposibilitada, como sucede con ambulancias e camións de reparto de gas. Achega, ademais, informe do servizo de urxencias sanitarias (061), no que se fan constar as dificultades de acceso ó citado camiño, subliñando ata tres ocasións nas que non se puido acceder ó domicilio do interesado debido ó estacionamento duns vehículos nunha curva do camiño.

Queixa presentada o 7/10/2004, solicitándose o preceptivo informe á Concellería de Mobilidade e Seguridade o 25/10/2004 e reiterándose o 15/12/2004, sen resposta.

O interesado presentou, dende o 9/09/2003 e, posteriormente, en maio, xuño e setembro de 2004, escritos solicitando actuacións en relación coas dificultades de aparcamento na zona do seu domicilio (San Xoán do Monte), que impide a prestación de servizos mínimos como urxencias médicas, reparto de butano, gasóleo, etc., instando a sinalización vertical e horizontal correspondente. Non recibiu resposta ningunha ó respecto.

Atopámonos ante unha debilidade na organización da atención cidadán no ámbito rural, variable substantiva pero escasamente considerada polos gobernos locais. Ademais, situacións como esta refliten unha reducida cualificación profesional nas distintas áreas de xestión. Todo isto implica unha política xestora triste e decepcionante, impropia do século XXI, que non reflicte unha actitude eficiente, xa que os seus servizos non se promoven en liñas de cooperación con e entre os cidadáns.

Con desatencións como esta, o cidadán do rural, especialmente, vese condenado a un perpetuo abaneo entre a felicidade e o infortunio, permanecendo sempre, pese a todos os esforzos, a distancias inconmensurables do obxectivo soñado.

A lexitimidade por rendemento está inexorablemente vencellada á capacidade para dar resposta satisfactoria ás demandas do contorno; non é máis que a mellora da situación material dos actores que demandan a acción pública.

É preciso acudir ás motivacións da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, onde de forma clara se proclama que a eficacia nas Administracións públicas resulta un principio activo non só desexable, senón indispensable no seu funcionamento en termos de calidade, axilidade e rapidez; só así se logra o achegamento na procura da credibilidade.

Con datas 13/01/2005 e 17/02/2005 reitérase o pedimento anterior, salientando no último escrito a indignación manifestada polo interesado ante o abandono no que se atopa.

Con data 10/03/2005 recíbese informe de Tráfico, no que subliña que en data 24/04/2005 dáse orde de traballo para colocar un sinal vertical tipo S-15 e outro tipo R-307 por desaparición do primeiro e que con data 9/11/2005 dáse orde de traballo de pintar liñas amarelas continuas en ámbalas dúas marxes do devandito camiño. Esta información trasládase ó interesado o 14/03/2005.

Con data 18/03/2005 recíbese escrito do interesado no que manifesta que os sinais subliñados no escrito de Tráfico seguen sen se repoñer, así como a necesidade de sinalización conxunta, vertical e horizontal, e que unha vez colocadas se proceda a realizar un seguimento periódico da súa permanencia.

Con data 19/04/2005 solicítase informe sobre a proposta anterior.

Con datas 19/04/2005 e 25/04/2005 recíbense novos escritos do promotor da queixa reclamando unha solución ó seu problema, do cal damos traslado ó departamento de Mobilidade e Seguridade o 27/04/2005, solicitando de novo información o 18/05/2005.

Con datas 23/05/2005, 2/06/2005 e 13/06/2005 recíbense novos escritos do interesado insistindo nas incomodidades que está padecendo.

Con datas 16/06/2005 e 13/07/2005 reitérase de novo o pedimento de informe.

Ante a falta de resposta e actuacións, con data 1/08/2005 remítese informe do actua- do á Sra. Alcaldesa, na procura dalgunha actuación ó respecto.

Con data 6/09/2005 reitéranse os pedimentos anteriores á Concellería de Mobilida- de e Seguridade.

Con datas 12 e 19 de setembro, o interesado entrega novos escritos de queixa, facen- do constar a desatención por parte do Concello, a pesar das conversas mantidas coa Poli- cía local e, ademais, estima que por parte desta Institución non se lle dá solución ó pro- blema. Con datas 20/09/2005, 19/10/2005, 7/11/2005 e 7/12/2005 diriximos novo escrito á concellería competente, expresando a forte repulsa exposta polo interesado en visita do 2/11/2005.

O 17/11/2005 remitimos novo escrito á Sra. Alcaldesa de Vigo na procura dunha solución.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con datas 9/01/2006, 7/03/2006, 6/04/2006, 8/05/2006, 8/06/2006, 26/06/2006, 4/07/2006, 9/08/2006 e 4/09/2006 reitérase o pedimento anterior.

Con data 12/09/2006 comparece o interesado indicando que colocaron novos sinais que foron arrancados polos veciños. Do anterior dáse cumprida información á Concele- ría de Mobilidade e Seguridade, á que se lle solicitou certificación sobre o camiño o 14/09/2006 e o 3/10/2006.

Con data 6/11/2006 envíase novo escrito á concellería competente, no que se indi- ca que, unha vez posto de novo o sinal, ós oito día tirárono ó colector do lixo. A peti- ción anterior reitérase o 7/12/2006, coa que se achegan novos datos.

### **EXPEDIENTE 91/2004**

Queixa en relación cunha sanción de tráfico por estacionar en dobre fila. O intere- sado manifesta que efectivamente aparcou o seu vehículo en dobre fila na praza de Com- postela, pero subliña que o fixo sen estorbar o tráfico, por un tempo inferior a 5 minutos e debido á necesidade de acudir a un servizo, xa que é diabético, motivo polo que pre- sentou o 20/11/2004 recurso de reposición ó respecto.

Queixa presentada o 26/11/2004. Con data 29/11/2004 dirixímonos ó interesado indicándolle que, segundo o disposto no artigo 17.2 do Regulamento de organización e funcionamento do Valedor do Cidadán, a queixa queda en suspenso en tanto non recaia resolución no recurso de reposición por el interposto.

Como consecuencia de non ter constancia da resolución do recurso de reposición, posteriormente déronse as seguintes actuacións.

Con datas 27/01/2005, 24/02/2005, 30/03/2005, 25/04/2005, 26/05/2004, 27/06/2005, 2/08/2005 e 7/09/2005 solicítase información sobre o recurso de reposición citado, que se reitera o 19/10/2005, o 7/11/2005 e o 7/12/2005.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con data 9/01/2006 reitérase o pedimento anterior. Con data 8/02/2006 recíbese escrito da Concellería de Mobilidade e Seguridade no que informa que se desestimaron as alegacións presentadas, o que se comunica ó interesado o 9/02/2006, sen que se desen actuacións posteriores, polo que se dá o expediente por pechado.

---

## CAPÍTULO II. SERVIZOS XERAIS

---

### **EXPEDIENTE 42/2004**

Queixa en relación coas deficiencias detectadas nunha mina de auga, chamada Mina Souto do Chan de Riba. O interesado indícanos que solicitou no Concello, en Augas de Galicia e na propia AAVV de Beade que se emenden as deficiencias na citada mina para evitar posibles derrubas da mesma, así como outros posibles danos á veciñanza. Solicita, ademais, que se proceda ó inventario e rexistro da mina.

Queixa presentada o 27/05/2004. Con data 28/05/2004 solicítase informe á Concellería de Asuntos Xerais, o cal se recibe o 3/06/2004, e no que se indica que a citada mina non figura rexistrada como municipal, motivo polo que o Concello non puido actuar sobre a mesma; engade que a documentación presentada polos veciños ó respecto foi remitida a Augas de Galicia para que procedesen ó seu rexistro a nome do Concello de Vigo, atopándose o expediente en trámite. Con data 3/06/2004 dáse cumprida información ó interesado do citado informe.

Con data 21/07/2004 solicítase informe actualizado do expediente en trámite, petición que foi reiterada o 26/08/2004 e, de novo, o 29/09/2004, recibíndose o 19/10/2004. No mesmo se indica que o expediente se atopa paralizado, pendente da presentación por parte do interesado da documentación requirida pola Consellería de Medio Ambiente. Información esta que se traslada ó interesado o 20/10/2004.

Con data 2/11/2004 recibimos novo escrito do interesado en resposta ó informe da Concellería de Servizos Xerais, polo que con data 18/11/2004 dirixímonos novamente á citada concellería trasladando o manifestado por aquel, e que se relata a continuación co ánimo de acadar unha solución a unha situación que vén manifestándose dende marzo de 2003:

1) O interesado, trala última información recibida dende o Concello, manifesta o seguinte:

A imposibilidade de chegar a documentación solicitada, que é moito máis extensa que a subliñada no informe. Entenden que a titularidade da mina tería que ser do Concello, xa que nin os residentes, nin os regadores a teñen; de aí que os seus elevados custos, informes técnicos e xestión administrativa, deberían ser a cargo da propia administración.

Que en toda a documentación instrumentalizada, non consta que a veciñanza solicitase a concesión administrativa ó seu nome, soamente a súa inscrición, potabilidade da auga, conservación e arranxo da mina, e a conseguinte tramitación regulamentaria, asignándoselle a concesión ó Concello de Vigo.

Alude, ademais, ó silencio practicado polo Concello, así como á falta de coordinación entre as distintas dependencias, como Medio Ambiente, Vías e Obras e a propia Concellería de Distrito.

Remata instando a esta Institución para que interceda ante Medio Ambiente e Augas de Galicia para que se leve a termo a concesión da citada mina “Souto do Chan”.

2) Pola nosa parte ínstase unha solución en base a:

1. O uso da auga procedente da mina “Souto do Chan de Riba” vén sendo utilizado desde tempo inmemorial pola comunidade de regadores, non estando inscrita e, polo tanto, carece de legalidade.

2. Á vista da existencia, desde tempo inmemorial, dunha comunidade de regadores, a cal renova os dereitos que lle podan asistir, tería que ser o Concello de Vigo o único solicitante da concesión que se cuestiona, e o aproveitamento da mesma reverter en beneficio da comunidade constituída en asociación de veciños, non sendo preciso que se constituía en comunidade de regadores, pasando o Concello a exercer-la tutela, e renunciando a todo tipo de dereito que lles asiste en canto á titularidade de concesión das augas se refire.

De aí que se estime que os interesados, dado que non reclaman a concesión do caudal, non son parte do expediente e, polo tanto, o mesmo debe continuar coa soa presenza do Concello como órgano tutelar e solicitante da concesión en beneficio da comunidade constituída en asociación de veciños e, unha vez solicitado, o mantemento, reparación e demais custos deben correr a cargo do solicitante da concesión.

Con data 27/01/2005 interésase información con respecto á proposta feita o 18/11/2004.

Con data 18/02/2005 recíbese escrito da Área de Servizos Xerais, co que se achega copia do informe da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, de data 22/11/2004, sobre a legalización da citada mina de auga, no cal se indica que están coa tramitación do expediente.

Con data 21/02/2005 dáse cumprida información ó interesado, indicándolle que, en tempo prudencial, solicitarase información actualizada en relación co tema que nos ocupa.

Con data 30/03/2005 solicítase a subliñada información actualizada, reiterándose nova petición con datas 25/04/2005 e 30/05/2005.

Con data 6/06/2005 recíbese escrito do enxeñeiro industrial municipal do servizo de Electro-Mecánicos, no que informa que solicitaron informe á oficina de Patrimonio sobre se a citada mina que alimenta a fonte do Camiño do Abanico se pode rexistrar a nome do Concello de Vigo, toda vez que pasa por terreos privados, segundo se recolle no escrito de exposición dos feitos presentado polo cidadán solicitante. Desta información dáse traslado ó interesado o 7/06/2005.

Con data 6/07/2005 solicítase información actualizada con respecto ó anterior que se recibe o 7/07/2005 por parte do servizo de Electro-Mecánicos. Neste informe indícase que con data 15/06/2005 se publicou no B.O.P. anuncio para os efectos do rexistro da concesión como pública do lavadoiro e fonte. Co mesmo se achega informe da Asesoría Xurídica que indica a posibilidade de que sexa rexeitado como fonte por non acadar a potabilidade necesaria. Dáse traslado desta información ó interesado o 11/07/2005.

Con data 1/09/2005 solicítase información actualizada que se recibe o 23/09/2005, coa que achega copia do Boletín Oficial da Provincia (B.O.P.) de 8/09/2005, do que se dá información ó interesado.

Con data 19/10/2005 solicítase nova información actualizada que se recibe o 21/10/2005, na que se indica que o 10 de outubro se solicita autorización para o arranxo da galería para a súa estabilidade e para o entubado da auga e así garantir a potabilidade da mesma. Do anterior dáse información ó interesado o 24/10/2005.

Con data 18/11/2005 pídese información actualizada, que se recibe o 2/12/2005 e na que se indica que non recibiron a autorización. Dáse traslado do anterior ó promotor da queixa o 5/12/2005.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con data 23/01/2006 reitérase a petición do informe anterior, que se recibe o 1/02/2006, no que indica que aínda non se recibiu resposta á solicitude feita a Augas de Galicia. Do anterior dáse cumprida información ó interesado.

Con data 22/03/2006 solicítase de novo información actualizada ó respecto, a cal se recibe o 4/04/2006 co mesmo contido do anterior.

Con data 9/05/2006 dirixímonos a Augas de Galicia-Demarcación Sur en petición dunha solución ó asunto que nos ocupa en base a razóns de cooperación interadministrativa e o 22/05/2006 reitérase a petición á Concellería de Servizos Xerais, facendo mención á intervención anterior.

Con data 31/05/2006 recíbese escrito da Concellería de Servizos Xerais, no que se indica que xa recibiu de Augas de Galicia a documentación de conformidade para a concesión dun caudal con destino á captación de auga para a fonte e que remitiron a documentación formalizada polo Concello de Vigo a Augas de Galicia o 10/05/2006 para a resolución definitiva. O anterior trasládase ó interesado o 1/06/2006, quen comparece

nesta oficina o 7/09/2006 indicando que o 5/09/2006 contactou telefonicamente cos Servizos Centrais de Augas de Galicia, onde lle dixeron que alí non recibiran ningunha documentación.

Con data 11/09/2006 solicítase á Área de Servizos Xerais do Concello información sobre a data de acuse de recibo do seu escrito do 10 de maio ó servizo de Auga en Vigo, petición que se reitera o 10/10/2006.

Con data 11/10/2006 recíbese escrito da Área de Servizos Xerais, ó que xuntan copia do acuse de recibo do escrito por parte de Augas de Galicia, no que se reflite que o recibiron o 16/05/2006. O anterior comunicase ó interesado o 16/10/2006, sinalando que a demora non é imputable ó Concello de Vigo.

Con data 29/11/2006 o interesado entrega copia do escrito presentado no Rexistro Xeral do Concello o 15/11/2006, no que solicita unha avaliación técnica, e o 28/11/2006, a petición do mesmo, ínstase información sobre esa solicitude, así como dos investimentos previstos e, posteriormente, non aprobados.

---

### CAPÍTULO III. URBANISMO

---

#### **EXPEDIENTE 23/2004**

Queixa en relación coa ilegalidade dunha obra na parroquia de Alcabre. O interesado denuncia a instalación na finca veciña dun galpón que contén unha caldeira que provoca cheiros e rúidos. Engade que denunciou a situación en Urbanismo, sen acadar ningunha solución ó respecto.

Queixa recibida o 9/03/2004. Con data 10/03/2004 solicitamos da Concellería de Urbanismo o preceptivo informe, petición que se reitera o 6/04/2004, recibíndose o 23/04/2004, no que indica que, unha vez iniciado o expediente de reposición da legalidade urbanística, requiriuse ó interesado para que procedese á derruba das obras de construción dos galpóns, así como das consistentes na adición dun piso á edificación xa existente, engadindo que a seguir se iniciará a execución forzosa do acordo de derruba dos galpóns. Do mesmo dáse traslado ó interesado o 26/04/2004.

Con data 27/05/2004 dirixímonos novamente á Xerencia Municipal de Urbanismo solicitando informe actual en relación cos expedientes antes citados, petición que se reitera o 29/06/2004, o 27/07/2004, o 26/08/2004, o 5/10/2004, o 4/11/2004 e o 9/12/2004, sen resposta.

Con data 16/03/2005 recíbese escrito do interesado insistindo no cumprimento total da orde de derruba, polo que o 21/03/2005 diriximos escrito ó Sr. Vicepresidente da X.M.U. insistindo na petición de información actualizada que poida responder ós intereses lexítimos do promotor da queixa, xa que estamos ante unha situación que se mantén desde hai case sete anos. Esta petición reitérase con datas 21/04/2005, 18/05/2005, 20/06/2005, 01/08/2005, 31/08/2005, 19/10/2005, 7/11/2005 e 7/12/2005



Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con datas 9/01/2006, 13/02/2006, 8/05/2006, 6/06/2006, 4/07/2006, 9/08/2006, 4/09/2006, 3/10/2006, 6/11/2006 e 7/12/2006 reitérase o pedimento anterior.

### **EXPEDIENTE 30/2004**

O interesado presenta queixa en relación coa construción no ano 1998 dunha nave industrial na rúa Espiñeiro, data dende a que vén solicitando do Concello as actuacións pertinentes. Engade que por parte da Xerencia Municipal de Urbanismo se incoou expediente en relación coa actividade desenvolvida na citada nave, así como expediente coercitivo pola construción ilegal, coa imposición de tres multas.

Queixa presentada o 23/04/2004. Con data 26/04/2004 solicitamos a remisión do preceptivo informe á Concellería de Urbanismo e Medio Ambiente, petición que se reitera o 25/05/2004, o 28/06/2004 e, de novo, o 26/07/2004 e que se recibe o 29/07/2004. No mesmo, indícase que se tramitou expediente de protección de legalidade urbanística, resolto por acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 1/06/2000, que declarou as obras citadas como realizadas sen licenza e incompatibles coa ordenación urbanística vixente, decretando a súa derruba e impondo tres multas coercitivas ó respecto. Engade que tamén se ordenou o cese definitivo da actividade desenvolvida no citado local mediante resolución de 21/05/2003. Informe que se traslada ó interesado o 3/08/2004.

Con data 8/09/2004 dirixímonos novamente á Xerencia Municipal de Urbanismo solicitando informe actualizado dos expedientes anteriormente citados, petición que se reitera o 25/10/2004, o 11/11/2004 e o 13/12/2004.

A denuncia no Concello foi instada en decembro de 1998. Por parte desta Institución iníciase o expediente o 26/04/2004 a petición do interesado, en escrito de queixa de 23/04/2004.

Da situación exposta anteriormente non cabe reflexionar máis que o seguinte:

Moitas liberdades públicas esixen, para ser efectivas, o bo funcionamento da administración. O primeiro interese do cidadán, céntrase en que a administración preste eficazmente a gama de servizos que son da súa responsabilidade e competencia; estas prestacións van dende a axilidade na resolución dos expedientes e trámites (o que nos ocupa iniciouse polo interesado hai seis anos), ata a adopción das medidas tendentes a resolver os problemas da vida cotiá. O verdadeiramente importante é que a administración sexa efectivamente un instrumento da sociedade ó servizo do interese xeral, intereses que veñen subliñados pola norma xurídica. Sen un funcionamento axeitado en temas de calidade, axilidade e rapidez, non pode darse unha aproximación á credibilidade.

Estamos ante un suposto dun esaxerado burocratismo dos gobernantes, que non reflicte de ningunha maneira unha tarefa de administración do colectivo, o que afasta que a realidade sexa tan satisfactoria como a probabilidade coa que finalizan as accións lexítimas.



mas e concordantes coa lei, máxime no caso que nos ocupa, no que existe unha sentenza (17 de xaneiro de 2002) que desestima o recurso contencioso-administrativo interposto polo denunciado, no que se explicita que a derruba das obras realizadas por razóns de restauración da legalidade urbanística material non pode considerarse contraria a Dereito.

Coñecida é a decisión xudicial na que se recrimina ó Concello por non ter derrubado a obra no tempo transcorrido (estamos a falar de maio de 2004), sen que teña valor o argumento das multas coercitivas, xa que estas non son máis cunha mera cantidade simbólica acatada polo cidadán a xeito de taxa ou contribución periódica e que non cumpren o previsto na lei. O Concello tería que derrubar subsidiariamente.

Con data 13/01/2005 reiteráronse os pedimentos anteriores.

Con data 13/02/2005 recíbese escrito da vicepresidencia da X.M.U., no que informa que foi desestimado o recurso interposto pola entidade afectada e indica que non cabe discutir a firmeza da sentenza de 17/01/2002 do Xulgado do contencioso-administrativo nº 1 de Pontevedra. Do contido deste informe dáse cumprida información ó interesado o 17/02/2005.

Con data 21/03/2005 solicítase da vicepresidencia da X.M.U. informe actualizado en relación coa orde de derruba das obras obxecto da reclamación, petición que se tivo que reiterar con datas 21/04/2005, 18/05/2005 e 20/06/2005.

Con data 21/07/2005 recíbese o informe solicitado, no que se indica que se impuxo unha multa coercitiva por importe de 1.200 euros, advertindo que se nun prazo de un mes non se procede á derruba, imporanse novas multas coercitivas. Con data 26/07/2005 dáse traslado do contido do informe ó interesado.

Con data 6/09/2005 solicítase información actualizada sobre a situación do expediente, petición reiterada o 19/10/2005, o 7/11/2005 e o 7/12/2005.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con data 9/01/2006 reitérase o requirimento anterior, recibíndose escrito da vicepresidencia da X.M.U. o 31/01/2006, no que informa da imposición dunha multa coercitiva con data 11/07/2005 por incumprimento da orde de demolición acordada o 01/06/2000, é dicir seis anos despois. Contra a mesma foi interposto recurso de reposición que está pendente da sinatura da proposta de resolución do recurso. Do anterior dáse cumprida información ó interesado.

Con data 01/02/2006, dirixímonos á vicepresidencia da X.M.U. indicando a necesidade de reflexionar sobre o apercebimento efectuado o 11/07/2005, así como sobre a demora na resolución do recurso de reposición, o que indica un tratamento discriminatorio en relación coas lexítimas peticións do cidadán que promoveu o expediente de referencia. Sublíñase tamén que é un principio doutrinal e xeralmente admitido que a misión de todo Valedor esténdese a toda a actividade da administración e dos que sexan os seus axentes, é dicir, non se limita ós actos suxeitos á norma, senón que, sobre todo, esténdese á chamada “mala administración”, que se reflite nos atrasos, na falta da atención, na

inacción, nas negligencias, etc. Prégase unha acción puntual e decidida neste ámbito de protección da legalidade urbanística, así como a información actualizada do expediente en cuestión.

A petición anterior reitérase o 8/05/06, o 6/06/06, o 4/07/06, o 9/08/06 e o 4/09/2006.

Con data 21/09/2006 recíbese escrito da vicepresidencia da X.M.U., no que indica que con data 13/02/2006 se emite resolución denegatoria das peticións do recurso de reposición interposto o 21/07/2005 (cinco meses despois da súa interposición) instando de novo a derruba. Do anterior dáse cumprida información ó interesado o 25/09/2006, indicando que se instará ante Urbanismo a solución que corresponda, o que se fai o 3/10/2006, o 6/11/2006 e o 7/12/2006. Neste último escrito faise mención a que o interesado, o 24/11/2006, entrega copia do escrito presentado na X.M.U. o 27/10/2006, no que expón polo miúdo a situación do seu expediente e instando *“a maior e máis axilidade posible, con ampliación de medios máis eficaces á hora de aplicar a lexitimidade das sentenzas, xa que o deterioro que se padece como lindeiros, non é só polo aspecto físico das irregularidades existentes, senón que a infracción, parece que co tempo beneficia aínda por riba ó infractor.”*

#### **EXPEDIENTE 34/2004**

O interesado presenta queixa en relación coas molestias ocasionadas por unha chatarreiría na rúa Baixada á Ermida. Expón que vén denunciando a situación ante o Concello dende o ano 2002, xa que a citada chatarreiría provoca contaminación ambiental e acústica, impedindo a tranquilidade e o descanso dos veciños.

Queixa presentada o 4/05/2004. Con data 5/05/2004 solicitamos o preceptivo informe da Concellería de Urbanismo e Medio Ambiente, petición que foi reiterada o 7/06/2004 e que se recibe o 29/06/2004. No mesmo, indícase que non consta licenza de actividades e instalacións para chatarreiría no devandito enderezo e que o inspector municipal informa que no lugar existe depositada diversa chatarra, polo que se solicita informe do técnico municipal para determinar se procede a apertura de expediente de protección de legalidade urbanística. Informe que se traslada ó interesado o 30/06/2004.

Con data 26/07/2004 dirixímonos novamente á Xerencia Municipal de Urbanismo solicitando informe actualizado das actuacións levadas a cabo, petición que se reitera o 26/08/2004, o 29/09/2004, o 26/10/2004, o 23/11/2004 e o 23/12/2004.

Asunto que se iniciou como competencia de Medio Ambiente, pero, de acordo co informe de data 28/06/2004 da vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo, trasladouse a Urbanismo, xa que con data 31/03/2004 a oficina de Licenza de Actividades informa que non consta licenza de actividade e instalación para chatarreiría, e que con data 17/06/2004 solicítase ó técnico municipal informe sobre se o denunciado se pode considerar unha actividade ou non para proceder, no seu caso, á apertura do correspondente expediente de protección de legalidade urbanística ou orde de execución.

Con data 26/07/2004, tendo en conta o tempo transcorrido, solicítase informe actualizado en relación co exposto anteriormente, petición que se ten que reiterar ata catro veces máis, a última o 23/11/2004, sen resultado ningún.

A disciplina urbanística esixe que o Concello controle o proceso construtivo primeiro, paso previo e obrigatorio, que nace coa autorización ou licenza que se outorga para construír e, segundo, a esixencia de comprobar que o construído se axusta ó proxecto autorizado. Da non observancia destes presupostos, xorde o descontrol e, ás veces, a anarquía.

A autoridade municipal ten a obriga inescusable de abrir expediente e suspender de inmediato calquera obra ou actuación que, ou ben carece de licenza, ou non se axusta ás condicións daquela.

Cando non se adoptan as medidas necesarias xorde a responsabilidade correspondente, mais, como di a doutrina (X. Álvarez Corbacho), entre a norma e a realidade danse ás veces distancias esgotadoras. Sería preciso facer unha reflexión histórica e coñecer cantos expedientes de disciplina urbanística se incoaron nos últimos dez anos, cantos se completaron, cantas multas se puxeron e cantas se cobraron, cantas obras ilegais foron derrubadas, cantos incumpridores públicos foron requiridos e denunciados ante o Ministerio Fiscal.

A xustiza xa ten expresado a súa repulsa pola pasividade adoptada en temas de urbanismo. Non cabe xustificala demora ou pasividade baseándose nos trámites dos expedientes polo elevado número de asuntos que se abordan; isto non é xustificación. A Administración pública dispón de competencias para adoptar-las medidas en torno ás necesidades e capacidades do persoal ó seu servizo.

Segundo o que antecede, procede preguntarse canto tempo se require para emitilo informe técnico ordenado o 17/06/2004.

Baste citar o artigo 103.1 da Constitución española, onde se proclama que a todas as Administracións públicas lles corresponde servir con obxectividade aos intereses xerais e actuar de acordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización e coordinación, con sometemento pleno á Lei e ó Dereito.

O primeiro interese do cidadán céntrase en que as Administracións públicas presten eficazmente a gama de servizos que son da súa responsabilidade e competencia. Estas prestacións van dende a axilidade na resolución dos expedientes e trámites, ata a adopción das medidas tendentes a resolver os problemas da vida cotiá.

Con data 11/01/2005 recíbese escrito da vicepresidencia da X.M.U., no que informa que con data 14/12/2004 se ordenou a suspensión da actividade que se viña desenvolvendo e que se procedeu á comprobación do cumprimento da orde por parte da Policía local. Esta información trasládase ó interesado o 13/01/2005.

Con data 27/01/2005, o promotor da queixa entrega copia do escrito depositado na X.M.U. o mesmo día, no que denuncia que a situación segue a ser a mesma, é dicir, non se restableceu a legalidade pretendida. Por isto, con data 23/02/2005 dirixímonos á vicepresidencia da X.M.U. subliñando a necesidade improrrogable de que se faga cumprir a

orde de suspensión, sen que procedan máis dilacións, na defensa dos dereitos do interesado, tal como foron recoñecidos pola propia xerencia e instando información actualizada sobre tales actuacións.

Con datas 29/03/2005, 25/04/2005 e 26/05/2005 reitérase o pedimento anterior, recibíndose o informe da vicepresidencia da X.M.U. o 21/06/2005, no que comunica que de novo se insta á Policía local a que emita informe ó respecto (orde xa comunicada o 31/01/2005).

Con data 22/06/2005 dáse cumprida información ó interesado, indicándolle que en datas vindeiras solicitaranse de novo unhas actuacións definitivas sobre o tema, no caso de que non conste a existencia das mesmas.

Con data 2/08/2005 solicítase información actualizada en relación co informe recibido o 21/06/2005, petición reiterada o 7/09/2005 e que se recibe o 28/09/2005. Nel reflítese que non se recibiu aínda o informe da Policía local, solicitado o 7/06/2005, o que volve indicar a falta de eficacia das accións públicas nun tema iniciado no ano 2002. Do anterior dáse cumprida información ó interesado o 29/09/2005.

Con data 31/10/2005 reitérase a petición de informe actualizado, na que se indica a falta de coordinación entre os servizos da Administración municipal, o que provoca unha falta de eficacia e dilixencia, insistindo no mesmo o 30/11/2005 e o 21/012/2005.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con data 26/01/06 reitérase o pedimento anterior, recibíndose resposta o 14/02/2006 coa que achega copia do informe da inspección, no que se subliña que *“se retirou bastante material do interior da finca aínda que quedan algunhas pequenas pezas, así como algún outro material no exterior, ademais de que o peche estea realizado con ferralla e madeira”*. Do anterior dáse cumprida información ó interesado, quen, en comparecencia de 21/03/2006, pon de manifesto que tal informe non é correcto, xa que segue depositada todo tipo de chatarra e sucidade e que, malia a continuidade da actividade, non se procedeu ó precinto acordado.

Das manifestacións do interesado dáse traslado á vicepresidencia da X.M.U. o 22/03/2006, a cal, en data 12/04/2006, remite escrito no que indica que se procede a solicitar novo informe á Administración municipal, do que se dá cumprida información ó interesado.

Con datas 22/05/2006, 20/06/2006 e 17/07/2006 solicítase información actualizada.

Con data 28/07/2006 recíbese escrito da vicepresidencia da X.M.U., co que achega informe técnico da inspección no que se di que se retirou a ferralla e que, en canto ó peche, segue igual que no informe anterior. Con data 31/07/2006 trasládase o anterior ó interesado, indicándolle nos faga chegar información sobre o estado do peche, petición que se reitera o 20/09/2006, o 19/10/2006 e o 21/11/2006.

Con data 14/12/2006 o interesado manifesta que a situación non mellorou nada, polo que o 21/12/2006 comunícase á vicepresidencia da X.M.U. interesando unha detida inspección e a conseguente información ó respecto.

## **EXPEDIENTE 51/2004**

O interesado indícanos que presentou no Concello varias peticións sobre a instalación dunha antena de telefonía móbil que vén funcionando sen permiso na avda. Manuel de Castro, achegando copia dun informe da Inspección de Urbanismo no que se reflite que, realizada visita de inspección o 11/07/2003, comprobouse a existencia de tal antena, que ten en trámite a solicitude de licenza. O interesado pide o peche da instalación en tanto non se fagan os trámites necesarios ata a obtención da licenza, no caso de cumprir as normas ó efecto.

Queixa presentada o 21/06/2004. Con data 23/06/2004 solicítase informe da Concellería de Urbanismo, petición que foi reiterada o 22/07/2004, recibíndose o mesmo o 30/07/2004, co que se achega informe do arquitecto municipal indicando que se trata dunhas instalacións sen a preceptiva e previa licenza, atopándose a mesma en trámite, e que serían legalizables de cumprir coas determinacións da Ordenanza Municipal reguladora das condicións urbanísticas de localización, instalación e funcionamento de elementos e equipos de telecomunicacións. Informe que se traslada ó interesado o 3/08/2004.

Con data 8/09/2004 dirixímonos novamente á Xerencia Municipal de Urbanismo solicitando informe actualizado, petición que foi reiterada o 6/10/2004, o 10/11/2004 e o 14/12/2004, sen resposta.

No informe recibido o 30/07/2004, reflítese: *“que as obras serían legalizables de cumprir as determinacións da Ordenanza municipal reguladora das condicións urbanísticas de localización, instalación e funcionamento de Elementos e Equipos de Telecomunicación no termo municipal de Vigo e demais determinacións urbanísticas e normativa sectorial de aplicación”*.

Ínstase ata catro veces a información actualizada que se deriva daquela *“posibilidade de legalización”*, sen resposta ningunha.

¿Que pasa entre a instalación e o funcionamento da mesma ata que se adopte o acordo de legalización? ¿Que pasa no suposto contemplado na Lei 38/1972 de Protección do medio ambiente atmosférico (modificada pola Lei 16/2002, de Prevención e control integridades da contaminación) de darse o caso de que houbera presenza no aire de formas de enerxía que implicasen risco, dano ou molestias graves para as persoas e bens de calquera natureza?.

A planificación estratéxica das cidades cobra unha dimensión prioritaria, xa que o desenvolvemento futuro depende, en gran medida, dunha axeitada identificación das súas vantaxes comparativas e da posta en práctica de actuacións orixinais e específicas. Isto tense que basear en compromisos nos que a imaxinación, a planificación e a produción conduzan a xestionar as cidades de xeito máis transparente, eficiente e eficaz. Como se di nalgún ámbito doutrinal, non abonda o procedemento de actuar baixo perspectivas estratéxicas, xa que o horizonte máximo de actuación, responsabilidade e toma de decisións, vincúlase ó “tempo político” dos anos que dure o mandato. Isto fai, polo común, que se actúe con miras moi curtas e sen prospección de futuro, o que leva ó desaproveitamento de recursos e esforzos.

Teñen que exercitarse eficazmente as competencias municipais que teñan por finalidade a preservación dos dereitos constitucionais dos cidadáns, e incoar os expedientes sancionadores por infracción urbanística por realización de obras sen previa licenza, aínda que posteriormente sexan legalizables.

Con datas 13/01/2005, 17/02/2005, 17/03/2005 e 14/04/2005 reiteráronse os pedidos anteriores.

Con data 9/05/2005 recíbese escrito da vicepresidencia da X.M.U., no que informa que o P.X.O.M., aprobado provisionalmente o 30 de decembro de 2004, e o artigo 5.9.3 da Normativa Urbanística, prohiben a instalación de antenas de telefonía móbil nas cubertas dos edificios veciñais, do que se dá cumprida información ó interesado con data 11/05/2005.

Con data 23/12/2005 recíbese a visita do interesado que nos comunica que a antena segue funcionando, non obstante a prohibición. Con data 26/12/2005 comunicámoslle o anterior á Concellería de Urbanismo, interesado información ó respecto.

Con datas 26/01/2006, 23/02/2006, 22/03/2006, 20/04/2006, 24/05/2006, 21/06/2006, 17/07/2006, 22/08/2006, 20/09/2006, 19/10/2006, 21/11/2006 e 20/12/2006 reitérase o pedimento anterior.

#### **EXPEDIENTE 52/2004**

Queixa en relación coas obras, internas e externas, nun local situado na rúa Carral, consistentes na instalación dun forno con saída de gases pola planta baixa do edificio, o que produce molestias de cheiros e ruídos derivados da extracción. Asemade, obrouse na fachada, cando se trata dun edificio considerado a conservar. O interesado indica que presentou no Concello varios escritos de denuncia, sen ter recibido resposta ó respecto.

Engade que con data 16/04/2004 presentou escrito dirixido á Xerencia Municipal de Urbanismo alegando a falta de notificación da solicitude de licenza de actividades ós veciños afectados, tal como recolle o Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas.

Queixa presentada o 24/06/2004. Con data 28/06/2004 solicítase o preceptivo informe á Concellería de Urbanismo, recibíndose o 3/08/2004, no que se indica que con data 21/01/2004 se solicita licenza de actividades e instalacións para a ampliación da actividade que se vén realizando no citado local, engadindo que, tralos trámites oportunos de información e exposición pública, o inspector municipal emitiu informe segundo o cal o local se axusta ó proxecto de construción, así como ó cumprimento da normativa existente, estando pendente na actualidade do informe do técnico municipal. Informe que se traslada ó interesado con data 4/08/2004.

Con data 8/09/2004 solicítase á Xerencia Municipal de Urbanismo que nos remita o resultado do informe do técnico municipal e, no seu caso, das actuacións posteriores levadas a cabo, petición que foi reiterada o 6/10/2004, o 10/11/2004 e o 14/12/2004, sen resposta.



Sabido é que a mellora da lexitimidade das Corporacións locais tense que buscar pola vía dos rendementos e, neste ámbito, as estratexias son inesgotables. Todo vén definido pola capacidade para dar resposta satisfactoria ás demandas do contorno, sen que a estrutura burocrática xere a proliferación de excesivos mecanismos que leven a unha lentitude excesiva nas solucións.

Con datas 13/01/2005, 17/02/2005, 17/03/2005, 14/04/2005, 12/05/2005, 13/06/2005, 5/09/2005, 19/10/2005, 7/11/2005 e 7/12/2005 reitérase o pedimento anterior.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con datas 9/01/2006, 13/02/2006, 7/03/2006, 4/04/2006, 24/05/2006, 21/06/2006, 17/07/2006, 22/08/2006 e 20/09/2006 reitérase o pedimento anterior.

Con data 25/09/2006 recíbese escrito da vicepresidencia da X.M.U., despois de vinte e catro peticións de información, no que informa que, segundo o informe do técnico municipal, de 18/08/2006, é dicir, vinte e seis meses despois do encargo de facer o informe, o forno obxecto deste expediente foi tapiado.

Do anterior dáse cumprida información ó interesado o 26/09/2006 e considérase o expediente pechado.

### **EXPEDIENTE 57/2004**

Queixa en relación coa construción dun galpón no Camiño Vivas. O interesado indícanos que en agosto de 2002 presentou denuncia contra o propietario da finca veciña por ter en fase de construción un galpón nun espazo destinado ó recuado, segundo existencia da ordenanza vixente, na zona entre as dúas vivendas, sen constar licenza. Engade que legalmente os recuados establecidos son de 4 metros e a obra que se denuncia apoia no muro divisorio das dúas fincas. Indica que en agosto de 2003 a denuncia en cuestión estaba aínda pendente de informe de inspección de obras e que en febreiro de 2004 a reitera, solicitando novamente a suspensión inmediata das obras e a reposición da legalidade urbanística.

Queixa presentada o 6/08/2004. Con data 18/08/2004 solicítase informe á Concellería de Urbanismo, petición que se reitera o 21/09/2004, o 25/10/2004 e o 15/11/2004. Recíbese o mesmo o 21/12/2004, co que se achega copia do informe técnico emitido polo arquitecto municipal, no que se indica como presunta infracción *“obras de construción adosada á fachada e lindeiro en licenza e non legalizable por non respectar recuados (4 m) esixibles segundo a ordenanza de aplicación 1.3.B”*. Informe que se traslada ó interesado con data 22/12/2004.

Expediente iniciado o 18/08/2004, pero do que xa constan denuncias do interesado dende o ano 2002 (agosto), nas cales se fixeran precisións con respecto á Lei 1/1997, do Solo de Galicia (artigos 175, 176 e 177).

A falta de rendemento, lexitimador das actuacións municipais, é clara, o que está a producir unha situación de total indefensión pola actitude de abandono fronte a unha ile-

galidade denunciada, máxime cando, segundo indica o interesado, en agosto de 2003, un ano despois da denuncia, o tema cuestionado estaba aínda pendente de informe por parte da inspección de obras.

Non caben xustificacións baseadas no elevado número de asuntos. Non se pode esquecer e, polo tanto, é preciso reiterar, as motivación legais da norma reguladora do Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (Lei 30/1992 – 4/1999), onde se reafirma que a eficacia nas Administracións públicas resulta un principio activo non só desexable, senón tamén indispensable no seu funcionamento. Pero xa antes, a Constitución española, no seu artigo 103, tiña consagrado o principio de eficacia, sen esquecer o de control.

A coordinación municipal é fundamental e debería ser a máxima preocupación a recoller nos regulamentos orgánicos e na súa actividade; diso depende o bo funcionamento municipal. A estrutura burocrática actual vén poñendo de manifesto unha lentitude na actividade e, polo tanto, nos resultados. Tense que fuxir das actuacións insuficientes, axiliza-los trámites establecidos legalmente, con especial referencia ós temas urbanísticos, así como á actividade sancionadora en relación coas obras ilegais.

Con data 21/12/2004 recíbese informe técnico no que se di que o expediente lle foi remitido o 30/07/2004 e indicase que se trata dunha obra sen licenza e non legalizable; isto, despois de máis de dous anos dende a súa denuncia. Seguiranse as actuacións durante o ano 2005.

Con data 24/01/2005 solicítase información actualizada con respecto ó informe da Inspección Técnica antes aludido, no que se propuña a incoación de expediente de protección da legalidade urbanística.

Con datas 22/02/2005, 29/03/2005, 21/04/2005 e 24/05/2005 reitérase o pedimento anterior.

Con data 9/06/2005 recíbese escrito da vicepresidencia da X.M.U., no que informa que con data 23/05/2005 ordenouse a incoación de expediente de protección da legalidade urbanística (informe técnico do 7 de novembro de 2004, nove meses antes) ordenando a inmediata paralización das obras por carecer de licenza municipal e dispoño a vixilancia periódica do cumprimento da paralización. Desta información dáse traslado ó interesado o 13/06/2005, indicándolle que en datas vindeiras interesarase información actualizada en relación co procedemento subliñado na resolución comunicada.

Con data 5/08/2005 solicítase información actualizada en relación co expediente de protección da legalidade urbanística, petición reiterada o 26/09/2005 e que se recibe o 21/10/2005, na que se contempla a orde de derruba. Con data 24/10/2005 infórmase do anterior ó interesado.

Con datas 28/11/2005 e 21/12/2005 solicítase nova información en relación coa execución forzosa.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:



Con datas 23/01/2006, 23/02/2006, 22/03/2006, 20/04/2006, 24/05/2006, 21/06/2006, 17/07/2006, 22/08/2006, 20/09/2006, 19/10/2006, 21/11/2006 e 20/12/2006 reitérase o pedimento anterior.

#### **EXPEDIENTE 65/2004**

Queixa en relación coa construción ilegal dunha vivenda en Beade. O interesado, no seu escrito de queixa, expón que a citada construción, que se atopa en fase de execución, non conta coa correspondente licenza e carece de calquera tipo de permiso, polo que solicita a paralización das obras. Presentou na Xerencia Municipal de Urbanismo dous escritos ó respecto con datas 30/08/2004 e 24/09/2004.

Queixa presentada o 7/09/2004. Con data 4/10/2004 solicitamos informe á Concellería de Urbanismo, petición que se reitera o 3/11/2004 e o 9/12/2004, sen resposta.

Estamos ante unha pasividade que non atopa xustificación, máxime cando se dan actitudes por parte de veciños que implican agresións e ameazas, tal como consta na sentenza do 26/11/1993.

Ademais, consta informe da Policía local de data 6/09/2004, no que reflite que o denunciado manifesta que carece de todo tipo de permiso.

É claro que a eficacia, como principio activo indispensable que debe presidir o exercicio de todas as competencias, non goza de presenza neste suposto.

A lexitimidade por rendemento está ligada á capacidade para dar resposta satisfactoria ás demandas xustificadas do contorno e, cando isto non se acada, o escepticismo dos afectados non se detén e impulsa a vivir nunha realidade que non se pode soportar e que, incluso, chega ás agresións e ó risco de danos máis graves; de aí que a norma xurídica require por parte do cidadán o seu cumprimento, por grao ou por forza. O dereito, para ser eficaz, require coactividade, téñense que preservar de xeito eficaz as competencias que teñen por obxecto a preservación dos dereitos constitucionais dos cidadáns afectados.

A reposición da legalidade urbanística require de axilidade no cumprimento dos trámites establecidos. Coa norma nada é imposible, só fai falta a vontade de coñecer contra que irregularidade, contra que inxustiza se quere loitar. Téñense que incoar con rapidez os expedientes sancionadores por infraccións comprobadas, aínda que posteriormente as obras fosen legalizadas; o non facelo implica un manifesto abandono de funcións.

Con datas 10/01/2005 e 11/02/2005 reiteráronse os pedimentos anteriores.

Con data 3/03/2005, a petición do interesado, emítese informe das actuacións levadas a cabo por esta Institución.

Con data 14/03/2005 recíbese escrito da vicepresidencia da X.M.U., no que informa que *“a vista do informe da inspección técnica de data 23/09/2004, procedeuse á aper-*

*tura do expediente de protección da legalidade urbanística por obras sen licenza, e que a data do informe queda pendente do informe da técnica municipal para continuar co seu trámite". Desta información dáse traslado ó interesado o 17/03/2005.*

Con datas 4/04/2005, 5/05/2005, 6/06/2005, 6/07/2005 e 1/09/2005 reitérase o pedimento anterior.

O 12/09/2005 recíbese informe, no que se indica o acordo de incoar expediente de protección da legalidade urbanística, o que se comunica ó interesado o 13/09/2005.

Con data 30/09/2005, o Sr. Vicepresidente da X.M.U. comunica que o interesado presentou alegacións e que o expediente legalmente non rematará ata o 25/06/2006; non obstante, o 17/11/2005 e o 21/12/2005 solicítase información actualizada.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con datas 23/01/2006, 23/02/2006, 22/03/2006, 20/04/2006, 24/05/2006, 21/06/2006, 17/07/2006, 22/08/2006 e 20/09/2006 reitérase o pedimento anterior.

Con data 2/10/2006 recíbese escrito da vicepresidencia da X.M.U., co que achega copia do acordo do Consello da X.M.U. de 25 de maio de 2006 que reflite que se declaran como realizadas sen licenza e ilegais, as obras obxecto do expediente, e requiren ó propietario para que axuste as obras de redistribución interior á licenza que solicitou, unha vez que esta sexa autorizada, e solicite licenza para o soportal no prazo de TRES MESES, contados a partir da notificación deste acordo. De non solicitarse e non axustar as obras ás condicións do acordo, a alcaldía acordará a demolición das mesmas. O anterior trasládase ó interesado o 3/10/2006.

Con datas 13/11/2006 e 11/12/2006 solicítase información actualizada.

#### **EXPEDIENTE 78/2004**

O interesado indícanos que con data 7/10/2004 presentou denuncia na Xerencia Municipal de Urbanismo en relación coa realización de obras sen licenza e non susceptibles de legalización na parroquia de Beade. As citadas obras consisten na edificación dunha vivenda unifamiliar de nova planta sobre unha edificación en ruína, así como o recheo nunha finca lindeira e a construción do peche da mesma.

Queixa presentada o 8/10/2004. Con data 10/11/2004 solicitamos o preceptivo informe da Concellería de Urbanismo, petición que foi reiterada o 15/12/2004, sen resposta.

Non obstante a denuncia presentada polo interesado (7/10/2004) sobre a realización de obras sen licenza non susceptibles de legalización por tratarse dunha edificación catalogada como ruínosa, segundo informe da Policía local de data 5/10/2004, consta licenza municipal para un cambio de cuberta e obras interiores co número de expediente 48666/421, aprobada o 13/05/2004.

A denuncia detallada, complementada con gráficos e fotografías, baséase en diver-

sos defectos formais, segundo o disposto na vixente Ordenanza 1.3.B de Edificación familiar, así como no establecido no artigo 217.3 da LOUG.

Non obstante, e dado o tempo transcorrido dende a denuncia, espérase unha acción decidida en aras ó restablecemento da legalidade urbanística, unha vez comprobados os feitos alegados na denuncia.

Entendemos que, neste ámbito do urbanismo, as inspeccións téñense que axilizar ó máximo e, en consecuencia, de existir as infraccións, as respostas que procuren un restablecemento da legalidade teñen que ser rápidas e eficaces, aínda no suposto de que posteriormente as obras fosen legalizables.

Con datas 26/01/2005 e 23/02/2005 reitéranse os pedimentos anteriores.

Con data 3/03/2005, a petición do promotor da queixa, emítese informe das actuacións levadas a cabo por esta Institución.

Con data 14/03/2005 recíbese escrito da vicepresidencia da X.M.U., no que informa que *“a vista do informe do inspector de data 3 de novembro de 2004, se procedeu á apertura de expediente de protección da legalidade urbanística por obras non axustadas a licenza, e que o expediente queda pendente do informe do técnico municipal para continuar co seu trámite”*. Dáse traslado desta información ó interesado con data 17/03/2005.

Con data 4/04/2005 solicítase información actualizada en relación co trámite pendente antes subliñado, reiterándose de novo a petición con datas 5/05/2005, 6/06/2005 e 6/07/2005.

Con data 18/07/2005 recíbese informe da vicepresidencia da X.M.U., no que se declara a paralización das obras por non axustarse á licenza e determínase a vixilancia da mesma con carácter periódico.

Con data 1/08/2005 dáse cumprida información ó interesado, indicándolle que se procederá puntualmente á comprobación da orde citada.

Con data 1/09/2005 solicítase información sobre a protección da legalidade urbanística, que se reitera o 19/10/2005, o 7/11/2005 e o 7/12/2005.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con datas 9/01/2006, 13/02/2006, 7/03/2006, 4/04/2006, 8/05/2006, 6/06/2006, 4/07/2006, 9/08/2006, 4/09/2006, 3/10/2006, 6/11/2006 e 7/12/2006 reitérase o pedimento anterior.

---

## CAPÍTULO IV. XESTIÓN MUNICIPAL

---

### **EXPEDIENTE 86/2004**

Queixa en relación cunha caída na rúa Montero Ríos. O interesado expón que con data 15/01/2004 tropezou cunha lousa da beirarrúa que se atopaba levantada na precitada rúa, á altura do Hotel Universal. Por mor da caída sufriu diversos danos, consistentes en contusións nos xeonllos e na cara, especialmente na dentadura, movéndosele algúns dentes. Presentou a correspondente reclamación no Concello con data 29/09/2004, sen recibir resposta.

Queixa presentada o 9/11/2004, solicitándose informe á Concellería de Xestión Municipal (Patrimonio) con data 10/11/2004.

Con data 11/11/2004, o interesado recibe escrito do departamento de Responsabilidade Patrimonial, no que se lle solicita que achegue unha serie de documentos e informes relacionados coa súa solicitude.

Con data 18/11/2004 recíbese o informe solicitado por esta Institución, no que se indica que o expediente se atopa na xefatura da Policía local para que remitan o parte orixinal da intervención policial referida ó sinistro sufrido polo reclamante. Informe que se traslada ó interesado con data 19/11/2004.

Con data 28/12/2004 solicítase informe da situación actual do expediente.

É do maior interese que o procedemento se adecúe ó disposto no Real Decreto 429/1993, así como á rigorosidade no cumprimento dos prazos, segundo estipula o artigo 47 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999.

Con data 13/01/2005 recíbese escrito de Patrimonio, no que informa que o expediente se atopa na oficina de Vías e Obras para informe, o que se traslada ó interesado na mesma data.

Con data 24/02/2005 solicítase á concellería competente informe actualizado sobre a situación do expediente, que se recibe o 3/03/2005 comunicándonos que está pendente da valoración dos danos físicos por parte da asesoría médica. Trasládase esta información ó interesado o 7/03/2005.

Con datas 30/06/2005 e 3/08/2005 solicítase nova información actualizada sobre a situación do expediente.

O interesado entréganos copia da contestación recibida, na que se reflite a desestimación da reclamación.

Con data 20/10/2005 o promotor da queixa interpón recurso de reposición contra a desestimación, do que con data 22/12/2005 esta oficina solicita información, dado o tempo transcorrido desde a súa interposición.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con data 23/01/06 reitérase o pedimento de informe anterior, que se recibe 22/02/2006 desde o servizo de Responsabilidade Patrimonial, no que se reflite que nesa data remitiuse á Xunta de Goberno Local informe-proposta de resolución ó recurso de reposición presentado polo reclamante. Con data 23/02/2006 dáse cumprida información ó interesado.

Con data 22/03/2006 solicítase información actualizada con respecto á resolución pendente, facendo alusión ó artigo 117.2 da Lei 30/1992, a cal se recibe o 05/04/06, xunándose copia da resolución do recurso de reposición pola que se desestima o devandito recurso. O anterior comunícase ó interesado o 05/04/2006. O expediente dáse por concluído.

### **EXPEDIENTE 92/2004**

O interesado presenta queixa en relación co que considera unha subida excesiva da cota de abono do aparcamento da rúa Venezuela, subliñando que no último ano sucedéronse tres subidas, resultando que na actualidade ten que pagar 100 euros, cando un ano atrás a cota era de 60 euros.

Polo exposto, presentou a correspondente queixa no Concello, sen recibir ningún tipo de resposta. Presentou, ademais, queixa ante o Valedor do Pobo, que o remitiu ó Concello de Vigo.

Queixa presentada o 26/11/2004, solicitándose o preceptivo informe á Concellería de Xestión Municipal (Patrimonio) o 13/12/2004.

Se ben a queixa fórmulase ante esta Institución o 26/11/2004, existe unha reclamación do interesado ante unha dependencia municipal (OMIC) o 22/01/2004, sen ter recibido resposta nin información de ningún tipo.

Con datas 18/01/2005, 24/02/2005, 30/03/2005, 28/04/2005 e 2/06/2005 reitérase de novo o pedimento de informe.

Con data 23/06/2005 recíbese escrito de Patrimonio, no que informa que se iniciou o expediente e que se requiriu á empresa concesionaria para que achegue as autorizacións das subas de prezo, xa que non teñen constancia de que por parte do Concello se autorizasen, ó entender que a modificación das mesmas está suxeita ós mesmos requisitos que ós aplicados para a modificación das tarifas horarias ou por fraccións.

Con data 27/06/2005 dáse cumprida información do anterior ó interesado.

Con data 5/08/2005 solicítase información actualizada sobre as autorizacións antes citadas, petición reiterada o 26/09/2005, o 25/10/2005, o 28/11/2005 e o 22/12/2005.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con data 17/01/2006 recíbese escrito de Patrimonio e Contratación no que se conclúe que, ó entender do Concello, os aumentos producidos entraban dentro do previsto no prego de condicións que rexou a concesión. O anterior trasladouse ó interesado o 17/01/2006, o cal manifesta a súa desconformidade.

Con data 23/01/2006 trasládase o parecer do promotor da queixa ó concelleiro competente e, ademais, solicítase unha copia do prego de condicións, prego que se recibe o 03/02/2006.

Con data 09/03/2006, co fin de facer chegar ó interesado a maior información posible, prégase se nos indique o sistema que se desprende da fórmula polinómica que se reflite no artigo 37.1.1, petición reiterada o 08/05/2006, o 08/06/2006, o 4/07/2006, o 9/08/2006, o 4/09/2006, o 3/10/2006 e o 6/11/2006.

Con data 23/11/2006 recíbese escrito da Concellería de Xestión Municipal, co que achega informe técnico coa explicación solicitada no seu día. Do anterior dáse cumprida información ó interesado, dándose o expediente por concluído.

## RESUMO ESTATÍSTICO

<b>ÁREA DE MOBILIDADE E SEGURIDADE</b>	<b>7</b>
Aparcamento/Entrada de carruaxes	4
Multas	3
<b>ÁREA DE SERVIZOS XERAIS</b>	<b>1</b>
Infraestruturas	1
<b>ÁREA DE URBANISMO</b>	<b>8</b>
Obras sen licenza	8
<b>ÁREA DE XESTIÓN MUNICIPAL</b>	<b>2</b>
Cotas abono	1
Responsabilidade patrimonial por danos persoais	1
<b>TOTAL DE EXPEDIENTES</b>	<b>18</b>

### REFERENCIA PORCENTUAL POR ÁREAS\*

Urbanismo	44,44%
Mobilidade e seguridade	38,88%
Xestión Municipal	11,11%
Servizos Xerais	5,55%

\*Ordenadas porcentualmente de maior a menor

## REQUIRIMENTOS DE EXPEDIENTES INICIADOS NO ANO 2004 CON INCIDENCIAS NO ANO 2006

### ÁREA DE MOBILIDADE E SEGURIDADE

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
<b>41/2004</b>	Solicitude de tarxeta personalizada de acceso ó Casco Vello	9/01/2006 13/02/2006 7/03/2006 4/04/2006 8/05/2006 8/06/2006 4/07/2006 9/08/2006 4/09/2006 3/10/2006 6/11/2006 7/12/2006	
<b>55/2004</b>	Sanción de tráfico con erros de identificación e situación	9/01/2006 13/02/2006	28/02/2006
<b>68/2004</b>	Sinalización dun paso de peóns en propiedade privada	9/01/2006 13/02/2006 7/03/2006	10/03/2006
<b>72/2004</b>	Falta de aparcamento nunha rúa	9/01/2006 13/02/2006 7/03/2006 4/04/2006 8/05/2006 8/06/2006 4/07/2006 9/08/2006 4/09/2006 3/10/2006 6/11/2006 7/12/2006	
<b>76/2004</b>	Sanción de tráfico en zona reservada	9/01/2006 13/02/2006 7/03/2006 4/04/2006 8/05/2006 8/06/2006 26/06/2006 4/07/2006 9/08/2006 4/09/2006 3/10/2006 6/11/2006 7/12/2006	

<b>QUEIXA</b>	<b>MOTIVO</b>	<b>PETICIÓN INFORME</b>	<b>RECEPCIÓN INFORME</b>
<b>77/2004</b>	Falta de sinais nunha vía estreita	9/01/2006 7/03/2006 6/04/2006 8/05/2006 8/06/2006 4/07/2006 4/09/2006 3/10/2006 6/11/2006 7/12/2006	
<b>91/2004</b>	Sanción por aparcар en dobre fila	9/01/2006	8/02/2006

#### ÁREA DE SERVIZOS XERAIS

<b>QUEIXA</b>	<b>MOTIVO</b>	<b>PETICIÓN INFORME</b>	<b>RECEPCIÓN INFORME</b>
<b>42/2004</b>	Deficiencias nunha mina de auga	23/01/2006 22/03/2006 22/05/2006 11/09/2006 10/10/2006	1/02/2006 4/04/2006 31/05/2006

#### ÁREA DE URBANISMO

<b>QUEIXA</b>	<b>MOTIVO</b>	<b>PETICIÓN INFORME</b>	<b>RECEPCIÓN INFORME</b>
<b>23/2004</b>	Construción ilegal dun galpón	9/01/2006 13/02/2006 8/05/2006 6/06/2006 4/07/2006 4/09/2006 3/10/2006 6/10/2006 7/12/2006	
<b>30/2004</b>	Construción dunha nave industrial	9/01/2006 1/02/2006 8/05/2006 6/06/2006 4/07/2006 9/08/2006 4/09/2006 3/10/2006 6/11/2006 7/12/2006	31/01/2006 21/09/2006



<b>QUEIXA</b>	<b>MOTIVO</b>	<b>PETICIÓN INFORME</b>	<b>RECEPCIÓN INFORME</b>
<b>34/2004</b>	Industria sen licenza	26/01/2006 22/03/2006 22/05/2006 20/06/2006 17/07/2006 21/12/2006	14/02/2006 12/04/2006 28/07/2006
<b>51/2004</b>	Instalación de antena de telefonía móbil sen licenza	26/01/2006 23/02/2006 22/03/2006 20/04/2006 24/05/2006 21/06/2006 17/07/2006 22/08/2006 20/09/2006 19/10/2006 21/11/2006 20/12/2006	
<b>52/2004</b>	Obras no baixo dunha vivenda	9/01/2006 13/02/2006 7/03/2006 4/04/2006 24/05/2006 21/06/2006 17/07/2006 22/08/2006 20/09/2006	25/09/2006
<b>57/2004</b>	Construción ilegal dun galpón	23/01/2006 23/02/2006 22/03/2006 20/04/2006 24/05/2006 21/06/2006 17/07/2006 22/08/2006 20/09/2006 19/10/2006 21/11/2006 20/12/2006	

<b>QUEIXA</b>	<b>MOTIVO</b>	<b>PETICIÓN INFORME</b>	<b>RECEPCIÓN INFORME</b>
<b>65/2004</b>	Construción ilegal dunha vivenda	23/01/2006 23/02/2006 22/03/2006 20/04/2006 24/05/2006 21/06/2006 17/07/2006 22/08/2006 20/09/2006 13/11/2006 11/12/2006	2/10/2006
<b>78/2004</b>	Obras sen licenza	9/01/2006 13/02/2006 7/03/2006 4/04/2006 8/05/2006 6/06/2006 4/07/2006 9/08/2006 4/09/2006 3/10/2006 6/11/2006 7/12/2006	

#### ÁREA DE XESTIÓN MUNICIPAL

<b>QUEIXA</b>	<b>MOTIVO</b>	<b>PETICIÓN INFORME</b>	<b>RECEPCIÓN INFORME</b>
<b>86/2004</b>	Responsabilidade patrimonial por unha caída na vía pública	23/01/2006 22/03/2006	22/02/2006 5/04/2006
<b>92/2004</b>	Subida excesiva da cota de abono dun aparcamento subterráneo	23/01/2006 9/03/2006 8/05/2006 8/06/2006 4/07/2006 9/08/2006 4/09/2006 3/10/2006 6/11/2006	17/01/2006 3/02/2006 23/11/2006

## PARTE IV

### ACTUACIÓNS A INSTANCIA DE PARTE DO ANO 2005 CON INCIDENCIAS NO ANO 2006

#### INTRODUCCIÓN

Nesta Institución rexistráronse un total de setenta e dous expedientes correspondentes a solicitudes de cidadáns formuladas no ano 2005 que tiveron incidencias durante o ano 2006, e que pertencen ás seguintes áreas:

■ Asuntos Sociais	4
■ Medio Ambiente	12
■ Mobilidade e Seguridade	23
■ Participación Cidadá	2
■ Servizos Xerais	9
■ Urbanismo	18
■ Xestión Municipal	4

#### EXPEDIENTES

---

##### CAPÍTULO I: ASUNTOS SOCIAIS

---

##### **EXPEDIENTE 11/2005**

Queixa en relación coa presentación no Concello de varias solicitudes interesando diversas actuacións municipais, sen recibir resposta a ningunha delas. Estas actuacións solicitadas fan referencia a distintas áreas municipais:

- Asuntos Sociais (Festas).
- Servizos Xerais (Vías e Obras).
- Xestión Municipal (Patrimonio).
- Mobilidade e Seguridade.

A queixa foi presentada o 1/02/2005, solicitándose os preceptivos informes ás dependencias citadas o 3/02/2005.

Con data 11/02/2005, desde o servizo de Atención Cidadá, recíbese informe do departamento de Relacións Públicas e Protocolo sobre o tema referente ós Premios Max de Teatro.

Con data 15/02/2005 recíbese, a través do servizo de Atención Cidadá, informe de Patrimonio Histórico sobre a ponte medieval de Balaídos.

Dos informes anteriores dáse cumprida información ó interesado con data 17/02/2005.

Con data 18/02/2005 recíbese información sobre o gasto total das festas do 2001, trasladándose a mesma ó interesado o 22/02/2005.

Con data 25/02/2005 recíbese a información correspondente ó departamento de Vías e Obras, do que se informa ó interesado o 28/02/2005.

Con data 16/03/2005 acúsase recibo dun escrito do promotor da queixa no que indica que recibiu as notificacións antes citadas e manifesta o seu desacordo pola falta de desagregación dos gastos e doutros conceptos en relación co asunto das festas.

Con data 17/03/2005 dirixímonos á Concellería de Asuntos Sociais (Festas e Animación Sociocultural) interesando información sobre o punto anterior; e, coa mesma data, solicítase á Área de Participación Cidadá – Departamento de RR.PP. e Protocolo informe sobre a partida presupostaría que soporta a información proporcionada o 11/03/2005.

Con data 29/03/2005 recíbese escrito do servizo de Atención Cidadá, no que nos participa que *“tendo en conta o establecido na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, no seu artigo 35 (Dereitos dos cidadáns), non parece que a desagregación dos gastos e das partidas que os soportan lle poidan afectar como interesado, tendo en conta que os mesmos, conforme a normativa vixente, se atopan fiscalizados e aprobados polos órganos competentes.*

*Polo anteriormente exposto e salvo mellor criterio, xa se ten respondido á solicitude de información incluída na queixa de referencia”.*

Con data 18/04/2005 dáse cumprida información ó interesado, insistindo previamente ante Atención Cidadá pola falta de información nos pedimentos referidos a Mobilidade e Seguridade.

Con data 11/05/2005 o promotor da queixa manifesta o seu interese pola información que non se recibiu, polo que con data 20/05/2005 dáse traslado do anterior ó servizo de Atención Cidadá, facendo, pola nosa parte, as seguintes reflexións:

*Do artigo 35 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, non parece deducirse que a desagregación dos gastos e das partidas que os soportan lle poidan afectar como inte-*

resado dunha forma expresa e taxativa; pero do parágrafo h do mesmo : “acceso ós rexistros e arquivos das Administracións Públicas nos termos previstos na Constitución e nesta ou noutras leis”, si que cabe tal dereito:

1º. Constitución española, no seu artigo 105.b

2º. Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, no seu artigo 37.1

3º. Artigos 69 e 70.3 da Lei 7/1985, de Bases do Réxime Local

O artigo 112 da Lei 7/1985, proclama que as Entidades Locais aproban anualmente un orzamento único que constitúe a expresión cifrada (en números), conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo, poden recoñecer, e dos dereitos con vencemento que se prevea realizar durante o correspondente exercicio económico.

O orzamento exporase ó público, co obxecto de que os interesados (todos os cidadáns) poidan interpoñer reclamacións.

O artigo 60 da Lei 7/1985, hoxe vixente, subliña que as Corporacións Locais facilitarán a máis ampla información sobre a súa actividade, e a participación de todos os cidadáns na vida local.

O artigo 18 da Lei 57/2003, de medidas para a modernización do goberno local, establece, entre outros, o dereito dos cidadáns a “ser informados, previa petición razoada, e dirixir solicitudes á Administración Municipal en relación a todos os expedientes e documentación municipal, de acordo co previsto no artigo 105 da Constitución”.

A citada Lei 57/2003, entre outros, modifica o artigo 70 da Lei 7/1985, agás no seu parágrafo 3, onde se reflite que “todos os cidadáns terán dereito a obter copias e certificacións acreditativas dos acordos das Corporacións Locais e dos seus antecedentes, así como a consultar os arquivos e rexistros nos termos que dispoña a lexislación de desenvolvemento do artigo 105 da Constitución”.

Para rematar, resulta obvio que, se os cidadáns poden consultar os orzamentos na fase de exposición pública, tamén poderían ser informados posteriormente dos seus contidos en relación cos mesmos para os efectos da execución, xa que estes son un expediente ou documentación municipal que obra nos arquivos e rexistros municipais, segundo o artigo 105.b da Constitución española.

Con datas 20/06/2005, 7/07/2005 e 17/08/2005 reitérase a petición de informe.

Con data 26/08/2005 recíbese escrito de Partición Cidadá, co que achega informe sobre a desagregación das partidas orzamentarias, así como do servizo Administrativo da Alcaldía, no que se reflite que “co obxecto de rematar este asunto, poderíase dar trámite de audiencia ó interesado para deixarlle estudar, por tempo determinado e en presenza dun funcionario, o expediente relativo ós Premios Max das Artes Escénicas (557/101 de 2003) para que tome as anotacións que estime oportunas”.

Con data 26/08/2005 infórmase ó interesado que, nesta mesma data, esta Institución solicita á Concellería de Asuntos Sociais autorización para o trámite de audiencia.

Con data 2/09/2005 recíbese escrito do promotor da queixa, no que acusa recibo da información trasladada e pon de manifesto que se lle conculcan os dereitos recollidos nos artigos 10, 20.2 e 53 da Constitución española, así como no artigo 4 do Estatuto de Autonomía de Galicia.

Con datas 26/09/2005, 24/10/2005, 21/11/2005 e 15/12/2005 reitérase o pedimento de audiencia ó interesado

Estamos ante unha situación múltiple en relación coa información solicitada. O cidadán síntese insatisfeito pola falta de axilidade na resposta dada. En canto á súa dispoñibilidade para poder consultar os arquivos municipais, hai que dicir que pasan seis meses desde a formulación da súa solicitude ata ter notificación sobre tal posibilidade.

Nos asuntos relativos ós sistemas de información, é preciso ter sempre en conta que a Administración pública, particularmente os funcionarios ó seu servizo, ten que ser capaz de comprende-los sentimentos plasmados nas peticións, solicitudes e reclamacións dos cidadáns, é dicir, do sector alleo, mediante un proceso de identificación coa outra parte, isto é, cos cidadáns. Só así estará en condicións de dar respostas áxiles e efectivas ás súas demandas.

Neste caso, faise notar que o servizo de Participación Cidadá actuou dilixentemente na tramitación que correspondía ós diversos servizos.

É salientable a total inhibición, como vén sendo costume desde as dependencias correspondentes a Mobilidade e Seguridade, dando así ó traste co Regulamento Orgánico polo que se regula a Institución do Valedor do Cidadán.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con datas 16/01/2006, 14/02/2006, 8/03/2006, 17/04/2006, 18/05/2006, 13/06/2006, 10/07/2006, 9/08/2006, 6/09/2006, 4/10/2006, 7/11/2006 e 11/12/2006 reitérase o pedimento anterior.

### **EXPEDIENTE 78/2005**

Queixa en relación con dúas solicitudes presentadas na OMIC, sen recibir contestación.

Queixa presentada o 7/09/2005, solicitándose o preceptivo informe o 8/09/2005, o cal tivo que reiterarse nas seguintes datas: 19/10/2005, 9/11/2005, 5/12/2005 e 22/12/2005.

O cidadán ten dereito a recibir información puntual e de xeito áxil en relación coas solicitudes, demandas ou pedimentos que formule ante as oficinas públicas municipais.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con data 9/01/2006 reitérase o pedimento anterior, recibíndose resposta o 13/01/2006, na que se informa que se procedeu a dar traslado do expediente ó Instituto

Galego de Consumo por ser da súa competencia. O anterior comunícase ó interesado o 16/01/2006 e dáse o expediente por pechado.

### **EXPEDIENTE 91/2005**

Queixa en relación coa tenencia de animais domésticos en zona urbana, cunhas instalacións (cortellos) situadas a uns quince metros da vivenda do promotor da queixa, que producen constantes cheiros, que se acentúan cando se retira o esterco, e causa a aparición de moscas, piollos e outros parasitos.

Ó interesado cónstalle que o Concello ten aberto expediente, pero descoñece as accións levadas a cabo.

Queixa presentada o 31/10/2005, solicitándose o preceptivo informe o 3/11/2005, o cal se reitera o 14/12/2005.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con datas 16/01/2006, 14/02/2006 e 8/03/2006 reitérase o pedimento anterior.

Con data 4/04/2006 recíbese informe da Concellería de Medio Ambiente, no que indica que se iniciou expediente polas diferentes condicións de salubridade. Do anterior dáse cumprida información ó interesado o 5/04/2006, indicándolle que, en datas vindeiras, se instará información actualizada en relación co expediente citado, o que se fai o 18/05/2006.

Con data 13/06/2006 recíbese escrito da concellería competente, no que indica que, efectuada inspección, se comproba que cumpre coa orde de execución de data 11/03/2006, polo que se arquiva o expediente. Coa mesma data dáse cumprida información do anterior ó interesado.

### **EXPEDIENTE 103/2005**

Queixa en relación cunha consulta efectuada na OMIC o 10/10/2005, sen recibir resposta ningunha dous meses despois.

Queixa presentada o 14/12/2005. Con data 15/12/2005 solicítase o preceptivo informe.

O cidadán ten dereito a ser informado puntualmente en relación coas súas solicitudes e peticións.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con data 16/01/2006 reitérase o pedimento anterior, recibíndose a información o 25/01/2006, na que se indica que se deu traslado do expediente ó Instituto Galego de Consumo por ser da súa competencia. Con data 23/01/2006 trasládase o anterior ó interesado, dando o expediente por pechado.

---

## CAPÍTULO II. MEDIO AMBIENTE

---

### **EXPEDIENTE 5/2005**

Queixa en relación cos ruídos que soporta a veciñanza de catro edificacións por mor da actividade dun taller de caldeirería. Esta contaminación, que padecen desde o verán de 2004 e cunha frecuencia que abrangue desde as oito ata as vinte e unha horas, afecta, ademais, ás tarefas de estudo dos seus fillos, tal como xa ten denunciado en escrito de 12/01/2005 entregado no Rexistro Xeral do Concello.

Queixa presentada o 26/01/2005, solicitándose o preceptivo informe a Medio Ambiente o 27/01/2005, o cal tivo que ser reiterado o 28/02/2005 e o 29/03/2005.

Con data 8/04/2005, a petición do promotor da queixa, expídese un relatorio das actuacións levadas a cabo por esta Institución.

Non obstante o anterior, reitérase a petición de informe nas seguintes datas: 27/04/2005, 30/05/2005, 3/08/2005, 5/09/2005, 19/10/2005, 9/11/2005 e 5/12/2005.

Existe a posibilidade de que, neste caso, a actividade contaminante non dispoña de licenza para tal mester.

Atendendo a que se trata dunha actividade industrial de caldeirería situada nunha zona de edificios para uso residencial, segundo a Ordenanza Municipal reguladora, trataríase dunha actividade non permitida, de aí a necesidade de que xa se tivese comprobado que tipo de licenza ten a empresa e incluso, de se-lo caso, que niveis de ruído están permitidos.

Hoxe, o audioambiente urbano vén conformado polas condicións de “acougo público” no que se desenvolve a nosa existencia, é dicir, o medio ambiente da cidade na que habitamos e na que pasamos a maior parte da nosa vida.

En Europa, o 80% da poboación reside en áreas urbanas, de aí que numerosos organismos internacionais incidan na necesidade de dar un tratamento prioritario a tal medio.

As condicións de acougo atoparémolas naquela cidade na que os ruídos non superen os límites legais, na que as vibracións non fagan tremer as paredes das vivendas, na que non se dean cheiros intolerables e na que pola noite sexamos capaces de conciliá-lo sono.

Unha contaminación producida por un dano ó medio ambiente é susceptible de desvirtuar o dereito de propiedade, dando lugar así a unha “expropiación parcial” do mesmo, segundo ten declarado a Comisión Europea de Dereitos Humanos (14/10/1992).

A mesma Organización Mundial da Saúde coloca o ruído de Vigo fóra dos límites permitidos, o que provoca ansiedade, insomnio, xordeira e produce unha desatención pública en canto á falta de barreiras do son do tráfico e á falta de actuación comproba-



da contra a contaminación producida pola “cultura do ocio”, ata converterse nun “condado de pedra”.

Son demasiados os dereitos fundamentais que se lesionan pola contaminación acústica. A Constitución española deseña os tipos de protección no seu artigo 53, recollidos individualmente nos artigos 10.1, 15, 18.1.2 e 19.

A doutrina reconece que a lesión dos dereitos fundamentais non require que o ruído sexa dun nivel tan intenso que poña en grave perigo a saúde das persoas. Neste senso, existe un deber dos poderes públicos de garantirmos o goce deste dereito, sexan cales sexan as circunstancias.

¿Cal é o contorno local?

O artigo 25.2.f da Lei 7/1985 (Lei de Bases de Réxime Local) establece as competencias en materia de Medio Ambiente, e o artigo 26 prescribe os servizos obrigatorios, con especial atención á protección do medio ambiente en determinados municipios segundo o índice de poboación.

Neste ámbito, como en tantos outros, é fundamental a existencia dunha potestade regulamentaria na que é básica a acción preventiva. Non imos relatar agora a numerosa xurisprudencia neste ámbito, xa citada na memoria de anos anteriores.

Existe unha sensibilidade doutrinal no senso de considerar que a normativa que agora se reconece como Dereito ambiental, non pode ser concibida como o punto de chegada das respostas que desde o ámbito xurídico se poden propoñer ós problemas derivados da crise ecolóxica, senón máis ben como o punto de partida dun novo nesgo, dunha nova visión xeral que podemos chamar “ecoloxización” difusa e capilar do ordenamento xurídico, e que debería desenvolverse en paralelo á “ecoloxización” da política, da economía e da cultura da nosa sociedade. É máis, se dentro de vinte ou trinta anos o Dereito ambiental aínda se segue a considerar como unha rama do ordenamento xurídico, ese será síntoma inequívoco de que se ten progresado moi pouco na boa dirección (Gordillo Farré).

O dilema entre descansar ou durmir, fronte á diversión ou ocio, e o dereito empresarial é falso. O dereito ó descanso é máis primario, máis fundamental; o debate está falseado. O viero de integración europea non pode reducirse só ó estrictamente político-económico.

A maquinaria administrativa non resulta eficaz, ó non realizarse as oportunas comprobacións e inspeccións e non acudir á potestade sancionadora, o que fai que a diagnose non sexa optimista.

A protección social acompaña á individual, e é conveniente atribuír accións e mecanismos de defensa tanto ó individuo como ós grupos. A acción colectiva, sen dúbida, fará máis efectiva a defensa. Un 60% dos españois xa ten condicionado o seu sono polo ruído.

Para rematar estas reflexións, válidas para todos os expedientes semellantes, faise preciso lembrar ó profesor Pablo González Mariñas (La Voz de Galicia, 10 de febreiro de

2005), quen, ó comentar “Nuestros Ayuntamientos”, subliña que a Constitución española di que as Administracións públicas actúan con sometemento pleno á Lei e ó Dereito, e, por desgraza, mantéñense aínda no ámbito local exercicios de autoridade cargados de persoñalismo, paternalismo e clientelismo, cos que se goberna a casa de todos, coma se se tratase da propia casa particular, e nese clima medran o favoritismo, o capricho e o desleixo.

Rematamos coa introdución da Ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica producida por ruídos e vibracións: “O ruído é unha das perturbacións ambientais que de xeito máis importante afectan ás persoas, proba diso é o aumento de denuncias por parte das e dos cidadáns. Por este motivo, desenvolveuse esta ordenanza, cos obxectivos de regular a actuación municipal co fin de protexer ás persoas e ós bens contra as agresións producidas pola enerxía acústica, nas súas manifestacións máis representativas, os ruídos e as vibracións, e a achega de solucións ambientais operativas e de control”.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con datas 9/01/2006 e 13/02/2006 reitérase o pedimento anterior. O 23/02/2006 recíbese escrito da Concellería de Medio Ambiente, no que informa que o local de referencia carece de licenza de actividades e instalacións, pasando o expediente á Xerencia Municipal de Urbanismo para a incoación do pertinente procedemento de legalidade urbanística, do que se dá cumprida información ó interesado o 27/02/2006.

Con data 21/03/2006 solicítase da vicepresidencia da X.M.U. información actualizada en relación co procedemento de protección da legalidade urbanística, pedimento que se reitera o 19/04/2006, o 22/05/2006 e o 20/06/2006.

Con data 27/06/2006 recíbese escrito do servizo de Participación Cidadá, no que indica que requiriron ó servizo de Medio Ambiente para a emisión do informe preceptivo. Do anterior dáse cumprida información ó interesado o 28/06/2006.

Con datas 9/08/2006, 5/09/2006, 4/10/2006 e 2/11/2006 solicítase de novo información actualizada.

Con data 17/11/2006 recíbese escrito do servizo de Participación Cidadá, ó que se xunta informe da Inspección Técnica de Obras, no que informa da apertura de expediente e da realización das dilixencia previas á incoación, de se-lo caso, de expediente de protección da legalidade urbanística (vinte e dous meses despois de presentar a primeira denuncia). O anterior trasladouse ó interesado o 20/11/2006.

Con data 18/12/2006 solicítase información actualizada e ínstase o logro dunha acción eficaz, tras dous anos de inactividade.

### **EXPEDIENTE 23/2005**

Queixa en relación coa contaminación acústica procedente dun local dedicado a cafetería. Esta situación vén sendo denunciada desde o ano 1997, denuncias acompañadas das correspondentes medicións sonométricas.

Coa queixa achégase documentación do servizo de Medio Ambiente na que, trala comprobación das irregularidades, instouse a adopción de medidas correctoras (4/05/2005 e 10/09/2004), así como da Xerencia Municipal de Urbanismo (19/01/1999) e da Xunta de Galicia, sen que a actitude contaminante desapareza.

Queixa presentada o 18/03/2005, solicitándose o preceptivo informe o 21/03/2005, petición que tivo que reiterarse o 25/04/2005, o 26/05/2005, o 30/06/2005, o 3/08/2005, o 7/09/2005, o 19/10/2005, o 10/11/2005 e o 12/12/2005.

No caso que nos ocupa, o interesado leva loitando pola defensa dun dereito fundamental desde o ano 1997, cos precedentes de expedientes sancionadores contra o perturbador, os cales están todos caducados e, polo tanto, arquivados.

Non consta unha acción que permita medidas correctoras, sen que se dea cumprimento ó disposto na Ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica producida pola emisión de ruídos e vibracións. ¿Que pasa cos artigos 44, 45 e 47 da citada ordenanza? Estamos a referirnos ás situacións tipificadas como agravantes, medidas complementarias e medidas cautelares.

Deste xeito non é posible acadar un sentimento de credibilidade. A norma describe as medidas oportunas para que a administración se xustifique na súa eficacia pola vía dos rendementos; se estes non se acadan, é obvio que aquela non se realice.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con datas 10/01/2006 e 13/02/2006 reitérase o pedimento anterior.

Con data 21/02/2006 recíbese escrito de Medio Ambiente, no que se di que, con data 06/09/2004, se impón á entidade afectada unha multa, indicándolle que en caso de exercer actividades sen adopción das medidas correctoras poderá acordarse o precinto dos equipos de música e do aparello do aire, sen prexuízo do seu traslado ó Ministerio Fiscal, e que, en caso de nova comisión de infracción, se poderá adoptar a medida cautelar de clausura temporal do local ou a paralización da actividade. Subliña, ademais, que o expediente se atopa nese intre rematado e non hai queixas do denunciante.

Con data 22/02/2006 dáse cumprida información ó interesado, quen con data 6/03/2006 remite escrito no que subliña a súa desconformidade co informe emitido por Medio Ambiente. Chama a atención que o expediente que nos afecta é posterior no seu inicio á imposición da sanción que se relatou anteriormente. O anterior trasládase a Medio Ambiente, solicitando información actualizada o 7/03/2006, que se reitera o 4/04/2006, o 3/05/2006, o 6/06/2006, o 5/07/2006, o 9/08/2006, o 4/09/2006, o 4/10/2006, o 2/11/2006 e o 1/12/2006.

### **EXPEDIENTE 24/2005**

Queixa en relación cos ruídos producidos, case diariamente, por un local dedicado a bar situado no soto dunha vivenda. Estes ruídos, cualificados de infernais, acentúanse

as fins de semana e posiblemente o establecemento non dispoña de licenza nin reúna os condicionantes de seguridade necesarios.

Esta situación vense denunciando desde novembro de 2001, coa realización de medicións sonométricas desde febreiro de 2002, o cal deu lugar á incoación de expedientes por falta “moi grave”. A última denuncia formulada é do 18/03/2005, xa que as infraccións seguen persistindo.

Con data 20/06/2005 o interesado volve denunciar ante a Xerencia Municipal de Urbanismo a carencia de medidas de seguridade.

Queixa presentada o 29/03/2005, solicitándose o preceptivo informe o 30/03/2005, petición que se reitera nas seguintes datas: 25/04/2005, 26/05/2005, 30/06/2005, 3/08/2005, 7/09/05, 19/10/2005, 10/11/2005 e 12/12/2005.

Ademais do exposto nos expedientes 5/2005 e 23/2005, cómpre incidir nunha situación que, por riba da contaminación acústica, presenta unha actividade que non se corresponde coa licenza da que goza, parecendo imposible que siga desenvolvéndose tal actividade. Este feito indica que, ou ben non se realizou ningunha actuación restauradora da legalidade, ou , se se realizou, carece de efectividade, seguramente por falta de control no seguimento, a pesar das denuncias do afectado e os requirimentos desta Institución.

Resulta anómalo que se estean a dar casos nos que, existindo unha denuncia por contaminación acústica, se comprobe ademais que o local carece de todo tipo de licenza e, sen embargo, mentres se inicia o procedemento de protección da legalidade urbanística da actividade que vai logo a ser legalizable, a contaminación acústica segue campando a feito.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con datas 10/01/2006, 18/01/2006 e 13/02/2006 reitérase o pedimento anterior.

Con data 22/02/2006 recíbese escrito de Medio Ambiente, no que indica que se atopa aberto expediente por contaminación acústica e que se solicitou unha medición sonométrica á Policía local, indicando as precisións ó respecto. O anterior trasládase ó interesado o 23/02/2006.

Con data 7/03/2006 e 3/05/2006 solicítase información actualizada ó respecto.

Con data 22/05/2006 recíbese escrito no que se indica a incoación do expediente sancionador pola presunta comisión dunha infracción administrativa leve en materia de protección contra a contaminación acústica e a adopción de medidas correctoras. Coa mesma data dáse información ó interesado, indicándolle que en datas vindeiras solicitarase información actualizada ó respecto.

Con data 9/06/2006 recíbese escrito de Medio Ambiente, no que informa do acordo de prorrogar ata o 11/07/2006 o procedemento sancionador, do que se dá cumprida información ó interesado o 12/06/2006, indicándolle que despois da citada prórroga instarase información ó respecto.

Con data 14/07/2006 recíbese escrito, no que se informa da emisión dunha multa de 1000 euros, así como doutras medidas para evitar a contaminación acústica. Dáse cumprida información ó interesado o 17/07/2006 indicándolle que, co ánimo de respectar os prazos procedimentais, en datas vindeiras instarase nova información.

Con data 24/07/2006 o interesado entrega copia da factura da C.T.N.E., na que se refliten as numerosas chamadas nocturnas á Policía local por mor do incumprimento dos horarios de peche e o ruído. Con data 11/08/2006 trasládase o anterior á concellería competente.

Con datas 29/08/2006, 26/09/2006, 19/10/2006, 23/11/2006 e 21/12/2006 interésase información actualizada. No escrito de 23/11/2006 indícase que o interesado presentou nova denuncia o 27/10/2006, coa que achegaba acreditación médica sobre o tratamento que está a recibir.

### **EXPEDIENTE 37/2005**

Queixa en relación cunha sanción imposta por tender roupa no oco da fachada exterior dun edificio, visible desde a vía pública.

Queixa presentada o 5/05/2005, solicitándose o preceptivo informe o 11/05/2005, petición que tivo que reiterarse o 9/06/2005, o 5/07/2005, o 3/08/2005, o 5/09/2005, o 19/10/2005, o 9/11/2005 e o 7/12/2005.

Partindo da realidade de que a situación dos tendais estea sobre un patio interior, é dicir, nun espazo pechado con paredes ou galerías que nos edificios se acostuma deixar ó descuberto, segundo se mostra nas fotografías achegadas co expediente, resulta preciso ter en conta as reflexións que se deducen das alegacións presentadas polo interesado no expediente sancionador e que esta Institución formulou na solicitude de informe preceptivo e nas que se reafirma:

*a) Tipicidade: pola nosa parte, entendemos que do que se trata é de caracterizar unha norma común axustando as condutas a un mesmo tipo, modelo que sirva para valorar cousas dunha mesma especie. De aí que se requira a predeterminación e descrición legal das condutas a considerar, das que unhas poderán ser sancionables e outras non, sen que caiban cláusulas xerais, contrarias ademais ao principio de seguridade xurídica.*

*Se a norma (Ordenanza Municipal sobre Limpeza Pública e Tratamento de Residuos Sólidos Urbanos, de 28 de outubro de 1994) prohibe tender roupa nos ocios das fachadas exteriores dos edificios que sexan visibles desde a vía pública, resulta obvio que non debe ser obxecto de sanción que nas fachadas onde se atopan instalados os tendedeiros que non estean sobre ningunha vía pública, senón sobre un patio interior da propiedade en común, un patio de luces, do que o termo “visible” é susceptible de especial e moi precisa apreciación ou defición para encadrarlo nunha conduta típica sancionable, segundo a Ordenanza vixente.*

*b) Discriminación: pola nosa parte, entendemos que as diferenzas de trato requiren xustificar axeitadamente a existencia dos motivos de tales diferenzacións.*

*Danse aquí condicións ou circunstancias que delimitan uns tratamentos desiguais ante situacións totalmente idénticas que non xustifican tal tratamento, tal como se explicita na alegación quinta do referido escrito dos afectados, de 14 de febreiro de 2005.*

*c) Caducidade: pola nosa parte, entendemos que se se fai fundamento da aplicación do RD 1398/1993, de 4 de agosto, terase que prestar atención ao artigo 6, parágrafo 2, onde se contempla o arquivo das actuacións polo transcurso de dous meses dende a data de inicio do expediente sen terse practicado notificación ao imputado.*

*Se o informe da inspección se emitiu o 12/11/2004, e a notificación do inicio do expediente data do 2/02/2005, parece que o tempo ou prazo subliñado non se cumpriu axeitadamente.*

*d) Por último, entendemos que na conduta dos denunciados dáse unha clara actuación de boa fe, entendida nun senso obxectivo. Dáse o exercicio dun dereito baseado nas crenzas da boa fe contrastada coa realidade e a lealdade nas relacións de convivencia, téndose empregado unha dilixencia socialmente esixible.*

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con datas 9/01/2006 e 13/02/2006 reitérase o pedimento de informe.

Con data 3/03/2006 recíbese escrito de Medio Ambiente no que concisamente se informa que con data 24/02/2006 se impuxo unha sanción de 30 euros por incumprimento da ordenanza municipal correspondente. Non se fai mención ningunha ás reflexións que figuran no expediente. Do anterior dáse cumprida información ó interesado o 6/03/2006, dándose o expediente por pechado.

## **EXPEDIENTE 42/2005**

Queixa en relación coa instalación dun taller de chapa e pintura no patio interior dunha vivenda, con dúas chemineas que emiten fumes considerados tóxicos e producen, ademais, vibracións na vivenda do interesado.

Polo anterior, o promotor da queixa presentou denuncia o 27/02/2005 no Rexistro Xeral do Concello e o 3/04/2005 na Xerencia Municipal de Urbanismo, sen resposta nin actuación de ningunha clase.

Queixa presentada o 12/05/2005, solicitándose o preceptivo informe con data 16/05/2005, solicitude que se reitera nas seguintes datas: 15/06/2005, 7/07/2005, 8/08/2005, 6/09/2005, 19/10/2005, 14/11/2005 e 12/12/2005.

Descoñécese se a actividade está en posesión de licenza, subliñando que a vixente Ordenanza municipal en canto á protección do medio contra a contaminación acústica producida pola emisión de ruído e vibracións, no seu artigo 11.4.7, reflite: “*Non se permitirá a instalación en edificios con uso residencial de actividades industriais especialmente molestas polos ruídos que se xeran, tales como talleres de carpintería de aluminio ou de madeira, taller de caldeirería, carpintería metálica e reparación de chapa de vehículos*”. De

aí que sexa preciso comprobar a existencia de licenza e de que tipo a ten a empresa, así como as esixencias de funcionamento, tanto no referente ós fumes como ás vibracións.

Que pasa neste período de comprobación se non existe licenza e se pretende legalizar a ilegalidade urbanística, se seguen a producirse as vibracións e os fumes, do tipo que sexan.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con datas 10/01/2006 e 13/02/2006 reitérase o pedimento anterior. Con data 23/02/2006 recíbese escrito de Disciplina Urbanística, no que indica que non consta licenza municipal no local en cuestión, procedéndose á apertura dun período de información previa. Do anterior dáse cumprida información ó interesado o 27/02/2006.

Con data 20/03/2006 solicítase información actualizada en relación coa apertura do expediente citado, que se reitera o 19/04/2006.

Con data 24/04/2006 recíbese escrito do departamento Disciplina Urbanística, no que subliña que o propietario do local presentou escrito de alegacións co que achega diversa documentación que é preciso examinar, do que se dá cumprida información ó interesado o 25/04/2006, indicándolle que en datas vindeiras solicitarase información actualizada ó respecto.

Con datas 26/06/2006, 18/07/2006, 21/08/2006, 20/09/2006, 17/10/2006 e 20/11/2006 solicítase información actualizada con respecto ó punto anterior.

Con data 21/11/2006 recíbese escrito da X.M.U. no que indica que se ordena ó servizo de Inspección a comprobación de se existe actividade. O anterior trasládase o interesado o 22/11/2006.

Con data 18/12/2006 solicítase información actualizada sobre o estado do expediente.

### **EXPEDIENTE 46/2005**

Queixa en relación cos ruídos e cheiros procedentes dun local dedicado a restaurante. O promotor da queixa presentou escritos de denuncia no Concello en xaneiro e febreiro de 2005, sen unha solución positiva. Subliña que os ruídos duran, nalgúns días, ata as tres da madrugada e os cheiros son permanentes.

Co seu escrito, o interesado achega copia dos partes da Policía local en relación coas medidas sonométricas, as cales superan en 7,4 dB(A) e en 10,4 dB(A) os niveis máximos permitidos.

Indica, ademais, e así o acredita, que o seu cónxuxe se atopa nun estado delicado de saúde que require dun ambiente fisiolóxico e hixiénico, sobre todo a nivel de ruído, que lle permita un descanso reparador, o que coas circunstancias expostas é imposible acadar.



Queixa presentada o 13/05/2005, solicitándose o preceptivo informe o 16/05/2005, petición que tivo que ser reiterada o 15/06/2005, o 7/07/2005, o 8/08/2005, o 6/09/2005, o 19/10/2005, o 21/11/2005 e o 22/12/2005.

É salientable que a Xerencia Municipal de Urbanismo, en decembro de 2004, lle comunique ó interesado que existe unha solicitude de licenza de inicio de actividade para café-bar, e que o local leve máis de dous anos dedicándose a unha actividade que non coincide coa solicitude presentada e, ademais, que causa contaminacións superiores ós niveis legais permitidos.

¿Que ocorre coa protección da legalidade urbanística? ¿Que ocorre coa defensa dos dereitos fundamentais dos cidadáns? ¿Como se pode xustificar a falta de axilidade e a ineficacia da acción municipal, incluso no caso de denuncias contrastadas con informes dos propios funcionarios municipais?

A credibilidade queda baixo mínimos. Xa Antonio Gramsci, hai case un século, dicía que “o vello non acaba de esvaeerse, e o novo non termina de consolidarse”.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con datas 18/01/2006 e 16/02/2006 reitérase o pedimento de informe.

Con data 6/03/2006 recíbese escrito de Medio Ambiente, no que informa que non consta licenza de actividades para hostalería, polo que se dá traslado á Xerencia Municipal de Urbanismo para que proceda á preceptiva clausura da actividade, o que se traslada ó interesado indicándolle que en datas vindeiras solicitarase de urbanismo información actualizada ó respecto.

Con datas 19/04/2006, 18/05/2006, 20/06/2006, 12/07/2006, 9/08/2006, 6/09/2006 e 4/10/2006 solicítase á Concellería de Urbanismo e Medio Ambiente información actualizada con respecto ó anterior.

Con data 5/10/2006 recíbese informe desde o servizo de Medio Ambiente, no que indica que o expediente pasou a Urbanismo, o que se traslada ó interesado o 9/10/2006.

Con datas 7/11/2006 e 11/12/2006 solicítase información actualizada.

### **EXPEDIENTE 50/2005**

Queixa en relación cos rúidos producidos por unha discoteca situada no baixo dunha vivenda. O promotor da queixa presentou oito medicións santométricas entre o 24/03/2005 e o 30/04/2005, todas con niveis superiores ó permitido, incluso nalgunha supera o 90%, sen que se dese ningunha actuación por parte do Concello.

Queixa presentada o 23/05/2005, solicitándose información o 25/05/2005, petición que tivo que ser reiterada o 23/06/2005.



Con data 27/06/2005, esta Institución dirixe o escrito que se transcribe ó servizo de Medio Ambiente da Concellería de Urbanismo e Medio Ambiente:

*“Como continuación ós nosos escritos de data 25/05/2005, número de saída 386, e 23/06/2005, número de saída 512, ámbolos dous sen resposta, maniféstolle o seguinte:*

*1) Con data 17 de xuño do 2005, madrugada do 18, efectuouse unha inspección por inmisión de ruído ó ambiente interior na vivenda sita na rúa Areal nº 20, 1º piso.*

*Os emprazamentos da medida máis desfavorables localizáronse no salón da vivenda, iniciándose a inspección ás 22,45 horas e finalizándose ás 3,46 horas, mediante a utilización dos instrumentos técnicos axeitados, sendo o resultado final o seguinte:*

■ Nivel obtido (dBA) = 50, 60 dBA.

*O nivel máximo legalmente permitido é de 35 dBA.*

*2) Con data 17 de xuño de 2005, madrugada do 28, efectuouse unha inspección por inmisión de ruído ó ambiente interior na vivenda sita na rúa Areal nº 20, 2º piso.*

*Os emprazamentos de medida máis desfavorables localizáronse no dormitorio da vivenda, iniciándose a inspección ás 23,17 horas e finalizándose ás 3,46 horas, mediante a utilización dos instrumentos técnicos axeitados, sendo o resultado final o seguinte:*

■ Nivel obtido (dBA) = 39,5 dBA.

*O nivel máximo legalmente permitido é de 30 dBA.*

*Signifícase que as intervencións subliñadas e requiridas foron realizadas por unha entidade debidamente acreditada por ENAC para a realización de Inspeccións de Ruído Ambiental.*

*Resulta irrefragante o incumprimento da Ordenanza Municipal de Protección do Medio contra a Contaminación Acústica producida pola Emisión de Ruídos e Vibracións, aprobada polo Pleno do Concello de Vigo en sesión de 28 de xullo de 2000, que recoñece na súa introdución que “o ruído é unha das perturbacións ambientais que de xeito máis importante afectan ás persoas, proba diso é o aumento de denuncias por parte dos cidadáns. Por este motivo desenvolveuse esta ordenanza, cos obxectivos de regular a actuación municipal co fin de protexer ás persoas...”*

*Segundo co capítulo 3 da mesma norma, de obrigado cumprimento para todos, os índices subliñados de superación dos niveis autorizados supoñen, nun dos casos, unha falta grave e, noutro, roza a tipificación de moi grave. Polo tanto, débese esixir-lo cumprimento da referida norma mediante a adopción das medidas correctoras que na mesma se refliten.*

*Non se pode obviar que o ruído producido pola chamada cultura do ocio acada cada vez máis un nivel destacable de sensibilidade, de aí que o poder local, que é o competente, tense que converter en responsable. Tal como ten declarado a xurisprudencia, hoxe tales ruídos considéranse técnica e doutrinalmente como “ruídos evitables”.*

*O ruído está intrinsecamente relacionado co dereito constitucional á protección da saúde e co aproveitamento dunha vivenda digna e axeitada, cuxo uso ou aproveitamento non ten que ser un sufrir, penar ou rabiarse, e así se recoñece a nivel constitucional. Tanto é así, que se ten proclamado que a Administración Local ten que deixar de ser o “condado de pedra” no ámbito da cultura do ocio.*

*Por todo, prégase unha actuación urxente e decidida non só coa Ordenanza Municipal vixente, senón tamén coas Directivas básicas Europeas e coas numerosas decisións da Administración de Xustiza.”*

Con data 3/08/2005 reitérase o pedimento de informe preceptivo.

Con data 25/08/2005 recíbese escrito do servizo de Medio Ambiente, no que se subliña o acordo adoptado para incoar expediente sancionador ó respecto pola comisión de tres infraccións administrativas de carácter grave e dous moi graves.

Do anterior dáse cumprida información ó interesado na mesma data, indicándolle que, en datas vindeiras e en tempo prudencial, solicitaríase información actualizada sobre a situación do expediente.

Con data 24/10/2005 solicítase información actualizada en relación co expediente sancionador, que se reitera o 21/11/2005 e o 15/12/2005.

Son diversas as consideracións que se fan sobre a contaminación acústica. Neste expediente, farase especial referencia ós efectos sobre a saúde, seguindo os ditames de recentes estudos sobre medicina preventiva e saúde pública efectuados na Universidade Autónoma de Madrid.

Segundo a OCDE, en España, o 74% da poboación está sometida a niveis sonoros altos. Xa no 1987, o Consello das Comunidades Europeas ditaminou que: “a loita contra as molestias acústicas é un dos sectores prioritarios que deben centra-la actividade comunitaria”.

As principais fontes de contaminación acústica proceden da industria, do tráfico (rodado, ferroviario e aéreo), do sector da construción, das obras públicas e da cultura do ocio.

Ó analiza-los efectos dos ruídos, tense que distinguir entre os trastornos auditivos e os non auditivos. Como auditivos considéranse aqueles que producen problemas na vida normal dos individuos, existindo o que se denomina efecto máscara, é dicir, cando un son impide a percepción parcial doutros, especialmente na comunicación oral, que pode ocasionar o illamento das persoas que están sometidas ó mesmo, a diminución na eficacia do traballo e, ademais, pode ser causa de accidentes, sen desdeña-la denominada fatiga auditiva, provocada por ruídos continuos a partir de determinados índices sonoros.

Nos trastornos non auditivos, e segundo un estudo realizado en Francia sobre 2.000 persoas sometidas a niveis de ruído superiores a 85 dB(A), déronse unha serie de patoloxías específicas (problemas cardiovasculares, neurolóxicos, dixestivos); concretamente, a relación entre o ruído e a actividade cardiovascular ten efecto sobre o sono.

Outros estudos relacionan o ruído con alteracións psíquicas (inseguridade, inquietude, falta de concentración, astenia, agresividade, irritabilidade, alteración da personalidade e trastornos mentais). Dende outra perspectiva, a nivel de comportamento solidario, acredítase que o nivel de axuda entre veciños diminúe; sen esquecer a denominada tensión sonora, relacionada con ruídos moderados pero continuos, e os efectos acreditados tamén en relación cos estados de embarazo, coa poboación escolar. Recentemente, segundo un estudo realizado na cidade de Madrid, conséntase que o ruído é o factor ambiental que presenta unha maior asociación cos ingresos hospitalarios, por riba dos contaminantes químicos tradicionais.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con data 20/02/2006 reitérase a petición de informe actualizado, o cal se recibe o 21/02/2006 desde Medio Ambiente, no que se subliña que se desestimaron as alegacións presentadas polo propietario do local, se lle impuxo unha multa, con orde de paralización total da actividade durante seis meses, e a medida complementaria de adoptar as medidas correctoras precisas para evitar a contaminación acústica, debendo xustificar a realización de tales medidas. Tamén se ordenou á Policía local que proceda ó precinto do local, indicando que nese intre o mesmo se atopa pechado ó público. O anterior comunícase ó interesado o 22/02/2006.

O 27/11/2006, desde a Asesoría Xurídica do servizo de Medio Ambiente solicítanse novos datos das actuacións realizadas desde o 26/06/2006, se as houbese, polo que se traslada copia da medición sonométrica realizada en agosto de 2006.

### **EXPEDIENTE 63/2005**

Queixa formulada por unha Asociación de Veciños en relación co conflito presentado entre a veciñanza por mor da suspensión do funcionamento das campás do reloxo parroquial.

Queixa presentada o 4/07/2005, solicitándose o preceptivo informe o 8/08/2005, no que se fai constar o seguinte:

*“A resultas do exposto, esta Institución promoveu unha avaliación dos niveis sonoros emitidos polo campanario, a cal foi realizada por unha entidade debidamente acreditada por ENAC para levar a cabo inspeccións do ruído ambiental.*

*O son emitido polo campanario ten dúas compoñentes diferenciadas: unha melodía inicial (son máis continuo) e as propias badaladas, que xorden a continuación.*

*Os rexistros efectuados realizáronse sempre mentres soaba a melodía inicial, pois o nivel do son xerado por esta resulta superior ó nivel inducido polas badaladas.*

*Preténdese que o nivel sonoro de inmisión recollido no interior da aula (pois tamén se atopa próximo ó colexio Eduardo Pondal) este por debaixo, non só do nivel máximo requirido para recintos docentes, senón tamén para vivendas (de cara a adaptarse en todos os extremos ós límites normativos).*

*Os resultados foron:*

*1) Nivel no exterior do colexio (0,5 m. da fachada) LAeq = 70,5 dBA.*

*2) Rexistro no interior da aula LAeq = 38,5 dBA.*

*3) Dado que o nivel no interior da aula supera o límite permitido para as vivendas, rebaixouse o nivel de emisión das badaladas e volveuse medir na aula, co resultado de 33,0 dBA.*

*4) De cara a axustar en maior medida o valor anterior respecto ós niveis permitidos, aumentouse lixeiramente o nivel de emisión do campanario e volveuse medir no interior da aula (obténdose 34,2 dBA). Nesta medida colocouse a emisión definitiva do campanario, xa que o nivel acadado se atopa dentro dos valores tolerados pola OM, tanto para vivendas (35 dBA) como para recintos docentes (40 dBA). Comprobase que o nivel de emisión xerado polas badaladas na aula (sen melodía inicial) acada 31,5 dBA.*

*5) Co ánimo de comprobar a posible influencia do ruído de fondo nas medicións recolleuse o seu valor, observándose como ó resultar superior en 10 dBA non modifica as medidas anteriores LAS<sub>90</sub> = 23,5 dBA.*

*Por todo, esta Institución solicita se adecúe o funcionamento do reloxo municipal ó estudo reflectido, co ánimo de acadar o equilibrio que impida a conflictividade na veciñanza, tal como consta na petición do interesado.”*

Con datas 7/09/2005, 19/10/2005, 14/11/2005 e 12/12/2005 reitérase o pedimento anterior.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con datas 10/01/2006, 13/02/2006, 7/03/2006, 4/04/2006, 3/05/2006, 6/06/2006, 5/07/2006, 9/08/2006, 4/09/2006, 4/10/2006, 2/11/2006 e 1/12/2006 reitérase o pedimento de informe.

Con data 29/12/2006 recíbese escrito do servizo de Medio Ambiente, no que sinala que non consta denuncia dos feitos, pero que se deron instrucións á Policía local o 11/12/2006 (catorce meses despois de iniciado o expediente), e que o denunciante debe solicitar medición sonométrica á Policía local. Sobre este último punto hai que ter en conta que a medición se reflectiu no escrito enviado o 8/08/2005 e que o cidadán non ten a obriga de solicitar a citada medición, senón que se ten que realizar de oficio unha vez se teña coñecemento dos feitos.

## **EXPEDIENTE 74/2005**

Queixa en relación co ruído producido na avenida de Castrelos por mor do tráfico pesado, especialmente en horario nocturno, o que impide o descanso da veciñanza que reside naquela zona.

Queixa presentada o 17/08/2005, solicitándose o preceptivo informe o 20/09/2005 e o 19/10/2005.

Con data 16/11/2005 comunicásenos telefonicamente que non poden actuar, xa que non dispoñen dos datos do enderezo do interesado na cidade, a quen nos diriximos o 29/10/2005. Non obstante o anterior, é de precisar que a contaminación non só afecta ó promotor da queixa, senón á totalidade dos veciños da zona.

Atopámonos de novo co tema do son non desexado, reafirmando a doutrina constitucional (STC de 23/02/2004) que subliña que cando se superan os niveis normais afecta á integridade física e moral das persoas e que unha exposición prolongada, como a que aquí se describe, pode obxectivamente cualificarse como evitable e insoportable. O Concello tería que actuar decisivamente en temas como este, no que estamos a falar de colectivos amplos de cidadáns. A protección dispensada é nula, por inexistente. Hai que ter en conta que situacións como esta permiten ós cidadáns dispor dunha mellor capacidade de defensa en todas as ordes xurisdiccionais.

Sorpréndenos a nula ou case nula eficacia das accións administrativas simples; ata o de agora, é manifesta a desidia dos entes locais, é dicir, a falta de coidado ou de esforzo, debida ó desinterese ou á negligencia que produce abandono dos cidadáns.

Hoxe albíscase, afortunadamente, a actividade dos Tribunais contencioso-administrativos, que condenan ós Concellos pola pasividade manifesta e permanente no control da actividade acústica, non obstante as normas xurídicas europeas, estatais, comunitarias e locais que se afanan en promulgar.

Como modelo, baste citar a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Navarra (10 de decembro de 2004) que afirma:

1º. O deber xeral da administración en canto ás tarefas de inspección e policía lle atinxen.

2º. O deber especial en canto se trata da seguridade dos cidadáns.

3º. A administración demandada intenta utiliza-la vía de escape que lle ofertan a Constitución española e as Leis, a forza maior, pero a xurisprudencia sae ó paso desa alegación porque, aínda que non é esixible á administración que saiba todo nada máis ocorrer, determinados sucesos son “previsibles e evitables cunha axeitada inspección”.

4º. Ad cautelam, a xurisprudencia vese na obriga de precisar que a administración “sempre poderá repetir contra quen apareza como causante da quebra do servizo público”.

5º. Dáse, premisa capital, unha actuación municipal negligente que configura un funcionamento anormal do servizo público.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con data 12/01/2006 instouse ó interesado para que facilitase o seu enderezo na

cidade e dirixise reclamación ó Concello de Vigo, sen obter resposta.

### **EXPEDIENTE 80/2005**

Queixa en relación cos ruídos procedentes dun bar instalado no baixo da vivenda do interesado que lle impide o descanso nocturno especialmente.

Queixa presentada o 27/09/2005, solicitándose o preceptivo informe o 28/09/2005, o cal se reitera o 25/10/2005, o 22/11/2005 e o 22/12/2005.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con datas 16/02/2006 e 4/10/2006 dirixímonos ó promotor da queixa solicitando as medicións sonométricas pertinentes, sen obter resposta. O escrito do mes de outubro foi devolto por estar ausente o interesado, polo que o 13/11/2006 se reenvía e vén de volta o 1/12/2006 polo mesmo motivo.

### **EXPEDIENTE 90/2005**

Queixa en relación cos ruídos que se producen como consecuencia das festas parroquiais nos distintos lugares de Vigo, especialmente os provenientes dos altosfalantes que manteñen a música a un volume moi alto ata as tres da madrugada, coas conseguíntes molestias para a veciñanza que ten que madrugar ó día seguinte.

Asemade, o promotor da queixa indica que nesas datas prodúcense outro tipo de molestias motivadas pola emisión das misas en directo a un nivel de volume alto e que considera que se estamos nun estado aconfesional non ten sentido ningún espallar unha doutrina relixiosa ós catro ventos, cousa que non se produce noutras confesións relixiosas.

Queixa presentada o 18/10/2005, solicitándose o preceptivo informe o 19/10/2005.

Con datas 24/11/2005 e 22/12/2005 reitérase o pedimento anterior.

Se ben é certo que as distintas festividades son datas de celebración, coa presenza de instalacións para o lecer dos cidadáns, sería conveniente que as transmisións musicais e doutros tipos tivesen un control que non permitise excesos no volume e na persistencia temporal fóra dos horarios tolerados.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con datas 23/01/2006, 20/02/2006, 21/03/2006, 19/04/2006, 22/05/2006, 20/06/2006 e 13/07/2006 reitérase o pedimento de informe.

Con data 14/07/2006 recíbese escrito do servizo de Medio Ambiente, no que indica que non lles consta (oito meses despois) a existencia da denuncia por parte do interesado e que dan traslado á Policía local para informe. Do anterior dáse cumprida información ó interesado o 17/07/2006.

Con datas 21/08/2006, 20/09/2006, 17/10/2006, 20/11/2006 e 18/12/2006 solicítase información actualizada.

Con data 29/12/2006 recíbese escrito do servizo de Medio Ambiente, no que indica o mesmo que figura no informe do 14/07/2006, así como que o denunciante debe solicitar á Policía local a medición sonométrica, o que, entendemos, debe facerse de oficio.

### **EXPEDIENTE 105/2005**

Queixa en relación con queimas nunha finca próxima á vivenda do interesado, o que lle impide ter as xanelas abertas.

Queixa presentada o 16/12/2005, solicitándose o preceptivo informe o 19/12/2005.

Tras varias demandas e comparecencias da Policía local, non se consegue paralizar as actuacións molestas, xa que o veciño ten permiso do departamento de Medio Ambiente da Xunta de Galicia. Posto en contacto o promotor da queixa con esa administración, comunícaselle que o Concello é quen ten que vixiar tales accións, polo que volve ó Concello e o remiten á Policía local, e esta ós bombeiros, que non actúan sen orde do Concello e, por último, remíteno á páxina de internet.

Queda de manifesto, unha vez máis, a falta de identidade de xestión e, polo tanto, de eficacia municipal.

A falta de coordinación e dunha xestión axeitada resulta incomprendible e, mentres, o cidadán non entende tanta desidia.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con data 18/01/2006 reitérase o pedimento de informe, que se recibe desde Medio Ambiente o 9/02/2006, no que se indica que o tema se atopa en vía xudicial. O anterior comunícase ó interesado, indicándolle que esta Institución suspende os trámites sucesivos ata a resolución xudicial.

---

## CAPÍTULO III. MOBILIDADE E SEGURIDADE

---

### **EXPEDIENTE 8/2005**

Queixa en relación cunha multa de tráfico imposta cando o vehículo circulaba en dirección ascendente pola Gran Vía, próximo ó cruce coa rúa Venezuela, tendo como predecesor un camión que impedía a visibilidade dos sinais verticais. O vehículo detívose no semáforo que regula a circulación descendente de Gran Vía e o tránsito pola rúa Venezuela en dirección á rúa Vázquez Varela, intre no cal o promotor da queixa observou que un axente municipal tomaba notas con atención ó vehículo que conducía.

Pasados uns días, recibiu unha notificación de denuncia, sen que lle fose impedida



a marcha do vehículo ou, permitíndolle a marcha, se lle indicase que se detivese na beirarrúa para facerlle entrega da proposta de sanción e así identificalo correctamente, xa que o interesado non é o propietario do vehículo. Ademais, non está de acordo co motivo da infracción: “vehículo infractor en ruta”, cando o vehículo estaba parado, motivo polo que incide que nese intre lle terían que comunicar a proposta de denuncia, así como proceder á identificación correcta do infractor.

Queixa presentada o 26/01/2005, solicitándose o preceptivo informe o 27/01/2005, o cal tivo que ser reiterado nas seguintes datas: 28/02/2005, 29/03/2005, 26/04/2005, 30/05/2005, 30/06/2005, 3/08/2005, 5/09/2005, 19/10/2005, 9/11/2005 e 5/12/2005.

As denuncias notificaranse no acto, e nos supostos de “sen parar ós denunciados” non serán válidas, a menos que consten nas mesmas as causas concretas e específicas polas que non foi posible dete-lo vehículo (intensidade de circulación, factores meteorolóxicos adversos ou outros que poidan derivar en riscos concretos), cousa que non se dá neste suposto.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con data 9/01/2006 reitérase o pedimento anterior, recibíndose escrito de resposta o 6/02/2006, no que indica que a responsabilidade recae directamente no autor do feito e que neste expediente existe un sinal vertical. O anterior comunicase ó interesado con data 9/02/2006. Non se deron actuacións posteriores, polo que o expediente se dá por pechado.

## **EXPEDIENTE 10/2005**

Queixa en relación coa imposición de tres sancións de tráfico case simultaneamente:

- 1ª. Por circular en sentido contrario ó da marcha autorizada.
- 2ª. Por non utilizar o casco de seguridade, obrigatorio para o uso de motocicleta.
- 3ª. Por non ter pasado a inspección técnica de vehículos a motor.

As discrepancias xorden por mor do seguinte:

Por circular en sentido contrario ó da marcha autorizada. Non se corresponde coa realidade, toda vez que non circulaba, nun senso estrito, senón que saía da rúa María Berdiales nº ..., esquina con Hernán Cortés, debido a que no nº ... da rúa María Berdiales ten o seu domicilio. Subliña que na proposta de sanción o feito penalizado tivo lugar as 12,50 horas.

Por non utiliza-lo casco. Esta sanción imponse á altura da rúa Gran Vía nº 70, dato que non se fai figurar na notificación da sanción e que se modifica na proposta de denuncia.

É totalmente imposible que nun espazo de cinco minutos se poida percorrer a distancia desde a esquina de Hernán Cortés con María Berdiales ata a saída do túnel da Gran Vía (praza de España), distancia aproximada de 600 metros, con cinco semáforos polo medio, ás doce da mañá e no verán. Nos dous supostos o axente municipal foi o mesmo.



O interesado formulou escrito de alegacións, que non foi tido en conta, e posteriormente recurso de reposición, ó que non recibiu resposta.

Subliña, ademais, a actitude dos dous axentes que interviñeron nesta ocasión.

Queixa presentada o 1/02/2005, solicitándose o preceptivo informe o 3/02/2005, que tivo que ser reiterado nas seguintes datas: 2/03/2005, 4/04/2005, 5/05/2005, 2/06/2005, 4/07/2005, 3/08/2005, 1/09/2005, 19/10/2005, 8/11/2005 e 5/12/2005.

Os recursos administrativos configúranse como un elemento de control e garantía e teñen por obxecto a revisión dun acto administrativo que, doutra maneira, só se podería facer nos supostos de revisión de oficio.

É obvio que o recurso de reposición que presentou o interesado non foi respondido, o que confirma que nos atopamos ante unha “actividade pasiva”. A Constitución española (artigos 9 e 10) consagra os principios de legalidade e de eficacia nas actuacións públicas; a seguridade xurídica, aínda que non pode constituír un valor absoluto, si afecta á confianza e á credibilidade dos cidadáns. O recurso tense que resolver, feito que vén dado polo artigo 42 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, e que obriga, ademais, a que os funcionarios que teñen ó seu cargo o despacho dos asuntos instrúan e resolvan en prazo.

Dáse unha deixadez ante o propio recurso, o que empurra ós cidadáns a dirixirse á vía xudicial, con todo o que isto comporta, e que racha co fundamento do recurso, que non é outro que o carácter de control e garantía que permite revisa-los actos.

A Administración pública goza dun carácter instrumental posto ó servizo dos cidadáns, e o seu réxime xurídico debe transcende-las regras de funcionamento interno para integrarse na sociedade, a quen serve como instrumento que promove as condicións para que os dereitos dos cidadáns sexan reais e efectivos. Para tal fin, o procedemento administrativo é o instrumento axeitado para dinamiza-lo seu avance, e as regras fundamentais do procedemento son unha peza esencial no proceso de modernización da sociedade e da súa administración.

O procedemento ten un fin unitario: protexer de xeito inmediato a orde xurídica e mediatamente o dereito do cidadán, sendo o interese primordial deste que a Administración pública exerza eficazmente as competencias que por lei lle correspondan.

A mellora da lexitimidade das Corporacións locais tense que buscar sempre, e sobre todo, pola vía dos rendementos, dando resposta satisfactoria ás demandas do contorno.

Por outra banda, é imposible que o interesado, dadas as circunstancias enunciadas no escrito de alegacións, no recurso de reposición e nos documentos do expediente sancionador, puidese estar ó mesmo tempo ou no tempo subliñado de cinco minutos en dous lugares fisicamente medibles e en circunstancias de tráfico tamén medibles, ademais de utiliza-la técnica de circular en sentido contrario en vía de sentido único, cando o cidadán sae coa motocicleta, con toda a precaución, nun tramo que non acada nin dez metros.

Descóidase o obxecto do procedemento, que non é outro que a congruencia cos fins previstos. Tense que adecuar o principio de oportunidade e estar acorde coa realidade dos feitos acaecidos, que resultan imposibles en si mesmos.

É obvio que os medios de proba non se teñen en consideración. Téñense que adoptar as decisións en relación coas cuestións suscitadas, de tal xeito que o obxecto do procedemento se corresponda adecuadamente cos fins previstos no ordenamento xurídico.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con datas 9/01/2006, 6/02/2006 e 6/03/2006 reitérase o pedimento anterior.

Con data 20/03/2006 recíbese escrito da concellería competente informando que o alto déuselle ás 12:50 na rúa Gran Vía nº 70, pois non se lle puido dar antes debido á intensidade do tráfico; por iso, aínda que o lugar de infracción non é o mesmo, as horas coinciden. Hai que salientar que este informe é de data 6/03/2006, cando os feitos tiveron lugar o 15/06/2004 e que no mesmo se recoñece que *“de dito recurso (reposición) non nos consta que tivese contestación e que fose mobilizado”*. De todo dáse cumprida información ó interesado o 21/03/2006, sen que se desen actuacións posteriores, polo que se considera o expediente pechado.

### **EXPEDIENTE 16/2005**

Queixa en relación cunha sanción de tráfico por estacionar o vehículo, un taxi, en dobre fila e sen condutor, fronte a unha vivenda para atender a un cliente que solicitou o seu servizo e que, debido a que a súa situación física lle impedía desprazarse por si mesmo, acompañouno ata o portal. Esta acción é cualificable de humanitaria ou asistencial, non só obriga de calquera servizo público, senón tamén de calquera cidadán. Solicítase unha revisión da proposta de sanción.

Queixa presentada o 1/03/2005, solicitándose o preceptivo informe na mesma data, o cal tivo que ser reiterado o 19/09/2005, o 24/11/2005 e o 22/12/2005.

Tería que considerarse o motivo do estacionamento, que se podería comprobar cunha simple visita do persoal municipal ó domicilio do viaxeiro. En calquera caso, estamos ante unha conduta activa nun estado de necesidade concreto e obxectivo e, repetimos, demostrable; algo que tamén se dá e así se recoñece nas motivacións da xustificación penal.

O comportamento non pode entenderse como antixurídico, xa que se actúa nunha situación de preeminencia xurídica, é dicir, como un privilexio que se concede a alguén sobre os demais polas condicións especiais e nun momento determinado. Realmente, xorde un dereito a actuar así e pode esixir que ese dereito se lle respecte; é un caso no que se cumpre o presuposto básico de estado de necesidade e, por iso, exímeo da responsabilidade.

Estamos ante un suposto suxeito a ineludibles imperativos de moralidade e de atención social.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con data 18/01/2006 reitérase o pedimento anterior, recibíndose informe o 3/02/2006, no que se subliña que as alegacións do cidadán non foron tidas en conta e que o recurso de reposición foi desestimado. O informe contén, ademais, que a infracción foi “*Estacionar en dobre fila con conductor*”, cando nos documentos notificadores da infracción e da sanción figura “*vehículo en dobre fila sen conductor*”. De todo se deu cumprida información ó interesado o 6/02/2006 e, coa mesma data, diriximos escrito á concellería indicando a contradición subliñada e instando, polos erros acontecidos, unha anulación do expediente.

Con data 28/02/006 recíbese resposta da concellería, na que indica que o erro foi un erro humano que se produciu ó envorcar a información. Do anterior dáse traslado ó interesado o 1/03/2006 e, ó non darse actuacións posteriores, considérase pechado o expediente.

### **EXPEDIENTE 19/2005**

Queixa en relación coa situación que están a vivir os veciños e os comerciantes da rúa Carral por mor do Plan de Remodelación do contorno da praza de Compostela, situación que cualifican de inxusta. Estima o promotor da queixa que este plan presenta unha serie de incongruencias e que non ten en conta a normativa vixente, o que pode producir unha desvalorización da vida da veciñanza.

Solicitou entrevista coa secretaria particular da Sra. Alcaldesa e co Xefe Técnico, sen resposta ningunha.

As súas alegacións baséanse en que:

- A situación actual converte a zona nun lugar de padecementos físicos e psíquicos e con prexuízos de orde material.

- A eliminación do aparcamento que o plan contempla provoca un incremento do tráfico de vehículos, non só en frecuencia, senón tamén en tonelaxe, ó cambiar a circulación procedente de Cánovas del Castillo pola rúa Carral.

Subliña que na rúa García Olloqui o firme está especialmente preparado para soportar a tonelaxe e a frecuencia de circulación que se produce e a improcedencia da prohibición de circular coa excusa de obras para afondar a rede de sumidoiros, xa que aquela rúa foi adaptada hai dez anos para ese fin co gallo da peonilización de Montero Ríos e para axeitala ó túnel de Beirmar. Alude á falta de estudos serios sobre o impacto ambiental e ó esquecemento das recomendacións que sobre contaminación acústica se teñen publicado por expertos, xa que ó circular vehículos pesados prodúcense vibracións que afectan ás xanelas, ós balcóns e ó mobiliario das vivendas.

Por outra parte, subliña a creación ficticia duna zona hora na praza de Compostela para uso exclusivo de residentes que dificulta a mobilidade do resto dos cidadáns.

Solicita unha revisión do proxecto, que contempla:

- O ancho das rúas Carral e García Olloqui.
- O espazo pechado en Carral e máis aberto en García Olloqui.
- O asentamento sobre area.
- A antigüidade e as características dos edificios.
- A circulación en pendente, contraria ó sentido do proxecto.
- O incremento ó dobre do volume de vehículos.
- Os incrementos adicionais de vehículos polo peche temporal do túnel.
- A atención á normativa da Unión Europea.
- A atención á normativa sobre ruídos da Xunta de Galicia.
- Estudos serios de impacto ambiental.
- O aparcamento dos residentes.

Queixa presentada o 15/03/2005, solicitándose o preceptivo informe na mesma data, petición que tivo que ser reiterada nas seguintes datas 14/04/2005, 12/05/2005, 20/06/2005, 7/07/2005, 17/08/2005, 26/09/2005, 24/10/2005, 21/11/2005 e 15/12/2005.

As medidas adoptadas para levar a cabo os acordos de reorganización das rúas sempre ocasionan molestias e, ás veces, torturas ós cidadáns máis directamente afectados.

Non obstante, non se pode esquecer que, en ocasións, deberían pórse a disposición dos cidadáns medidas correctoras que fixesen menos onerosas as cargas e as molestias que teñen que soportar.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con datas 17/01/2006 e 15/02/2006 reitérase o pedimento de informe, recibíndose o mesmo o 28/02/2006, no que se indica que *“Non cabe dúbida algunha que durante as diversas fases de execución das obras, os veciños tiveron que sufrir as molestias derivadas dunha obra de tal envergadura, non dubidando que a empresa construtora tratou de minimizar ó máximo as molestias ós veciños como así lles foi transmitido dende a comisión de seguimento das mesmas”*.

O anterior trasladouse ó interesado o 1/03/2006.

Non se dan actuacións posteriores, polo que se dá o expediente por pechado.

## **EXPEDIENTE 22/2005**

Queixa en relación coa recollida dunha motocicleta, baseándose a petición do interesado de devolución da mesma na decisión xudicial do Xulgado de Instrución número 4 de Vigo, decisión adoptada nun xuízo de faltas. O citado vehículo tería que atoparse no depósito municipal a disposición do referido xulgado. A sorpresa do interesado é que o vehículo se atopaba nunha empresa dedicada ó despezamento e presentaba golpes e pintadas que non tiña no momento da recollida, polo que interesa, ademais, as fotografías do momento da recollida ou depósito nas dependencias municipais. Para tal fin, con

data 4/02/2005 formulou solicitude no Concello.

Queixa presentada o 17/03/2005, solicitándose o preceptivo informe o 21/03/2005, petición que tivo que ser reiterada nas seguintes datas: 21/04/2005, 24/05/2005, 23/06/2005, 3/08/2005, 29/08/2005, 26/09/2005, 24/10/2005, 21/11/2005 e 15/12/2005.

Como é posible que unha decisión xudicial non sexa respectada. O Concello ten que responder dunha xestión prexudicial en todos os sentidos e esixi-la responsabilidade dos autores da decisión inoportuna.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con datas 17/01/2006 e 15/02/2006 reitérase o pedimento anterior, recibíndose informe o 2/03/2006, no que se subliña, tras unha detida exposición do sucedido, que con data 22/12/2005 se entregou cheque co importe de 1200 euros a favor do cidadán afectado. Do anterior dáse cumprida información ó interesado o 6/03/2006.

Non se deron actuacións posteriores, polo que se considera o expediente pechado.

### **EXPEDIENTE 27/2005**

Queixa en relación cunha multa de tráfico imposta nunha situación de emerxencia derivada dunha avaría mecánica, o que obrigou a dete-lo vehículo do interesado por un quentamento do motor, indicando, como consta na matrícula, que o vehículo é moi antigo.

A sanción faise por “estacionamento en dobre fila con condutor”, cando en realidade se trata dunha detención por esixencia.

Queixa presentada o 6/04/2005, solicitándose o preceptivo informe o 11/04/2005, o cal tivo que ser reiterado o 11/05/2005, o 9/06/2005, o 5/07/2005, o 3/08/2005, o 5/09/2005 o 19/10/2005, o 9/11/2005 e o 5/12/2005.

A Ordenanza Municipal de circulación de Vigo (BOP de 30 de xuño de 1993), como complemento ó disposto no Real Decreto Lexislativo 339/90, no seu artigo 11 delimita e define claramente o estacionamento como a inmovilización dun vehículo que non se atopa en situación de detención ou parada; é a detención como a inmovilización dun vehículo por emerxencia.

O estacionamento supón a instalación durante un certo tempo, a detención ou parada é unha acción de deterse ou lugar habitual onde algo se detén, un autobús por exemplo; pero a detención ou parada por emerxencia responde a un suceso inesperado ou imprevisto que demanda unha solución inmediata, de aí o estado de emerxencia, coa finalidade de evitar o máis rapidamente posible algún mal maior.

A conduta adoptada provén, pois, dunha situación, é unha conduta activa nun estado de necesidade concreto e obxectivo e recoñecido pola norma, de aí que tal compor-

tamento non pode entenderse como antixurídico, xa que estamos ante a necesidade de obrar de tal maneira para evitar unha consecuencia ou feito peor. O mesmo Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro (Regulamento Xeral de Circulación), contempla as situacións de emerxencia.

Por todo, a cualificación da infracción como estacionamento en dobre fila con condutor non se corresponde coa realidade da situación, xa que, antes de proceder a formular a denuncia, se tería que indagar o motivo da parada.

A motivación da sanción non responde co sentido teleolóxico da actividade realizada, esta está orientada a paliar o efecto dunha situación de emerxencia, o cal ten que producir, para que o acto da sanción se adecúe á legalidade extrínseca, un efecto distinto. Debido a isto, ó erro fundamental do expediente non achacable ó condutor, debería ser nulo.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con data 9/01/2006 reitérase o pedimento anterior, recibíndose o informe o 28/02/2006, no que se indica que o interesado pagou a sanción e que non consta que fosen presentadas alegacións de ningún tipo. Do anterior dáse traslado ó interesado o 1/03/2006.

Non se deron actuacións posteriores, polo que se considera o expediente pechado.

### **EXPEDIENTE 30/2005**

Queixa en relación coas dificultades que atopan os veciños do Casco Vello para acceder ás vivendas en vehículos por mor dos bolardos instalados.

Estas dificultades afectan, ademais, ó transporte de viaxeiros en taxi, así como ás necesidades de índole asistencial (ambulancias, bombeiros, subministración de butano, etc.), que se solucionarían cunha axeitada regulación da zona peonil e dos bolardos. A queixa está asinada por máis de cincuenta veciños.

Queixa presentada o 12/04/2005, solicitándose o preceptivo informe o 13/04/2005, reiterándose a petición do mesmo nas seguintes datas: 12/05/2005, 20/06/2005, 7/07/2005, 17/08/2005, 26/09/2005, 24/10/2005, 21/11/2005 e 15/12/2005.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con datas 7/01/2006 e 15/02/2006 reitérase o pedimento de informe, recibíndose o mesmo o 28/02/2006, no que se indica a regulación da Circulación de Vehículos no Barrio Histórico mediante bando da Alcaldía. O anterior comunícase ó interesado o 1/03/2006.

Non se deron actuacións posteriores, polo que se considera o expediente pechado.

## **EXPEDIENTE 31/2005**

Queixa en relación coa solicitude da tarxeta de Vitrasa como pensionista, a cal lle foi denegada por superar a pensión mínima (500 euros). O interesado indica que a súa pensión real é de 657,35 euros e a súa unidade familiar está formada por dúas persoas.

Queixa presentada o 12/04/2005, solicitándose o preceptivo informe o 13/04/2005 á Concellería de Asuntos Sociais, desde a que nos comunican que a petición se trasladou a Mobilidade e Seguridade.

Con datas 12/05/2005, 20/06/2005, 7/07/2005, 17/08/2005, 26/09/2005, 25/10/2005, 24/11/2005 e 22/12/2005 reitérase o pedimento anterior.

Pártese da consideración que fai o interesado de que a situación da súa petición non se ve correspondida con xustiza, en base ó suposto seguinte:

Un matrimonio de dous pensionistas, cunha percepción individual de 500 euros, dá como resultado uns ingresos de 1.000 euros por unidade familiar en cómputo de dúas persoas. No seu caso, a unidade familiar tamén consta de dúas persoas, cunha renda mensual por pensionista de un só dos membros, e non se lle concede a tarxeta por superar a contía mínima da pensión, mentres que no primeiro caso si se lle concede.

En primeiro lugar, temos que indicar que no suposto que nos ocupa non existe un axeitado principio de racionalidade social, é dicir, a norma non se axusta á razón. Non se trata de ter en conta experiencias sensibles, e moito menos experiencias afectivas, é simplemente aplicar criterios da razón, aplicando ponderadamente os principios de capacidade económica, así como dos beneficios de utilidade na procura dun axeitado trato no impulso que sempre debe presidi-la acción pública, o que permitirá unha mellora da calidade de vida dos cidadáns en situación de xubilación, non só tendo en conta os anos.

Seguindo a Carta Europea de Autonomía Local (15 de outubro de 1985), temos que reflexionar sobre a convición de que a existencia de Entidades locais investidas de competencias efectivas permite unha administración á vez eficaz e próxima ó cidadán.

A Carta Magna española non é só unha norma xurídica, é un instrumento para a convivencia, un factor de integración social, unha canle de comunicacións, un instrumento cotián.

Tense que promover, remover e facilitar, é dicir, hai que ter unha actitude activa. O poder público, sexa o que sexa, ten a obriga de promove-las condicións de igualdade dos individuos e dos grupos (entre eles as unidades familiares), removendo os obstáculos que a dificultan, e promove-lo progreso para asegura-la calidade de vida (“dar vida ós anos e non só anos á vida”).

A Constitución española vai degrañando unha serie de situacións básicas na procura da integración social. Así:

■ O Artigo 32 declara a igualdade xurídica plena do home e da muller no ámbito matrimonial.



■ O Artigo 35 recoñece a todos os españois o dereito a unha remuneración suficiente para satisfacer as súas necesidades e ás da súa familia.

■ O artigo 39 declara que o poder público debe asegurala protección social da familia.

■ O artigo 50 garante un sistema de pensións axeitadas e a suficiencia económica durante a terceira idade, promovendo o seu benestar social mediante un sistema de servizos sociais que atenderán os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultural e de ocio.

No ámbito local, non se debe esquecer que a lei básica do seu réxime (Lei 7/1985) considera ó municipio como o marco por excelencia da convivencia social. O equilibrio social estivo asociado, desde a antigüidade, ó florecemento municipal.

As normas téñense que ponderar en canto á súa aplicación se refire; se ben os tributos sopórtanos os que se benefician dos servizos, non se debe esquecer a necesidade de extremar o rigor distributivo.

A liberdade humana é “*facultas voluntatis et rationis*”. A liberdade esténdese e fortalecese coa reflexión, coa memoria e coa experiencia. Trátase de dotar a determinados colectivos dos instrumentos que favorezan a autonomía persoal e social para afrontar os cambios que a nivel socio-económico se producen na sociedade actual, facilitándolles o acceso a determinados ámbitos, tales como o espaxamento, a cultura estática, a asistencia, o aprovisionamento, as relacións con outros cidadáns, etc., é dicir, a participación, que non é outra cousa que unha das claves do deseño futuro das cidades.

O cidadán atópase fronte a unha alternativa: marchar cara adiante con crecente velocidade en prol de melloras ilimitadas e, ata o de agora, inconcebidas, ou ser condenado a unha perpetua oscilación entre a felicidade e o infortunio, permanecendo sempre, pese a todos os esforzos, a distancias inconmensurables do obxectivo soñado.

Hoxe, a actividade administrativa preséntase como un problema de carácter social, porque a solidariedade é un ditado da natureza que eticamente se impón a todos os individuos proporcionalmente á súa capacidade de obrar e, por iso, imponse tamén ós gobernantes, e precisamente con maior intensidade, porque neles é maior aquela capacidade.

Ten que afondarse no senso de seguir inculcando, no ámbito social, os valores de solidariedade, responsabilidade, esforzo e compromiso; só así se poderá facer fronte ós novos desafíos, ás novas necesidades da nova sociedade do benestar, que ten que afrontar un novo piar, ese que se chama dependencia. Ten que conseguirse o compromiso dunha xestión política integral para lograr unha capacidade para melloralas condicións de vida das persoas de idade, pondo á súa disposición unha ampla rede de recursos e posibilidades que dean respostas axeitadas ás necesidades da asistencia.

Existe unha demanda social que reclama decisións políticas eficientes e sostibles; a súa atención é un principio da máis elemental equidade, sobre todo nos aspectos operativos.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:



Con datas 18/01/2006 e 20/02/2006 reitérase o pedimento de informe, recibíndose o mesmo o 28/02/2006, no que se indica, someramente, que o acordo do Pleno da Corporación Municipal de data 3 de marzo de 1995 fixou unha percepción máxima estimada conxuntamente na non superación do salario mínimo interprofesional, sen facer mención ningunha das reflexións expostas no seu día en orde a unha demanda social preeminente dous anos despois do acordo, a todas luces insuficiente.

Do anterior dáse cumprida información ó interesado o 1/03/2006.

### **EXPEDIENTE 32/2005**

Queixa formulada polo director dunha autoescola en relación co acoso que vén padecendo por parte dos axentes municipais por mor do seguinte:

O funcionamento das autoescolas distribúese en clases teóricas e prácticas.

Coa finalidade de evitar tempos mortos e, polo tanto, perdas de tempo, é feito usual que uns alumnos sigan ós outros sen solución de continuidade e, no mesmo lugar e momento en que se apean os dunha quenda, acceden ó vehículo os da quenda seguinte. Esta operación faise directamente na rúa, é un costume de todas as autoescolas.

O problema xorde cun grupo de axentes municipais que parece ser que teñen manía persecutoria cos profesores da entidade. Estes recollen ós alumnos na rúa Aragón, na marxe esquerda, entre Jenaro de la Fuente e a zona peonil, sitio onde menos se estorba a circulación. Nese intre, espazo curtísimo de tempo entre que sae un alumno e entra o seguinte, os axentes persónanse, e baixo a argumentación de que o vehículo de prácticas está estacionado en “dobre fila”, o que non é certo xa que o profesor-condutor non abandona o vehículo e, polo tanto, non pode considerarse “estacionamento” senón situación de parada, segundo o epígrafe 68 anexo da Lei de seguridade vial, e non obstante, proceden á imposición da sanción.

Ante as reclamacións verbais no momento dos feitos só reciben o desprezo dos axentes municipais.

Queixa presentada o 19/04/2005, solicitándose o preceptivo informe o 21/04/2005, o cal tivo que reiterarse o 24/05/2005, o 6/06/2005, o 23/06/2005, o 3/08/2005, o 7/09/2005, o 19/10/2005, o 10/11/2005 e o 12/12/2005.

Con data 3/06/2005 o interesado entréganos un novo escrito no que nos comunica que recibiu do Concello notificación de denuncia polas supostas infraccións cometidas polos monitores da autoescola, nas que se subliña que o condutor do vehículo estaba dentro do mesmo, o que implica que non estaba “estacionado”, senón en situación de “parada”. Subliña que os axentes seguen actuando con manifesto abuso de autoridade. Todo o exposto fíxose constar na reiteración do 6/06/2005.

Está claro que a cualificación da infracción como “estacionamento” queda desvirtuada pola notificación, na que se recolle o termo de estacionar en dobre fila con condutor, que realmente é unha parada con condutor inevitablemente necesaria para atender ás

finalidades que lle incumben como servizo de autoescola, isto é, recoller aspirantes a condutores previa baixada dos practicantes anteriores. A motivación da parada é congruente coa finalidade e a actividade á que se dedican os vehículos de xeito legal.

Por outra parte, o comportamento de menosprezo e con abuso de funcións pode supor unha falta de vexación e incluso maltrato.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con datas 10/02/2006 e 13/02/2006 reitérase o pedimento de informe, que se recibe o 23/02/2006, no que se limita a indicar a definición de parada e que estas quedan prohibidas en determinadas situacións, sen facer mención ou citación ningunha ó caso concreto que nos ocupa, nin ás actitudes dos axentes. Do anterior dáse cumprida información ó interesado, sen actuacións posteriores.

### **EXPEDIENTE 36/2005**

Queixa en relación cunha sanción de tráfico por estar estacionado na beirarrúa para proceder á descarga dunhas bolsas e paquetes no seu domicilio. Salienta o interesado a falta de atención e os malos modos do axente municipal e que non lle entregou a copia do boletín de denuncia, indicando que formulou escrito de alegacións nos que expuxo o estado de necesidade no que se atopou por mor da súa idade (83 anos).

Queixa presentada o 4/05/2005, solicitándose o preceptivo informe o 5/05/2005, pedimento que tivo que reiterarse o 6/06/2005, o 4/07/2005, o 3/08/2005, o 1/09/2005, o 19/10/2005, o 9/11/2005 e o 15/12/2005.

Estamos ante un caso dunha conduta que se realiza nun estado de necesidade obxectiva; non é un obrar antixurídico nun sentido estrito. A idade do sancionado, a proximidade da vivenda e o motivo do estacionamento deben servir de motivación para o acto que se realiza.

Por outra banda, o interesado declara insistentemente que non lle foi entregada no momento da infracción a copia da denuncia e que non é certa a declaración do axente de que se negou a asinala.

Sublíñase, como noutros casos, a reiteración dun comportamento menosprezante e abusivo, que pode implicar vexacións, sen que, en ningún caso, conste análise de ningún tipo en relación con actitudes que non son propias dun axente da autoridade.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con data 9/01/2006 reitérase o pedimento de informe, que se recibe o 6/01/2006, no que se recolle que o interesado presentou alegacións e recurso de reposición que foi desestimado, sen máis, por *“quedar os feitos fixados e probados na fase de instrución”* e, sen mención ningunha, pasa ás alegacións concretas formuladas e ás precisións da realidade estrita do feito. Esta é unha resolución, unha vez máis, aséptica e estereotipada. Do anterior dáse traslado ó interesado o 9/02/2006, sen que existan actuacións posteriores.

### **EXPEDIENTE 47/2005**

Queixa en relación coas continuas sancións que lle foron postas ó interesado, residente do Casco Vello, como consecuencia das paradas do seu vehículo para efectuar tarefas de descarga de mercadorías necesarias para a familia, de aí que non puidese estar presente no momento da sanción. Indica que presentou alegacións no Concello, sen recibir resposta ningunha.

Queixa presentada o 23/05/2005, solicitándose o preceptivo informe con data 25/05/2005, o cal tivo que ser reiterado o 22/06/2005, o 2/08/2005, o 29/08/2005, o 25/10/2005, o 22/11/2005 e o 22/12/2005.

Se ben existe máis dun suposto de estacionamento en zona de carga e descarga, resulta evidente que na zona onde se produce a acción non existe espazo suficiente para tarefas desta índole en relación cos residentes, que precisan tal estacionamento tendo en conta as necesidades comerciais dalgúns deles.

O caso do Casco Vello, neste sentido, debe ser obxecto dunha atención especial que permita unha mobilidade axeitada ás necesidades reais. A situación actual obriga a que os residentes se vexan “forzados” a incorrer nestas infraccións, en caso contrario estarían obrigados a actuar de portadores, tarefa para a que non reúne condicións físicas calquera persoa. Isto implica realmente a necesidade de que os afectados manteñan condutas que implican verdadeiros estados de necesidade que a normativa localizada ten que contemplar e, senón, debe ser a propia resolución de cada expediente quen contemple as alegacións e xustificacións que neles figuren e resolver de acordo cos estados de necesidade.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con data 18/01/2006 reitérase o pedimento de informe, recibíndose o mesmo o 6/02/2006, no que se subliña que foron rexeitadas todas as alegacións, sen que se albisque posibilidade ningunha dunha reconsideración dos inconvenientes permanentes para os residentes no Casco Vello por mor da normativa actual. O anterior trasládase ó interesado o 9/02/2006, sen que se desen actuacións posteriores.

### **EXPEDIENTE 60/2005**

Queixa en relación coas incomodidades que ten que soportar a veciñanza da rúa Castelar por mor das continuas obras de reforma do firme e das beirarrúas, que coa maquinaria utilizada acaparan todos os espazos de aparcadoiro daquela zona. Engade, ademais, que a maioría dos edificios, de construción antiga, carecen de garaxe e que se trata dunha zona turística, o que incrementa as dificultades. Subliña que a Sra. Alcaldesa prometera que a zona norte da praza de Compostela se reservaría para aparcadoiro exclusivo dos veciños, o que non se está a cumprir, e a Policía local non presta o servizo coa dilixencia que lle ten que ser propia.

Queixa presentada o 22/06/2005, solicitándose o preceptivo informe o 23/06/2005, o cal tivo que reiterarse o 3/08/2005 e o 19/09/2005.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con datas 12/01/2006 e 13/02/2006 reitérase o pedimento de informe, recibíndose o mesmo o 23/02/2006, no que se indica que a reserva da zona norte da praza de Compostela para aparcadoiro exclusivo dos vehículos dos veciños foi un acordo provisional que se levou a cabo durante a fase de execución das obras de humanización do contorno da Alameda e que, unha vez rematada a mesma, a citada reserva non quedou plasmada no proxecto final.

O que se comunica ó interesado o 27/02/2006 e dáse o expediente por pechado.

### **EXPEDIENTE 61/2005**

Queixa en relación coas incomodidades que ten que soportar a veciñanza da rúa Castelar por mor das continuas obras de reforma do firme e das beirarrúas, que coa maquinaria utilizada acaparan todos os espazos de aparcadoiro daquela zona. Engade, ademais, que a maioría dos edificios, de construción antiga, carecen de garaxe e que se trata dunha zona turística, o que incrementa as dificultades. Subliña que a Sra. Alcadesa prometera que a zona norte da praza de Compostela se reservaría para aparcadoiro exclusivo dos veciños, o que non se está a cumprir, e a Policía Local non presta o servizo coa dilixencia que lle ten que ser propia. Como exemplo, subliña que o 17 de agosto, ás 18 horas, varios veciños comprobaron a situación, que deu como resultado que dos corenta e seis vehículos aparcados só tres levaban o distintivo NR1, polo que chamaron a Policía Local, que lles respondeu que avisaran ó guindastre. Avisado este, a resposta foi que non tiñan ningún dispoñible, ou que xa “vai para aí”, pero nunca chegou.

Queixa presentada o 28/06/2005, solicitándose o preceptivo informe o 30/06/2005, o cal se reitera o 3/08/2005 e o 19/09/2005.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con datas 12/01/2006 e 13/01/2006 reitérase o pedimento de informe, recibíndose o mesmo o 23/02/2006, no que indica o mesmo que no expediente anterior (60/2005).

### **EXPEDIENTE 64/2005**

Queixa en relación coa noticia da aprobación dos proxectos para seis novos aparcamentos subterráneos, interesando que se lles apliquen as mesmas medidas tomadas no aparcadoiro de Castelao sobre as reservas de prazas para os veciños.

Estima o promotor da queixa que na zona do seu domicilio (rúa Carral) se lles privou de todas as prazas nos aparcadoiros do contorno, polo que cre de xustiza e equidade establecer un convenio economicamente axeitado, no aparcadoiro da Estación Marítima, no proxectado en Policarpo Sanz e no existente na Porta do Sol, erradicando así as discriminacións actuais.

Queixa presentada o 4/07/2005, solicitándose o preceptivo informe o 5/07/2005, o cal tivo que reiterarse o 18/08/2005, o 28/09/2005, o 8/11/2005 e o 5/12/2005.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con datas 9/01/2006, 6/02/2006 e 6/03/2006 reitérase o pedimento de informe, que se recibe o 22/03/2006, no que se indica que os estudos de aparcadoiros elaboraranse en base ás análises de demanda por unha asistencia técnica externa ó Concello, que as decisións sobre o tema foron tomadas polo consenso dunha comisión onde estaban representados todos os grupos políticos municipais e os técnicos e que actualmente o procedemento se atopa en fase de redacción, estando pendente de aprobación o prego de condicións. Do anterior dáse cumprida información ó interesado o 23/03/2006, non habendo actuacións posteriores.

### **EXPEDIENTE 75/2005**

Queixa en relación coa circulación das motocicletas polas beirarrúas sen ningún impedimento por parte da Policía local, feito que o interesado denunciou o 13 de abril, sen resultado ningún, cunha incidencia especial na Gran Vía (Corte Inglés). Indica o promotor da queixa que para aparcar terían que facelo desmontados da motocicleta e auxiliándose co motor, pero non circulando.

O promotor da queixa mantivo entrevistas con persoal do departamento de Tráfico e Seguridade, sen resultado ningún; incluso os funcionarios responsables do asunto “desculpán” a actitude dos motoristas. Ante isto, pregúntase que pasará en caso de accidente.

Queixa presentada o 24/08/2005, solicitándose o preceptivo informe o 25/08/2005, o cal se reitera o 28/09/2005, o 9/11/2005 e o 5/12/2005.

A democracia municipal cumpriu xa o seu vinte e cinco aniversario e non deixou de seguir ofrecendo unha reducida cualificación profesional en distintas áreas de xestión, así como unha insuficiente cultura de colaboración entre o público e o privado. Todo isto pon de manifesto unha incapacidade institucional para satisfacer con solvencia as esixencias dos diversos ámbitos, o que xera unha tristura e desafección social. O Concello ten que proporcionar servizos, pero, ademais, ten a obriga de fornecer a educación cidadá; o futuro, e iso sábeno moi ben os políticos, non se pode reducir á teima polo voto (Álvarez Corbacho).

O artigo 5 da Ordenanza xeral de circulación do Concello de Vigo, é claro sobre o carácter de interese público para a circulación e a seguridade vial da prestación dos servizos permanentes de gardería e aparcamentos de uso público que requiren autorización e sinalización informativa; de non ser así, o que se está a facer é producir uns obstáculos na vía pública que dificultan a circulación dos viandantes e non se acata o disposto no artigo 18 da citada ordenanza.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con datas 9/01/2006, 28/02/2006 e 7/03/2006 reitérase o pedimento de informe.

Con data 17/03/2006 recíbese informe do servizo de Seguridade, no que indica que o interesado recibiu explicacións por parte do persoal desa área ata que entendeu non estar satisfeito coas explicacións recibidas. A partir dese momento, foi avisado telefonicamente para concretar unha entrevista co máximo responsable. Esa reunión tivo lugar no despacho do informante, e analizaron as peculiaridades das beirarrúas do contorno dos grandes almacéns, aclarando as diferenzas entre a zona porticada e a zona exterior á mesma que conforma a beirarrúa propiamente dita. Entende o informante que as informacións ofrecidas foron consideradas satisfactorias polo reclamante, quedando pendente exclusivamente de concertar unha entrevista co xefe da Policía local.

Do anterior dáse cumprida información ó interesado con data 20/03/2006 quen, con data 24/03/2006, achéganos escrito facendo patente o seu desacordo coas explicacións recibidas.

### **EXPEDIENTE 81/2005**

Queixa en relación cuns feitos derivados dunha sanción de tráfico. O interesado subliña que se atopa nunha situación de desidia como consecuencia da ineficacia do Concello, mostrada nos seguintes feitos:

O 11/03/2005 foi multado por estacionamento indebido.

O 20/06/2005 notificóuselle a denuncia e a apertura do correspondente expediente por unha sanción cualificada como grave.

O 14/07/2005 procedeu ó pagamento da multa.

O 20/09/2005 volvéuselle a notifica-la mesma sanción, co mesmo número de expediente.

O promotor da queixa considera intolerable este erro, que non admite desculpas tendo en conta o número de funcionarios e os medios técnicos dispoñibles, que deberían realizar as verificacións axeitadas. Ademais, tendo en conta que é unha persoa de idade avanzada, tivo que desprazarse en taxi para aclara-la situación, o que lle supuxo un gasto de 18 euros que entende que lle debe ser devolto polo Concello.

Queixa presentada o 30/09/2005, solicitándose o preceptivo informe o 19/10/2005, o cal se reitera o 22/11/2005 e o 22/12/2005.

Atopámonos ante un suposto de clara ineficacia. Téñense que adoptar medidas que removan obstáculos que impidan, dificulten ou atrasen o exercicio dos dereitos dos cidadáns, ademais de elimina-las anormalidades dos procedementos e esixir responsabilidades. Os Concellos son algo máis que unidades burocráticas.

No ámbito máis próximo ó cidadán, é dicir, na vida local, debe buscarse a mellora da lexitimidade pola vía dos rendementos; as estratexias son inesgotables, desde a modernización da xestión ata o desenvolvemento dos papeis de identificación e orientación das demandas dos cidadáns.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con datas 18/01/2006, 16/02/2006 e 9/03/2006 reitérase o pedimento de informe. Con data 10/03/06 recíbese escrito da concellería competente, no que indica que non se deu traslado do pagamento da multa ó departamento de Recadación ata o 3 de outubro de 2005 (cando o pagamento se realizou o 14 de xullo), polo que resultou imposible a paralización do trámite. Proba diso é que se intentou entregar a citada notificación dúas veces (en data 15 de setembro de 2005 e en data de 19 de setembro do mesmo ano), sen que se puidese facer efectiva. Do anterior dáse cumprida información ó interesado o 16/03/2006, sen que existan actuacións posteriores.

### **EXPEDIENTE 82/2005**

Queixa en relación cunha multa imposta como consecuencia da actuación do guindastre municipal por considerar a Policía local que o vehículo do interesado entorpecía o tránsito do camión de recollida de lixo.

O promotor da queixa estima que a motivación non é xusta porque non se adapta á realidade da normativa reguladora do tráfico, xa que o camión en cuestión circulaba pola rúa en dirección prohibida, feito que se produce acotío.

O interesado achega copia do boletín de proposta de denuncia e da notificación da mesma, nas que se observa que non coinciden na cualificación da falta, xa que non existe un sinal expreso no senso da denuncia e que a pretendida obstaculación faise a un vehículo que circula en dirección prohibida.

Queixa presentada o 3/10/2005, solicitándose o preceptivo informe o 10/11/2005, o cal se reitera o 20/12/2005.

Dos medios de proba presentados resulta que a sanción se impón a un vehículo que se atopa perfectamente aparcado e que obstaculiza o tránsito dun camión de recollida de lixo que circula, diariamente, por dirección prohibida. Esta pretendida retirada do vehículo non se corresponde con ningún dos pronunciamentos do artigo 20 da Ordenanza xeral de circulación do Concello de Vigo, xa que o funcionamento do servizo de recollida de lixo non pode verse dificultado en circunstancias dunha circulación axeitada, o que non sucede neste caso, que descorre por unha vía coa circulación prohibida en determinado sentido, sendo, polo contrario, o camión do lixo o que está a pór en perigo a seguridade dos vehículos que si circulen na dirección correcta.

Tampouco se pode asemellar a prestación do servizo de limpeza, agás en situacións de catástrofe, á prestación necesaria doutros servizos públicos, como os de policía, bombeiros, sanidade, etc.; e non estamos ante un suposto dos recollidos no artigo 22 da citada ordenanza.

Por outra banda, resulta salientable que a dilixencia municipal nesa zona só se reflita erroneamente neste suposto, pero si ocorre o contrario, situacións nas que non se dá unha actuación en relación ós vehículos que sen ter a tarxeta de residentes aparcan naquela zona.



Para maior abundamento, as cualificacións do feito sancionado non son iguais no boletín de denuncia e na notificación da sanción, o que debe propiciar, por si mesmo, que tal erro, achacable á administración, debe derivar na anulación do expediente e no arquivo do mesmo.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con datas 18/01/2006 e 16/02/2006 reitérase o pedimento de informe, que se recibe o 28/02/2006, no que se indica o contido do expediente, concluindo que o axente da Policía local se ratificou na súa denuncia e indica que *“o vehículo denunciado, independentemente de estacionar en batería, ocupaba sobre un metro de calzada, que no momento que se presentou o conductor no lugar ese retirou o seu vehículo, o camión do lixo circulou sen problemas”* e que o expediente continúa en proceso de tramitación.

Con data 1/03/2006 dáse cumprida información ó interesado, quen nos fai entrega, o 16/03/2006, de copia de denuncia na que se indica que o vehículo sancionado estacionado en batería ocupaba *“sobre metro y medio de calzada”*. Con data 3/04/2006 dirixímonos á Concellería de Mobilidade e Seguridade insistindo no termo de distancia e achegando fotocopias nas que se subliña que a situación do vehículo non concorda coa denuncia, polo que se insta información actualizada ó respecto. O pedimento anterior reitérase o 20/04/2006, o 20/05/2006, o 20/06/2006, o 13/07/2006, o 11/08/2006, o 18/09/2006, o 17/10/2006, o 20/11/2006 e o 18/12/2006.

### **EXPEDIENTE 85/2005**

Queixa en relación coa reserva de entrada de carruaxes dun local comercial. A empresa titular do mesmo fixo reformas no baixo, debido as cales os veciños non teñen a posibilidade de aparcar os seus vehículos privados, xa que cando aparca algún cidadán que non sexa cliente do local dan aviso ó guindastre municipal para que proceda á súa retirada e á imposición da sanción correspondente.

Asemade, o promotor da queixa solicita que naquel lugar se poida, cando menos, habilitar unha zona reservada para minusválidos, xa que carece da mesma.

Queixa presentada o 10/10/2005, solicitándose o preceptivo informe o 10/11/2005, que se reitera o 22/11/2005 e o 20/12/2005.

Cómpre dicir que non está permitido estacionar nos espazos reservados a entrada de carruaxes instalados legalmente.

No suposto que nos ocupa, sería conveniente que a autoridade competente, á vista do declarado, realizase unha comprobación ó respecto, xa que é moi probable que casos como este se estean producindo, o que daría lugar ó exercicio duns dereitos que hoxe poden considerarse incorrectos ou, polo menos, obsoletos ou decaídos.

Do mesmo xeito, teríase que calibrar o número de prazas reservadas a discapacitados en función da lonxitude das vías públicas.



Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con datas 18/01/2006, 16/02/2006 e 9/03/2006 reitérase o pedimento de informe, que se recibe o 10/03/2006, no que indica que se procedeu á revogación da entrada de vehículos, así como á desestimación das solicitudes de anulación das sancións impostas por estacionar obstaculizando a normal utilización do paso, agás a correspondente ó día 14/02/2006 por estar as alegacións desta pendentes de resolución. O anterior trasladouse ó interesado o 16/03/2006.

Con datas 19/04/2006, 18/05/2006, 20/06/2006, 12/07/2006, 9/08/2006, 6/09/2006, 4/10/2006, 7/11/2006 e 11/12/2006 solicítase informe con respecto á última sanción citada.

### **EXPEDIENTE 86/2005**

Queixa en relación coa falta de oportunidades de que dispoñen os minusválidos vigueses para acceder ós vehículos públicos, con especial atención ós taxis, xa que só existen dúas licenzas en todo o municipio, negándose a prestar o servizo algúns deles, nalgúns ocasións, aducindo motivos persoais. Estima tamén o interesado que o servizo debería prestarse durante as vinte e catro horas do día.

Por outra parte, en canto ó servizo público de transportes de autobús (Vitrasa), se ben dispoñen de plataforma baixa de trinta centímetros, deberían habilitarse ramplas de igual medida para que os discapacitados puidesen acceder sen axuda.

Ademais, indica o interesado que no transporte marítimo non se permite o acceso ás persoas discapacitadas ós vapores de transporte pola ría.

O promotor da queixa presentou solicitudes, non só no Concello, senón tamén nas empresas correspondentes, sen resultado positivo en ningún dos casos.

Queixa presentada o 11/10/2005, solicitándose o preceptivo informe o 19/10/2005, o cal tivo que reiterarse o 24/11/2005 e o 22/12/2005.

A Constitución española reflite unha serie de situacións básicas ás que, como factor de integración que é, procura encontrarlles canles que promovan as condicións de igualdade dos individuos, removendo os obstáculos que as dificulten. Moitas destas actuacións vanse repartindo en función das competencias que se atribúen ós distintos poderes públicos ou Administracións públicas.

No caso que nos ocupa, o artigo 49 reclama unha política de previsión, tratamento, rehabilitación e INTEGRACIÓN dos diminuídos físicos, ós que se lles prestará a atención especializada que se requira e amparará especialmente para o GOCE dos dereitos que se lles outorgan a todos os cidadáns.

Non é lícito esquecer que a Lei de bases de réxime local (Lei 7/1985) considera e magnifica ó municipio como o marco por excelencia da convivencia social. O equilibrio social asóciase ó florecemento municipal.

Tense que extremar o rigor distributivo que permita acadar situacións de goce igual para todos, coa adopción das medidas que permitan igualar as situacións diferenciadas. A liberdade ten que fortalecerse dotando a determinados colectivos dos instrumentos e medios que favorezan a súa autonomía persoal e social para afrontar os cambios que, a nivel físico ou doutro tipo, danse na sociedade, facilitándolles o acceso a determinados ámbitos que melloren a súa calidade de vida.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con datas 18/01/2006 e 20/02/2006 reitérase o pedimento de informe, que se recibe o 23/02/2006 e no que se indica que o 27 de agosto a Xunta de Goberno acordou a adhesión ó convenio de colaboración entre Inerser e a Once para a extensión do servizo de taxi accesible para dúas licenzas máis, entrando en actividade no 2006; así mesmo, subliña que dos 79 autobuses de transporte urbano colectivo que dispoñen de plataforma baixa, doce están dotados de ramplas manuais dende o ano 2004 e outros doce están dotados de ramplas eléctricas dende o ano 2005 e que, ademais, foron incorporadas ramplas eléctricas ás liñas C1, C2 e C5 e manuais á liña 11. Tamén informan de que a Xunta de Goberno, o 27/12/2005, aprobou a creación dun bonobús gratuito para as persoas con mobilidade reducida que precisan para o seu desprazamento cadeira de rodas, así como para os seus acompañantes. En canto ó servizo marítimo, o Concello carece de competencias. Do anterior infórmase ó interesado o 27/02/2006, sen que se desen actuacións posteriores.

### **EXPEDIENTE 95/2005**

Queixa en relación cunhas obras que se están a realizar na rúa da residencia do interesado que lle impiden acceder ós vehículos, agás ós que se dirixen a un aparcamento, cando na súa vivenda habitan persoas de idades elevadas que para acudir ós servizos de atención médica, o que sucede con frecuencia, necesitan o emprego de taxis, ós que tamén se lles prohibe o acceso.

O promotor da queixa acudiu ó Concello en solicitude de axuda, sen resultado ningún.

Queixa presentada o 9/11/2005, solicitándose o preceptivo informe o 10/11/2005, o cal se reitera o 14/12/2005.

Non cabe dúbida de que as obras de remodelación que se están a levar a cabo na configuración urbana teñen como obxectivo perseguir unha mellora da calidade de vida dos cidadáns, pero é obvio que algunhas persoas vense en situacións incómodas de xeito temporal. Por iso, teríanse que coidar aqueles supostos e condicionamentos das persoas prexudicadas neste expediente e aplicar medidas excepcionais e puntuais que lles permitan facer uso dos servizos de transporte axeitados ás súas necesidades.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con datas 17/01/2006 e 15/02/2006 reitérase o pedimento de informe, que se recibe o 23/02/2006, no que indica que o sinal de prohibido o paso de vehículos, agás os que acceden ó aparcamento, non foi posto polas obras que se realizaron na rúa subliña-

da, senón por ser declarada zona peonil e que, non obstante, a queixa será obxecto de estudo. Con data 27/02/2006 dáse cumprida información ó interesado, sen que se desen actuacións posteriores.

### **EXPEDIENTE 108/2005**

Queixa en relación cunha solicitude de prazas para estacionamento de discapacitados.

Queixa presentada o 26/12/2005, solicitándose o preceptivo informe o 27/12/2005.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con datas 26/01/2006 e 21/02/2006 reitérase o pedimento de informe, que se recibe o 24/02/2006, no que se indica que o documento se atopa á espera da elaboración dun informe por parte dos inspectores competentes e que actualmente están habilitadas dúas prazas para o estacionamento de vehículos para persoas con mobilidade reducida na zona que se cuestiona. Con data 27/02/2006 dáse cumprida información ó interesado.

Con data 27/02/2006 o interesado comunícanos que, ademais da insuficiencia de prazas naquela zona, as dúas que existen sempre están ocupadas por vehículos sen tarxeta de autorización, polo que prega un control efectivo da reserva.

Con data 19/06/2006 insítese no anterior na procura dunha ampliación das prazas e de maior control.

### **EXPEDIENTE 109/2005**

Queixa en relación coa situación dun colaborador de Protección Civil.

Queixa presentada o 30/12/2005, na que o interesado indica que presentou varios escritos (sete en total) solicitando aclaracións e xustificación sobre o trato recibido, todos sen resposta. Solicítase o preceptivo informe o 9/01/2006.

Con datas 31/01/2006, 23/02/2006 e 27/03/2006 reitérase a petición de informe, que se recibe o 5/04/2006, no que indica as dificultades provocadas polo interesado e que nesa data está plenamente operativo, aínda que mantén certas diferenzas co responsable. Neste informe indícase que se remiten copias duns escritos, que non se reciben.

Con data 5/04/2006 dáse cumprida información ó interesado, quen, posteriormente, achega documentación na que se certifica que desenvolveu as súas tarefas con responsabilidade.

Á vista do anterior, con data 19/04/2006 solicítase á concellería competente a remisión dos escritos antes citados e non recibidos, pedimento que se reitera nas seguintes datas: 18/05/2006, 20/06/2006, 12/07/2006, 9/08/2006, 6/09/2006 e o 4/10/2006.

## **EXPEDIENTE 110/2005**

Queixa en relación coa situación dun colaborador de Protección Civil.

Queixa presentada o 30/12/2005, na que o interesado indica que considera vulnerados os seus dereitos e que presentou no Concello un escrito solicitando amparo, sen recibir resposta. Solicítase o preceptivo informe o 9/01/2006.

Con datas 31/01/2006 e 23/02/2006 reitérase o pedimento de informe, que se recibe o 28/02/2006, no que indica a existencia de diversas incidencias coa presidencia, que se lle concede a baixa a petición propia e que a notificación foi devolta polo correo.

O anterior comunícase ó interesado o 2/03/2006 quen, o 6/03/2006 fainos chegar escrito no que se sorprende de que se resolvese un expediente sen que se dese audiencia para que puidera facer as alegacións pertinentes, así como outras consideracións, que se lle participan ó Concello. Con data 7/03/06 solicítase información actualizada ó respecto, pedimento que se reitera o 4/06/2006, o 2/05/2006, o 6/06/2006, o 5/07/2006, o 9/08/2006, o 4/09/2006, o 4/10/2006, o 2/11/2006 e o 4/12/2006.

---

## CAPÍTULO IV. PARTICIPACIÓN E ATENCIÓN CIDADÁ

---

### **EXPEDIENTE 40/2005**

Queixa en relación coas dificultades nas que se atopa o interesado por mor da adquisición duns edificios por parte dunha promotora de vivendas.

En maio de 2004 comunicáronlle que se procedera á venda do edificio no que reside, e a empresa compradora notificoulle que debía abandona-la vivenda xa que a súa intención era construír un edificio novo. Dado que, en principio, non aceptou a petición, desde ese momento fíxoselle difícil a situación con respecto á súa calidade de vida debido a que lle deron as chaves do piso superior a unha parella coa finalidade de que lle perturbase a convivencia.

Con data 30/07/2004 presentou denuncia no Rexistro Xeral do Concello, na que declara a ocupación ilegal do inmovible, o que provocou altercados que motivaron chamadas á Policía local en varias ocasións.

Con data 22/10/2004 reitera a denuncia anterior, engadindo, ademais, as inundacións que se producen na súa vivenda debido á derruba da parede do patio de luces, feita polos propios propietarios. Este feito foi comunicado ós mesmos sen resultado ningún, polo que solicita a presenza de persoal técnico do Concello para a súa verificación. Isto propiciou a visita da Policía local en data 18/10/2005, en cuxo parte se confirma a entrada da auga no baño e que esta procede do piso superior.

Subliña o promotor da queixa que os axentes se puxeron en contacto cos moradores do piso superior, comprobando que esa vivenda se atopa completamente seca, polo que deron aviso á empresa Aqualia para que procedese ó corte da subministración de auga á

vivenda e así evitar males maiores, xa que se estima que a inundación procede dalgún cano picado. Desde entón non se adoptou ningunha medida por parte de Aqualia para evitar a entrada de auga.

Posteriormente, en abril de 2005, presentou dúas denuncias máis, unha delas na OMIC.

Queixa presentada o 10/05/2005, solicitándose o preceptivo informe o 11/05/2005. Con data 27/05/2005 recíbense escritos do servizo de Atención Cidadá nos que nos informa que un dos apartados da denuncia afecta ó departamento de Seguridade e outro ó departamento de Vías e Obras. Con este último achega informe dese departamento, no que se reflite que o 10/05/2005 dirixiu escrito ó interesado comunicándolle que a súa denuncia non é competencia desa Administración municipal ó tratarse dunha controversia puramente civil.

Con data 2/06/2005 dáse cumprida información ó interesado do antedito e, previamente, participaselle ó servizo Atención Cidadá que falta a información correspondente ó departamento de Seguridade.

Con data 16/06/2005 recíbese informe da OMIC, no que subliña que *“toda vez que o reclamado non formula alegacións procederase a reiterar o escrito, concedéndolle un novo prazo de 10 días para alegacións. Se transcrido o mesmo non se formularen as alegacións, trasladarase todo o actuado á Xunta de Galicia”*.

Con data 17/06/2005 recíbese escrito do servizo de Atención Cidadá, co que achega copia do informe sobre o estado das vivendas en cuestión. Do anterior dáse traslado ó interesado o 20/06/2005 quen con data 1/07/2005 comunícanos que segue a avaría de auga, sen que por parte de ninguén se proceda á reparación.

Con data 4/07/2005 diriximos novo escrito ó servizo de Atención Cidadá, subliñando o seguinte:

Non existe un pronunciamento da empresa subministradora sobre o corte de auga. Esta ameazou co corte da subministración, xa que o propietario non procedía ó arranxo da avaría.

O Concello non prestou amparo nin axuda ningún.

Se está a producir un desbaldir dun ben necesario e escaso, non entendendo como se pode tolerar este desperdicio, do que ninguén se preocupa.

Neste escrito tamén se pregunta sobre a adopción das medidas procedentes para a solución do problema.

Con datas 29/08/2005 e 26/09/2005 reitérase o pedimento anterior, recibíndose novo informe o 11/10/2005 co que se achega escrito de Aqualia, no que se informa que a rotura é interior e non é da súa competencia a reparación da mesma pero que, non obstante, se puxo en coñecemento do Concello para intentar *“forzar ó propietario”*.

Entendemos, pola nosa parte, que a intención, en base á súa discrecionalidade, pode ser pouco efectiva, quedando o tema nunha cuestión puramente privada. Non obstante, con datas 22/11/2005 e 22/12/2005 solicítase información actualizada por se houberse unha solución.

Estamos ante unha cuestión que se define, por unha parte, polo departamento de Vías e Obras, como civil ordinaria e, por outra, o informe da Policía local indica que a empresa só fai referencia a que están á espera da concesión da licenza correspondente para a derruba do edificio para construír de novo.

A pregunta é obvia: ¿entre tanto, que pasa coa auga que se filtra, se derrama e se despreza? Ós cidadáns o que lles interesa son actuacións ou, polo menos, a colaboración da súa administración máis próxima en termos de economía, axilidade e eficacia, o que, obviamente, aquí non se albisca. Se a licenza segue demorándose, cando pasen dous anos quen é o responsable dese anómalo proceder. Ó parecer, é fácil deducir quen se fai “cargo”, converténdose o problema nunha cuestión privada.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con data 13/01/2006 recíbese escrito da OMIC, no que se indica que esa oficina procedeu á remisión do expediente ó Instituto Galego de Consumo, por considerar que ese organismo debe continuar coa súa tramitación.

Coa mesma data recíbese escrito do servizo de Participación Cidadá co que achega resposta dada pola Alcaldía á solicitude de información, na que indica que se comprobou que a avaría foi arranxada, descoñecéndose por quen foi executada.

Con data 16/01/2006 dáse cumprida información ó interesado, quen con data 30/01/2006 participáanos o seu agradecemento polas atencións recibidas. Non se deron actuacións posteriores.

### **EXPEDIENTE 56/2005**

Queixa en relación cos danos orixinados polas obras levadas a cabo na rúa San Sebastián e a reparación dos mesmos. O interesado presentou no Concello seis denuncias, sen recibir unha solución.

Queixa presentada o 13/06/2005, solicitándose o preceptivo informe o 14/06/2005. Con data 29/06/2005 recíbese escrito de Participación Cidadá no que reclama unha documentación complementaria do expediente, a cal se lle remite o 30/06/2005.

Con datas 19/07/2005 e 22/07/2005 o servizo de Participación Cidadá remítenos informes relativos a Montes, Parques e Xardíns, Policía local e Patrimonio Histórico, respectivamente, dos cales se dá cumprida información ó interesado o 3/08/2005.

Con data 4/08/2005 recíbese novo escrito de Participación Cidadá co que achega informes da Xerencia Municipal de Urbanismo e da Oficina de Rehabilitación, o que se traslada ó promotor da queixa o 8/08/2005.

Con data 17/08/2005 dirixímonos ó servizo de Participación Cidadá acusando recibo de todos os seus escritos anteriores e participándolle que con esa mesma data recibimos a visita do interesado, quen nos expresa a súa sorpresa ó recibir tanta información pero que bota en falta que ninguén fai mención ás súas peticións de indemnización de danos ou de reparación dos mesmos, xa que foron consecuencia das obras de acondicionamento das escaleiras da rúa San Sebastián.

O promotor da queixa insiste en reclamar unha resposta á súa petición sobre os defectos que se produciron nos seus locais de negocio, dos que os destinados a almacén e tenda non acadaron as condicións axeitadas desde que se levaron a cabo as obras de acondicionamento, tendo en conta que era o seu único medio de subsistencia, que impediron a actividade como tal e repercutiron no incumprimento das súas obrigas ante a Seguridade Social como traballador.

Con datas 19/10/2005 e 8/11/2005 reitérase a petición de informe en relación cos danos sufridos, que se recibe o 18/11/2005, no que se subliña que se está pendente de informe técnico. Do anterior dáse cumprida información ó promotor da queixa e solicítase nova información actualizada o 22/12/2005.

É obvio que, neste suposto, dáse un efecto propio da responsabilidade patrimonial do ente público local ou dalgún concesionario da obra pública de acondicionamento. O interesado, como todos os cidadáns, ten dereito a obter información e orientación sobre os requisitos xurídicos ou técnicos que as disposicións imponen ás actuacións ou solicitudes; neste caso, as indicacións que sexan procedentes na procura ou inicio do procedemento reparador dos danos sufridos.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con data 13/01/2006 recíbese escrito do servizo de Participación Cidadá, no que se indica que o trámite está pendente do informe do arquitecto encargado das obras, o que se traslada ó interesado o 16/01/2006.

Con datas 15/02/2006, 9/03/2006 e 19/04/2006 solicítase información actualizada con respecto ó informe pendente, que se recibe o 25/04/2006, no que indica, unha vez máis, que o trámite está pendente do informe do arquitecto encargado das obras. Con data 25/04/2006 dáse cumprida información do anterior ó interesado.

Con data 8/05/2006 cúrsase escrito persoal á Sra. Alcaldesa, pregando unha solución ó problema e o 29/05/2006 ínstase de novo información actualizada en relación co informe pendente.

Con data 1/06/2006 recíbese escrito da Alcaldía co que se achega informe de Patrimonio Histórico, no que se contén un informe do arquitecto director da obra, que remata indicando:

As filtracións son anteriores á execución das obras e non se producen pola auga superficial, senón pola que discorre polo interior da pendente.



A execución das obras de impermeabilización corresponden ó particular (aínda que poda haber colaboración por parte do Concello se se decide impermeabilizar polo exterior, cousa que non recomenda).

Con data 5/06/2006 dáse traslado do anterior ó interesado e dirixímonos a Patrimonio Histórico solicitando información sobre as posibilidades de execución das obras que se sinalan no informe do arquitecto. Ademais, remítese copia do escrito dirixido a Participación Cidadá o 17/08/2006 sobre a posible existencia dunha responsabilidade patrimonial, xa que os desperfectos danse a raíz das obras de acondicionamento.

Con data 7/06/2006 recíbese desde Participación Cidadá a mesma información que se recibiu o 1/06/2006 desde a Alcaldía. Con data 8/06/2006 dirixímonos a Participación Cidadá para darlle conta do anterior e enviarlle copia do escrito dirixido a Patrimonio Histórico o 5/06/2006.

Con data 14/06/2006 recíbese escrito do interesado no que manifesta que non está de acordo coa información recibida, polo que o 19/06/2006 dirixímonos a Participación Cidadá nese senso.

Con data 18/07/2006 interésase información actualizada, que se recibe o 21/07/2006, co que se xunta informe da Asesoría xurídica, o cal se remite ó informe do arquitecto, indicando que non se achega proba do nexo causal. O anterior trasládase ó interesado o 24/07/2006, quen, o 20/10/2006, remite escrito de alegacións cunha exposición detallada, no que manifesta o seu desacordo coas puntualizacións feitas nos informes do arquitecto e do asesor xurídico e insta unha revisión dos mesmos segundo as alegacións formuladas.

Con data 23/10/2006 diríxese escrito ó servizo de Participación Cidadá, no que se trasladan as consideracións do promotor da queixa.

Con data 7/11/2006 recíbese escrito do servizo de Participación Cidadá, co que achegan copia de escritos de Patrimonio Histórico, todos de anos anteriores e xa coñecidos, pero non se fai mención á solicitude enviada polo interesado e trasladada a Participación Cidadá o 23/10/2006 instando un procedemento de responsabilidade patrimonial. O anterior reitérase o 13/11/2006, o 15/11/2006 e o 26/12/2006. A reiteración de novembro débese a unha comunicación daquel servizo, no que se fai un relatorio dos trámites do expediente, coa indicación de que se inste a apertura de expediente de responsabilidade patrimonial ante o órgano correspondente.

---

## CAPÍTULO V. SERVICIOS XERAIS

---

### **EXPEDIENTE 34/2005**

Queixa en relación coas solicitudes que desde decembro de 2002 vén presentando o interesado polas sucesivas inundacións que padece na súa vivenda por mor das fortes chuvias e que, debido á falta de sumidoiros de recollida de augas idóneos, lle producen graves prexuízos, tanto de saúde como económicos.



Ademais das copias das denuncias, remítenos copias de documentación varia, entre a que é preciso subliñar:

Informe da Policía local (21/09/2004) no que se fai constar a incapacidade dos rexistros dos sumidoiros, o que provocou unha precipitación de barro sobre a propiedade privada.

Informe da Concellería de Medio Ambiente do Concello de Vigo, como parte da inspección levada a cabo o 8/09/2004, no que se refliten como feitos probados: *“Debido ao pouco diámetro e a falta de limpeza das baixantes das augas pluviais, provócalles inundacións aos veciños que teñen a súa vivenda en ... xusto debaixo da mencionada curva de ...Xúntanse planos de situación.”*

Queixa presentada o 3/05/2005, solicitándose o preceptivo informe o 5/05/2005. Con data 1/06/2005 recíbese escrito do negociado de Vías e Obras co que achega copia do informe emitido por Aqualia, no que se reflite: *“Durante los días 4 y 6 de Septiembre del año 2.004, se produjeron precipitaciones de lluvias extraordinarias que anegaron prácticamente la totalidad de la ciudad de Vigo, coincidiendo en dichos días las filtraciones de agua denunciadas.*

*Ante la reiteración de estas inundaciones en días de intensas lluvias, y de las responsabilidades que se le exigen por dicho motivo, Aqualia ha procedido a la inspección de las redes generales de saneamiento, concluyendo que la elevada intensidad de precipitación que se produjo superó la máxima capacidad de transporte de los colectores existentes.*

*Asimismo, y en relación con los hechos que nos ocupan, se ha podido comprobar que los anegamientos que se produjeron en algunas calles se derivaron de las fuertes e intensas lluvias registradas durante las fechas referidas en nuestra ciudad, una vez que las citadas lluvias cesaron, el alcantarillado comenzó a desaguar correctamente, evidencia inequívoca de su buen funcionamiento.*

*No obstante, le informamos que dada la naturaleza de los hechos, el Consorcio de Compensación de Seguros podría estar atendiendo estos casos.”*

Con data 19/10/2005 dirixímonos ó departamento de Vías e Obras interesando información sobre o expediente, que se recibe o 15/11/2005, no que se indica que con data 9/11/2005 deron traslado do expediente ó departamento de Responsabilidade Patrimonial, competente da responsabilidade por danos. Do anterior dáse cumprida información ó interesado o 16/11/2005.

Con data 12/12/2005 solicítase información ó departamento de Responsabilidade Patrimonial, que se recibe o 27/12/2005, na que indica que se inicia o expediente de responsabilidade patrimonial. Dáse traslado desta información ó interesado na mesma data.

No informe de Aqualia (15/03/2005) reflítese que as causas das inundacións se deben a chuvias extraordinarias. No informe da Concellería de Medio Ambiente, segundo a inspección do 8/09/2004, reflítese que o pouco diámetro e a falta de limpeza das baixantes das augas pluviais provocáronlles inundacións ós veciños.

As preguntas que xorden son: ¿Cal é a realidade? ¿Que actuacións levou a cabo o órgano municipal responsable se o propio Concello define e recoñece “pouco diámetro” e “falta de limpeza”? ¿Hai ou non un funcionamento anormal dun servizo público? ¿Que ocorre coa solicitude entregada no Rexistro Xeral do Concello o 22/02/2005, na que o afectado solicitou o resarcimento de danos cifrados en 900 euros? ¿Iniciouse ou non o procedemento que subliña o Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o regulamento de procedemento das Administracións públicas en materia de responsabilidade patrimonial? Estes interrogantes preséntanse con data 19/10/2005, cando transcorreron máis de catro meses desde o recibimento do escrito de Vías e Obras antes subliñado.

O cidadán, segundo o artigo 35 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, ten, entre outros, o dereito a coñecer, en calquera momento, o estado da tramitación dos procedementos nos que sexa interesado, así como a obter información e orientación sobre os requisitos xurídicos e técnicos que as disposicións impoñan ós proxectos, actuacións ou solicitudes que se propoña realizar.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con data 1/02/2006 solicítase informe actualizado do expediente, que se reitera o 13/02/06 e se recibe o 14/02/2006, no que indica que se citou ó interesado para o trámite de audiencia. O anterior trasládase ó promotor da queixa o 15/02/2006.

Con data 12/02/2006 recíbese novo escrito do servizo de Responsabilidade Patrimonial, no que indica que se levou a efecto o trámite de audiencia e remata así a fase de instrución. Do anterior dáse cumprida información ó interesado o 23/02/2006.

Con datas 8/03/2006 e 21/03/2006 solicítase información actualizada, a cal se recibe o 5/04/2006. Na mesma se indica que con data 30/03/2006 solicitaron informe á Policía local por se teñen constancia dos feitos reclamados polo solicitante. Do anterior dáse cumprida información ó interesado o 5/04/2006.

Con data 5/05/2006 solicítase información actualizada ó respecto, que se recibe o 24/05/2006 e na que indica que o expediente se atopa pendente do informe proposta de resolución, información que se traslada ó interesado o 24/05/2006.

Con data 26/06/2006 solicítase información actualizada, que se recibe o 14/07/2006, na que indica que o expediente, segundo o artigo 74 da Lei 30/92, está en “lista de espera”.

Con data 21/08/2006 solicítase información actualizada, que se recibe o 12/09/2006 e na que se indica que o 8/09/2006 se formulou proposta de resolución estimatoria dos danos. O anterior trasládase ó interesado o 13/09/2006.

Con data 17/10/2006 solicítase informe actualizado, que se recibe o 7/11/2006, no que se reflite a resolución favorable ó interesado, ó cal se fixo o pagamento da indemnización. O expediente enténdese pechado.

## **EXPEDIENTE 43/2005**

Queixa en relación coa situación dunha canella na que as continuas quebras na canalización das augas da traída, como consecuencia da construción efectuada nunha rúa próxima, produce cortes de auga e impedimentos para acceder ás vivendas e ós garaxes da zona. Este feito foi denunciado en agosto de 2004.

Queixa presentada o 12/05/2005, solicitándose o preceptivo informe o 16/05/2005, o cal tivo que ser reiterado o 15/06/2005 e o 7/07/2005. Con data 8/07/2005 recíbese escrito do servizo de Vías e Obras, no que informa que:

Con data 30/06/2005 Aqualia presentou un presuposto de substitución dos canos do tramo danado.

O seguinte consistiría na elaboración do proxecto correspondente, a dispensas da dispoñibilidade orzamentaria necesaria.

Con data 11/07/2005 dáse cumprida información ó interesado, indicándolle que, en datas vindeiras, se solicitará informe actualizado sobre a situación do expediente, o cal se fai con data 7/09/2005 e se reitera o 19/10/2005.

Con data 11/11/2005 recíbese o informe, no que se subliña que xa se redactou o proxecto de substitución de canos de fibrocemento por fundición, o cal se someterá á Xunta de Goberno Local. Do anterior dáse cumprida información ó interesado, indicándolle que en datas vindeiras se solicitaría informe ó respecto, petición que se formula o 12/12/2005.

Con data 27/12/2005 recíbese información de Vías e Obras, na que se indica que o proxecto foi aprobado, estando previsto o inicio das obras na segunda quincena de xaneiro de 2006. O anterior comunícase ó interesado coa mesma data e considérase que o expediente pode quedar pechado.

Trátase dun problema relacionado con deficiencias por roturas de canalizacións denunciadas no mes de agosto de 2004, e os afectados reciben a primeira información oficial trece meses despois.

A credibilidade que se deriva da rapidez e da axilidade das actuacións públicas, constitucionalmente referendadas, non se acada, xa que, un ano despois do feito, non se arranxaron os desperfectos.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con data 16/02/2006 solicítase información sobre o anuncio das obras previsto, que se recibe o 7/03/2006 e no que indica que a execución está prevista para a primeira quincena de marzo do ano 2006. O anterior comunícase ó interesado o 8/03/2006, sen que desen actuacións posteriores.

### **EXPEDIENTE 66/2005**

Queixa en relación cunha solicitude feita a Aqualia polas roturas na rede de abastecemento, coas correspondentes obras de reparación. Estas obras causaron danos nun edificio e a Comunidade de Propietarios interpuxo demanda no Xulgado para o resarcimento dos danos, estando previsto o xuízo para o vinte de setembro.

O promotor da queixa reclama a Aqualia, a través do Concello, que lle expida unha certificación das avarías, xa que as solicitou o 13/05/2005 e non obtivo resposta.

Queixa presentada o 14/07/2005, solicitándose o preceptivo informe o 3/08/2005, o cal se reitera o 18/08/2005, o 19/10/2005, o 8/11/2005 e o 5/12/2005.

Con data 5/12/2005 recíbese o informe solicitado, no que se indica que, segundo Aqualia, non constan denuncias na rede de abastecemento naquela zona desde o ano 2002. Trasládase a información anterior ó interesado o 12/12/2005.

Con data 12/12/2005 insistimos ante Vías e Obras, indicándolle que a solicitude a Aqualia é sobre accións ocorridas no ano 1994.

O cidadán ten dereito a dispor dos datos e documentos que lle afecten neste suposto, o contrario suporía unha discriminación que pode afectar ós seus dereitos ante as vías contenciosas.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con datas 16/01/2006, 14/02/2006, 8/03/2006, 17/04/2006 e 18/05/2006 reitérase o pedimento anterior.

Con data 26/05/2006 recíbese escrito de Vías e Obras, co que achega copia da notificación remitida ó interesado, na que se recollen os tipos de rotura e as reparacións efectuadas, do que se dá cumprida información ó interesado o 29/05/2006. Non hai actuacións posteriores.

### **EXPEDIENTE 76/2005**

Queixa en relación cunha tapa de rexistro de saneamento situada no cruzamento de Balaídos con Castrelos que está sen asentar e produce un ruído constante e molesto durante o día e a noite, dado o tránsito permanente de vehículos pesados en dirección á Zona Franca e ó Polígono Industrial.

Esta situación foi comunicada reiteradamente por teléfono desde o mes de xaneiro de 2005, sen resultado, e incluso se interesou o seu axuste ós traballadores que, en dúas ocasións, realizaron obras de acondicionamento semellante naquela zona (tapas de rexistro de R), os que lle responderon que non podían face-lo traballo por no estar na súa orde do día.

Queixa presentada o 30/08/2005, solicitándose o preceptivo informe o 1/09/2005, o cal se recibe o 16/09/2005, no que se reflite que *“tendo noticias a través de esa institu-*

*ción da problemática formulada polo interesado, nesta data dáse traslado a Aqualia para reparación urxente do rexistro de saneamento". Do anterior dáse cumprida información ó interesado o 19/09/2005.*

Con data 13/10/2005 o promotor da queixa manifesta que se fixo unha revisión da tapa, pero que na mesma zona existen outras dúas que xunto co firme desgastado seguen a producir un ruído intenso, aínda que non tan acusado como cando se iniciou a reclamación.

Con data 19/10/2005 dirixímonos ó servizo de Vías e Obras solicitando unha revisión daquela zona.

Con datas 7 e 8 de novembro de 2005 recíbense comunicacións do interesado nas que reafirma que o arranxo non se produciu, o que lle ocasiona molestias permanentes a toda a familia, e coas que achega fotografías como proba da situación viaria. Neste senso dirixímonos a Vías e Obras con datas 14/11/2005 e 13/12/2005.

Unha vez máis, atopámonos cun ruído que ocasiona un efecto psicofísico non desexado, que ben sabido é que ó superar os niveis normais, ser permanente e intensificarse nas horas de repouso nocturno, afecta, sen dúbida, á integridade física e á moral da veciñanza.

O artigo 325 do Código Penal, debuxa ó ruído como a fonte que pode prexudicar gravemente o equilibrio dos sistemas naturais e, conseguintemente, a saúde das persoas. Polo tanto, aínda que a xurisprudencia cualifica tal delito como de perigo abstracto, estende a punición no suposto de risco de grave prexuízo para a saúde das persoas; pero aínda se chega a máis cando se definen como bens a protexer a intimidade persoal e familiar no ámbito do domicilio, o benestar e a calidade de vida dos cidadáns, así como o equilibrio dos sistemas naturais.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con data 10/01/2006 recíbese escrito do interesado sobre a situación da arqueta cuestionada, polo que o 11/01/2006 solicítase nova información.

Con data 25/01/2006 recíbese escrito de Vías e Obras no que indica que o 5/12/2005 dáse traslado a Unión Fenosa, R Telecomunicacións e Aqualia para que arranxase os rexistros. Do anterior dáse cumprida información ó interesado o 26/01/2006. Posteriormente, o 9/05/2006, Vías e Obras informa que a tapa do rexistro xa foi reparada, o que se comunica ó interesado o 9/05/2006. Sen actuacións posteriores.

### **EXPEDIENTE 97/2005**

Queixa en relación coas inundacións que se producen no baixo e no garaxe da vivenda do interesado debido as fortes chuvias, xa que o enreixado do sistema de desaugadoiro é insuficiente. Estes feitos están acreditados con actas da Policía local de data 8 de novembro de 2005.

O promotor da queixa vén presentando escritos, cos que achega fotografías, dende o ano 1997, sen actuacións consecuentes, agás unha notificación do 26 de novembro de 1997 na que o departamento de Infraestruturas e Obras lle comunica que Seragua informa que a “vía devandita dispón dun colector que desauga a través de propiedades particulares, sendo descoñecido o trazado e as características da condución. Ordenouse a limpeza dos sumidoiros existentes no lugar emprazado”.

Non obstante o anterior, oito anos despois segue a producirse a mesma situación.

Queixa presentada o 15/11/2005, solicitándose o preceptivo informe á Concellería de Servizos Xerais – Vías e Obras o 16/11/2005, o cal se recibe o 30/11/2005, do que se dá cumprida información ó interesado o 30/11/2005, e no que informa o seguinte:

*“En data 3 de abril de 2001, Seragua informou ó respecto, que debido ás intensas choivas increméntanse considerablemente os caudais aportados á rede de saneamento, impedindo o seu correcto funcionamento.*

*Estas circunstancias provocan inundacións, non por obstrución dos colectores ou sumidoiros que reteñan parte da auga que circule por eles, senón pola incapacidade momentánea para a súa evacuación.*

*Este informe foi notificado a ... en data 26/04/01.*

*Vista a tramitación deste expediente, arquivado por orde do anterior xefe de Vías e Obras ..., o considerar suficiente a explicación de Seragua, pola presente entendo debe reabrirse o expediente nº ..., dando traslado ós servizos técnicos deste departamento, os efectos de que informen sobre a posibilidade de atopar unha vía para que a problemática prantexada cese.*

*Da tramitación deste expediente será periodicamente informado o Valedor do Cidadán....”*

Hai que salientar a axilidade e a eficacia amosadas polo negociado de Vías e Obras.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con data 26/01/2006 interésase información en relación coa adopción dunha solución en relación co exposto anteriormente, pedimento que se reitera o 21/02/2006 e o 21/03/2006. Con data 4/04/2006 recíbese escrito de Vías e Obras, no que se indica que se pasa a proxectos a programar para cando sexa posible proxectar e executar as obras para paliar a situación presentada. Do anterior dáse cumprida información ó interesado. Sen actuacións posteriores.

### **EXPEDIENTE 98/2005**

Queixa en relación coas inundacións que se producen debido á ineficacia do sistema de desaugadoiros cada vez que hai chuvias fortes. O interesado comunicou ó Concello en varias ocasións esta situación, existindo un atestado do ano 2002; ade-

mais, solicitou unha elevación da beirarrúa, sen resultado ningún, ó parecer, por falta de presuposto.

Queixa presentada o 15/11/2005, solicitándose o preceptivo informe o 16/11/2005, o cal se recibe o 29 do mesmo mes e no que se informa o seguinte:

*“En data 3 de abril de 2001, Seragua informou ó respecto, que debido ás intensas choivas increméntanse considerablemente os caudais aportados á rede de saneamento, impedindo o seu correcto funcionamento.*

*Estas circunstancias provocan inundacións, non por obstrucción dos colectores ou sumidoiros que reteñan parte da auga que circule por eles, senón pola incapacidade momentánea para a súa evacuación.*

*Este informe foi notificado a ... en data 26/04/01.*

*Vista a tramitación deste expediente, arquivado por orde do anterior xefe de Vías e Obras ..., o considerar suficiente a explicación de Seragua, pola presente entendo debe reabrirse o expediente nº ..., dando traslado ós servizos técnicos deste departamento, os efectos de que informen sobre a posibilidade de atopar unha vía para que a problemática prantexada cese.*

*Da tramitación deste expediente será periodicamente informado o Valedor do Cidadán...”*

Hai que salientar a axilidade e a eficacia amosadas polo negociado de Vías e Obras.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con data 26/01/2006 interésase información en relación coa adopción dunha solución en relación co exposto anteriormente, pedimento que se reitera o 21/02/2006 e o 21/03/2006. Con data 4/04/2006 recíbese escrito de Vías e Obras, no que se indica que se pasa a proxectos a programar para cando sexa posible proxectar e executar as obras para paliar a situación presentada. Do anterior dáse cumprida información ó interesado. Sen actuacións posteriores.

### **EXPEDIENTE 99/2005**

Queixa en relación cunha focha existente nunha beirarrúa que se produciu hai tres meses. A solución adoptada no seu momento foi tapala cunha prancha de ferro, pero as dimensións da focha seguen aumentando día a día, con patente risco para as persoas e para o edificio.

O interesado realizou varias chamadas telefónicas ó Concello e presentou un escrito en data 28/10/2005, sen resposta ningunha.

Queixa presentada o 16/11/2005, solicitándose o preceptivo informe o 17/11/2005 que se reitera o 26/12/2005.



A eficacia é un principio activo de todas as Administracións públicas. O primeiro interese do cidadán é que a Administración pública máis próxima preste eficazmente os servizos que lle son propios, e polos que está obrigado economicamente a compartir o seu establecemento e, por ende, o seu funcionamento.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con data 10/01/2006 recíbese escrito de Vías e Obras no que se indica que con data 23/11/2005 deron orde ó taller para o arranxo da focha. O anterior trasládase ó interesado para a súa información. Sen actuacións posteriores.

### **EXPEDIENTE 104/2005**

Queixa en relación coa retirada dun punto de luz que dificulta o acceso a unha propiedade e que pon en perigo a integridade física dos afectados.

Queixa presentada o 16/12/2005, solicitándose o preceptivo informe o 19/12/2005.

A retirada do punto de luz faise por estimar que o mesmo está en propiedade privada. No entanto, a sentenza que delimita o terreo indica que, se ben se trata dun camiño privado, os interesados teñen o dereito a recobra-la posesión no relativo ó paso necesario para acceder á finca do demandante e entrar e saír dela, incluso en automóbil, ordenando ó demandado a reintegrar a posesión e o exercicio do acceso, tal como se viña facendo antes da colocación do aramado, e repoñendo as cousas ó seu estado anterior, removendo calquera obstáculo que se opoña á libre circulación dos vehículos.

Esta Institución insiste en que o Concello pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

O preámbulo da Lei 7/1985, fai expresa mención a que a organización democrática da nosa convivencia está representada pola Constitución e un dos ámbitos en que maiores efectos produce é o relativo á Administración local, tan necesitada de adaptación á nova realidade, tema no que se ten que afondar día a día.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con datas 18/01/2006, 16/02/2006 e 20/03/2006 reitérase o pedimento de informe.

Con data 22/03/2006 recíbese escrito do servizo de Electrotécnicos, no que se subliña que acceder á pretensión de alumeado público nun camiño privado sería unha frontal vulneración do principio de legalidade consagrado na Constitución. Do anterior dáse cumprida información ó interesado. Sen actuacións posteriores.



## **EXPEDIENTE 106/2005**

Queixa en relación coa facturación incorrecta do consumo de auga por parte de Aqualia. O interesado indica que en un só contador figuran dous usuarios, polo que lle facturaron dúas veces o consumo. Esta reclamación foi presentada na Oficina Municipal de Información ó Consumidor cando se encadrou na Concellería de Urbanismo e Medio Ambiente.

Queixa presentada o 22/12/2005, solicitándose o preceptivo informe o 26/12/2005.

A empresa Aqualia, ante a primeira denuncia, limitábase simplemente a corrixir a última facturación en canto ó número de usuarios, o que provoca a reclamación por non facer mención ós tempos previos.

En realidade estamos ante unha situación á que se lle dá a solución de corrixir a factura, pero non se fai ningunha mención ós cobros indebidos que se produciron durante máis de vinte anos.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con data 2/03/2006 reitérase o pedimento de información ante a Concellería de Xestión Municipal-Contratación quen, con data 7/03/2006, comunica que o expediente se traslada ó servizo de Limpeza por ser tema da súa competencia. O 22/03/2006 recíbese novo escrito de Contratación, no que se indica que o servizo competente é a Área de Servizos Xerais e non de Limpeza, como se dixo anteriormente.

Con data 8/03/2006 diriximos escrito á Concellería de Xestión Municipal, ó que se xunta copia da comunicación anterior, indicando que o asunto do expediente está relacionado con Aqualia. O pedimento anterior reitérase o 23/03/2006, o 24/04/2006, o 23/05/2006, o 20/06/2006, o 13/07/2006 e o 11/08/2006. Con data 25/08/2006 recíbese escrito do servizo de Control de concesionarias, no que informa que, de acordo co interesado, se procedeu á devolución dos importes que lle correspondían dos últimos catro anos. Dáse o expediente por pechado.

---

## CAPÍTULO VI. URBANISMO

---

### **EXPEDIENTE 1/2005**

Queixa en relación cun local de hostalería que funciona desde decembro de 2002 sen licenza, sen suxeición ó horario de peche e produce molestias pola intensidade da música. Esta actividade foi denunciada na Xerencia Municipal de Urbanismo nas seguintes datas: 16/12/2002, 30/12/2002, 2/01/2003, 14/02/2002, 7/03/2003, 17/03/2003, 31/03/2003, 24/03/2003, 13/05/2003, 9/06/2003 e 26/06/2003, sen resultado ningún.

Con data 21/07/2003, a técnica de Administración xeral comunícalle ó promotor da queixa que “neste momento (7/2003) este expediente se atopa pendente do informe da Policía local”; tamén achega informe dos delineantes municipais, de 22/05/2003, no que se subliña que “se atopa en trámite”.

Con data 5/08/2003, o interesado presenta nova denuncia sobre o asunto que nos ocupa, a cal foi reiterada nas seguintes datas: 19/08/2003, 4/09/2003, 3/11/2003, 1/12/2003, 23/12/2003, 23/01/2004, 16/02/2004, 22/03/2004, 27/04/2004, 26/08/2004, 7/09/2004, 4/10/2004 e 11/01/2005, das cales non constan medidas.

Queixa presentada o 13/01/2005, solicitándose o preceptivo informe o 17/01/2005 e reiterándose a mesma o 11/02/2005, o 15/03/2005, o 19/04/2005 e o 18/05/2005.

Con data 24/05/2005 recíbese escrito da vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo, no que se informa que, con data 4/10/2002, a entidade cuestionada solicitou nesa xerencia licenza de actividades e instalacións para cervexería, a cal nese momento (trinta e un meses despois) se atopaba no trámite de exposición ó público, e que os informes municipais realizados como consecuencia das denuncias indican que a música é de tipo ambiental e co volume baixo. Con este escrito achéganse copias dos informes da Policía local de 6/05/2004, 22/12/2004 e 17/03/2005. Dáse traslado desta información ó promotor da queixa o 26/05/2005.

Con data 20/06/2005, tendo en conta o tempo transcorrido desde o 3/05/2005, data na que o expediente estaba en fase de exposición ó público, solicítase informe actualizado do mesmo, o cal se recibe o 2/08/2005. No mesmo, sublíñase que o expediente se está a tramitar conforme o RD 2316/1982 (Regulamento xeral de policía de espectáculos recreativos), atopándose nese intre pendente do informe do enxeñeiro técnico industrial. Do anterior dáse cumprida información ó interesado con data 4/08/2005.

Con data 29/08/2005 solicítase información actualizada respecto ó informe pendente, a cal tivo que reiterarse o 19/09/2005.

Con data 6/10/2005, a vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo envía escrito no que subliña que, con data 20/09/2005, o enxeñeiro técnico notificou ó petionario da licenza a necesidade de que achegase unha serie de documentos para continuar coa tramitación dos expedientes de licenza de actividades e de licenza de obras, indicándolle que se no local se está exercendo actividade e se están causando molestias á veciñanza, procederase á incoación dun expediente de protección da legalidade urbanística.

Con data 10/10/2005 dáse cumprida información do anterior ó interesado, indicándolle que en datas vindeiras instarase información actualizada. Con data 15/11/2005 solicítase a anterior información, que se reitera o 13/12/2005.

Con data 19/12/2005 recíbese escrito no que indica que, segundo informe da Policía local, cesaron as molestias producidas.

Estamos ante un suposto manifesto dun control público case esperpéntico:

Dise que consta licenza, solicitada en outubro de 2002, e en outubro de 2005 dise que aínda é preciso que o interesado na apertura do local achegue unha serie de documentos para continuar coa tramitación de dous expedientes: licenza de actividades e licenza de obras.

Indícase, ademais, que se no local se está exercendo actividade e esta causa molestias á veciñanza, procederase á incoación de expediente de protección da legalidade urbanística. ¿Que pasa coas denuncias feitas en decembro de 2002? ¿Que pasa co informe da Policía local de 2004, no que se indica que se exerce unha actividade dedicada á subministración de bebidas?

Existen informes pendentes desde xullo de 2003 e non se efectúan ata maio de 2004.

En outubro de 2005 está pendente da documentación do propietario do local para os efectos da concesión da licenza de actividades, dunha actividade que está acreditado que está en funcionamento desde finais de 2002. Sendo esta unha actividade clasificada, é obrigado dispoñer de licenza de apertura e da suxeición á Ordenanza municipal sobre contaminación acústica e vibracións.

Nun suposto iniciado en decembro de 2002, case tres anos despois segue en situación non legal, incumpríndose o principio de eficacia, considerado como un principio activo non só desexable, senón indispensable no funcionamento de todas as Administracións públicas (Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999).

A mesma Constitución española, no seu artigo 103, establece como piares das Administracións públicas a eficacia e o control, sen esquecer que a mellora da lexitimidade das Corporacións locais debe buscarse, sobre todo, pola vía dos rendementos, sendo as estratexias inesgotables neste eido. É preciso superar a indisciplina e os comportamentos primarios que en materia de urbanismo mantén a Administración (Álvarez Corbacho). As prestacións que o cidadán lle interesan van desde a axilidade na resolución dos expedientes e trámites ata a adopción das medidas tendentes a resolver os problemas da vida cotiá.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con data 24/04/2006 recíbese escrito da vicepresidencia da X.M.U., no que se indica que o 3/04/2006 se ordenou a incoación de expediente de legalidade urbanística e acordouse a suspensión da actividade, do que se dá cumprida información ó interesado o 25/04/2006.

Dado o tempo transcorrido dende a resolución do 3/04/2006, con datas 23/05/2006, 20/06/2006, 13/07/2006, 11/08/2006, 18/09/2006, 17/10/2006 e 20/11/2006 solicítase información actualizada en relación coa situación do contido na devandita resolución.

Con data 21/11/2006 recíbese escrito da vicepresidencia da X.M.U., no que se indica que, como constan novas denuncias, o 2/11/2006 solicítase á Policía local informe das actuacións que se practiquen. O anterior trasládase ó interesado o 22/11/2006.

Con data 4/12/2006 solicítase nova información, insistindo, ademais, nunha acción eficaz, xa que a primeira denuncia data de decembro do ano 2002.

## **EXPEDIENTE 26/2005**

Queixa en relación coa xestión levada a cabo pola Concellería de Urbanismo nun expediente da Xerencia Municipal, non obstante as denuncias formuladas o 23/01/2003, pola realización de obras sen licenza, existindo unha resolución de novembro de 2003 pola que se ordena a paralización das obras por carecer de licenza.

Queixa presentada o 30/03/2005, solicitándose o preceptivo informe o 4/04/2005, petición que tivo que reiterarse con datas 2/05/2005, 2/06/2005, 4/07/2005, 3/08/2005 e 1/09/2005.

Con data 16/09/2005 recíbese escrito da vicepresidencia da X.M.U. no que reflite:

Con data 4/01/2005 imponse multa coercitiva en contía de 1.000 euros co apercibimento da posibilidade de imposición dunha nova multa se transcorrido o prazo de un mes a derruba non se tivese realizado.

Con data 11/07/2005, o propietario da obra sen licenza presenta solicitude de licenza para legaliza-la obra ilegal.

Con data 19/09/2005 dáse cumprida información do anterior ó interesado, quen, con data 17/10/2005, achega copia dun escrito entregado na mesma data na X.M.U. e nos comunica o seu desacougo polas actuacións da mesma e que pretenden aumentar a altura da obra ilegal.

Con data 19/10/2005 dirixímonos á vicepresidencia da X.M.U. solicitando información actualizada e a adopción das medidas axeitadas en defensa da legalidade urbanística, pedimento que se reitera o 16/11/2005 e o 13/12/2005.

No noso escrito do 19/10/2005 fanse as reflexións que corresponden á totalidade do proceso, cales son:

¿Como é posible que en data 4/01/2005 se imponha unha multa coercitiva, co apercibimento da posibilidade dunha nova multa se transcorrido o prazo de un mes a derruba non se tivese realizado? ¿Que sucedeu entre o 4/01/2005 e o 9/09/2005, data do informe oficial, toda vez que a comunicación de reitera-la multa é para un mes, o cal se cumpriu en febreiro de 2005 (oito meses antes do informe oficial)? ¿Quen se encarga e, polo tanto, se responsabiliza dese seguimento?

É evidente que se produce unha notoria falta de axilidade e de eficacia, principios activos de toda Administración pública, máxime en temas relativos á protección da legalidade urbanística.

Sublíñase, ademais, a opinión da doutrina xurisprudencial neste tipo de multas coercitivas en relación cos efectos das mesmas, segundo a cal non son máis cunha mera contribución ó cargo do infractor. A vía dos rendementos queda, polo tanto, en dúbida ante os cidadáns.

Solicítase unha licenza seis meses despois da imposición da multa e persistindo a ilegalidade urbanística, que se afirma máis por mor dunhas obras complementarias que se estiveron a facer.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con datas 16/01/2006, 14/02/2006, 8/03/2006, 17/04/2006, 18/05/2006, 13/06/2006, 10/07/2006, 9/08/2006, 6/09/2006, 4/10/2006, 7/11/2006 e 7/12/2006 reitérase o pedimento anterior.

### **EXPEDIENTE 28/2005**

Queixa en relación coa pavimentación da rúa Bolivia por estimar que non respecta as cotas e provoca prexuízos innecesarios. Tras sucesivas notificacións, o 7/11/2003 recibe comunicación oficial, á que fai as seguintes puntualizacións:

No número tres da citada rúa as cotas poden trazarse de xeito alternativo, despois dos portais e locais da rúa Bolivia, co que non se verían afectados pola proposta.

No número tres o ancho da beirarrúa, sobre oito metros, permite unha parte exterior, tal como está, e unha interior, ben con escaleira, ben con desniveis progresivos, como xa está na mesma praza e xusto fronte á mesma esquina. O desnivel que se solicita existe en varias rúas da cidade.

Esta proposta, xunto con outras posteriores, nunca foron respondidas.

Queixa presentada o 11/04/2005, solicitándose o preceptivo informe o 13/04/2005, que se reitera o 12/05/2005.

Con data 16/05/2005 recíbese escrito dos Servizos Técnicos da X.M.U. informando que o 17/02/2004 e, posteriormente, o 21/01/2005 instouse ó director da urbanización da praza Elíptica a que remitise informe sobre os extremos das solicitudes; esta petición reitérase o 4/05/2005, sen que recibisen resposta.

Con data 18/05/2005 dáse cumprida información ó promotor da queixa, subliñando que, en datas vindeiras, insistiríase ante a Concellería de Urbanismo co ánimo de acadar unha solución ó problema.

Con data 30/05/2005 recíbese novo escrito dos Servizos Técnicos da X.M.U., no que informa que o 25/05/2005 non se recibira o informe solicitado. Disto dáse información ó interesado o 2/06/2005.

Con data 3/08/2005 interésase información actualizada ós Servizos Técnicos da X.M.U., petición que se reitera o 7/09/2005.

Con data 19/09/2005 recíbese escrito dos anteriores servizos, no que informa, unha vez máis, que non recibiron o informe do director da urbanización da praza Elíptica. Do anterior dáse información ó interesado o 20/09/2005.

Con datas 21/11/2005 e 15/12/2005 reitérase o pedimento anterior.

Hai que salienta-la prontitude nas respostas do director dos servizos técnicos da X.M.U., todo o contrario por parte do director técnico de obras da praza Elíptica que, requirido ata catro veces polos citados servizos técnicos, non evacuou o informe requirido e necesario para rematar o expediente.

Esta situación provoca unha falta de axilidade e de eficacia na propia Administración municipal que tería que adoptar outras vías para que se dea cumprimento ás súas peticións.

O artigo 12 do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán é manifestamente claro: “todas as autoridades, funcionarios, órganos e organismos da Administración municipal, así como os representantes das empresas concesionarios que xestionen servizos públicos municipais, están obrigados a colaborar e auxiliar á Comisión e ó Valedor nas súas accións con carácter prioritario”.

Ó cidadán o que lle interesa é que a súa administración máis próxima funcione, e só neses termos acadará a credibilidade na mesma; en supostos como este o cidadán xa non pode aturar tanta realidade.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con data 16/01/2006 reitérase o pedimento de informe, que se recibe o 23/01/2006 desde a vicepresidencia da X.M.U., no que se indica que as obras realizadas supoñen a execución do proxecto de Urbanización do PERI, e como condicionante inalterable atópanse as rasantes das rúas xa existentes. Por outro lado, as cotas das novas rúas urbanizadas atópanse fixadas pola posición dos portais e baixos xa construídos. Ó non existir outra posibilidade de rasante sen chanzos que a executada, instalouse unha varanda lateral na beirarrúa, por seguridade, para evitar caídas. Do anterior dáse cumprida información ó interesado o 23/01/2006. Sen actuacións posteriores.

### **EXPEDIENTE 35/2005**

Queixa en relación coa existencia dunha estufa de leña que ten unha saída de fumes que discorre pola parede posterior da vivenda do promotor da queixa, situada no primeiro andar dunha edificación de dúas plantas. Achega fotografía na que se observa un entubado para a saída de fumes que non é axeitado para tal fin, polo que se filtran polas xuntas, ás que lle aplicaron unha masa branca.

O interesado presentou tres denuncias na Xerencia Municipal de Urbanismo (2004 e 2005) e unha en Sanidade (2004) do Concello, sen ningún resultado, xa que a única resposta foi unha inspección que non deu resultado porque o denunciado non permitiu a entrada na súa vivenda ó inspector.

Queixa presentada o 4/05/2005, solicitándose o preceptivo informe o 5/05/2005, que tivo que reiterarse o 6/06/2005.

Con data 8/06/2005 recíbese escrito no que se indica que se procedeu á apertura dun expediente de información e que o informe da técnica municipal de data 30/05/2005 di que as obras denunciadas, consistentes na instalación dun conduto para a saída de fumes nunha vivenda unifamiliar de dúas plantas, serían legalizables de solicitar a correspondente licenza, sempre que a altura da desembocadura da cheminea supere en 1 metro a altura da edificación máis alta existente nun radio de 15 metros.

Con data 9/06/2005 dáse cumprida información ó interesado, indicándolle que, en datas vindeiras, solicitaríase informe actualizado en relación co expediente en cuestión, o que se fai en datas 7/07/2005, 4/08/2005, 6/09/2005, 19/10/2005, 14/11/2005 e 12/12/2005.

É obvio que os principios de axilidade e eficacia requiridos non se fixeron efectivos, toda vez que ó cidadán afectado non se lle prestou a atención debida desde que en febreiro do ano 2004 presentou a primeira denuncia.

A solidariedade afecta sensiblemente ás actividades administrativas de carácter social e, con maior intensidade, a quen ten máis capacidade de obrar.

O cidadán séntese máis integrado na Administración municipal, de aí a gran tarefa de fuxir do risco do burocratismo das xestións públicas. Tense que conseguir que a realidade sexa tan satisfactoria como a posibilidade e non é de recibo unha resposta como que “ó inspector non se lle permitiu a entrada na vivenda”. As normas sen coercitividade non son nada e existen medios suficientes para que, de acordo coa lei, esta se cumpra polos cidadáns, de grao ou por forza. A Administración pública é eficiente se os seus servidores promoven e xestionan os servizos e desenvolven liñas de cooperación con e entre os cidadáns.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con datas 11/01/2006, 13/02/2006, 8/03/2006, 6/04/2006, 5/05/2006, 7/06/2006, 6/07/2006, 9/08/2006, 4/09/2006, 4/10/2006, 2/11/2006 e 4/12/2006 reitérase o pedimento anterior.

### **EXPEDIENTE 41/2005**

Queixa en relación cunha denuncia presentada polos inquilinos dun inmovible pola instalación dunha antena de telefonía móbil na azotea do edificio e doutros equipos electrónicos na antiga vivenda do persoal de portería.

Subliñan os afectados que non dispuxeron do dereito a expoñer a súa opinión con respecto á pretendida instalación durante os vinte días desde a publicación do edicto relativo ó expediente correspondente. Estiman que tal instalación resulta perigosa para a saúde pública e que se dá unha actuación de mala fe por parte do representante da propiedade, xa que non lles comunicou as súas intencións.

Queixa presentada o 10/05/2005, solicitándose o preceptivo informe o 11/05/2005 que se recibe o 7/06/2005, no que o Sr. Vicepresidente da X.M.U. informa dos trámites a



seguir no expediente en cuestión e que con data 2/06/2005 se procedeu a emitir notificación ó representante dos inquilinos ampliándolles o prazo de información pública en dez días para que examinen o expediente, formulen, no seu caso, as alegacións e acheguen os documentos que estimen necesarios. Do anterior dáse información ós interesados con data 8/06/2005.

Con data 24/10/2005 solicítase información actualizada con respecto ó expediente, reiterándose o 23/11/2005 e o 23/12/2005.

Estamos ante unha situación discriminatoria, por canto os interesados non tiveron a opción de exercer os seus dereitos en tempo e forma. Ademais, transcorridos seis meses da notificación de ampliación do prazo subliñado, esta oficina non ten coñecemento das actuacións, a pesar dos requirimentos efectuados.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con data 10/01/2006 recíbese escrito da vicepresidencia da X.M.U., no que se indica que o Pleno Municipal de 30/12/2004 acordou, coa aprobación inicial do PXOM, suspender o outorgamento de licenzas en toda a área territorial do municipio de Vigo nos casos en que a nova ordenación inicialmente aprobada resultou incompatible coa establecida no planeamento vixente. Do anterior dáse cumprida información ó interesado o 11/01/2006. Non se deron actuacións posteriores.

### **EXPEDIENTE 44/2005**

Queixa en relación cos furados practicados nun edificio para a ventilación dun local de hostalería, o que produciu fendas no garaxe. Estes furados foron feitos unha vez rematada a edificación e rodeados con reixas.

Esta situación foi denunciada en varias ocasións polo interesado ante o Concello desde agosto do ano 2004.

Queixa presentada o 12/05/2005, solicitándose o preceptivo informe o 16/05/2005, o cal se reitera o 15/06/2005, o 7/07/2005, o 8/08/2005, o 6/09/2005, o 19/10/2005, o 14/11/2005 e o 12/12/2005.

Unha vez máis, o cidadán non ve satisfeitas as súas necesidades con axilidade pola falta de eficacia do órgano competente, o que non contribúe, obviamente, a un acercamento na procura da credibilidade.

A lexitimidade reside no carácter servicial que o Concello ten que proporcionar, e non se dan as fórmulas precisas e obrigadas para tal fin.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con datas 11/01/2006, 13/02/2006, 8/03/2006, 6/04/2006, 19/04/2006, 5/05/2006, 18/05/2006, 7/06/2006, 20/06/2006, 6/07/2006, 12/07/2006, 9/08/2006, 4/09/2006, 4/10/2006, 2/11/2006 e 4/12/2006 reitérase o pedimento de informe.



## **EXPEDIENTE 48/2005**

Queixa en relación cunhas escavacións feitas en zona forestal e coa construción dunha nave polos propietarios duns talleres, deixando unha franxa de terreo de 75 metros aproximadamente do lindeiro.

O interesado fixo a súa primeira denuncia no ano 1989 e, posteriormente, nos anos 1990, 1991, 1993, 1995 e 1997. En todas declara a construción ilegal e fai mención a unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do ano 2000 na que se desestima o recurso contencioso-administrativo interposto pola persoa que realizou as obras, como consecuencia do acordo do Consello da X.M.U. do ano 1997 polo que se decretou a demolición da nave industrial.

Queixa presentada o 24/05/2005, solicitándose o preceptivo informe o 25/05/2005, o cal tivo que reiterarse nas seguintes datas: 23/06/2005, 3/08/2005, 29/08/2005, 26/09/2005, 25/10/2005, 22/11/2005 e 13/12/2005.

Resulta chocante que unha obra declarada ilegal, con orde de demolición no ano 1997, se atope sen unhas actuacións axeitadas no respecto á legalidade urbanística. A Administración municipal ten a obriga de facer cumprir a normativa vixente, ben por grao, ben por forza.

A eficacia da actuación pública quebra co principio recollido no artigo 103 da Constitución española; a eficacia nas Administracións públicas resulta un principio activo, non só desexable senón tamén indispensable no seu funcionamento, de aí que o interese do cidadán, máis próximo á entidade pública, non se ve satisfeito, dada a falta de eficacia da actuación do órgano responsable, deixando a un lado o carácter instrumental que toda Administración pública debe ter, o cal se manifesta prestando un servizo de interese xeral, cal é a defensa da legalidade urbanística. A falta de rigor na utilización dos medios de que dispón é manifesta e cómpre acometer un exercicio de reflexión histórica en torno ó xeito de respectar-la disciplina urbanística e, sobre todo, facela respectar cos medios que a lei ten deseñado.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con data 12/01/2006 reitérase o pedimento de informe, recibíndose escrito da vicepresidencia da X.M.U. o 7/02/2006, no que indica o desenvolvemento do proceso levado a cabo, finalizando que o 10/10/2002 e o 31/03/2003 se impuxeron multas coercitivas polo incumprimento da demolición ordenada, multas que se reiteraron por resolucións de 10/10/2003 e 8/11/2005. Dáse información do anterior ó interesado o 9/02/2006.

Á vista da situación do expediente, esta oficina, con data 9/02/2006, insta á vicepresidencia da X.M.U. á adopción dunha acción con carácter decisivo e eficaz, como corresponde a teor da convivencia e, polo tanto, da Lei, xa que as sancións coercitivas en forma de multas xa non se consideran válidas porque se estiman como *“meras cantidades simbólicas aceptadas polo administrado a xeito e taxa ou contribución periódica, e que non cumpren o previsto na lei”*.

Con datas 8/03/2006, 6/04/2006, 5/05/2006 e 7/06/2006 reitérase a petición de información con respecto ó parágrafo anterior.

Con data 3/07/2006 recíbese escrito da vicepresidencia da X.M.U., no que indica que o 23/05/2006 se desestimou o recurso de reposición presentado polo afectado.

Con datas 18/07/2006, 9/08/2006, 1/09/2006, 4/09/2006, 26/09/2006, 19/10/2006, 23/11/2006 e 21/12/2006 interésase información actualizada en relación coa orde de derruba aprobada no seu día.

### **EXPEDIENTE 49/2005**

Queixa en relación coa construción dunha nave sen licenza e que ten unha orde de derruba, segundo sentenzas xudiciais, a teor do contido da queixa.

Ademais, o promotor da queixa indica que as tarefas que se realizan no local, recollida e moenda de residuos sólidos, fan que a convivencia resulte insoportable. O interesado achega copia da resolución da vicepresidencia da X.M.U. (28/05/2004) pola que se ordena a suspensión da actividade.

Queixa presentada o 23/05/2005. Con data 25/05/2005 solicítase o preceptivo informe, que se recibe o 21/06/2005 e no que se reflite a resolución antes citada, que o expediente se remitiu á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, xa que o chan no que se sitúa a nave está clasificado como non urbanizable especialmente protexido de paisaxe e masas forestais e que, debido a que se recibiron novas denuncias que indican que a actividade segue en funcionamento, con data 25/05/2005 procedeuse a solicitar informe á Policía local sobre se se cumpre a resolución de suspensión de actividade de 9 de decembro de 2003 e, no caso de que non se cumpra, solicítase que procedan a intentar o precinto do local. Infórmase do anterior ó interesado o 23/06/2005

Con data 3/08/2005 solicítase información en relación coa actuación policial citada no informe anterior, petición que se reitera o 19/09/2005, o 19/10/2005, o 15/11/2005 e o 13/12/2005.

Obviamente esta queixa refírese ó mesmo asunto que a anterior e os interesados merecen a mesma consideración nas dúas demandas, cousa que non se dá.

En relación co expediente que agora nos ocupa, chama a atención que en data 25/05/2005 a vicepresidencia da X.M.U. solicite informe á Policía local e que cinco meses despois non se teña constancia do mesmo, o que obriga a considerar a falta de axilidade, eficacia e coordinación entre as unidades administrativas cooperantes. Esta situación, o que realmente produce, é a desafección do cidadán con relación ó poder público responsable do que está máis preto.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con data 12/01/2006 reitérase o pedimento de informe, que se recibe o 2/02/2006, no que indica que o inspector municipal subliña que non se pode determinar si se reali-

za actividade ou non, polo que o 10/01/2006 se solicita novo informe á Policía local. Do anterior dáse cumprida información ó interesado o 6/02/2006, indicándolle que en datas vindeiras se solicitará nova información actualizada.

Con data 8/03/2006 solicítase información actualizada, subliñando, ademais, que o interesado entregou nesta oficina copia dun escrito da Inspección de Traballo e Seguridade Social de 21/12/2005, no que se recoñecen diversas actuacións en materia da súa competencia, e copia da sentenza do Tribunal Supremo de Xustiza de Galicia (27/10/2000) que debe ser coñecida pola Xerencia de Urbanismo; así mesmo, prérgase unha actitude coherente, áxil e eficaz.

O pedimento anterior foi reiterado nas seguintes datas: 6/04/2006, 5/05/2006, 7/06/2006, 6/07/2006, 9/08/06 e 4/09/2006.

Con data 28/10/2006 comparece o interesado nesta oficina, achega documentación en relación co precinto da industria ilegal e manifesta que tal orde non se cumpre. O anterior comunicase á X.M.U. o 26/09/2006.

Con data 2/10/2006 remítese escrito á vicepresidencia da X.M.U. no que se insta unha solución eficaz, de acordo coas normas de información e cooperación entre as distintas administracións competentes, a cal se reitera o 2/11/2006.

Con data 21/11/2006 recíbese a información requirida, na que se indica que, á vista das denuncias de que a nave foi desprecintada e de que se segue exercendo actividade, o 9/10/2006 (un mes antes da sinatura deste escrito informativo) solicítase á Policía local a práctica das actuacións correspondentes. O anterior trasládase ó interesado o 22/11/2006.

Con data 7/12/2006, e dado o tempo transcorrido desde a solicitude á Policía local, solicítase información actualizada ó respecto.

### **EXPEDIENTE 53/2005**

Queixa en relación coas obras realizadas por un veciño que provocaron danos na finca do interesado, quen indica que a inspección da X.M.U. non ordenou a paralización das mesmas.

Queixa presentada o 2/06/2005. Con data 6/06/2005 solicítase o preceptivo informe, o cal tivo que reiterarse nas seguintes datas: 4/07/2005, 3/08/2005, 1/09/2005, 19/10/2005, 8/11/2005 e 5/12/2005.

Esta situación non se clarexa porque non consta a existencia de actuacións ó respecto. Unha vez máis, a intervención desta oficina óbviase como algo sistemático.

A dilixencia e os dereitos dos cidadáns a ser informados conforme a lei non fan acto de presenza.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con data 3/01/2006 recíbese escrito da Inspección Técnica de Obras, co que acheга informe do 5/12/2005 da vicepresidencia da X.M.U., no que se reflite que se iniciou expediente de protección da legalidade urbanística pola execución de obras carecendo da preceptiva licenza municipal, obras que non teñen carácter legalizable, e, no momento actual, o expediente está pendente de remisión ó aparelador municipal para informar as alegacións de carácter técnico presentadas, con carácter previo á emisión do informe xurídico e á formulación da proposta de acordo no Consello da X.M.U.. Do anterior dáse cumprida información ó interesado o 9/01/2006.

Con data 6/02/2006 solicítase á vicepresidencia da X.M.U. informe actualizado en relación coa actuación do aparelador municipal, petición reiterada o 6/03/2006, o 3/04/2006, o 3/05/2006, o 1/06/2006, o 3/07/2006, o 9/08/2006, o 4/09/2006, o 4/10/2006, o 2/11/2006 e o 4/12/2006.

### **EXPEDIENTE 62/2005**

Queixa en relación coa derruba dunha parede divisoria de dous garaxes dun edificio coa intención de comunicar os espazos, sen que conste o preceptivo permiso municipal. O representante da Comunidade de Propietarios dirixiuse ó Concello con data 6 de agosto de 2004, sen obter resposta.

Queixa presentada o 1/07/2005. Con data 4/07/2005 solicítase o preceptivo informe, o cal tivo que reiterarse nas seguintes datas: 18/08/2005, 19/10/2005, 8/11/2005 e 15/12/2005.

Os interesados non recibiron resposta ningunha á súa denuncia, ó que, é obvio, teñen dereito, segundo se contempla na norma reguladora da actividade administrativa xeral de todas as Administracións públicas (artigo 35 da Lei 30/1992), así como no Real Decreto 208/1996 que regula os servizos de información administrativa e atención cidadá e no artigo 18 da Lei 57/2003, Lei de medidas para a modernización do Goberno local.

O cidadán séntese defraudado en relación coa credibilidade que ten cara á administración que lle é máis próxima e, polo tanto, na que máis integrado debe sentirse; a credibilidade por rendemento non se lle presenta de forma palpable.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con data 9/01/2006 reitérase o pedimento de informe, que se recibe o 31/01/2006 e no que se reflite que o 14/09/2005 a denuncia foi enviada ó servizo de inspección para a comprobación dos feitos denunciados e que con data 17/01/2006 reitérase a petición de informe. Con data 1/02/2006 dáse cumprida información do anterior ó interesado.

Con data 23/02/2006 solicítase información actualizada do expediente, pedimento que se reitera o 27/02/2006, o 24/04/2006, o 23/05/2006, o 20/06/2006, o 13/07/2006, o 11/08/2006, o 20/09/2006, o 17/10/2006, o 20/11/2006 e o 18/12/2006.

### **EXPEDIENTE 65/2005**

Queixa en relación cunha denuncia interposta o 18/03/2004 na Xerencia Municipal de Urbanismo polos arrendatarios dun edificio, motivada polos estragos na fachada do mesmo que supuxeron varias actuacións da Policía local e dos Bombeiros e que producen desprendementos, co conseguinte perigo para os viandantes. O propietario do inmovible non accede á súa reparación e o Concello non adopta ningunha medida ó respecto.

Queixa presentada o 6/07/2005. Con data 7/07/2005 solicítase o preceptivo informe que tivo que reiterarse o 18/08/2005, o 19/10/2005, o 8/11/2005 e o 5/12/2005.

Existe unha deixazón das funcións obrigatorias e unha ausencia absoluta de actuacións, segundo consta nos antecedentes, que deberían levarse a cabo segundo o procedemento, situación que pode provocar danos irreparables.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con datas 9/01/2006 e 6/02/2006 reitérase o pedimento de informe.

Con data 7/02/2006 recíbese escrito da vicepresidencia da X.M.U., no que se reflite que se resolveu incoar un expediente de execución como consecuencia das deficientes condicións de seguridade e ornato público nas que se atopa o edificio, así como a execución das obras indicadas no informe técnico. Do anterior dáse cumprida información ó interesado o 9/02/2006, indicándolle que en datas vindeiras solicitarase información actualizada en relación co exposto anteriormente.

Con data 6/03/2006 solicítase información actualizada, facendo mención especial ó recurso de reposición presentado e sen resolver. Con data 22/03/2006 recíbese escrito da vicepresidencia da X.M.U. no que se indica que con data 29/09/2005 se recibe informe de que as obras de reparación xa están contratadas, que con data 27/12/2005 se concedeu licenza de obra menor e que, á vista da inspección de 24/02/2006, as obras foran realizadas, polo que se procede ó arquivo do expediente, o que se informou ó interesado o 23/03/2006. O expediente dáse por pechado.

### **EXPEDIENTE 73/2005**

Queixa en relación cos ruídos procedentes dun local de hostalería que se prolongan durante toda a noite. O promotor da queixa indica que o citado local carece de licenza e que presentou seis denuncias durante o último trimestre do ano 2004, coas que achegaba medicións sonométricas feitas pola Policía local que superan o nivel permitido.

Queixa presentada o 17/08/2005. Con data 18/08/2005 solicítase o preceptivo informe que se reitera o 31/10/2005, o 22/11/2005 e o 22/12/2005.

Ademais dos efectos da contaminación acústica, xa expostos no capítulo relativo á Área de Medio Ambiente, neste caso concorre a agravante da posible falta de licenza de actividade.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con data 23/01/2006 reitérase o pedimento de informe. Con data 26/01/2006 recíbese escrito da vicepresidencia da X.M.U. no que se indica que o 17/11/2005 se ordenou a incoación de expediente de protección da legalidade urbanística e a inmediata suspensión de actividades. Do anterior dáse cumprida información ó interesado o 30/01/2006.

Con data 20/02/2006 solicítase información actualizada en relación co anterior, que se reitera o 21/03/2006.

Con data 12/04/2006 recíbese escrito da vicepresidencia da X.M.U., no que se reflicte que o 21/12/2005 se produciu o precinto do establecemento e, por conseguinte, non se volveu exercer actividades neste. Do anterior dáse cumprida información ó interesado o 17/04/2006, sen que se desen actuación posteriores, polo que se dá o expediente por pechado.

### **EXPEDIENTE 77/2005**

Queixa presentada en representación da Comunidade de Propietarios e Comerciantes da Travesía do Pino en relación co estado en que se atopa a citada travesía.

Indica o promotor da queixa que o 11/10/2004 presentou no Rexistro Xeral do Concello unha solicitude en demanda dunha solución digna e axeitada a unha situación lamentable, xa que a Travesía do Pino carece de beirarrúas, non ten unha iluminación suficiente, o asfalto está cheo de fochas e ten un tránsito e un aparcamento de vehículos caóticos. Considera que pagan os seus impostos pero non perciben as prestacións e as atencións que lle corresponden ó Concello.

Como única atención, recibiron a visita do Concelleiro de Distrito e dun funcionario de Vías e Obras días despois de presenta-la súa solicitude, pero non lles deron ningunha solución.

Queixa presentada o 7/09/2005, solicitándose o preceptivo informe na mesma data, o cal tivo que reiterarse o 19/10/2005 e o 14/11/2005.

Con data 15/11/2005 recíbese informe da Concellería de Servizos Xerais, no que indica que deu traslado do expediente á Concellería de Urbanismo por ser da súa competencia.

Con datas 28/11/2005 e 12/12/2005 solicítase informe actualizado á Concellería de Urbanismo.

Estamos nun suposto de clara discriminación, xa que non se dá o principio de igualdade ante a lei. Os veciños contribúen á realización das competencias municipais con contribucións económicas, de aí o seu dereito a reclamar as prestacións, neste caso, o acondicionamento dun lugar de tránsito frecuente e colectivo, que máis ben parece unha canella ca unha travesía.

A resposta do Acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de 18/06/1999 de non executar as obras polos desniveis que existen por enriba da rasante prevista, non parece satisfactoria con respecto á realidade actual, cal é a existencia de múltiples furados, a ausencia de asfalto, os labirintos das beirarrúas, o caos circulatorio e a falta de iluminación.

A sociedade móstrase como un todo continuo, onde a distancia, antes factor explicativo de supostas autarquías, foi superada polos medios de transporte, polas ondas e pola defensa dun mercado único. A continuidade do tecido social fai imposible marcar unhas fronteiras nítidas ós intereses, cuxa tutela se encomenda ós distintos poderes que, deste xeito, destacan a súa condición de formar parte dun conxunto institucional. As competencias teñen que adaptarse ós intereses reais en xogo.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con data 26/01/2006 solicítase unha actuación decidida en relación coas necesidades expostas no seu día, petición reiterada o 26/02/2006.

Con data 28/02/2006 recíbese escrito de Vías e Obras, sen sinatura, que indica: *“Adjunto informe de Servicios Técnicos de Urbanismo”, así como outro escrito no que se subliña: “en lo que corresponde a esta Concejalía (Serizos Xerais), carece de fondos para coordinarse con aquellas otras implicadas”*. O informe técnico de Urbanismo, tras algunha salvedade, remata dicindo que a *“decisión entende o técnico que suscribe, corresponde ós Organos Colexiados do Concello”* e continúa *“formalmente sería tamén convinte preparar un Reformado do Proxecto para axeitar seu presuposto ó ter transcorrido sete anos dende a súa redacción”*.

Do anterior dáse cumprida información ó interesado o 2/02/2006.

Á vista do escrito da Área de Servizos Xerais, con data 9/03/2006 diriximos as actuacións á Concellería de Urbanismo, dando coñecemento dos antecedentes, para que asuma as tarefas de coordinación, co ánimo de acadar unha resolución, e solicitando información ó respecto. O pedimento anterior reitérase o 17/04/2006, o 18/05/2006, o 14/06/2006, o 10/07/2006, o 9/08/2006, o 6/09/2006 e o 4/10/2006.

Con data 31/10/2006 recíbese escrito de Participación Cidadá, ó que se xunta outro da Área de Servizos Xerais, no que se informa que neses intres se está a redactar o proxecto para levar a cabo a humanización da rúa. Do anterior dáse cumprida información ó interesado, indicándolle que en datas vindeiras se instará información actualizada.

Con datas 27/11/2006 e 7/12/2006 solicítase información actualizada, que se recibe o 15/12/2006 e repite literalmente a recibida o 31/10/2006.

### **EXPEDIENTE 83/2005**

Queixa en relación cunha denuncia presentada na Xerencia Municipal de Urbanismo por unha Comunidade de Veciños en maio de 2005 pola apertura sen licenza dun taller mecánico. Indican que unha resolución de abril de 2005 ordena a inmediata suspensión da actividade.



Queixa presentada o 5/10/2005. Con data 19/10/2005 solicítase o preceptivo informe, o cal tivo que reiterarse o 24/11/2005 e o 22/12/2005.

Se o día 12 de abril de 2005 decretouse a inmediata suspensión da actividade do local e a comprobación do cumprimento de tal orde para os efectos, de se-lo caso, do precintado do local, ¿como é posible que no mes de outubro se siga denunciando tal actividade?

O promotor da queixa indica, ademais, que a actividade produce vibracións e tremores na estrutura do edificio e que, debido ás tarefas de lavado da maquinaria, batuxan e enchen de terra e lamas os vehículos dos demais propietarios.

No proxecto non se tiveron en conta as características técnicas necesarias para determinar se o forxado pode soportar os pesos dos vehículos e da maquinaria, xa que a actividade se realiza a rentes do chan e no baixo existen outros locais que teñen que soportar os ruídos e as vibracións e co temor fundado dunha derruba. Produciuse xa algún incidente, polo que a Policía levantou atestado no que avisa de posibles acontecementos de maior alcance.

As Administracións públicas teñen que fuxir das actuacións insuficientes e axiliza-los trámites legalmente establecidos, máxime nos supostos en que está comprobada a situación de ilegalidade, con especial referencia ós expedientes de reposición da legalidade urbanística e á actividade sancionadora en relación coas obras ilegais.

Son precisas actuacións e medidas orixinais e específicas que limiten a proliferación de mecanismos obsoletos que, ademais de levar a custos elevados, xeran unha manifesta lentitude na actividade e, polo tanto, nos resultados, de aí que se requira ter en funcionamento un mecanismo imprescindible como é a coordinación, primeiro principio de toda organización. Eses mecanismo obsoletos producen un desacougo e unha falta de credibilidade ós cidadáns que, como no caso que nos ocupa, están, ás veces, expostos a situacións que lles poden producir danos irreparables.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con data 18/01/2006 reitérase o pedimento anterior. Con data 20/02/2006 recíbese escrito da vicepresidencia da X.M.U., no que indica que achegan informe do aparelador municipal de data 9/02/2006 no que se reflite que é necesario xustificar o incumprimento da normativa pola emisión de ruídos, así como a acreditación de que o local reúne as condicións de sanidade e que, con respecto a que no local se está a desenvolver unha actividade, terá que emitir informe o departamento de inspección. Do anterior dáse cumprida información ó interesado o 21/02/2006.

Con data 20/03/2006 solicítase información actualizada sobre as puntualizacións anteriores, que se reitera o 19/04/2006. Con data 25/04/2006 recíbese escrito da vicepresidencia da X.M.U., no que indica que os referidos expedientes se atopan pendentes de que se presente a documentación requirida, que se iniciou expediente de protección da legalidade urbanística ordenándose a suspensión da actividade, e que, con data 17/04/2006 solicítase informe á Policía local sobre se se segue realizando actividade no local. Con data 26/04/2006 dáse cumprida información ó interesado.



Con datas 30/05/2006, 26/06/2006, 18/07/2006, 21/08/2006, 26/09/2006, 19/10/2006 e 23/11/2006 solicítase información actualizada da situación do expediente, a cal se recibe o 15/12/2006 e na que se indica que o expediente de solicitude de licenza segue o trámite previsto, pero non fai mención á se segue realizándose actividade. O anterior trasládase ó interesado o 18/12/2006, indicándolle que se instará nova información.

### **EXPEDIENTE 87/2005**

Queixa en relación coas obras de reforma que se levan a cabo en dous baixos con actividade no ramo da hostalería, un dos cales, no seu día, foi pechado por carecer da debida licenza. En ningún dos supostos subliñados hai exposto cartel no que se faga constar a licenza de obra nin calquera outro dato relevante ó respecto.

Queixa presentada o 11/10/2005. Con data 19/10/2005 solicítase o preceptivo informe, o cal tivo que reiterarse o 24/11/2005 e o 20/12/2005.

Existe unha necesidade de actuación consonte cos principios de defensa da legalidade urbanística.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con data 18/01/2006 reitérase o pedimento de informe, que se recibe o 31/01/2006 desde a vicepresidencia da X.M.U., no que indica que a denuncia foi remitida o 30/09/2005 ó servizo de Inspección para a comprobación dos feitos; do que se deu cumprida información ó interesado o 1/02/2006.

Con datas 23/02/2006, 27/03/2006, 24/04/2006, 23/05/2006, 20/06/2006, 13/07/2006 e 11/08/2006 solicítase información actualizada.

Con data 23/08/2006 recíbense dous escritos da vicepresidencia da X.M. U.: no primeiro informa que está en trámite a solicitude de licenza de obras para reformar o local, licenza solicitada o 5/06/2005 (14 meses) e, no segundo, que se concedeu a licenza de obras o 31/08/2005. O anterior trasládase ó interesado o 24/08/2006, indicándolle que en datas vindeiras solicitarase información actualizada sobre o local pendente de concesión de licenza, solicitude que se tramita o 26/09/2006, o 17/10/2006 e o 20/11/2006.

### **EXPEDIENTE 89/2005**

Queixa en relación coa titularidade do camiño posterior a uns edificios dunha rúa da cidade.

En febreiro do ano 2001 o promotor da queixa, en representación da comunidade de propietarios, presentou solicitude no Concello. A resposta do arquitecto municipal foi que o terreo ó que se refire o pedimento non figura grafiado como vía pública no Inventario municipal de bens e dereitos, aprobado por acordo plenario o 4/05/1993 e con referencia ó 31/12/1991.

O interesado, o 23/09/2002, presentou solicitude no Rexistro Xeral do Concello en petición de axuda para solucionar o problema que se lles presenta, cal é que os vehículos aparcan ó longo do camiño, fronte ás portas dos garaxes e, incluso, diante das mesmas, impedíndolles o uso para o que están destinados. Indica que cando reclaman ós propietarios dos mesmos reciben malas contestacións, xa que non existe sinal de entrada de carruaxes que indique a privacidade da zona, séndolles denegada a súa colocación, e o guindastre non pode actuar.

En decembro do ano 2002 consultaron no departamento de Patrimonio sobre a titularidade do camiño, o cal os remitiu ó Ministerio de Economía e Facenda de Pontevedra, Xerencia Territorial do Catastro de Vigo desde onde, con data 10/01/2003, lles indican que a “calificación de los caminos es competencia del Ayuntamiento”.

Á vista do anterior, dirixíronse ó departamento de Patrimonio do Concello instando información e facendo alusión ó anterior escrito. Na resposta que reciben en febreiro de 2003 consta a mesma lenda que recibiron no seu día do arquitecto municipal.

Con data 2/09/2003 solicitaron entrevista co Concelleiro de Tráfico, xa solicitada o 23/09/2002, e da que aínda non recibiron resposta.

Os afectados preguntánsen quen lles vai da-la solución ó problema, xa que, non obstante, eles pagan os seus impostos e cumpren as súas obrigas.

Queixa presentada o 18/10/2005. Con data 19/10/2005 solicítase o preceptivo informe, o cal tivo que reiterarse o 24/11/2005 e o 22/12/2005.

Estamos ante unha situación esperpéntica, xa se en marzo de 2001 o camiño non figura no Inventario municipal de bens e dereitos, aprobado en maio de 1993, e o mesmo seguía pechado no ano 2003, existe unha falta de actualización, podéndose dicir o mesmo a finais do ano 2005.

En tanto as administracións implicadas eluden o problema e ninguén asume a competencia e, polo tanto, a cooperación, a Constitución española e a Lei 30/1992 poñen en letra impresa a obriga da cooperación entre todas as Administracións públicas.

Se o asunto se contempla desde a órbita anterior, non ten solución; pero existe outra fórmula legal, cal é a aplicación das normas xurídicas atendendo á realidade social do tempo en que se van aplicar e, especialmente, ó seu espírito e finalidade, cal é a aplicación analóxica, sen esquecer, ademais, o principio de boa fe, que permite adecúa-las condutas ás esixencias invocadas pola conciencia social nun lugar e nun momento determinado.

Resulta incomprensible que o camiño en cuestión, dada a súa natureza, aínda non estea destinado ó uso público e dotado das medidas de protección xurídica que procedan.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con datas 23/01/2006 e 20/02/2006 reitérase o pedimento de informe á Concellería de Xestión Municipal-Patrimonio, por recibir comunicación desde Urbanismo de que o expediente trasladábase a aquela.

Con data 28/02/2006 recíbese escrito da Concellería de Mobilidade e Seguridade no que se nos informa que o 24/02/2006 tiveron unha entrevista co interesado. Dos antecedentes dáse cumprida información ó promotor da queixa o 1/03/2006.

Con data 8/03/2006 solicítase á Concellería de Mobilidade e Seguridade información con respecto ó resultado da entrevista, petición que se reitera o 7/04/2006, o 18/05/2006, o 14/06/2006, o 10/07/2006, o 9/08/2006, o 6/09/2006, o 4/10/2006, o 7/11/2006 e o 11/12/2006.

### **EXPEDIENTE 96/2005**

Queixa en relación coa instalación dunha antena de telefonía móbil sen a correspondente licenza municipal na azotea dun edificio próximo a dous colexios e un club de xubilados.

O interesado presentou unha denuncia en setembro de 2005, ademais de realizar varias chamadas á Policía local, sen obter resultado ningún.

Queixa presentada o 11/11/2005, solicitándose o preceptivo informe o 14/11/2005, que tivo que reiterarse o 14/12/2005.

Existe a necesidade de realizar unhas actuacións eficaces e áxiles na procura da reposición da legalidade urbanística.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con datas 16/01/2006, 14/02/2006, 15/06/2006, 10/07/2006, 9/08/2006, 6/09/2006, 4/10/2006, 7/11/2006 e 7/12/2006 reitérase o pedimento anterior.

### **EXPEDIENTE 101/2005**

Queixa en relación cos ruídos que producen catro establecementos de hostalería ata altas horas da madrugada. Existen informes da Policía local polo incumprimento do horario de peche e por non axustarse a súa actividade á licenza concedida.

O interesado denunciou a situación en varias ocasións desde o mes de febreiro de 2005.

Queixa presentada o 28/11/2005, solicitándose o preceptivo informe o 29/11/2005, que se reitera o 26/12/2005.

O promotor da queixa presentou vinte e dúas denuncias desde o mes de febreiro de 2005, sen que se realizase ningunha actuación por parte da concellería competente. Isto non supón unha mellora na prestación dun servizo público que o Concello ten a obriga de prestar e fornecer, senón todo o contrario.

Unha vez máis, a lexitimidade non se dá no ámbito debido e cunha dobre vertente: a inadecuación da actividade á licenza concedida e a contaminación acústica, á que se fixo referencia no capítulo correspondente.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con data 26/01/2006 reitérase o pedimento de informe.

Con data 2/02/2006 recíbese escrito da vicepresidencia da X.M.U., no que indica que, en relación ós catro locais denunciados, en tres non procede incoación de expediente de protección da legalidade urbanística, xa que os mesmos se axustan á actividade para a que dispoñen de licenza. En canto ó cuarto local, estanse a realizar as dilixencias previas para a comprobación de se se realiza actividade con música no local. Do anterior dáse cumprida información ó interesado o 6/02/2006.

Con datas 7/03/2006, 4/04/2006, 3/05/2006, 1/06/2006, 3/07/2006, 6/08/2006, 4/09/2006, 4/10/2006, 7/11/2006 e 4/12/2006 solícitase información actualizada con respecto a este último local.

---

## CAPÍTULO VII. XESTIÓN MUNICIPAL

---

### **EXPEDIENTE 39/2005**

Queixa en relación coa situación da Asociación de Comerciantes e Vendedores dun mercado que, tendo a condición de concesionaria desde agosto de 2004, segundo sentenza do Tribunal Supremo de 7/05/2002, se atopan sen liquidez para facer fronte ós gastos diarios que implica o mantemento do mercado debido a que outra asociación do mesmo non pagou os recibos mensuais que lle corresponden, sen que por parte do Concello se tomen as medidas axeitadas para tal cumprimento.

Queixa presentada o 9/05/2005. Con data 11/05/2005 solícitase o preceptivo informe que tivo que reiterarse nas seguintes datas: 9/06/2005, 5/07/2005, 3/08/2005, 5/09/2005 e 19/10/2005. Neste último requirimento indícase que os interesados, con data 29/09/2005, achegan copia dun escrito entregado no Rexistro Xeral do Concello o 2/07/2005 no que instan a incoación de expediente de procedemento de desafuzamento administrativo, así como documentos complementarios.

Con datas 9/11/2005 e 5/12/2005 reitéranse os pedimentos anteriores.

Existe unha falta de atención e unha ausencia de actuacións, xa de información xa de asesoramento, a un colectivo que o precisa e que ten dereito a ser tratado segundo o disposto na normativa vixente (artigo 35 da Lei 30/1992).

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con datas 9/01/2006, 13/02/2006, 7/03/2006, 4/04/2006 e 6/05/2006 reitérase o pedimento de informe.

Con data 31/05/2006 recíbese escrito de Patrimonio, onde se indica que con data 10/04/2006 a Xunta de Goberno Local acordou incoar expediente sancionador pola comisión de infracción grave de acumulación de dúas cotas impagadas. Do anterior

dáse cumprida información ó interesado o 1/06/2006, sen que se desen actuacións posteriores.

### **EXPEDIENTE 93/2005**

Queixa en relación co que o interesado considera unha usurpación de bens de propiedade pública por parte de particulares. Estima que os bens afectados son propiedade do Concello, tal como fixo constar en denuncias efectuadas o 8/11/2004 e o 29/06/2005.

Queixa presentada o 4/11/2005, solicitándose o preceptivo informe o 7/11/2005 á Concellería de Urbanismo e Medio Ambiente, desde onde lle dan traslado ó departamento de Patrimonio, por ser da súa competencia.

Con data 14/12/2005 reitérase o pedimento anterior.

Chama a atención que unha Comunidade de Montes formule denuncias sobre un posible apropiamento de terreos públicos, presentando a primeira delas no Rexistro Xeral do Concello o 8/11/2004 e a segunda o 29/06/2005, segundo consta en copias, ás que ademais se xuntaban documentos complementarios en apoio ó desfase entre os mesmos, sen que, polo momento, conste resposta nin sexa coñecida actuación ningunha por parte do propio Concello.

É necesario lembrar que os cidadáns teñen amparados pola lei uns dereitos e é conveniente reiterar o que se reflite, especial e detalladamente, no artigo 35 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, definida como de Réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A confianza lexítima dos cidadáns está en que a actuación das Administracións públicas non se pode alterar arbitrariamente. O cidadán espera unhas actuacións áxiles e eficaces nos seus pedimentos, máxime cando parece que está en xogo o propio patrimonio municipal.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con data 13/01/2006 recíbese escrito de Patrimonio, no que se indica que as solicitudes están en tramitación e solicítase informe ó servizo de Laboratorio municipal. Do anterior dáse cumprida información ó interesado o 16/01/2006.

Con data 23/02/2006 solicítase información actualizada sobre a situación do expediente, que se reitera o 27/03/2006.

Con data 4/04/2006 recíbese novo escrito do interesado no que matiza sobre a ilegalidade da inscrición do terreo público por parte de particulares, o que se traslada ó servizo de Patrimonio con data 5/04/2006, reiterándose o pedimento de información actualizada o 24/04/2006.

Con data 25/04/2006 recíbese escrito de Patrimonio no que se indica que o expediente segue en tramitación no servizo de Cartografía da X.M.U., do que se dá cumprida información ó interesado o 25/04/2006.

Con data 30/05/2006 ínstase de novo información actualizada, que se recibe desde o servizo Participación Cidadá o 27/06/2006, no que indica que, segundo comunicación de Patrimonio, xa recibiron os informes pendentes de Cartografía, confirmando o trámite nese último departamento; o que se comunica ó interesado o 28/06/2006.

Con data 9/08/2006 solicítase de novo información actualizada, que se recibe o 24/08/2006 desde Participación Cidadá, no que subliña a falta de informe do servizo Vías e Obras. O anterior comunícase ó interesado, indicándolle que en datas vindeiras solicitarase información actualizada.

Con data 26/09/2006 solicítase información actualizada. O 10/10/2006 recíbese escrito de Participación Cidadá, co que achega informe do servizo de Patrimonio, de Aqualia e de Urbanismo, quedando pendente outro do servizo de Vías e Obras. Do anterior dáse cumprida información ó interesado.

Con data 20/11/2006 solicítase nova información, que se recibe o 1/12/2006, na que se indica que se está a tramitar acordo á Xunta de Goberno Local, o que se traslada ó interesado o 4/12/2006.

### **EXPEDIENTE 102/2005**

Queixa en relación coa situación dunha Asociación de Veciños debido a diversas circunstancias que afectan ó grupo de vivendas que ocupan dende hai anos.

Solicitude presentada o 12/12/2005, solicitándose informe á Concellería de Xestión Municipal – Patrimonio con data 14/12/2005.

Non obstante ser este un tema de competencia do Ministerio de Vivenda, aténdese o pedimento xa que en xuño de 2005 os interesados presentaron solicitude no Concello de Vigo en demanda dunha xestión de cesión dun terreo.

Estamos ante unha situación que socialmente afecta a máis de catrocentos cidadáns e que se configura en torno ás relacións humanas, que teñen un substractum económico.

O home atópase fronte a dúas alternativas: ou marchar cara adiante con crecente velocidade en prol de melloras ilimitadas e ata o de agora inconcebidas, ou ser condenado a unha perpetua oscilación entre a felicidade e o infortunio, permanecendo sempre, pese a todos os esforzos, a distancias inconmensurables do obxectivo soñado.

Á autoridade non se lle pode pedir o que excede das súas competencias, pero si que ten que asegura-las condicións xerais de felicidade que constitúan as bases mínimas para acadar unha vida social satisfactoria.

Actualmente, a actividade administrativa preséntase como un problema de carácter social, porque a solidariedade é un ditado da natureza que eticamente se impón tamén ós gobernantes, e precisamente con maior intensidade porque neles é maior a capacidade.

É preciso, no suposto que nos ocupa, distinguir entre o condicionante e o determinante; unha cousa é que un feito, un fenómeno, sexa condición de que outro se produza e outra, ben distinta, que o determine na súa esencia.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con datas 17/01/2006 e 16/02/2006 reitérase o pedimento de informe que se recibe o 21/02/2006 desde o servizo de Patrimonio, no que indica que o expediente foi remitido á Alcaldía. Do anterior dáse cumprida información ó interesado o 22/02/2006.

Con data 21/06/2006 solicítase nova información a Participación Cidadá.

Con data 27/06/2006 recíbese informe de Participación Cidadá, no que indica que non consta o escrito do interesado de 4/07/2005, o cal se remite en copia o 28/06/2006, insistindo na petición de información.

Con data 7/07/2006 recíbese escrito de Participación Cidadá, co que achega copia dos escritos de Alcaldía dirixidos á Administración central e a súa resposta, na que indica que o tema está pendente do Ministerio de Vivenda. Do dáse cumprida información ós interesados o 10/07/2006 e entendemos que, por tratarse dun tema pendente da decisión dun órgano central, se pode considerar pechado en vía de Administración local.

### **EXPEDIENTE 107/2005**

Queixa en relación coa falta de resposta a un recurso presentado na Tesourería – Recadación Executiva.

Queixa presentada o 23/12/2005, solicitándose o preceptivo informe o 26/12/2005.

Posteriormente déronse as seguintes actuacións:

Con data 26/01/2006 reitérase o pedimento de informe.

Con data 3/02/2006 recíbese escrito de Tesourería, no que informa detalladamente do procedemento seguido e conclúe que o recurso foi desestimado por resolución de 12/01/2006. Do anterior dáse cumprida información ó interesado o 6/02/2006, sen actuacións posteriores.

## RESUMO ESTATÍSTICO

<b>ÁREA DE ASUNTOS SOCIAIS</b>	<b>4</b>
- Festas	1
- OMIC	2
- Sanidade	1
<b>ÁREA DE MEDIO AMBIENTE</b>	<b>12</b>
- Contaminación acústica	8
- Fumes e vibracións	2
- Varios	2
<b>ÁREA DE MOBILIDADE E SEGURIDADE</b>	<b>23</b>
- Mobilidade	7
- Sancións	12
- Seguridade	1
- Varios	3
<b>ÁREA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ</b>	<b>2</b>
- Varios departamentos	1
- Varios	1
<b>ÁREA DE SERVIZOS XERAIS</b>	<b>9</b>
- Vías e obras	9
<b>ÁREA DE URBANISMO</b>	<b>18</b>
- Apertura de obras sen licenza	10
- Instalacións perigosas	1
- Inmobles estado perigoso	1
- Obras con danos a 3 <sup>os</sup>	1
- Orde de derruba	2
- Pavimentación inadecuada	2
- Proxectos normalización fincas	1
<b>ÁREA DE XESTIÓN MUNICIPAL</b>	<b>4</b>
- Contratación	2
- Tesourería	1
- Varios	1
<b>TOTAL EXPEDIENTES</b>	<b>72</b>

### REFERENCIA PORCENTUAL POR ÁREAS\*

Mobilidade e Seguridade:	31,94%
Urbanismo	25,00%
Medio Ambiente	16,67%
Servizos Xerais	12,50%
Asuntos Sociais	5,56%
Xestión Municipal	5,56%
Participación cidadá	2,78%

\* Ordenadas porcentualmente de maior a menor



## REQUIRIMENTOS DE EXPEDIENTES INICIADOS NO ANO 2005 CON INCIDENCIAS NO ANO 2006

### ÁREA DE ASUNTOS SOCIAIS

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
11/2005	Control de festas	16/01/2006 14/02/2006 8/03/2006 17/04/2006 18/05/2006 13/06/2006 10/07/2006 9/08/2006 6/09/2006 4/10/2006 7/11/2006 11/12/2006	
78/2005	Oficina municipal de información ó consumidor	9/01/2006	13/01/2006
91/2005	Cortello de animais en zona urbana	16/01/2006 14/02/2006 8/03/2006 18/05/2006	4/04/2006 13/06/2006
103/2005	Oficina municipal de información ó consumidor	16/01/2006	25/01/2006

### ÁREA DE MEDIO AMBIENTE

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
5/2005	Contaminación acústica dun taller de calderería	9/01/2006 13/02/2006 21/03/2006 19/04/2006 22/05/2006 20/06/2006 9/08/2006 4/09/2006 4/10/2006 2/11/2006	23/02/2006 27/06/2006 17/11/2006

<b>QUEIXA</b>	<b>MOTIVO</b>	<b>PETICIÓN INFORME</b>	<b>RECEPCIÓN INFORME</b>
<b>23/2005</b>	Contaminación acústica dun local de lecer	10/01/2006 13/02/2006 7/03/2006 4/04/2006 3/05/2006 6/06/2006 5/07/2006 9/08/2006 4/09/2006 4/10/2006 2/11/2006 1/12/2006	21/02/2006
<b>24/2005</b>	Contaminación acústica dun local de lecer	10/01/2006 18/01/2006 13/02/2006 7/03/2006 3/05/2006 11/08/2006 29/08/2006 26/09/2006 19/10/2006 23/11/2006 21/12/2006	22/02/2006 22/05/2006 9/06/2006 14/07/2006
<b>37/2005</b>	Sanción por tender roupa no oco dunha fachada exterior	9/01/2006 13/02/2006	3/03/2006
<b>42/2005</b>	Contaminación acústica dun taller	10/01/2006 13/02/2006 20/03/2006 19/04/2006 26/06/2006 18/07/2006 21/08/2006 20/09/2006 17/10/2006 20/11/2006 18/12/2006	23/02/2006 24/04/2006 21/11/2006
<b>46/2005</b>	Contaminación acústica e malos cheiros dun local de hostalería	18/01/2006 16/02/2006 19/04/2006 18/05/2006 20/06/2006 11/07/2006 9/08/2006 6/09/2006 4/10/2006 7/11/2006 11/12/2006	6/03/2006 5/10/2006

<b>QUEIXA</b>	<b>MOTIVO</b>	<b>PETICIÓN INFORME</b>	<b>RECEPCIÓN INFORME</b>
<b>50/2005</b>	Contaminación acústica dun local de lecer	20/02/2006	21/02/2006
<b>63/2005</b>	Funcionamento das campás dun reloxo parroquial	10/01/2006 13/02/2006 7/03/2006 4/04/2006 3/05/2006 6/06/2006 5/07/2006 9/08/2006 4/09/2006 4/10/2006 2/11/2006 1/12/2006	29/12/2006
<b>74/2005</b>	Contaminación acústica por mor do tráfico *Pendente da documentación do interesado		
<b>80/2005</b>	Contaminación acústica dun local de lecer *Pendente da documentación do interesado		
<b>90/2005</b>	Contaminación acústica en festas parroquiais	23/01/2006 20/02/2006 21/03/2006 19/04/2006 22/05/2006 20/06/2006 13/07/2006 21/08/2006 20/09/2006 17/10/2006 20/11/2006 18/12/2006	14/07/2006 29/12/2006
<b>105/2005</b>	Queima de material en finca contigua	18/01/2006	9/02/2006

#### ÁREA DE MOBILIDADE E SEGURIDADE

<b>QUEIXA</b>	<b>MOTIVO</b>	<b>PETICIÓN INFORME</b>	<b>RECEPCIÓN INFORME</b>
<b>8/2005</b>	Sanción de tráfico	9/01/2006	6/02/2006
<b>10/2005</b>	Tres sancións de tráfico simultáneas	9/01/2006 6/02/2006 6/03/2006	20/03/2006
<b>16/2005</b>	Sanción de tráfico por estacionar en dobre fila sen condutor	18/01/2006 6/02/2006	3/02/2006 28/02/2006
<b>19/2005</b>	Situación da veciñanza polo plan de remodelación da praza de Compostela	17/01/2006 15/02/2006	28/02/2006
<b>22/2005</b>	Retirada dunha motocicleta	17/01/2006 15/02/2006	2/03/2006
<b>27/2005</b>	Sanción de tráfico por estacionamento de emerxencia	9/01/2006	28/02/2006
<b>30/2005</b>	Dificultade de acceso ás vivendas por mor dos bolardos	17/01/2006 15/02/2006	28/02/2006

<b>QUEIXA</b>	<b>MOTIVO</b>	<b>PETICIÓN INFORME</b>	<b>RECEPCIÓN INFORME</b>
<b>31/2005</b>	Solicitude da tarxeta de Vitrasa	18/01/2006 20/02/2006	28/02/2006
<b>32/2005</b>	Acoso ás dotacións dunha autoescola	10/02/2006 13/02/2006	23/02/2006
<b>36/2005</b>	Sanción por estacionar na beirarrúa para a descarga de paquetería	9/01/2006	6/02/2006
<b>47/2005</b>	Sancións reiteradas a residentes do Casco Vello	18/01/2006	6/02/2006
<b>60/2005</b>	Molestias na rúa Castelar polas continuas obras de reforma	12/01/2006 13/02/2006	23/02/2006
<b>61/2005</b>	Molestias na rúa Castelar polas continuas obras de reforma	12/01/2006 13/02/2006	23/02/2006
<b>64/2005</b>	Proxectos de novos aparcamentos subterráneos	9/01/2006 6/02/2006	22/03/2006
<b>75/2005</b>	Circulación das motocicletas polas beirarrúas	9/01/2006 28/02/2006 7/03/2006	17/03/2006
<b>81/2005</b>	Repetición dunha multa xa pagada	18/01/2006 16/12/2006 9/03/2006	10/03/2006
<b>82/2005</b>	Multa por obstaculizar a un vehículo de limpeza que circula en dirección prohibida	18/01/2006 16/02/2006 3/04/2006 20/04/2006 22/05/2006 20/06/2006 13/07/2006 11/08/2006 18/09/2006 17/10/2006 20/11/2006 18/12/2006	28/02/2006
<b>85/2005</b>	Eliminación de entrada de carruaxes	18/01/2006 16/02/2006 9/03/2006 19/04/2006 18/05/2006 20/06/2006 12/07/2006 9/08/2006 6/09/2006 4/10/2006 7/11/2006 11/12/2006	10/03/2006
<b>86/2005</b>	Barreiras no transporte público para persoas con discapacidades	18/01/2006 20/02/2006	23/02/2006
<b>95/2005</b>	Dificultades para a mobilidade	17/01/2006 15/02/2006	23/02/2006

<b>QUEIXA</b>	<b>MOTIVO</b>	<b>PETICIÓN INFORME</b>	<b>RECEPCIÓN INFORME</b>
<b>108/2005</b>	Estacionamento para discapacitados	26/01/2006 21/02/2006	24/02/2006
<b>109/2005</b>	Tema relacionado con Protección Civil	9/01/2006 31/01/2006 23/02/2006 19/04/2006 18/05/2006 20/06/2006 12/07/2006 9/08/2006 6/09/2006 4/10/2006	27/02/2006
<b>110/2005</b>	Tema relacionado con Protección Civil	9/01/2006 31/01/2006 23/02/2006 7/03/2006 4/04/2006 3/05/2006 6/06/2006 5/07/2006 9/08/2006 4/09/2006 4/10/2006 2/11/2006 4/12/2006	28/02/2006

#### ÁREA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ

<b>QUEIXA</b>	<b>MOTIVO</b>	<b>PETICIÓN INFORME</b>	<b>RECEPCIÓN INFORME</b>
<b>40/2005</b>	Dificultades por mor da adquisición duns edificios		13/01/2006
<b>56/2005</b>	Danos ocasionados polas obras levadas a cabo nunha rúa	15/02/2006 9/03/2006 19/04/2006 8/05/2006 29/05/2006 5/06/2006 8/06/2006 19/06/2006 18/07/2006 23/10/2006 13/11/2006 15/11/2006	13/01/2006 26/12/2006 25/04/2006 1/06/2006 7/06/2006 14/06/2006 21/07/2006 7/11/2006

## ÁREA DE SERVIZOS XERAIS

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
<b>34/2005</b>	Inundacións nunha vivenda polas forte chuvias	1/02/2006 13/02/2006 8/03/2006 21/03/2006 5/05/2006 26/06/2006 21/08/2006 17/10/2006	14/02/2006 5/04/2006 24/05/2006 14/07/2006 12/09/2006 7/11/2006
<b>43/2005</b>	Cortes de auga e impedimento para acceder ás vivendas	16/02/2006	7/03/2006
<b>66/2005</b>	Rotura na rede de abastecemento	16/01/2006 14/02/2006 8/03/2006 17/04/2006 18/05/2006	26/05/2006
<b>76/2005</b>	Tapa de rexistro no cruzamento de rúas	11/01/2006	25/01/2006 9/05/2006
<b>97/2005</b>	Inundacións por chuvias	26/01/2006 21/02/2006 21/03/2006	4/04/2006
<b>98/2005</b>	Inundacións por chuvias	26/01/2006 21/02/2006 21/03/2006	4/04/2006
<b>99/2005</b>	Focha na beirarrúa		10/01/2006
<b>104/2005</b>	Retirada de punto de luz	18/01/2006 16/02/2006 20/03/2006	22/03/2006
<b>106/2005</b>	Reclamación sobre a facturación por consumo de auga	2/03/2006 8/03/2006 23/03/2006 24/04/2006 23/05/2006 20/06/2006 13/07/2006 11/08/2006	25/08/2006

## ÁREA DE URBANISMO

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
<b>1/2005</b>	Local de hostalería que funciona desde 2002 sen licenza	23/05/2006 20/06/2006 13/07/2006 11/08/2006 18/09/2006 17/10/2006 20/11/2006	24/04/2006

<b>QUEIXA</b>	<b>MOTIVO</b>	<b>PETICIÓN INFORME</b>	<b>RECEPCIÓN INFORME</b>
<b>26/2005</b>	Obras sen licenza	16/01/2006 14/02/2006 8/03/2006 17/04/2006 18/05/2006 13/06/2006 10/07/2006 9/08/2006 6/09/2006 4/10/2006 7/11/2006 7/12/2006	
<b>28/2005</b>	Pavimentación dunha rúa que non se axusta ás cotas	16/01/2006	23/01/2006
<b>35/2005</b>	Estufa de leña con saída de fumes, sen licenza	11/01/2006 13/02/2006 8/03/2006 6/04/2006 5/05/2006 7/06/2006 6/07/2006 9/08/2006 4/09/2006 4/10/2006 2/11/2006	
<b>41/2005</b>	Instalación de antena de telefonía móbil		10/01/2006
<b>44/2005</b>	Furados practicados nun edificio para a ventilación dun local	11/01/2006 13/02/2006 8/03/2006 6/04/2006 19/04/2006 5/05/2006 18/05/2006 7/06/2006 20/06/2006 6/07/2006 12/07/2006 9/08/2006 4/09/2006 4/10/2006 2/11/2006 4/12/2006	

<b>QUEIXA</b>	<b>MOTIVO</b>	<b>PETICIÓN INFORME</b>	<b>RECEPCIÓN INFORME</b>
<b>48/2005</b>	Escavacións feitas por un taller en zona forestal	12/01/2006 9/02/2006 8/03/2006 6/04/2006 5/05/2006 7/06/2006 17/07/2006 9/08/2006 1/09/2006 4/09/2006 26/09/2006 19/10/2006 21/12/2006	7/02/2006 3/07/2006
<b>49/2005</b>	Construción dunha nave sen licenza	12/01/2006 6/04/2006 5/05/2006 7/06/2006 6/07/2006 9/08/2006 2/10/2006 2/11/2006 23/11/2006 7/12/2006	2/02/2006 21/11/2006
<b>53/2005</b>	Obras que producen danos en finca allea	6/02/2006 6/03/2006 3/04/2006 3/05/2006 1/06/2006 3/07/2006 9/08/2006 4/09/2006 4/10/2006 2/11/2006 4/12/2006	3/01/2006
<b>62/2005</b>	Derruba sen licenza dunha parede divisoria de dous garaxes	9/01/2006 23/02/2006 27/03/2006 24/04/2006 23/05/2006 20/06/2006 13/07/2006 11/08/2006 20/09/2006 17/10/2006 20/11/2006 18/12/2006	31/01/2006



<b>QUEIXA</b>	<b>MOTIVO</b>	<b>PETICIÓN INFORME</b>	<b>RECEPCIÓN INFORME</b>
<b>65/2005</b>	Desprendementos na fachada dun inmovible	9/01/2006 6/02/2006 6/03/2006	7/02/2006 22/03/2006
<b>73/2005</b>	Contaminación acústica dun local sen licenza	23/01/2006 20/02/2006 21/03/2006	26/01/2006 12/04/2006
<b>77/2005</b>	Estado dunha travesía	26/01/2006 26/02/2006 9/03/2006 17/04/2006 18/05/2006 14/06/2006 10/07/2006 9/08/2006 6/09/2006 4/10/2006 27/11/2006 7/12/2006	28/02/2006 31/10/2006 15/12/2006
<b>83/2005</b>	Apertura dun taller sen licenza	18/01/2006 20/03/2006 19/04/2006 26/04/2006 30/05/2006 26/06/2006 18/07/2006 21/08/2006 26/09/2006 19/10/2006 23/11/2006	20/02/2006 25/04/2006 15/12/2006
<b>87/2005</b>	Obras de reforma de dous locais sen que conste licenza	18/01/2006 23/02/2006 27/03/2006 24/04/2006 23/05/2006 20/06/2006 13/07/2006 11/08/2006 26/09/2006 17/10/2006 20/11/2006 18/12/2006	31/01/2006 23/08/2006

<b>QUEIXA</b>	<b>MOTIVO</b>	<b>PETICIÓN INFORME</b>	<b>RECEPCIÓN INFORME</b>
<b>89/2005</b>	Titularidade dun camiño	23/01/2006 20/02/2006 8/03/2006 17/04/2006 18/05/2006 14/06/2006 10/07/2006 9/08/2006 6/09/2006 4/10/2006 7/11/2006 11/12/2006	28/02/2006
<b>96/2005</b>	Antena de telefonía sen licenza	16/01/2006 14/02/2006 15/06/2006 10/07/2006 9/08/2006 6/09/2006 4/10/2006 7/11/2006 7/12/2006	
<b>101/2005</b>	Actividade non axustada á licenza	26/01/2006 7/03/2006 4/04/2006 3/05/2006 1/06/2006 3/07/2006 9/08/2006 4/09/2006 4/10/2006 7/11/2006	2/02/2006
<b>ÁREA DE XESTIÓN MUNICIPAL</b>			
<b>QUEIXA</b>	<b>MOTIVO</b>	<b>PETICIÓN INFORME</b>	<b>RECEPCIÓN INFORME</b>
<b>39/2005</b>	Concesión dunha Asociación de comerciantes e vendedores	9/01/2006 13/02/2006 7/03/2006 4/04/2006 3/05/2006	31/05/2006

<b>QUEIXA</b>	<b>MOTIVO</b>	<b>PETICIÓN INFORME</b>	<b>RECEPCIÓN INFORME</b>
<b>93/2005</b>	Usurpación de bens municipais	23/02/2006	
		27/03/2006	13/01/2006
		5/04/2006	25/04/2006
		30/05/2006	27/06/2006
		9/08/2006	24/08/2006
		26/09/2006	10/10/2006
		20/11/2006	1/12/2006
<b>102/2005</b>	Situación dunha Asociación de Veciños en relación cuns terreos	17/01/2006	
		16/02/2006	21/02/2006
		21/06/2006	27/06/2006
		28/06/2006	7/07/2006
<b>107/2005</b>	Falta de resposta a un recurso	26/01/2006	3/02/2006



## PARTE V

### ACTUACIÓNS A INSTANCIA DE PARTE DO ANO 2006

#### INTRODUCCIÓN

Nesta Institución rexistráronse un total de setenta e nove expedientes correspondentes a solicitudes de cidadáns formuladas no ano 2006 e que pertencen ós seguintes sectores:

■ Asuntos Sociais	2
■ Medio Ambiente	9
■ Mobilidade e Seguridade	21
■ Participación Cidadá	6
■ Promoción Económica	1
■ Servizos Xerais	4
■ Urbanismo	24
■ Xestión Municipal	12

Cómpre, ademais, facer unha serie de reflexións referidas á Area de Urbanismo e Medio Ambiente, en canto a que con data 28/12/2006 ínstase desde este ámbito interesado a relación de expedientes que están pendentes de recibir o correspondente informe. Esta relación envíase de inmediato por fax na mesma data, e por correo interno o 29/12/2006. Este día recíbese escrito e informe no que se puntualiza que se procede no mesmo á contestación dos expedientes pendentes na súa totalidade, achegando os informes técnicos e contestacións emitidas. Na nosa réplica indícase cales son os expedientes correctamente informados, segundo o regulamento vixente, tramitados e fundamentados, que son catro, dun total de cincuenta e nove, dos cales seguiranse solicitando os preceptivos informes.

## EXPEDIENTES

---

### CAPÍTULO I: ASUNTOS SOCIAIS

---

#### **EXPEDIENTE 58/2006**

##### ASUNTO

Queixa en relación co procedemento que se utiliza na xestión da convocatoria de axudas escolares para o curso académico.

O interesado indica que as resolucións dos expedientes se comunican ós solicitantes por teléfono, o que vulnera o establecido na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común.

##### SITUACIÓN

Queixa presentada o 19/09/2006. Con data 20/09/2006 solicítase o preceptivo informe ó servizo de Educación da Concellería de Asuntos Sociais, petición que se reitera o 26/10/2006.

Con data 3/11/2006 recíbese escrito da Área de Participación Cidadá, no que informa polo miúdo do procedemento que se segue nestes expedientes de axudas escolares, o que se traslada ó interesado.

Cómpre salientar que o Concello responde directamente á reclamación do promotor da queixa o 23/10/2006, despois de que a oficina do Valedor do Cidadán instase o correspondente informe.

##### REFLEXIÓNS

Todo procedemento, e o administrativo tamén, é unha serie ordenada de actos mediante os cales os órganos administrativos resollen ou deciden as peticións formuladas polos cidadáns.

A Lei 30/1992 introduce, no seu artigo 35, unha relación, non exhaustiva, de dereitos dos cidadáns que permitirá comprometer a actuación das Administracións públicas, someténdose estas a unhas pautas de comportamento en canto á información e comunicación cos cidadáns que aseguren a transparencia da actividade daquelas e unha maior proximidade ós administrados.

Os actos que integran o procedemento están funcionalmente relacionados entre si. Como di José Ramón Parada, os actos de trámite e a resolución veñen a constituír un todo complexo e, ó mesmo tempo, unitario. En todo caso, as actuacións administrativas terán que servir de garantía específica para o administrado, o cal poderá intervir persoalmente no procedemento e lograr, por diversos medios (alegacións, probas, audiencia, recursos, etc.), a tutela efectiva dos seus dereitos.

O obxecto de todo procedemento debe ser congruente cos fins previstos no ordenamento xurídico; de non ser así, incorrerase nunha desviación de poder, corrixible mediante a anulación dos actos viciados.

Da Constitución española de 1978 xorde un novo concepto de administración que consagra o carácter instrumental desta, posta ó servizo dos intereses dos cidadáns. Ademais, a administración ten que integrarse na sociedade á que serve, como instrumento que promove as condicións para que os dereitos constitucionais dos individuos sexan reais e efectivos. O procedemento administrativo é unha peza fundamental no proceso de modernización da nosa sociedade e da súa administración.

A transcendencia do procedemento, en canto medio para a consecución dos fins perseguidos, é de tal identidade que a doutrina xurisprudencial sinala, de forma reiterada, que as normas procedimentais son de “orde pública”, de tal xeito que o exame da observancia das normas do procedemento debe preceder a calquera outro exame, incluso o da inadmisibilidade do recurso, agás que, precisamente, o motivo da inadmisibilidade alegado sexa a caducidade ou a prescrición. As normas de procedemento non poderán ser eludidas.

## RECOMENDACIÓN

O estrito cumprimento dos requisitos básicos do procedemento, con especial atención a supostos como o que nos ocupa, onde entran en concordancia situacións referidas a criterios de múltiple concorrencia e competencia; de aí as consideracións ás que obriga o artigo 54 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, en relación coa motivación dos actos administrativos, e as do artigo 89 do mesmo texto legal, en canto ós contidos das resolucións, o que pode traducirse, segundo indica o promotor da queixa, nunha situación de nulidade do acto cuestionado (artigo 62 da Lei 30/1992).

## **EXPEDIENTE 79/2006**

### ASUNTO

Queixa en relación coa actividade realizada por un órgano de asistencia social do Concello de Vigo.

### SITUACIÓN

Queixa presentada o 22/12/2006. Con data 27/12/2006 solicítase o preceptivo informe ó servizo de Benestar Social.

---

## CAPÍTULO II: MEDIO AMBIENTE

---

### **EXPEDIENTE 16/2006**

#### ASUNTO

Queixa en relación cos rúidos que soportan os veciños da rúa Vía Norte, tanto de día como de noite, pola actividade dos talleres de Renfe. O promotor da queixa solicitou a protección á que ten dereito no Concello, intentando que se sometese a actividade de Renfe a un procedemento de avaliación da incidencia ambiental e se lle aplicasen, de se-lo caso, as medidas correctoras necesarias.

#### SITUACIÓN

Queixa presentada o 13/03/2006. Con data 16/03/2006 solicítase á Concellería de Medio Ambiente o preceptivo informe, pedimento que tivo que reiterarse o 17/04/2006, o 18/05/2006 e o 12/06/2006.

Con data 16/06/2006 recíbese escrito do Concelleiro Delegado de Medio Ambiente, no que informa o seguinte: *“Con data 6/06/2006 solicítase información ó enxeñeiro técnico de Licenzas e Actividades das actuacións a seguir con respecto ás zonas consideradas de servidume, como rectores do territorio afectado por servidumes sonoras a favor de sistemas xerais de infraestruturas viarias, ferroviarias ou outros equipos públicos que as reclamen”*.

Do anterior dáse cumprida información ó interesado o 19/06/2006 indicándolle que, en datas vindeiras, instarase información actualizada en relación co contido do informe antes citado, o que se fai nas seguintes datas: 13/07/2006, 22/08/2006 e 25/09/2006.

Con data 6/10/2006 recíbese o informe, no que se reflite que se procede a aplicar o disposto na ordenanza municipal e na Lei de rúidos da Xunta de Galicia, polo que se están a realizar as actuacións previas para determinar se concorren circunstancias que xustifiquen a iniciación do expediente.

O anterior trasládase ó promotor da queixa, quen, o 6/11/2006, remite escrito no que proporciona nova información, que se traslada ó Concelleiro Delegado de Medio Ambiente o 8/11/2006, interesando, ademais, información actualizada con respecto ó expediente. Con data 5/12/2006 reitérase o pedimento anterior.

#### REFLEXIÓNS

Coñecido é o dilema entre descansar ou durmir, fronte a determinadas actividades (lecer, dereitos empresariais, servidumes, etc.), dilema que é totalmente falso, xa que o dereito ó descanso é máis primario, máis fundamental. O debate está falseado, o vieiro de integración europea non pode reducirse ó estritamente político-económico.

Hai que lembrar, unha vez máis, a introdución da Ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica producida pola emisión de rúidos e



vibracións que, en realidade, ten que considerarse como algo máis cunha mera lenda. Nela indícase claramente que: *“O ruído é unha das perturbacións ambientais que de xeito máis importante afectan ás persoas, proba diso é o aumento de denuncias por parte das e dos cidadáns.”*

A ordenanza pretende protexer ás persoas e ós bens contra este tipo de agresión, e abrangue a todo tipo de actividades, instalacións e comportamentos que xeren ruídos ou vibracións susceptibles de producir molestias, lesións ou danos materiais ás persoas ou bens situados no municipio.

Sabido é que o ruído pode producir efectos fisiolóxicos non desexados, e que a actividade aludida neste expediente é unha das principais fontes de contaminación, non só pola actividade de circulación ou tráfico, senón tamén pola actividade sectorial dos talleres, polo que é preciso cuantificar a intensidade do ruído e ter en conta, ademais, a duración do mesmo, de aí que sexa preciso actuar sobre as vías de transmisión e nas zonas de recepción.

Hoxe existen decisións xurídicas que obrigan a realizar medicións dos ruídos xerados por actividades similares á que nos ocupa, xa que, en virtude do principio de subsidiariedade proclamado pola Carta Europea de Autonomía Local, os Concellos terán que velar para que os veciños gocen dun medio ambiente axeitado e para que as molestias que producen os aeroportos (ou actividades similares) se reduzan ó máximo.

## RECOMENDACIÓN

Cómpre tomar exemplo da rama laboral do dereito que cada día está concedendo máis importancia ós trastornos que produce a contaminación acústica, pasar de ser o convidado de pedra e adoptar con realismo medidas serias e concluíntes, cortando unha problemática que cada vez se lle vai máis das mans, como se descoñecéndoa fose a desaparecer. A administración, en especial a local, ten que actuar e evitar que o cidadán se converta a cotío en xustizable para poder resolver as situacións anómalas que na súa existencia e paz social provocan os ruídos e todos os seus condicionantes (Izquierdo Carbonero).

## **EXPEDIENTE 24/2006**

### ASUNTO

Queixa en relación coa construción dun peche con metálicos, plásticos, teas e outros materiais que afecta ós veciños e que é visible desde a vía pública, o que contradí a Ordenanza municipal de limpeza pública e tratamento de residuos sólidos urbanos, de 28 de outubro de 1994, en especial o disposto no capítulo II: “Limpeza de terreos e edificios”, que no artigo 13 explicita a obriga de manter os solares, terreos e construcións en constante estado de limpeza, salubridade e ornamento público e, en especial, os visibles desde a vía pública, coa obriga do Concello neste ámbito.

Este feito denúnciase reiteradamente desde outubro do ano 2003.

## SITUACIÓN

Queixa presentada o 19/04/2006. Na mesma data solicítase o preceptivo informe á Concellería de Medio Ambiente, pedimento que se reitera o 18/05/2006 e o 12/06/2006, remitíndose este último á Concellería de Mobilidade e Seguridade, onde trasladaron o expediente desde o servizo de Medio Ambiente. O 13/07/2006 vólvese instar a petición de informe.

Con data 21/07/2006 recíbese escrito do servizo de Seguridade, Circulación e Transportes, no que informa o seguinte: *“Con data 13 de xuño de 2006 produciuse a retirada dos enseres en cuestión por parte da Policía local, e en presenza do arrendador da vivenda referida”*. O anterior trasládase ó interesado o 27/07/2006.

Non se deron actuacións posteriores, polo que o expediente dáse por pechado.

## REFLEXIÓNS

A figura do Valedor do Cidadán nos seus inicios (Valedor do Pobo), tiña como obxectivo a protección dos sectores máis débiles, é dicir, daquelas persoas ás que non chega ou son insuficientes os remedios administrativos ou doutro carácter. O que nun principio naceu como ámbito de defensa contra os abusos da administración, sen pretender substituír a ningunha vía constitucional de control, senón como reforzo das mesmas, pasou a ser un defensor dos dereitos dos cidadáns alleos ó poder administrativo, con total neutralidade social e política e, segundo Pellón Rivero, examina, ademais, as prácticas administrativas, vela pola moral administrativa.

Desde outra perspectiva, supervisa a chamada “mala administración”, que se reflite nos atrasos alarmantes na xestión dos expedientes e solicitudes dos cidadáns, na falta de atención ós mesmos, na negligencia, na falta de acción ou actividade, etc., é dicir, unha serie de comportamentos que xa se contemplan no Código europeo de boa conduta administrativa e que traduce a mala administración cando os organismos ou os seus servidores non obran de conformidade coas normas ou principios ós que deben aterse obrigatoriamente, principios como:

- O tratar os asuntos dentro de prazos razoables e de xeito imparcial e equitativo.
- O dereito a ser escoitado.
- O dereito a acceder ó expediente.
- A que as decisións estean motivadas.
- A reparación de danos.

## RECOMENDACIÓN

Atender puntualmente as peticións formuladas, tendo en conta que as denuncias referidas a este expediente datan do ano 2003.

## **EXPEDIENTE 26/2006**

### ASUNTO

Queixa en relación cos ruídos producidos ata altas horas da madrugada nos locais de Protección Civil e cos cheiros orixinados polo almacenamento de combustible.

### SITUACIÓN

Queixa presentada o 27/04/2006. Con data 2/05/2006 solicítase o preceptivo informe á Concellería de Medio Ambiente, pedimento que se reitera nas seguintes datas: 5/06/2006, 3/07/2006, 9/08/2006 e 7/09/2006.

Con data 6/10/2006 recíbese informe, no que se reflite que se pasa o expediente ó servizo de Participación Cidadá para que informe (cinco meses despois), o que se traslada ó interesado. Con data 7/12/2006 solicítase informe actualizado.

### REFLEXIÓNS

Como continuación ó exposto no expediente 14/2006, cómpre lembrar que existen unha multitude de estudos que relacionan o ruído con alteracións psíquicas de considerable apreciación, tales como inseguridade, inquietude, falta de concentración, astemia, agresividade, irritabilidade, alteracións do carácter, alteracións da personalidade e trastornos mentais, sen esquecer os que o relacionan cos internamentos en psiquiátricos, suicidios, etc., así como a relación e influencia sobre o comportamento solidario (paradoxal coas actividades que se realizan no local ó que se refire o expediente). Está demostrado que o nivel de axuda entre veciños diminúe segundo aumenta o nivel de ruído ambiental; aínda máis, o ruído é tamén o causante da denominada tensión sonora relacionada con ruídos moderados pero continuos e cos estados de embarazo, poboación escolar, etc.

### RECOMENDACIÓN

Prestar a debida atención ós requirimentos da Ordenanza municipal de protección do medio.

## **EXPEDIENTE 44/2006**

### ASUNTO

Queixa en relación coa permanencia de mozos en determinadas rúas ata altas horas da madrugada ás fins de semana, o que provoca contaminación acústica que impide o descanso a quen ten dereito ó mesmo. Esta situación comeza o xoves e remata na madrugada do domingo. O promotor da queixa pregúntase a que se debe a condena que están a padecer durante tres das sete noites da semana e indica que, en ocasións, ten que pedir aloxamento en casa de amigos que viven fóra da zona ou acudir a algún establecemento hostaleiro.

## SITUACIÓN

Queixa presentada o 27/06/2006. Con data 5/07/2006 solicítase o preceptivo informe á Concellería de Medio Ambiente. O 11/07/2006 recíbese unha chamada telefónica desde o servizo de Medio Ambiente indicando a necesidade de dispor dunha medición sonométrica ó efecto, polo que o 19/07/2006 notifícase ó interesado o anterior e indícaselle a conveniencia de que se poña en contacto con esta oficina do Valedor do Cidadán para tratar o tema, indicación que se reitera o 28/09/2006.

Con data 6/10/2006 recíbese informe do servizo de Medio Ambiente, no que indica que o interesado debe solicitar á Policía local unha medición sonométrica e que se pretende declarar a zona como acusticamente saturada. O anterior trasládase ó interesado o 9/10/2006.

Con data 27/11/2006 dirixímonos ó promotor da queixa para que nos informe sobre se solicitou á Policía local a realización da medición sonométrica.

## REFLEXIÓN

Ante esta situación, o cidadán pregúntase como é posible que despois do peche dos locais de lecer, entre as cinco e as seis da madrugada, decenas de persoas permanezan concentradas na rúa, dando gritos, golpeando obxectos, tirando vasos e botellas, facendo as súas necesidades, e demais; de que calidade de vida goza o cidadán, a pesar dos tributos que paga.

Citando a Abraham Lincoln, *“ó final o que importa non son os anos da túa vida, senón a vida dos teus anos”*.

As competencias da administración teñen que adaptarse ós cambios sociais, axeitar as medidas preventivas e educativas da sociedade a quen administra, empregar iniciativas ó respecto, tendo en conta os factores relevantes e outorgar a cada un deles a súa propia importancia, excluindo todo elemento irrelevante. As campañas de cambio social non son un fenómeno novo, ó longo da historia organizáronse este tipo de actividades para acadar melloras sociais; o novidoso é que poucas destas se deben a iniciativas das administracións, senón que é a mesma sociedade quen pretende mellorar o que ten ó seu redor.

O cambio social definiuse a finais do século XX como o feito de alterar a forma coa que os individuos desenvolven as súas vidas, transformando prácticas adversas ou daniñas noutras produtivas que eleven a calidade de vida das persoas.

O artigo 2 da Ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica recolle “os comportamentos que xeren rúidos” e o responsable do seu control é o Concello, realizando cantas inspeccións sexan necesarias e aplicando as sancións correspondentes, no caso de incumprirse o ordenado.

Coñecida é a sentenza do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, que condena a unha Administración pública española por entender que o demandante padeceu unha grave violación do seu dereito ó respecto do seu domicilio como consecuencia da pasi-

vidade da administración no problema do rebumbio nocturno, vulnerando así o artigo 8 do Convenio Europeo.

### RECOMENDACIÓN

Unhas accións áxiles e eficaces no cumprimento da normativa de control da contaminación acústica, subliñando que é a Administración pública a que ten que efectuar as medicións sonométricas, unha vez teña coñecemento do feito denunciado.

### **EXPEDIENTE 45/2006**

#### ASUNTO

Queixa en relación coa colocación dun colector de lixo a un metro da porta dunha vivenda, o que provoca que o lugar estea inzado de moscas, cascudas e ratos, con perigo para a saúde e integridade dos moradores da mesma, entre os que se atopan nenos pequenos, ademais do cheiro insoportable e o depósito de todo tipo de material (mobles, electrodomésticos, etc.).

#### SITUACIÓN

Queixa presentada o 3/07/2006. Con data 4/07/2006 solicítase ó servizo de Sanidade da Concellería de Urbanismo e Medio Ambiente o preceptivo informe, desde onde devolven o escrito por non ser da súa competencia, o que supón unha clara falta de coordinación do órgano receptor (artigo 20.1 da Lei 30/1992). Con data 18/07/2006 dáse traslado do expediente ó servizo de Limpeza, reiterándose a petición de informe o 9/08/2006.

Con data 18/08/2006 recíbese escrito do servizo de Limpeza, no que informa que en data 9/08/2006 recolocaron o colector, con barras de acoutamento, en lugar onde non estorba a ninguén, información que se traslada o 22/08/2006 ó interesado.

Non se deron actuacións posteriores, polo que se dá o expediente por pechado.

#### REFLEXIÓNS

Sen prexuízo do exposto no apartado de situación sobre a falta de coordinación, hai que reflectir a axilidade na resolución deste expediente por parte do servizo correspondente.

### RECOMENDACIÓN

Que se tome exemplo da axilidade na tramitación e resolución da reclamación.

## **EXPEDIENTE 51/2006**

### ASUNTO

Queixa en relación coa solicitude feita polo presidente da Asociación Provincial de Empresarios de Pontevedra pola falta de existencia de puntos limpos para o tratamento dos aparellos eléctricos e electrónicos e a xestión dos seus residuos.

Indica o promotor da queixa que mantiveron unha reunión con responsables do servizo de Medio Ambiente do Concello de Vigo, ademais de comunicar por escrito a súa inquedanza á Sra. Alcaldesa, quen lle comunicou a existencia de terreos para habilitar como puntos limpos unha vez aprobado o Plan xeral de ordenación municipal.

### SITUACIÓN

Queixa presentada o 1/08/2006. Con data 9/08/2006 solicítase o preceptivo informe á Concellería de Medio Ambiente, o cal se reitera o 7/09/2006.

Con data 20/09/2006 recíbese escrito de Medio Ambiente, no que informa que non é posible establecer os puntos limpos ata que non se aprrobe o P.X.O.M.

Con data 25/09/2006 diriximos escrito a Medio Ambiente indicando que a solución ofrecida ten unha viabilidade "sine dia", á vista da tramitación do P.X.O.M., e para non prexudicar especialmente ós numerosos medianos e pequenos comerciantes cómpre dispor duns puntos provisionais para que se dea cumprimento ó Real Decreto 208/2005, en especial ó artigo 403 e á disposición final terceira, buscando así un sistema que impida o deterioro do medio ambiente. O anterior trasládase ó promotor da queixa o 25/09/2006.

Con datas 26/10/2006, 27/11/2006 e 21/12/2006 reitérase o pedimento anterior.

### REFLEXIÓNS

A entrada en vigor do Real Decreto 208/2005, de 25 de febreiro, (BOE 26/02/2005) sobre aparellos eléctricos e electrónicos e a xestión dos seus residuos, segue as directrices da Directiva europea 2002/96/CE e ten como obxectivo primordial reducir a cantidade destes residuos e a perigosidade dos seus compoñentes, fomentando a reutilización dos aparellos e a valorización dos seus residuos e determinar unha axeitada xestión tratando de mellorar a eficacia da protección ambiental. Para tal fin, establécense unha serie de normas aplicables á fabricación do produto e outras relativas á súa correcta xestión ambiental cando debeñan residuo.

A pretensión que se persigue é a mellora do comportamento ambiental de todos os axentes que participan no ciclo de vida dos aparellos eléctricos e electrónicos (produtores, distribuidores e usuarios), especialmente os que se implican directamente na xestión destes residuos.

Establécense medidas de prevención desde o deseño e fabricación, tendendo a limitar o uso de substancias perigosas, e determínase como xestionar os aparellos para diminuir a afección ambiental dos seus residuos.

Cómpre insistir na urxente necesidade de contar coas infraestruturas necesarias, xa que os residuos históricos procedentes de aparellos postos no mercado antes do 13 de agosto de 2005 poden xerar problemas de responsabilidade sobre a súa xestión, que se podería trasladar ó distribuidor (pequeno e mediano comercio sobre todo) mentres a Administración pública non habilite aquelas.

A Administración local terá que prestar, segundo o Real Decreto 208/2005, servizos de recollida, transporte, valorización e eliminación de residuos urbanos. Os municipios de máis de 5.000 habitantes terán que contar cun sistema de recollida selectiva para os residuos derivados e a forma de prestación do servizo poderá ser a través de consorcios, mancomunidades ou outras formas de asociación.

A problemática destes aparellos é considerable: unha gran produción, un mercado en constante crecemento, fabricantes de diversas procedencias (nacionais e estranxeiros), unhas estruturas complexas e con gran variedade de compoñentes, unhas fontes de produción do residuo moi difusas e uns tratamentos diferenciados que, en ocasións, teñen un custo elevado.

A ninguén se lle oculta a urxente necesidade de poder dispor de inmediato das instalacións que se solicitan.

#### RECOMENDACIÓN

A máxima prioridade na xestión encamiñada á instalación dos puntos limpos, aínda que sexan provisionais.

### **EXPEDIENTE 61/2006**

#### ASUNTO

Queixa en relación co estado de abandono dun terreo propiedade do Concello, o que supón un perigo para a saúde dos residentes na zona.

#### SITUACIÓN

Queixa presentada o 6/10/2006, solicitándose o preceptivo informe o 9/10/2006, petición que se reitera o 8/11/2006 e o 4/12/2006.

#### REFLEXIÓNS

As Entidades locais son un dos principais fundamentos dun réxime democrático. O dereito dos cidadáns a participar na xestión pública permite unha administración eficaz e próxima ós mesmos.

Os poderes públicos teñen que velar pola utilización racional dos recursos naturais, contribuíndo á conservación, protección e mellora da calidade do medio ambiente, sobre todo cando o seu descoido afecta á saúde dos cidadáns, e deben establecerse como servizos mínimos a recollida de residuos, a limpeza viaria, a protección sanitaria, etc.

A Ordenanza municipal de limpeza pública e tratamento de residuos sólidos urbanos, subliña como obrigatorio para os propietarios (entre eles o Concello) o mantemento en constante estado de limpeza, salubridade e ornato público das súas propiedades. O Concello, de oficio, ordenará a execución das obras necesarias para conservar aquelas condicións. ¿Que sucede cando o Concello se esquece dos terreos que lle son propios?, ¿a quen sancionará?

### RECOMENDACIÓN

Unhas actuacións áxiles e eficaces en temas que afectan a propiedades municipais en relación coa sanidade e o decoro públicos.

### **EXPEDIENTE 71/2006**

#### ASUNTO

Queixa en relación co rebumbio nocturno que padecen os veciños como consecuencia do denominado “botellón”.

O promotor da queixa indica que presentou tres denuncias durante os sete primeiros meses do ano 2006, sen recibir resposta ningunha e sen que consten actuacións por parte do Concello ó respecto.

#### SITUACIÓN

Queixa presentada o 13/11/2006. Con data 20/11/2006 solicítase o preceptivo informe, petición coa que se achega copia dun estudo efectuado por unha empresa homologada, no que se refliten niveis de contaminación acústica que superan, con carácter grave, os límites permitidos na Ordenanza municipal de protección do medio. Esta petición reitérase o 20/12/2006.

Con data 29/12/2006 recíbese escrito da concellería competente, no que informa que o interesado debe solicitar da Policía local a conseguinte medición santométrica.

#### REFLEXIÓNS

Ten que facerse patente, unha vez máis, a actitude que de “convidado de pedra” adopta a autoridade municipal.

O promotor da queixa achega facturas dun servizo telefónico nas que se recollen vinte e nove peticións de axuda á Policía local nun período de ano e medio, sen que se lle prestase a atención debida, cando a finalidade da ordenanza municipal citada é “protexer ás persoas e ós bens” contra este tipo de agresión, e abrangue a todo tipo de actividades, instalacións e comportamentos que xeren ruidos ou vibracións susceptibles de producir molestias, lesións ou danos materiais a aqueles. Estamos ante un suposto perfilado nitidamente nos artigos 22 e 23 da citada ordenanza, sobre produción de ruidos nas zonas de pública convivencia, con especial referencia ás horas de descanso nocturno.



Obviamente, o problema non é dun determinado aspecto, lugar, actividade ou situación; as medidas preventivas son escasas, falta unha axeitada planificación, especialmente urbana, unha arquitectura urbana que contemple a axeitada insonorización das vivendas, locais, etc.

Pese a que cada vez hai máis decisións xurídicas neste ámbito, as Administracións públicas seguen, facendo oídos xordos, punzando ós cidadáns, obrigándoos a encamiñarse á vía xudicial para dar saída a unhas circunstancias que deberían ser resoltas pola administración dun xeito lóxico e normal e non excepcional, como está a ser.

Neste ámbito, e válido para máis expedientes, é necesario subliñar que, segundo a sentenza do Tribunal Supremo, de 10 de abril de 2003, identifícase como enderezo inviolable o espazo no que o individuo vive, sen estar suxeito necesariamente ós usos e convencións sociais, e onde exerce a súa liberdade máis íntima, polo que o obxecto específico de protección neste dereito fundamental é tanto o espazo físico en si mesmo como o que nel hai de emanación da persoa que o habita. Este dereito fundamental adquiriu unha dimensión positiva en relación co libre desenvolvemento da personalidade, orientada á súa plena efectividade, facéndose imprescindible asegurar a súa protección, non só fronte ás inxerencias de terceiras persoas, senón tamén fronte ós riscos que poidan xurdir nunha sociedade tecnoloxicamente avanzada. Así, o ruído pode chegar a representar un factor psicopatóxeno destacado no seo da sociedade e unha fonte de permanente perturbación da calidade de vida dos cidadáns. Certos danos ambientais, en determinados casos de especial gravidade, poden atentar contra o dereito da persoa ó respecto da súa vida privada e familiar privándoa do goce do seu domicilio, aínda cando non poñan en perigo a saúde das persoas.

En relación co rebumbio provocado polo “botellón”, é preciso que, con medios axeitados como é unha dotación policial, se apliquen as ordenanzas municipais para impedir que se sobrepasen os límites de ruídos, procedendo ó peche dos establecementos que os incumpran, incluso dispersando as concentracións de mozos cando se pasen os citados límites. Non se trata de exercer unha represión policial, pero os dereitos da xente nova a expresarse e reunirse atopan os seus límites nos dereitos dos demais cidadáns á libre circulación, ó descanso e á propia vida, entendida nun senso amplo non só físico, que se menoscaba ó non adoptar a Administración municipal as medidas axeitadas e suficientes para paliar, polo menos en parte, os efectos negativos de cada situación (Tribunal Superior de Xustiza de Andalucía, sentenza do 29 de outubro de 2001).

No traballo publicado pola institución do Valedor do Cidadán sobre Contaminación acústica nocturna na cidade de Vigo, na zona que nos ocupa chegaronse a medir índices de contaminación acústica de entre 62 e 70 dBA.

## RECOMENDACIÓN

Unhas actuacións acordes co disposto na normativa reguladora en defensa dos danos producidos pola contaminación acústica.

## **EXPEDIENTE 73/2006**

### ASUNTO

Queixa en relación co rebumbio nocturno que padecen os veciños, así como a contaminación acústica producida por un establecemento de hostalería.

### SITUACIÓN

Queixa presentada o 6/11/2006. Con data 20/11/2006 solicítase o preceptivo informe, petición coa que se achega copia dun estudio efectuado por empresa homologada, no que se refliten niveis de contaminación acústica que superan, con carácter grave, os límites permitidos na ordenanza municipal de protección do medio. Esta petición reitérase o 20/12/2006.

Con data 29/12/2006 recíbese escrito da concellería competente, no que informa que o interesado debe solicitar da Policía local a conseguinte medición sonométrica.

### REFLEXIÓNS

Ademais das que se refliten no expediente 71/2003, cómpre incidir en determinadas puntualizacións de carácter xenérico. No noso ámbito territorial atopámonos lonxe de chegar a actuacións administrativas, e tamén xudiciais, propias dos países do noso contorno, máis avanzados e “democráticos” no entendemento do que supoñen estes dereitos de “terceira xeración”. O insólito do noso país é que se deba acudir, con tanta frecuencia, á vía xudicial, cando é a administración, coñecedora dos criterios xurisprudenciais, a que ten que adoptar uns criterios que coñece e non lle son alleos (Izquierdo Carbonero).

A desidia da Administración local na defensa do cidadán é unha práctica constante ata o momento, tolerando actividades altamente nocivas, como son as célebres zonas de botellón e, en xeral, de locais de lecer nocturno, onde a música supera os niveis permitidos a altas horas da mañanciña, o ruído dos vehículos de motor e a xente que se concentra nas portas producen uns efectos auditivos sonoros para os veciños que habitan os inmobles próximos e nos arredores realmente insoportables (Domingo Monforte, Bermejo Ferrer e outros).

A xurisprudencia constitucional e administrativa pon de manifesto a transcendencia do ben xurídico protexido, que non é outro que o dereito á protección da saúde, á intimidade persoal e familiar no domicilio, ó benestar e á calidade de vida dos cidadáns, así como o equilibrio dos sistemas naturais.

O medio ambiente urbano está conformado polas condicións de “acougo público” nas que desenvolvemos a nosa existencia (Calvo Charro).

O Tribunal supremo (52/2003) proclama que a contaminación acústica é unha agresión que esixe unha resposta do Dereito.

Para rematar, hai que lembrar a Martin-Retortillo Baquer, que expón a existencia dun apartado que sobresaí, cal é o ruído do lecer, polo que as rúas paradisíacas convértense en infernos, sen que o poder municipal consiga protexer ós cidadáns.

## RECOMENDACIÓN

Unhas actuacións acordes co disposto na normativa reguladora

---

## CAPÍTULO III: MOBILIDADE E SEGURIDADE

---

### **EXPEDIENTE 3/2006**

#### ASUNTO

Queixa en relación cunha sanción de tráfico imposta por efectuar unha parada por tempo inferior a dous minutos, parada necesaria pola necesidade de subministrar mercancías a un cliente. O vehículo do interesado é un furgón destinado ó transporte de mercancías que atopa dificultades para realizar o seu traballo por estar a zona de descarga ocupada por outros vehículos. Trátase dunha simple parada e non dun estacionamento.

#### SITUACIÓN

Queixa presentada o 26/01/2006. Con data 30/01/2006 solicítase o preceptivo informe ó departamento Mobilidade e Seguridade, petición reiterada o 22/02/2006.

Con data 28/02/2006 recíbese escrito de Mobilidade e Seguridade, no que se informa que o condutor presentou alegacións o 03/01/2006, as cales actualmente están tramitándose segundo o procedemento establecido. Do anterior dáse cumprida información ó interesado o 02/03/2006, indicándolle que en datas vindeiras solicitarase información actualizada, o que se fai nas seguintes datas: 22/03/2006, 20/04/2006, 23/05/2006, 21/06/2006, 17/07/2006 e 22/08/2006.

Con data 24/08/2006 recíbese escrito de Mobilidade e Seguridade, no que informa que o procedemento se atopa dentro do prazo legal habilitado conforme o artigo 81.2 do Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo. O anterior trasládase ó interesado, indicándolle que en datas vindeiras instarase nova información actualizada, o que se fai o 24/10/2006, o 23/11/2006 e o 19/12/2006.

#### REFLEXIÓNS

Se ben a Lei 30/1992 estipula no seu artigo 47 a obrigatoriedade de termos e prazos, tanto para as autoridades e persoal ó servizo das Administracións públicas como para os interesados no asunto, non é menos certo que as Administracións públicas non teñen impedimentos para resolver os asuntos encomendados con criterios de axilidade. Non se ten que esperar ó último día, non é preciso esgotar o prazo de un ano dende a iniciación do expediente para ditar resolución.

Un dos fins do Dereito administrativo consiste en potencia-la eficacia administrativa. Ó cidadán o que lle interesa é o bo funcionamento da administración en termos de calidade, axilidade e rapidez, o que supón tamén un maior acercamento na procura da credibilidade (preámbulo da Constitución española, 1978).

A Lei 30/1992, de Réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común, ten como obxectivo lograr unha maior eficacia e servizo ós cidadáns, e considera que, para facer afectiva unha resolución, tense que partir da premissa de que un procedemento administrativo que non sexa áxil e breve é difícil que poida ser unha institución ó verdadeiro servizo dos cidadáns.

Por outra parte, a proba da imaxe captada polo vehículo multamóvil non é un medio de proba que acredite o tempo nin as circunstancias polas que o vehículo estivo inmovilizado, o que induce a dúbidas de que a situación fose de estacionamento e non de parada, como aduce o afectado, que tivo que deixar os paquetes na beirarrúa e precisou, por ende, da axuda do cliente.

Ademais, o feito mencionado debeuse a un claro estado de necesidade obxectivo, algo que sucede igualmente nas motivacións de xustificación penal. O interesado non se comporta desa maneira de forma antixurídica, toda vez que actúa nunha situación de preeminencia xurídica, é dicir, é como un privilexio que se concede a alguén sobre os demais pola súas condicións especiais, as cales veñen marcadas pola actividade que se realiza, que debe ser respectada. Este é un caso no que se cumpre o presuposto básico de estado de necesidade e, por iso, exímeo de responsabilidade.

## RECOMENDACIÓN

A decisión debe axustase, en todo caso, ás circunstancias concorrentes, co obxecto de acadar a debida proporción entre o feito imputado e a realidade, que determinará o grao de responsabilidade, sen esquecer as probadas testemuñas alleas que afectan o feito acontecido. Todo o anterior, sen prexuízo dos posibles defectos que puidesen concorrer no acto de notificación da denuncia.

## **EXPEDIENTE 7/2006**

### ASUNTO

Queixa en relación cunha sanción de tráfico por mal estacionamento. O promotor da queixa solicitou probas fotográficas sobre o motivo da denuncia, sen que lle fosen achegadas. No seu escrito de alegacións indica, ademais, que á hora do feito sancionado non impedía a circulación doutros vehículos ou o movemento de peóns.

### SITUACIÓN

Queixa presentada o 13/02/2006. Con data 13/02/2006 solicítase á Concellería de Mobilidade e Seguridade o preceptivo informe, que se recibe o 02/03/2006, no que informa da resolución do expediente no senso de que se rexeitan as alegacións feitas polo interesado e fai especial mención ó artigo 76 do Real Decreto Lexislativo 339/1990, no que

se recolle que *“as denuncias efectuadas polos axentes de autoridade encargados da vixilancia do tráfico farán fe, salvo proba en contrario, respecto os feitos denunciados”*. Remata indicando que non existe unha norma pola que se estableza a obriga dos axentes de chegar probas fotográficas das denuncias efectuadas durante o servizo de vixilancia do tráfico. Do anterior dáse cumprida información ó interesado o 08/03/2006.

## REFLEXIÓNS

Resulta contradictorio que noutros supostos relacionados coa vixilancia do tráfico si se achegen fotografías polos axentes.

Ten que precisarse a obriga de que, nas acusacións formuladas contra os cidadáns, o proceso que se formule debe contemplar todas as garantías e permitir a utilización dos medios de proba pertinentes para a súa defensa.

O carácter contradictorio do procedemento administrativo supón que todos os intereses que se deciden no mesmo poidan ser explicitados e feitos valer sen prexudicar o dereito do interesado a propor aquelas actuacións que poidan influír na resolución.

## RECOMENDACIÓN

Unhas resolucións homoxéneas e coa axilidade e celeridade observada neste expediente, que se deberían adoptar en todos os supostos de tráfico.

## **EXPEDIENTE 9/2006**

### ASUNTO

Queixa en relación coa actuación da Policía local, que non permitiu ó interesado o acceso á súa vivenda porque se estaba celebrando un partido de fútbol no estadio municipal de Balaídos. Ademais, sancionárono por conducir sen cinto de seguridade, cando o quitou diante do axente para poder coller o carné de conducir que o mesmo lle requirira, feito que provoca a indefensión do condutor e que motiva a queixa polo trato sufrido por parte do axente, que incluso o ameazou con dar parte á Subdelegación do Goberno por alterar a orde pública.

### SITUACIÓN

Queixa presentada o 20/02/2006. Con data 2/03/2006 solicítase o preceptivo informe, petición que se reitera nas seguintes datas: 3/04/2006, 2/05/2006, 05/06/2006, 3/07/2006, 9/08/2006, 7/09/2006, 10/10/2006, 8/11/2006 e 4/12/2006.

### RELEXIÓNS

Resulta chamativo que o axente local inste reiteradamente ó interesado a que presente unha queixa á Sra. Alcaldesa, indicándolle que a outra opción que ten é a de cambiar de enderezo.

Posteriormente, o interesado comprobou desde a fiestra da súa residencia que deixaban pasar a outros vehículos polo mesmo lugar que a el se lle prohibira, o que consideraba unha discriminación. Esta actuación fainos requirir información sobre a existencia dalgunha ordenación de tráfico nesa zona e, se así fose, sobre se está regulado ou non o acceso dos residentes durante os partidos de fútbol, así como se existe algunha reserva de dominio a favor do Real Club Celta de Vigo para o aproveitamento dunha rúa pública e se está regulado o aparcamento reservado para as chamadas persoas “Vips”.

Por outra banda, e isto dáse con frecuencia, é preciso reformar as actitudes pouco axeitadas de axentes locais que, ás veces, contradín o dereito que lles asiste ós cidadáns a ser tratados con respecto e deferencia polas autoridades e funcionarios que deberán facilitarlles o exercicio dos seus dereitos e o cumprimento das súas obrigas, tal como contempla o artigo 35 da Lei 30/1992, sen esquecer o Código Europeo da boa conduta administrativa, que contempla a dilixencia, corrección, cortesía e accesibilidade, e que, no caso de erro, obriga a presentar excusas, corrixindo os efectos negativos da forma máis rápida.

## RECOMENDACIÓN

O cumprimento de legalidade que dimana do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán, que no seu artigo 10.2 establece un prazo máximo de quince días para que as dependencias administrativas remitan o informe fundamentado e completo sobre os feitos obxecto de reclamación, prazo que será ampliable cando concorran circunstancias que o aconsellen, a xuízo do Valedor.

## **EXPEDIENTE 10/2006**

### ASUNTO

Queixa en relación cunha sanción de tráfico por conducir sen cinto de seguridade, situación negada polo interesado toda vez que o seu vehículo dispón dunha alarma acústica e renxente para estes supostos, a cal lle fai imposible a conducción. Ademais, pregúntase como é posible que o axente da Policía local perciba tal situación sen darlle o alto, máxime cando o condutor vestía de gris, cor igual á do cinto.

### SITUACIÓN

Queixa presentada o 21/02/2006. Con data 2/03/2006 solicítase o preceptivo informe á Concellería de Mobilidade e Seguridade, que se recibe o 20/03/2006, no que informa que o 15 de xuño de 2004 formulouse a denuncia correspondente, cando no documento de notificación da denuncia figura como data da mesma o 28/09/2005; indica, ademais, que, unha vez presentado o escrito de alegacións, estas seguen a tramitación habitual, sen que fosen obxecto de resolución na actualidade. Do anterior dáse cumprida información ó interesado.

Con data 24/04/2006 solicítase información actualizada con respecto á situación do expediente, pedimento que se reitera o 24/05/2006, o 21/06/2006, o 17/07/2006 e o 22/08/2006.

Con data 24/08/2006 recíbese información do servizo de Seguridade, Circulación e Transporte, no que se indica que non recae resolución ningunha sobre as alegacións e que o procedemento se atopa dentro do prazo legal habilitado no artigo 81.2 do Real Decreto Lexislativo 339/1990, de 2 de marzo.

Do anterior dáse cumprida información ó interesado, indicándolle que en datas vindeiras solicitarase de novo información actualizada, o que se fai o 24/10/2006, o 23/11/2006 e o 19/12/2006.

## REFLEXIÓNS

Resulta obvio que as Administracións públicas non teñen impedimentos para resolver os asuntos encomendados con criterios de axilidade. Non hai que esperar ó último día para resolver, como xa se expuxo en casos anteriores.

Un procedemento que non sexa áxil e breve é difícil que poida ser unha institución ó verdadeiro servizo dos cidadáns.

Atopámonos con supostos no que a dilixencia e a axilidade na tramitación do procedemento non corresponde cos criterios consagrados na normativa xeral. A eficacia non é mais que un principio activo, o que implica que se está en disposición de obrar, que se actúa con rapidez e eficacia. O principio de actividade non só é desexable, senón indispensable no seu funcionamento, só así acadaremos un achegamento na procura de credibilidade.

Estamos ante un procedemento que se iniciou o 28 de setembro de 2005, sen que se notificase ó denunciado no momento do feito e sen que existiran causas que xustificasen a falta de notificación (intensidade de tráfico, factores metereolóxicos, obras ou outras circunstancias). Dáse ademais a circunstancia de que a comprobación de que o interesado non levaba posto o cinto de seguridade é altamente dificultosa. O que lle permitiría ó axente a súa comprobación exacta sería a detención de vehículo.

Tal como reflite o Código Europeo de boa conduta administrativa, os poderes exercense coa finalidade para a que foron outorgados, tendo ademais en conta os factores relevantes, con actuacións xustas e razoables, xa que das alegacións parece inducirse que o axente municipal actúa cun criterio absolutamente infalible.

Ademais, en todo procedemento administrativo deberá terse en conta que as cuestións presentadas polos interesados constitúen o contido mínimo do mesmo, por canto ó resolverse polo órgano competente, este poderá decidir sobre todas as cuestións suscitadas, fosen ou non presentadas ou alegadas por aqueles.

## RECOMENDACIÓN

Unha axilidade máxima na resolución dos expedientes, así como a atención ás connotacións que xorden das reflexións.



## **EXPEDIENTE 11/2006**

### ASUNTO

Queixa en relación coa baixa do interesado na Agrupación de Voluntarios de Protección Civil. O promotor da queixa indica que a súa intención non era darse de baixa e que non reconece ás persoas que a tramitaron como responsables da agrupación, xa que non foron elixidos de xeito democrático. Para tal fin remitiu varias solicitudes, sen resposta ningunha.

### SITUACIÓN

Queixa presentada o 28/02/2006. Con data 6/03/2006 solicítase o preceptivo informe, petición que se reitera nas seguintes datas: 3/04/2006, 2/05/2006, 05/06/2006, 3/07/2006, 9/08/2006, 7/09/2006, 10/10/2006, 8/11/2006 e 4/12/2006.

### REFLEXIÓNS

A regulación que fai a Lei 30/1992, artigo 35, como catálogo xeral dos dereitos dos cidadáns, ó entender de Sánchez Blanco, supón que a Administración pública non é só unha organización que exerce potestades, senón un conxunto de organizacións que prestan servizos e que demandan operar cunha “estratexia global”, orientadas ó obxectivo de mellora-la eficacia interna da administración que, neste caso, non se axusta ó disposto no Regulamento da agrupación municipal de voluntarios de protección civil de Vigo, aprobado polo Pleno da Excm. Corporación en sesión celebrada o 29 de outubro de 2001 (BOP. número 233, de 4 de decembro de 2001), polo que esta actuación supón, a todas luces, unha desviación de poder.

Estamos ante unha manifestación da vontade administrativa que se fai prescindindo total e absolutamente do procedemento legal establecido, o que implica a nulidade do acto, segundo o artigo 62 da Lei 30/1992, de 26 de novembro.

### RECOMENDACIÓN

O cumprimento da legalidade que dimana do artigo 10.2 do Regulamento orgánico do Valedor de Cidadán, en relación co prazo establecido para a emisión dos informes solicitados, así como o cumprimento do regulamento específico da actividade á que se refire este expediente.

## **EXPEDIENTE 17/2006**

### ASUNTO

Queixa en relación cunha sanción de tráfico por estacionar en zona de carga e descarga. O interesado, que é minusválido, estacionou o vehículo nunha rúa na que non existen prazas de aparcamento reservadas para minusválidos o tempo indispensable para deixar un material destinado a encadernación.



## SITUACIÓN

Queixa presentada o 13/03/2006. Con data 16/03/2006 solicítase o preceptivo informe, petición que se reitera o 17/04/2006, o 18/05/2006, o 12/06/2006 e o 13/07/2006.

Con data 21/07/2006 recíbese escrito do departamento de Seguridade, Circulación e Transporte, no que se fan consideracións ás alegacións formuladas por esta Institución na solicitude de informe, tales como que se dá un comportamento humano ó estacionar, así como unha antixuridicidade ou culpabilidade, xa que o interesado alegou ante a policía a circunstancia que lle obriga a deixar o coche na zona de carga e descarga, dándose un resultado potencialmente danoso. Do anterior dáse cumprida información o interesado o 27/07/2006, facendo alusión ó que se reflite como reflexións, e que, á súa vez, se lle comunica á concellería competente o 9/08/2006, sen que se desen máis actuacións.

## REFLEXIÓN

É obvio que o interesado realizou un acto, unha conduta activa derivada dunha necesidade obxectiva, actitude que incide igualmente nas motivacións de xustificación penal. Non obra, non se comporta desa maneira dunha forma antixurídica, toda vez que actúa nunha situación de preeminencia xurídica, é dicir, é como un privilexio que se concede a alguén sobre os demais polas súas condicións especiais; polo tanto, ten dereito a actuar así e a poder esixir que ese dereito se lle respecte. Este é un caso no que se cumpre o presuposto básico do estado de necesidade, e por isto exime ó interesado da responsabilidade, entendendo que a motivación da sanción non responde ós fins da actividade administrativa, que se orienta á promoción do interese público e está suxeito a ineludibles imperativos de moralidade.

Para tal fin, sería necesario ter en conta o Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei de accesibilidade e superación de barreiras da Comunidade Autónoma de Galicia, no que se recoñece a autorización para que os vehículos ocupados polas devanditas persoas (minusválidos) poidan deterse na vía pública durante o tempo imprescindible e sempre que non entorpezan a circulación rodada ou peonil.

Hai que entender que a duración do estacionamento e a hora e o lugar da infracción non entorpecería de xeito moi relevante, tendo en conta os presupostos anteriores.

## RECOMENDACIÓN

O cumprimento da legalidade que dimana do artigo 10.2 do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán, en relación co prazo establecido para a emisión do informe solicitado, así como do disposto no Decreto 35/2000 antes citado.

Tamén hai que recapacitar sobre o nivel que se acada neste ámbito en canto á adaptación ó contido das recomendacións do Consello de Europa de 4 de xuño de 1998, así como da Lei 13/1982.

## **EXPEDIENTE 19/2006**

### ASUNTO

Queixa en relación coa situación que está a padecer unha comunidade de veciños debido ó estado en que deixan unha praza pública os estudantes dun centro educativo os días hábiles, problema que se agrava os venres, entre as 18.30 e as 21 horas, polo consumo de certas substancias, especialmente porros. Sinalan os interesados que avisaron á Policía local e que se presentou en todas as ocasións, pero que é necesaria unha vixilancia diaria, cousa que non se fai.

### SITUACIÓN

Queixa presentada o 22/03/2006. Con data 23/03/2006 solicítase o preceptivo informe, petición que se reitera nas seguintes datas: 20/04/2006, 23/05/2006, 21/06/2006, 17/07/2006 22/08/2006, 26/09/2006, 24/10/2006, 23/11/2006 e 19/12/2006.

### REFLEXIÓN

Así como os propietarios ou titulares de inmobles ou establecementos teñen que manter limpas as paredes e fachadas de calquera tipo de anuncio, ademais da prohibición de colocar carteis e realizar pintadas en paredes, muros, fachadas, papeleiras, etc., o Concello ten que utilizar todos os mecanismos coactivos que a lexislación pon á súa disposición, mantendo unha vixilancia acorde coa frecuencia coa que os actos vandálicos ou indecorosos se producen.

### RECOMENDACIÓN

O cumprimento da legalidade que dimana do artigo 10.2 do Regulamento orgánico do Valor do Cidadán, en relación co prazo establecido para a emisión do informe solicitado, así como efectuar unha vixilancia que determine unha efectiva convivencia nos lugares públicos.

## **EXPEDIENTE 28/2006**

### ASUNTO

Queixa en relación con tres notificacións de denuncias de tráfico do vehículo multamóbil da Policía local por estacionar en dobre fila, dúas cometidas no mes de outubro e unha no mes de decembro de 2005.

### SITUACIÓN

Queixa presentada o 2/05/2006. Con data 3/05/2006 solicítase o preceptivo informe, petición que se reitera o 5/06/2006 e o 3/07/2006.

Con data 21/07/2006 recíbese escrito do servizo de Seguridade, Circulación e Transporte, no que subliña a aplicación estrita do Real Decreto Lexislativo 339/1990, de 2 de marzo. Do anterior dáse cumprida información ó interesado o 27/07/2006.

## REFLEXIÓNS

Por unha parte, as que fai o interesado nas súas alegacións: trátase dun profesional do transporte que se dedica a recoller e entregar paquetería, polo que lle cómpre estacionar cerca dos establecementos de reparto, pero o máis práctico sería facelo nos lugares habilitados para carga e descarga, xa que resulta imposible atopar aparcamento fronte os destinatarios da mercancía. Indica que cando atopa as zonas habilitadas para carga e descarga ocupadas, procede a chamar á Policía local, pero esta non sempre aparece e non lle queda máis remedio que estacionar en dobre fila para poder realizar o seu traballo, o cal lle proporciona o sustento; de non facelo, perdería os clientes.

O promotor da queixa insiste na petición de que o Concello ten que buscar unha solución ó problema formulado para que a vixilancia das zonas reservadas sexa efectiva, de xeito que tales zonas se dediquen ós fins para as que foron habilitadas.

Por outro lado, estamos, unha vez máis, ante unha conduta activa derivada dunha necesidade obxectiva e incuestionable. O cidadán non se comporta desa maneira dunha forma antixurídica, actúa nunha situación de preeminencia xurídica. É como un privilexio que se concede a alguén sobre os demais polas súas circunstancias especiais, porque a súa actividade, a súa vida, está condicionada por ese tipo de actividade, pola que satisfai un prezo, un imposto, e tal actividade atópase coartada pola acción antixurídica de terceiros.

Ademais, non se debe esquecer a cuestionabilidade das sancións impostas polo multamóbil. Existen sentenzas que poñen en dúbida a súa actuación pola falta de notificación no momento da denuncia, xa que na mesma non consta a causa concreta e específica pola que non foi posible notificar no acto ó suposto infractor, o cal se atopa próximo ó vehículo.

## RECOMENDACIÓN

A obxectividade no tratamento de supostos como o que nos ocupa por situacións alegadas e comprobadas de estado de necesidade e establecer tratamentos identificativos nas operacións do multamóbil.

### **EXPEDIENTE 31/2006**

#### ASUNTO

Queixa en relación coa situación na que se atopa un colectivo de traballadores pola permanente presión da actuación da Policía local debido ás dificultades de aparcamento nas proximidades da rúa Cánovas del Castillo. A falta de lugares apropiados para aparcar é manifesta, polo que se senten en inferioridade de condicións con respecto a outros cidadáns, tamén traballadores, que dispoñen de lugares reservados para eles.

## SITUACIÓN

Queixa presentada o 23/05/2006. Con data 23/05/2006 solicítase o preceptivo informe, petición que se reitera o 22/06/2006, o 18/07/2006, o 22/08/2006, o 26/09/2006, o 24/10/2006, o 23/11/2006 e o 20/12/2006.

## REFLEXIÓNS

Existen dificultades para aparcarse nunha parte da cidade na que hai unha zona reservada para carga e descarga pola actividade derivada dun mercado que exerce a súa actividade polas mañás, polo que tal necesidade non existe polas tardes, momento do día para o que se podería adapta-lo aparcamento para aqueles traballadores doutros sectores que si teñen actividade pola tarde.

Os afectados séntense discriminados pola situación exposta e consideran relevante que a Policía local non atenda co mesmo celo outras actividades que son realmente nocivas (botellón, accesos a centros educativos con venta e consumo de substancias nocivas, etc.).

## RECOMENDACIÓN

O cumprimento de legalidade que dimana do artigo 10.2 do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán, que establece un prazo máximo de quince días para que as dependencias administrativas remitan o informe fundamentado e completo sobre os feitos obxecto de reclamación.

A revisión e o estudo de situacións como a presente que permita un axeitado desenvolvemento das necesidades derivadas da mobilidade dos cidadáns.

## **EXPEDIENTE 35/2006**

### ASUNTO

Queixa en relación coas dificultades que ten o interesado para acceder á súa vivenda polo feito de ter sinais de dirección prohibida en ambos os dous sentidos, sendo sancionado nunha ocasión, non obstante facer uso dunha autorización verbal pola que se lle permitía aparcarse entre as 20 e as 8 horas.

Hai que ter en conta, ademais, que os bolardos fixos impiden o acceso de servizos necesarios (butano, etc.) e existe un sinal que só permite o paso ós vehículos de emerxencia.

O interesado tramitou unha solicitude ó respecto en abril de 2006, sen obter resposta ningunha.

## SITUACIÓN

Queixa presentada o 7/06/2006. Con data 8/06/2006 solicítase o preceptivo informe, petición que se reitera nas seguintes datas: 12/07/2006, 9/08/2006, 18/09/2006, 23/10/2006, 22/11/2006 e 13/12/2006.

## REFLEXIÓNS

Independentemente das razóns polas que se prohibe a mobilidade na rúa en cuestión, sería desexable unha revisión exhaustiva que delimitara fidedignamente as limitacións, coa posibilidade de acceso restrinxido ós veciños da rúa mediante unha reordenación dos bolardos, como existe noutras rúas con limitacións de mobilidade.

Por outra banda, o interesado ten dereito a recibir información puntual e detallada en relación coa solicitude formulada no seu día.

## RECOMENDACIÓN

O cumprimento de legalidade que dimana do artigo 10.2 do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán, que establece un prazo máximo de quince días para que as dependencias administrativas remitan o informe fundamentado e completo sobre os feitos obxecto de reclamación.

A revisión da situación dos bolardos, adaptándoos ás medidas de mobilidade, como noutras rúas.

## **EXPEDIENTE 36/2006**

### ASUNTO

Queixa en relación cunha sanción de tráfico imposta por aparcarse de forma incorrecta. O interesado aparcou o seu vehículo detrás doutro, sen impedirle a mobilidade, nunha zona en forma de triángulo de considerable amplitude. A sanción tipifícase “por estacionarse no medio da calzada”. O interesado formulou as alegacións pertinentes, coas que achegou un bosquejo no que explicaba que a rúa quedaba libre. O Concello achegou, no seu momento, unhas fotografías da situación do vehículo, das que resulta que o vehículo sancionado non ocupa o centro da calzada, como se indica na denuncia e na proposta de resolución, o que suporía unha descrición errónea dos feitos. Indica o interesado que no Concello se lle comunicou que se realizaría un acareo co axente municipal.

### SITUACIÓN

Queixa presentada o 8/06/2006. Con data 12/06/2006 solicítase o preceptivo informe, petición que se reitera o 12/07/2006 e o 9/08/2006.

Con data 24/08/2006 recíbese escrito do servizo de Seguridade, Circulación e Transporte, no que se informa que as fotografías se poderían sacar desde outros sitios ou enfoques e que o vehículo ocupa un terreo non reservado para o aparcamento. Do anterior dáse cumprida información ó interesado o 28/08/2006.

## REFLEXIÓNS

Neste tipo de sancións, a Administración pública utiliza unha práctica de modo mecánico, xustificando a acción cunha enunciación literal, cando deberían ponderar as

circunstancias concorrentes, a situación, a imaxe real das fotografías, a influencia sobre o resto da mobilidade e a circulación.

A apostila dos axentes ó expoñer que se ratifican na denuncia é repetitiva, como única proba documental a ter en conta no procedemento, sen outra motivación coherente, o que non responde ó sentir da actividade administrativa que ten, por esencia, a finalidade de promover o interese público.

A administración está obrigada a facilitar cantos medios de proba sexan necesarios para substanciar a versión real dos feitos, incluída unha declaración do axente denunciante que non se limite a reafirmarse na denuncia.

¿Que sucedeu co acareo anunciado?

### RECOMENDACIÓN

Hai que ter en conta, neste suposto e noutros análogos, a ponderación das circunstancias concorrentes, co obxecto de acadar a necesaria e debida proporción entre os feitos e a responsabilidade.

## **EXPEDIENTE 38/2006**

### ASUNTO

Queixa en relación coa asignación dun posto de venta na praia de Samil coa correspondente licenza do Concello. Co parcelamento dos postos de venta, ó interesado asignóuselle un determinado, de acordo co sorteo feito polo Concello, segundo consta na autorización expedida pola concellería competente. Posteriormente, sen aviso ningún e sen a posibilidade de facer alegacións, procederon a cambiar a situación do seu posto, pasando de 1ª a 2ª fila, polo que se considera prexudicado de forma clara.

O promotor da queixa indica que se dirixiu en repetidas ocasións á concellería competente, sen recibir ningunha explicación ó respecto, que se lle concederon tres entrevistas co Sr. Concelleiro e outras persoas da concellería, que sempre foron canceladas, e que está pendente da renovación do permiso.

### SITUACIÓN

Queixa presentada o 15/06/2006. Con data 19/06/2006 solicítase o preceptivo informe, petición que se reitera o 9/08/2006, o 18/09/2006, o 23/10/2006, o 22/11/2006 e o 13/12/2006.

### REFLEXIÓNS

A Administración pública está sometida a unhas pautas de comportamento en canto á información e comunicación cos cidadáns que aseguren a transparencia da súa actividade e unha maior proximidade ós mesmos.

Estas actuacións teñen que servir de garantía específica para o cidadán, o cal ten o dereito á tutela do seu dereito mediante a subministración da información precisa que merecen as súas alegacións, adoptando a administración unha acción puntual en virtude das funcións que ten asignadas. O poder público ten a obriga de promover as condicións de igualdade dos individuos.

## RECOMENDACIÓN

O cumprimento de legalidade que dimana do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán, que no seu artigo 10.2 establece un prazo máximo de quince días para que as dependencias administrativas remitan o informe fundamentado e completo sobre os feitos obxecto de reclamación.

Unha aclaración ó interesado do cambio da praza adxudicada por sorteo.

## **EXPEDIENTE 39/2006**

### ASUNTO

Queixa en relación coa retirada dun vehículo polo guindastre municipal dun taller de reparación e coa sanción imposta por obstaculiza-la saída doutro vehículo.

Na alegación formulada polo propietario do taller clarifica a situación, indicando que o taller se atopa nunha rúa particular, sen competencia municipal, e que o vehículo obxecto da sanción estaba aparcado na parte do taller para que o recollese o propietario unha vez reparado e non impedía o paso a ninguén.

### SITUACIÓN

Queixa presentada o 15/06/2006. Con data 19/06/2006 solicítase o preceptivo informe á Concellería de Mobilidade e Seguridade. Ademais, con data 20/06/2006 solicítase ó servizo de Patrimonio informe da titularidade da vía na que se atopa o taller en cuestión, o cal se recibe desde a Área de Participación e Atención Cidadá o 4/07/2006, no que se indica que *“non figura de alta no inventario municipal a propiedade que figura no enderezo que se achega. Xúntase ó presente informe e planos da situación da planimetría oficial do Inventario Municipal”*.

Do anterior dáse cumprida información á Concellería de Mobilidade e Seguridade, o 5/07/2006 e o interesado, o 6/06/2006.

Con datas 13/07/2006, 9/08/2006, 18/09/2006, 23/10/2006, 22/11/2006 e 13/12/2006 reitérase o pedimento de información á Concellería de Mobilidade e Seguridade.

### REFLEXIÓNS

En primeiro lugar, hai que incidir en que a duplicidade da sanción (propietario do vehículo e propietario do taller) non son axustadas, toda vez que non se dá ningunha das

situacións, verdadeiros erros imputables á administración que derivan na nulidade dos expedientes.

Por unha parte, o vehículo atópase nunha rúa privada e non obstaculiza o tráfico e, pola outra, non existe condutor nin acto de conducción, xa que o vehículo está aparcado. O propietario infírese da súa matrícula.

A finalidade do procedemento é unitaria, protéxese a orde xurídica e o dereito do particular, favorecendo sempre a participación de terceiros, o propietario do taller, e non se pode rexeitar, sen máis, o medio probatorio alegado. Estase a aplicar de xeito mecánico un criterio equivocado dunha contravención que non é tal, segundo unha simple enunciación literal. Non existe un comportamento humano negativo, unha culpabilidade.

Segundo a sentenza do Tribunal Supremo, de 7 de marzo de 1996, a discrecionalidade que se lle outorga á administración na imposición de sancións, dentro dos límites legalmente previstos, debe ser desenvolvido ponderando en todo caso as circunstancias concorrentes, co obxecto de acadar a necesaria e debida proporción entre os feitos imputados e a responsabilidade esixida, dado que toda sanción debe determinarse en congruencia coa entidade da fracción cometida e segundo un criterio de proporcionalidade que constitúe un principio normativo que se impón como un precepto máis á administración e que reduce o ámbito das súas potestades sancionadoras.

## RECOMENDACIÓN

O cumprimento de legalidade que dimana do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán, que no seu artigo 10.2 establece un prazo máximo de quince días para que as dependencias administrativas remitan o informe fundamentado e completo sobre os feitos obxecto de reclamación.

A anulación dos expedientes por erros imputables á Administración local.

## **EXPEDIENTE 40/2006**

### ASUNTO

Queixa en relación cunha sanción de tráfico por estacionar en dobre fila e sen condutor.

### SITUACIÓN

Queixa presentada o 15/06/2006. Unha vez analizada, o 9/06/2006 comunícaselle ó interesado que, estudiada a documentación que achegou, cabe concluír que a cualificación da infracción e o importe da sanción aplicados son acordes coa lexislación vixente neste ámbito, polo que se estima que non procede promover a investigación sumaria e informal ó respecto.



## **EXPEDIENTE 46/2006**

### ASUNTO

Queixa en relación cunha reclamación presentada no Rexistro Xeral do Concello, na que o promotor da queixa indica que rega as plantas da súa terraza, que discorre por un oco único en dirección á canle de recollida situada na divisoria da terraza continua, é dicir, do piso lindeiro. O veciño, con permiso municipal, modificou e ampliou a súa terraza, o que ocasionou problemas de humidades a terceiros.

O 30/05/2006, despois de rega-las plantas, o interesado recibiu a visita da Policía municipal para verificar os danos por denuncia do seu veciño. O interesado indica que ó día seguinte (31/05/2006) a súa terraza recibira as augas procedentes do rego das plantas do veciño denunciante. Ante isto, pregúntase que fundamento e proba alegou o seu veciño para pór en movemento tan urxente á Policía.

Por todo, considera unha actuación non axeitada da Policía ou un mal exemplo do que se facía noutra época, xa que quen ten problemas de humidades con terceiros aproveitase da súa influencia no Concello para favorecer a actuación municipal.

### SITUACIÓN

Queixa presentada o 11/07/2006. Con data 12/07/2006 solicítase o preceptivo informe, petición que se reitera o 22/08/2006, o 29/09/2006, o 23/10/2006, o 22/11/2006 e o 20/12/2006. No escrito de reiteración do 22/11/2006 faise constar que interesado, o 20/11/2006, achega escrito queixándose de que non recibe información de ningún.

### REFLEXIÓNS

O promotor da queixa foi obxecto dunha inspección realizada pola vía de máxima urxencia, coma se dunha catástrofe se tratase, e pregúntase que ocorrería se o denunciante fose el. Porén, non recibiu ningunha explicación ou información da solicitude entregada no Concello o 9/06/2006.

O interesado ten dereito a ser informado e orientado acerca das motivacións que deron lugar a unha actuación municipal ben entrada a noite. Recibiu un mes despois (10/07/2006) unha chamada telefónica dun axente que non pasou das “boas palabras”, cando o interesado tivo que formular a súa queixa por escrito, segundo o Real Decreto 208/1996. Habería que informar ó cidadán das actuacións e medidas adoptadas mediante escrito.

### RECOMENDACIÓN

O cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán, que no seu artigo 10.2 establece un prazo máximo de quince días para que as dependencias administrativas remitan o informe fundamentado e completo sobre os feitos obxecto de reclamación.

Informar ó cidadán de xeito congruente.

## **EXPEDIENTE 48/2006**

### ASUNTO

Queixa en relación coa retirada dun vehículo da vía pública por aparente abandono do mesmo. O automóbil atopábase correctamente estacionado na rúa debido ás obras que se estaban a realizar no garaxe do promotor da queixa e este non recibiu notificación ningunha no seu domicilio ó respecto.

### SITUACIÓN

Queixa presentada o 18/08/2006. Solicítase o preceptivo informe o 19/07/2006, petición que se reitera o 22/08/2006, o 25/09/2006, o 23/10/2006, o 22/11/2006 e o 20/12/2006.

### REFLEXIÓNS

O vehículo non estaba en situación de abandono e a notificación efectuada non foi correcta, xa que existen probas mediante documentos oficiais de que o enderezo do interesado non é o que figura na notificación que se indica en relación co expediente de abandono. Este feito supón unha situación de indefensión do promotor da queixa por un erro da Administración municipal.

### RECOMENDACIÓN

O cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán, que no seu artigo 10.2 establece un prazo máximo de quince días para que as dependencias administrativas remitan o informe fundamentado e completo sobre os feitos obxecto de reclamación.

A declaración da nulidade do expediente, xa que os datos non son verdadeiros por erro imputable ó Concello, o arquivo do mesmo e a corrección dos danos ocasionados.

## **EXPEDIENTE 52/2006**

### ASUNTO

Queixa en relación cunha sanción de tráfico imposta polo vehículo multamóbil, indicando na notificación da sanción *“por non identificar ó conductor habendo sido requerido para elo”*, medida que non foi comunicada ó afectado mediante o aviso correspondente. O interesado manifesta que o vehículo sancionado foi entregado nun taller para despece no mes de decembro de 2005, polo que facía máis de seis meses que estaba retirado da circulación.

### SITUACIÓN

Queixa presentada o 17/08/2006. Solicítase o preceptivo informe o 22/08/2006, petición que se reitera o 25/09/2006, o 23/10/2006, o 22/11/2006 e o 20/12/2006.

## REFLEXIÓNS

Estamos ante unha notificación incorrecta que se formula no momento da denuncia, xa que se indica que o feito denunciado é por non identificar o conductor, sendo requirido para iso. Os datos omitidos proceden dun erro propio da administración, o que debe concluír coa anulación do expediente e a devolución do importe da multa.

## RECOMENDACIÓN

O cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán, que no seu artigo 10.2 establece un prazo máximo de quince días para que as dependencias administrativas remitan o informe fundamentado e completo sobre os feitos obxecto da reclamación.

A anulación do expediente instruído e a devolución do importe da sanción.

## **EXPEDIENTE 54/2006**

### ASUNTO

Queixa en relación cunha sanción de tráfico imposta polo vehículo multamóvil por estar estacionado en zona de carga e descarga no número 228 da rúa Sanjurjo Badía. O interesado indica, e así o fixo constar no escrito de alegacións entregado o 21/07/2006 no Rexistro Xeral do Concello, que no enderezo indicado non existe zona reservada a carga e descarga e, ademais, na fotografía oficial non figura o número do portal nin se recolle visión ningunha da citada zona, a cal se atopa no número 300 da citada rúa.

### SITUACIÓN

Queixa presentada o 29/08/2006. Solicítase o preceptivo informe o 30/08/2006 que se reitera o 28/09/2006, o 26/10/2006, o 27/11/2006 e o 21/12/2006.

## REFLEXIÓNS

Estamos ante unha situación na que se dá un evidente erro imputable á administración. Os datos que figuran na denuncia non son verdadeiros, polo que o expediente debe declararse nulo e arquivarse e proceder á devolución do importe satisfeito polo interesado.

## RECOMENDACIÓN

O cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán, que no seu artigo 10.2 establece un prazo máximo de quince días para que as dependencias administrativas remitan o informe fundamentado e completo sobre os feitos obxecto de reclamación.

A anulación do expediente en cuestión e a devolución do importe da multa percibida.

## **EXPEDIENTE 55/2006**

### ASUNTO

Queixa en relación cunha sanción de tráfico imposta polo vehículo multamóbil por estar parado en zona non autorizada.

O motivo da parada foi que o interesado coidaba dunha nena pequena que se puxo a chorar desesperadamente. Esta situación obrigoulle a deter o coche, aproveitando un treito de parada reservada ó autobús, para evitar un mal maior, debido á desesperación da nena.

### SITUACIÓN

Queixa presentada o 6/09/2006. Con data 20/09/2006 solicítase ó promotor da queixa documentación complementaria, que se recibe o 25/09/2006.

Con data 26/09/2006 solicítase o preceptivo informe á Concellería de Mobilidade e Seguridade, petición que se reitera o 26/10/2006, o 27/11/2006 e o 21/12/2006.

### REFLEXIÓNS

A imaxe captada polo vehículo multamóbil, unha vez máis, non supón un medio de proba suficiente que acredite os motivos e circunstancias polas que o vehículo sancionado se atopa parado no lugar que se subliña na denuncia. É obvio que tal motivo puido deberse a un estado de necesidade, que sería comprobable polo axente municipal cunha simple parada do vehículo oficial. O interesado veuse obrigado a deter o vehículo, posiblemente, para evitar un mal maior. Podería comprobarse que non existe un comportamento antixurídico, senón que a situación deriva dun estado de necesidade digno de ter en consideración; cabe incluso a posibilidade de que o afectado puidese necesitar a axuda da autoridade.

### RECOMENDACIÓN

O cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán, que no seu artigo 10.2 establece un prazo máximo de quince días para que as dependencias administrativas remitan o informe fundamentado e completo sobre os feitos obxecto de reclamación.

## **EXPEDIENTE 56/2006**

### ASUNTO

Queixa en relación coa falta dun servizo completo nas liñas C1 ou C2 de Vitrasa, que circulan pola praza de España. O promotor da queixa solicita que os sábados e domingos pola tarde, as citada liñas se acheguen ata o monte do Castro, tal como existe na Madroa. Con isto facilitaríase a visita ó primeiro miradoiro de Vigo, con especial interese para as persoas da terceira idade.

## SITUACIÓN

Queixa presentada o 8/09/2006. Solicítase o preceptivo informe o 11/09/2006, que se reitera o 9/10/2006, o 8/11/2006 e o 4/12/2006.

## REFLEXIÓNS

Cómpre promover e remover as medidas que faciliten as condicións de igualdade dos individuos e dos grupos e remover os obstáculos que dificultan o progreso e a calidade de vida dos cidadáns para dar maior calidade ós anos de vida dos colectivos nesta situación. Con iso, accédese a unha mellora no benestar social mediante un sistema de servizos sociais e, neste caso, mediante a ampliación da mobilidade para atender a situacións culturais e de lecer.

O equilibrio social sempre estivo vinculado co florecemento municipal, facilitando o acceso a determinados ámbitos de espaxamento cultural, paisaxístico, de relacións cos outros cidadáns, etc. A participación é unha das claves do deseño das cidades.

## RECOMENDACIÓN

O cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán, que no seu artigo 10.2 establece un prazo máximo de quince días para que as dependencias administrativas remitan o informe fundamentado e completo sobre os feitos da reclamación.

Unha resposta satisfactoria a unha loable solicitude, formulada polo interesado o 13/07/2006.

### **EXPEDIENTE 76/2006**

#### ASUNTO

Queixa en relación coa denegación dunha tarxeta de aparcamento para minusválido.

#### SITUACIÓN

Queixa presentada o 5/12/2006. Coa mesma data solicítase o preceptivo informe.

---

## CAPÍTULO IV: PARTICIPACIÓN CIDADÁ

---

### **EXPEDIENTE 4/2006**

#### ASUNTO

Queixa en relación co idioma no que o interesado quere que se lle dea resposta ás súas solicitudes.

## SITUACIÓN

Queixa presentada o 2/02/2006. Con data 9/03/2006 dáse resposta ó promotor da queixa desde a oficina do Valedor do Cidadán.

## REFLEXIÓNS

Reflítense no escrito de contestación ó interesado:

*“...De acordo co artigo 3 da Constitución española, o castelán é a lingua española oficial do Estado, que todos os españois teñen o deber de coñecer e o dereito a usar e que as demais linguas españolas tamén serán oficiais nas respectivas Comunidades Autónomas, de acordo cos seus estatutos.*

*O artigo 5 do Estatuto de Autonomía de Galicia sinala que a lingua propia de Galicia é o galego, que os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o dereito de coñecelos e usalos, que os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán a utilización do galego en todas as ordes da vida pública, cultural e informativa e disporán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento e que ningún poda ser discriminado por razón da lingua.*

*O artigo 4 da Lei de normalización lingüística establece que o galego, como lingua propia de Galicia, é a lingua oficial das institucións da Comunidade Autónoma de Galicia, da súa administración, da administración local e das entidades públicas dependentes da Comunidade Autónoma e que tamén o é o castelán, como lingua oficial do Estado...”*

## RECOMENDACIÓN

Indícase ó promotor da queixa que está no seu dereito a recibir en castelán as comunicacións do Concello de Vigo, agora ben, este está obrigado a cumprir as normas citadas, polo que tampouco poderá discriminar ó cidadán polo uso do galego.

Conclúese que, ante o amparo solicitado, cómpre que nos indique cal é a documentación que desexa recibir en castelán, indicación que non se recibiu.

## **EXPEDIENTE 14/2006**

### ASUNTO

Queixa en relación coa facturación do consumo de auga e coa substitución dun contador de auga caducado por parte de Aqualia. O interesado indica que o contador leva un ano caducado e pregunta quen é o responsable do mantemento e actualización do mesmo.

## SITUACIÓN

Queixa presentada o 10/03/2006. Con data 16/03/2006 solicítase o preceptivo informe, petición que se reitera o 17/04/2006.

Con data 16/05/2006 recíbese escrito da Área de Participación Cidadá, o que se xunta informe da empresa Aqualia sobre o obxecto da queixa. No mesmo díse que a lectura do contador foi correcta e que o incremento do consumo débese a unha fuga ou avaría que sería responsabilidade do propietario do inmovible. Do anterior infórmase ó interesado o 18/05/2006, sen que se dean actuacións posteriores.

## REFLEXIÓNS

O incremento do consumo de auga non é debido ó mal funcionamento do contador, senón a elementos alleos o mesmo, que non son imputables á concesionaria.

## RECOMENDACIÓN

Unha vez máis, a Área de Participación serve de exemplo en canto á axilidade e eficacia na súa colaboración coa Institución do Valedor do Cidadán.

## **EXPEDIENTE 18/2006**

### ASUNTO

Queixa en relación coa facturación por consumo de auga.

O promotor da queixa subliña que se establece un prezo por m<sup>3</sup> de consumo mínimo e outro polo que excede do mesmo, o que considera un fraude ó usuario, ademais de que as lecturas se efectúan ós 65-69 días, polo que na maioría dos casos é nese período de demora cando se produce o salto de bloque, co conseguinte prexuízo económico. O correcto sería pasar a lectura ós 58-60 días, como máximo, e, no caso contrario, facturar polo mínimo e facer o axuste na factura seguinte.

### SITUACIÓN

Queixa presentada o 20/03/2006. Con data 21/03/2006 solicítase o preceptivo informe, petición que se reitera o 19/04/2006.

Con data 16/05/2006 recíbese escrito da Área de Participación Cidadá, co que chegan informe de Aqualia, no que informa que, atendendo a reclamación do cliente, procederon ó seguinte:

- A revisión de todos os excesos de días de lectura nas facturacións dos anos 2005 e 2006. O exceso dáse só sobre os días naturais do bimestre (61 días) no recibo dos meses de setembro/outubro do ano 2005, procedendo á devolución ó cliente do importe cobrado de máis.

- Con respecto á ordenanza municipal vixente, no ano 2006 contéplase a existencia dun mínimo de 15 m<sup>3</sup>/mes, que deberán pagar os usuarios, consuman ou non.

- Para o ano 2007, está en fase de estudo unha modificación na estrutura das tarifas que contempla o que o usuario solicita.

- En canto á factura, considerase que recolle a información máis salientable, así como outra adicional sobre consellos de aforro de auga e un histograma de consumos que permite ver claramente a evolución no tempo dos mesmos.

Do anterior dáse cumprida información ó interesado o 18/05/2006, sen que se desen actuacións posteriores.

### REFLEXIÓNS

Son as mesmas que figuran no expediente 3/2005 e que se resumen como chamada de atención.

A Unión Europea preconiza o prezo razoable da tarifa por consumo de auga, instando a que se desenvolva un regulamento de subministración de auga para adecuar o prezo estipulado ó consumo polo servizo prestado e á utilización efectiva realizada polo usuario. O horizonte viría determinado por unha tarifa binómica.

Os cidadáns de Vigo están sufrindo un prexuízo inxustificable e esperan que o vindeiro ano o Concello de Vigo adopte as medidas ó seu alcance para corrixir esta situación, tal como contempla o escrito da Concellería de Xestión Municipal de 28 de xullo de 2005.

### RECOMENDACIÓN

A que se deriva da reflexión anterior.

De novo, a Área de Participación Cidadá actúa de forma áxil e eficaz.

## **EXPEDIENTE 22/2006**

### ASUNTO

Queixa en relación coa falta de pagamento dos recibos por consumo de auga polos arrendatarios dun local propiedade do interesado.

### SITUACIÓN

Queixa presentada o 11/04/2006, solicitándose o preceptivo informe o 17/04/2006.

Con data 16/05/2006 recíbese escrito da Área de Participación Cidadá, co que chegan informe de Aqualia, no que se reflite que, de acordo co Regulamento do servizo municipal de abastecemento e saneamento de auga de Vigo, o titular da finca, local ou industria a abastecer, ou o seu representante legal, será o contratante da subministración. Tamén poderá selo o inquilino, coa autorización do propietario, autorización que implicará a asunción por parte do propietario das eventuais responsabilidades e do resarcimento de danos ó concesionario no suposto de incumprimento do contrato de subministración e saneamento por parte do inquilino.



Do anterior dáse cumprida información ó interesado o 18/05/2006, sen que se desen actuacións posteriores.

## RECOMENDACIÓN

Unhas actuacións áxiles e eficaces, como as da Área de Participación Cidadá.

## **EXPEDIENTE 29/2006**

### ASUNTO

Queixa en relación coa actuación da Policía local con motivo da celebración dun Pleno do Concello, no que se requiriu ó público o D.N.I. para facerlle unha fotocopia. Unha vez devoltos os documentos, permitiuse o acceso, pero pouco tempo despois de entrar no salón pedíronlles ós asistentes, agás ós periodistas, que se retirasen posto que aínda non se declarara audiencia pública, facilitándolles máis tarde a entrada, cando xa se iniciara a sesión e se estaba a tratar o segundo punto da orde do día. O interesado subliña que apoia todas as medidas que se adopten para garantir a orde nos plenos, pero non as que supoñan restricións dos dereitos dos cidadáns de asistir a un acto público.

### SITUACIÓN

Queixa presentada o 3/05/2006, solicitándose o preceptivo informe o 8/05/2006.

Con data 7/06/2006 recíbese escrito da Área de Participación Cidadá, co que chegan informe da Policía local, no que indica o sucedido no acto subliñado e que *“resulta difícil de entender que xa se estivera tratando o segundo punto da orde do día”*. Do anterior dáse cumprida información ó interesado o 8/06/2006.

Con data 1/08/2006 recíbese escrito do promotor da queixa, no que solicita que se amplíe a información, xa que non se aclaran as razóns polas que se lles esixiu ós asistentes o D.N.I. para facer unha fotocopia.

Con data 9/08/2006 solicítase información con respecto ó anterior, que se recibe desde a Área de Participación Cidadá o 29/09/2006, na que se reflite que a petición do D.N.I.debeuse ó nerviosismo que había entre o público que pretendía acceder ó salón de plenos e non o podía facer por falta de espazo, o que provocou algún forcexo coa Policía local, tomándose aquela decisión co ánimo de alixeirar o acceso en previsión de que, unha vez cheo o recinto, os que non puidesen acceder se tranquilizarían, como sucedeu. Indicase que as copias dos documentos foron destruídas unha vez finalizado o Pleno. Con data 2/10/2006 dáse información do anterior ó interesado.

Con data 17/10/2006 recíbese escrito do promotor da queixa, no que indica que a determinación de solicitar ó público a entrega do D.N.I. para facer unha fotocopia foi un recurso para *“aligerar la entrada”*, é dicir, para demorar o acceso ó salón de plenos.

## REFLEXIÓNS

É sorprendente que para alixeirar a entrada a un pleno se proceda a requirir o D.N.I. ós asistentes, o que, obviamente, supón unha demora considerable no acceso puntual ó salón de plenos que non se axusta ó disposto no artigo 70 da Lei 7/1985, Lei de bases de réxime local, onde se explicita que as sesións do Pleno son públicas, dereito que se ratifica no artigo 227 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais.

Por outra parte, o artigo 69 da Lei 7/1985 determina que as Corporacións locais facilitarán a máis ampla información sobre a súa actividade e a participación de todos os cidadáns na vida local.

Non se pode esquecer que o municipio é o marco por excelencia da convivencia civil. As situacións de estancamento producen a decadencia das comunidades cidadáns.

Hoxe existe un desbordamento da actividade administrativa polas esixencias dunha vida local dinámica e rica, fundamente influída polas transformacións sociais, económicas e culturais. Por iso, considérase insuficiente o tratamento que a Lei 7/1985 dá á participación cidadá, xa que na actualidade hai unha clara tendencia a reforzar as posibilidades de participación dos cidadáns no goberno local para evitar e corrixir o afastamento destes da vida pública, incrementando a súa participación, tal como se reflite na Lei 57/2003, de medidas para a modernización do goberno local, que, de novo, remarca o carácter público das sesións do Pleno municipal.

## RECOMENDACIÓN

O respecto escrupuloso do dereito a asistir ós Plenos da Corporación municipal por parte dos cidadáns, sen atrancos como os deste expediente.

## **EXPEDIENTE 70/2006**

### ASUNTO

Queixa en relación coa remodelación dunha rúa, da que se derivan unha serie de anomalías, como son a ausencia de vixilancia municipal, a imposibilidade de acceso de vehículos particulares, a presenza de indixentes en obras paralizadas, a falta de limpeza, e o abandono de zonas axardinadas.

O promotor da queixa indica que presentou escrito no Concello de Vigo o 28/02/2003, sen recibir resposta ningunha.

### SITUACIÓN

Queixa presentada o 9/11/2006. Con data 13/11/2006 solicítase o preceptivo informe, petición que se reitera o 20/12/2006.

## REFLEXIÓNS

Cómpre reiterar, a modo de recordatorio, as motivacións da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común, onde se proclama que a eficacia nas Administracións públicas resulta un principio activo non só desexable, senón indispensable para o seu funcionamento.

Tense que buscar a mellora e a xustificación da razón de ser das Administracións públicas pola vía dos rendementos, para o que existen estratexias inesgotables, especialmente a modernización e a axilidade da xestión, facendo real a identificación e a orientación das demandas dos cidadáns.

No suposto que nos ocupa, é patente a falta de coordinación, no senso co que se expón na introdución desta memoria. En primeiro lugar, ninguén asume a responsabilidade de dar resposta á demanda dos veciños afectados, que soportan desde hai case catro anos esta situación. En segundo lugar, as deficiencias son competencia de distintos servizos (Mobilidade e Seguridade, Limpeza, Medio Ambiente), pero ninguén fai nada para resolvelas. Todo isto leva a considerar que a lexitimidade pola vía dos rendementos, que está ligada á capacidade para dar unha resposta satisfactoria ás lóxicas demandas da veciñanza, non se acada e, polo tanto, a situación material dos cidadáns segue empobrecéndose.

A actividade da administración atende á consecución do interese público, e as formas desa actividade teñen que se empregar en íntima correlación, alternativa ou conxuntamente, segundo as necesidades a satisfacer.

## RECOMENDACIÓN

A atención áxil e eficaz das necesidades ás que os demandantes teñen dereito.

---

## CAPÍTULO V: PROMOCIÓN ECONÓMICA

---

### **EXPEDIENTE 64/2006**

#### ASUNTO

Queixa en relación coa denegación dunha praza na piscina municipal para un rapaz afectado por unha minusvalía orgánica e funcional do 82%.

#### SITUACIÓN

Queixa presentada o 20/10/2006. Con data 24/10/2006 solicítase o preceptivo informe ó servizo de Benestar Social da Concellería de Asuntos Sociais, desde onde nos comunican que trasladaron o expediente ó servizo de Deportes da Concellería de Promoción Económica, por ser da súa competencia. Con data 27/11/2006 reitérase o pedido anterior ó servizo correspondente.

Con data 12/12/2006 recíbese informe do servizo de Deportes, sen sinatura e sen rexistro de saída, co que achegan copia do escrito que enviaron ó interesado explicando que a razón da denegación da praza é que non hai ningunha libre e que a súa solicitude é prioritaria. Ademais, informan das novas instalacións que se están construíndo. Do anterior dáse cumprida información ó interesado o 13/12/2006.

Con data 19/12/2006 diríxese escrito ó servizo de Deportes, incidindo na obriga que ten de informar de xeito fundamentado e completo, segundo a petición formulada, e de acordo co artigo 10.2 do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán, informe que se recibe debidamente fundamentado e no que se indica que, non obstante as ampliacións das instalacións, estas resultan insuficientes para cubrir as necesidades da cidadanía.

## REFLEXIÓNS

Á vista da valoración feita pola Consellería de Sanidade e Servizos Sociais da Xunta de Galicia no ano 2000, entendemos que non se dá un axeitado principio de racionalidade social, é dicir, a denegación da praza non se axusta á razón.

Non se trata de ter en conta experiencias sensibles, e moito menos afectivas, é simplemente aplicar criterios de razón e principios que respondan axeitadamente ós beneficios de utilidade na procura dun trato xusto no impulso que sempre debe presidir a acción pública, o que permitiría unha mellora na calidade de vida dun cidadán especialmente necesitado dunha prestación.

O poder público, sexa o que sexa, ten a obriga de promover as condicións de igualdade dos individuos e dos grupos nos que se integran removendo os obstáculos que a dificulten e promover o proceso, dando vida ós anos e non só anos á vida.

A Constitución española, no artigo 49, impón ós poderes públicos a realización dunha política de previsión, tratamento, rehabilitación e interacción dos diminuídos físicos, sensoriais e psíquicos, ós que prestarán a atención especializada que requiran e os ampararán, especialmente para o goce dos dereitos que o Título I outorga ós cidadáns.

Cómpre lograr o compromiso dunha xestión integral para acadar unha gama de recursos e posibilidades que dean respostas axeitadas ás necesidades da asistencia.

## RECOMENDACIÓN

A revisión urxente da medida adoptada e o cumprimento da legalidade que dimana dos artigos 38 da Lei 30/1992 e 151 do Real Decreto 2568/1986, sobre a obriga de levar e usar axeitadamente os rexistros dos documentos.

---

## CAPÍTULO VI: SERVIZOS XERAIS

---

### **EXPEDIENTE 8/2006**

#### ASUNTO

Queixa en relación coas diferenzas de tarificación nos recibos de auga e pola liquidación que se efectuou, instando a que a mesma se axeite ó disposto na sentenza que ó respecto ditou o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

#### SITUACIÓN

Queixa presentada o 20/02/2006. Con data 21/02/2006 solicítase o preceptivo informe ó servizo de Contratación da Concellería de Xestión Municipal, desde onde envían un escrito o 7/03/2006, sen rexistro oficial, no que subliña que *“esta Concellería non ten competencias en materia de control de concesionarias”*. Ante esta situación, que non se axusta ó disposto no artigo 20.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común, referido a decisións sobre competencia, o 9/03/2006 dirixímonos á Concellería de Servizos Sociais trasladando a documentación do expediente e solicitando o preceptivo informe, petición que se reitera o 21/03/2006 e o 19/04/2006.

Con data 28/04/2006 recíbese escrito do servizo de Control de Concesionarias, co que achega informe de Aqualia co detalle da bonificación efectuada. Do anterior dáse traslado ó interesado o 2/05/2006.

O promotor da queixa, recibida a información anterior, comparece nesta oficina e manifesta non estar satisfeito coas explicacións da concesionaria. A dúbida xorde na data de finalización da regularización que aplica a empresa, polo que o 23/05/2006 solicítase á concellería competente unha aclaración ó respecto, petición que se reitera o 20/06/2006, o 17/07/2006 e o 22/08/2006.

Con data 24/08/2006 recíbese escrito do servizo de Vías e Obras, no que informa que os recibos afectados pola sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia son os comprendidos entre os bimestres novembro/décembro de 2002 e marzo/abril de 2004. O anterior trasládase ó interesado o 28/08/2006, indicándolle que a transcripción dos bimestres subliñados podería estar errado, polo que nesa mesma data solicítase aclaración á concellería correspondente, petición que se reitera o 23/10/2006 e o 22/11/2006.

Con data 4/12/2006 recíbese escrito do servizo de Control de Concesionarias, co que achega copia literal do escrito recibido o 24/08/2006, o que supón que non existe o erro suscitado. Do anterior infórmase ó interesado o 7/12/2006.

#### REFLEXIÓNS

Esta institución formulou os pedimentos posteriores á información recibida en base a unha dúbida relacionada coa data de finalización da regularización (marzo/abril 1994),

segundo a comunicación do interesado, de acordo coa información que lle proporcionou a empresa concesionaria.

### RECOMENDACIÓN

O cumprimento da legalidade que dimana do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán.

### **EXPEDIENTE 15/2006**

#### ASUNTO

Queixa en relación coa solicitude de acceso a unha finca propiedade do interesado afectada polo vial Castelos-Universidade, xa que colocaron unha bionda en toda a fachada que lle impide a entrada.

O Concello ofrece ó promotor da queixa un acceso alternativo por medio dun sobrante que está en malas condicións.

#### SITUACIÓN

Queixa presentada o 13/03/2006. Con data 16/03/2006 solicítase o preceptivo informe, que se recibe desde o servizo de Vías e Obras o 4/04/2006, no que se reflicte que se trasladou a reclamación ó taller para a execución dun acceso á finca. O anterior trasládase ó interesado o 5/05/2006.

O 29/05/2006 solicítase ó servizo de Vías e Obras información actualizada en relación coa execución do acceso. Con data 7/06/2006 recíbese escrito no que se indica que os traballos foron executados o 25/05/2006.

Con data 8/06/2006 trasládase o contido da información anterior ó interesado, sen que se desen actuacións posteriores.

#### REFLEXIÓNS

A situación de incomodidade manifesta dos propietarios da finca por non poder acceder á súa propiedade mantívose durante anos, a pesar das súas peticións, co que non se logra a credibilidade que debe derivar da rapidez e da axilidade das actuacións públicas.

Os veciños do municipio contribúen á realización das competencias e obrigas municipais con achegas económicas, de aí o seu dereito a reclamar as prestacións correspondentes.

### RECOMENDACIÓN

Hai que destacar a xestión puntual, áxil e eficaz por parte do servizo de Vías e Obras, que debe servir de exemplo para todas as actuacións municipais.

## **EXPEDIENTE 42/2006**

### ASUNTO

Queixa en relación co peche dun bar debido a que a rede de sumidoiros non é a axeitada. O arrendador solicitou o correspondente permiso para arranxar o problema, sen que se lle dese solución.

### SITUACIÓN

Queixa presentada o 21/06/2006. Con data 22/06/2006 solicítase o preceptivo informe, petición que se reitera o 19/07/2006.

Con data 25/08/2006 recíbese escrito do servizo de Vías e Obras, no que informa que con data 4/07/2006 remitiron a petición á empresa concesionaria Aqualia para o seu informe. Ademais, achegan copia dun escrito remitido ó promotor da queixa o 23/08/2006 indicándolle que para continuar coa tramitación da licenza deberá presentar no servizo de Patrimonio Histórico catro copias do proxecto arqueolóxico que contemple os condicionantes recollidos na autorización da Dirección Provincial da Concellería de Cultura da Xunta de Galicia. Unha vez recibido ese proxecto, será enviado á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia que, con carácter previo á concesión da licenza de obras, o deberá autorizar. Do anterior dáse cumprida información ó interesado o 28/08/2006.

Con data 28/09/2006 solicítase ó servizo de Vías e Obras información actualizada con respecto ás peticións formuladas ó promotor da queixa e a Aqualia, petición que se reitera o 25/10/2006 e o 27/11/2006.

Con data 1/12/2006 recíbese escrito do servizo de Vías e Obras, no que indican a situación do expediente por parte de Aqualia e que a mesma depende da resolución da Xunta de Galicia, por ser unha zona de afección de Patrimonio Histórico, o que se traslada ó interesado.

### REFLEXIÓNS

Atopámonos, unha vez máis, ante unha situación plural, é dicir, con competencias converxentes de dúas Administracións públicas, o que fai preciso que exista unha cooperación mediante un intercambio de información e actividade que permita unha axilización para lograr o fin do problema. É precisa unha harmonización entre os intereses de dúas administracións. Trátase dunha acción que debe estar presidida pola coherencia que conduza a unha resolución áxil e efectiva.

### RECOMENDACIÓN

A que deriva das reflexións.

## **EXPEDIENTE 47/2006**

### ASUNTO

Queixa en relación cunha serie de solicitudes presentadas no Concello de Vigo sobre a construción dun aparcamento privado en zona pública e a iluminación pública.

### SITUACIÓN

Queixa presentada o 11/07/2006. Con data 12/07/2006 solicítase o preceptivo informe ó servizo de Electro-Mecánicos da Concellería de Servizo Xerais, que se reitera o 22/08/2006 e o 25/09/2006.

Con data 6/10/2006 recíbese escrito do promotor da queixa solicitando un relatorio das actuacións levadas a cabo por esta Institución, o cal se expide o 9/10/2006.

Con datas 23/10/2006, 23/11/2006 e 18/12/2006 reitérase a petición de información.

### REFLEXIÓNS

O promotor da queixa presentou, desde maio de 2006, sucesivos escritos solicitando información sobre unhas actuacións de competencia da Concellería de Servizos Xerais, sen obter resposta ningunha.

A Constitución española, no seu artigo 9, establece a suxeición dos cidadáns e dos poderes públicos ó ordenamento xurídico e que, estes últimos, promoverán as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuos e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas, removerán os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitarán a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social.

Por outra parte, o artigo 29 do mesmo texto recoñece o dereito de petición individual e colectiva, por escrito, na forma e cos efectos que determine a lei e o artigo 105 establece o acceso dos cidadáns ós arquivos e rexistros administrativos.

A Lei 30/1992, de 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro, no artigo 35 establece como dereitos dos cidadáns o de coñecer o estado dos procedementos e obter copia dos documentos contidos neles, así como a obter información e orientación sobre as actuacións ou solicitude que se propoñan realizar.

Ademais, o Real Decreto 208/1996, de 9 de febreiro, que regula os servizos de información administrativa e atención ó cidadán, establece unha serie de medidas en favor da asistencia ós cidadáns.

Finalmente, a Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, no seu artigo 70 recoñece o dereito dos cidadáns a consultar os arquivos e rexistros.



## RECOMENDACIÓN

O cumprimento das obrigas que as Administracións públicas teñen en relación coas peticións formuladas polos cidadáns.

---

## CAPÍTULO VII: URBANISMO

---

### **EXPEDIENTE 1/2006**

#### ASUNTO

Queixa en relación co estado dunhas fincas lindeiras coa do interesado que se atopan cheas de silveiras, herbas e maleza e nas que proliferan os ratos e os mosquitos, o que é prexudicial para a saúde. Indica o promotor da queixa que desde agosto de 2005 presentou varios escritos no Concello, sen que se lle dese solución ó problema.

#### SITUACIÓN

Queixa presentada o 4/01/2006. Con data 9/01/2006 solicítase o preceptivo informe ó servizo de Sanidade da Concellería de Urbanismo e Medio Ambiente, que se recibe o 18/01/2006, no que se reflite que con data 11/01/2006 se inicia expediente sancionador ó propietario do solar denunciado por telo en condicións de insalubridade, o que se traslada ó interesado o 23/01/2006.

Con data 22/03/2006 solicítase ó servizo de Sanidade información actualizada en relación co expediente sancionador antes citado, a cal se recibe o 4/04/2006 e na que se indica que, unha vez rematado o prazo para levar a cabo a limpeza da finca, remítese de novo a informe do inspector de sanidade para que comprobe si se deu cumprimentación á resolución da Alcaldía. Do anterior dáse cumprida información ó interesado.

Con data 20/04/2006, dado o tempo transcorrido, solicítase información en relación coa actuación do inspector de Sanidade, petición que se reitera o 23/05/2006 e o 21/06/2006.

Con data 5/07/2006 recíbese escrito do Concelleiro delegado de Medio Ambiente, no que informa que, o 15 de xuño, o inspector de Sanidade comunica que non puido comprobar si se levara a cabo a resolución da Alcaldía de 6 de febreiro de 2006, pola que se ordenaba a limpeza da finca, porque para realizala tería que acceder ó interior do edificio do denunciante e foille imposible porque non contestou ninguén ás súas chamadas, tanto no enderezo daquel como por teléfono. O anterior notifícase ó interesado o 6/07/2006, quen acusa recibo persoalmente da información.

Con data 7/09/2006 solicítase nova información, que se reitera o 9/10/2006, o 9/11/2006 e o 5/12/2006. No escrito de novembro indícase que produce asombro que o interesado non responda ás chamadas do Concello e, en cambio, si recibe a información desta oficina do Valedor do Cidadán.

## REFLEXIÓNS

Resulta contradictorio que a inspección de Sanidade non poda contactar co denunciante no seu domicilio e, pola contra, as comunicacións escritas que se fan, a nivel informativo, desde a oficina do Valedor do Cidadán son recibidas todas polo interesado.

A Ordenanza municipal de limpeza pública e tratamento de residuos sólidos urbanos é clara e concisa cando, no seu capítulo II, determina que os propietarios de toda clase de solares, terreos e construcións deberán mantelos en constante estado de limpeza, salubridade e ornato público e que o Concello ordenará de oficio a execución das obras necesarias para conservar aquelas condicións.

## RECOMENDACIÓN

Un axeitado cumprimento da ordenanza municipal.

## **EXPEDIENTE 2/2006**

### ASUNTO

Queixa en relación coas alegacións ó Plan xeral de ordenación municipal presentadas por unha asociación de veciños, sen recibir resposta ó respecto, agás que están en fase de estudo e que serán coñecidas cando se aprobe definitivamente o plan.

### SITUACIÓN

Queixa presentada o 18/01/2006. Con data 23/01/2006 solicítase o preceptivo informe á Concellería de Urbanismo e Medio Ambiente, petición que se reitera o 22/02/2006.

Con data 21/03/2006 recíbese escrito da Concellería de Urbanismo, no que informa que:

De acordo co artigo 86.3 da Lei 30/1992, basta con que na resolución que aprobe o plan se estimen ou desestimen motivadamente as citadas alegacións.

Na vixente Lei 9/2002, non se esixe notificación individualizada ós propietarios afectados polas resolucións e acordos que se adopten durante a tramitación dun plan xeral de ordenación municipal (art. 85.2 LOUGA). A notificación individualizada só resulta esixible na tramitación do planeamento secundario ou de desenvolvemento.

De todos os xeitos, estase estudando a posibilidade de artellar algunha fórmula que permita que os interesados accedan á ordenación provisional do proxecto do novo P.X.O.M. antes da súa aprobación definitiva, así como á valoración das súas alegacións polo equipo técnico redactor do plan, compatibilizando a citada información co disposto no artigo 37.2 da Lei 30/1992 e na Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal. Cando se adopte e se faga efectiva a citada decisión informaráselle cumpridamente.

Con data 22/03/2006 dáse cumprida información do anterior ó presidente da asociación interesada, sen que se desen actuacións posteriores.

## REFLEXIÓNS

É lóxica a preocupación que ós afectados polo Plan xeral de ordenación municipal se lle deriva da transcendencia dunha medida tan importante para todos os cidadáns do Concello de Vigo.

O cidadán ten dereito a dispoñer dunha información en relación coas súas alegacións. Deben extremarse ó máximo a puntualidade e a oportunidade ó proporcionarlle tal comunicación.

O Concello, independentemente da normativa exposta na súa resposta informativa, debe atender con axilidade e eficacia a unha demanda colectiva. Hai que desterrar todo sinal de debilidade organizativa e ofrecer a máxima colaboración nun tema coma este e reflexionar e debater cuestións como a que nos ocupa. O urbanismo en Galicia defínese, doutrinalmente, non como un problema, senón como unha traxedia.

Sería desexable que o futuro PXOM comportara un planeamento sostible e compacto que modere a dispersión e que incentive a rehabilitación do parque de vivendas e dos centros históricos e barrios da cidade.

## RECOMEDACIÓN

A que deriva das reflexións.

## **EXPEDIENTE 5/2006**

### ASUNTO

Queixa en relación coas alegacións presentadas ó PXOM polo interesado, as cales non foron contestadas, a pesar de que reiteradamente se recibe información a través dos medios de comunicación de que a Concellería de Urbanismo comunicará a resolución das mesmas ós afectados a través da páxina web do Concello, sendo a realidade totalmente distinta.

### SITUACIÓN

Queixa presentada o 2/02/2006. Con data 6/02/2006 solicítase o preceptivo informe, que se recibe desde a vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo (X.M.U.) o 6/03/2006, no que se indica o procedemento a seguir no ámbito das alegacións e que se está a artellar algunha fórmula que permita ós interesados acceder á ordenación provisional do proxecto do novo P.X.O.M. antes da súa aprobación definitiva, así como ó coñecemento das súas valoracións. Cando se adopte e se faga efectiva a citada decisión darase cumprida información.

O anterior trasládase ó interesado o 7/03/2006, sen que se desen actuacións posteriores.

#### REFLEXIÓNS

As mesmas do expediente 2/2006.

#### RECOMENDACIÓN

Unhas actuacións áxiles en materia informativa, como as realizadas neste expediente.

### **EXPEDIENTE 6/2006**

#### ASUNTO

Queixa en relación coa instalación dun portalón metálico sen licenza, que impide o acceso á propiedade dunha comunidade de veciños. Presentaron denuncia no Concello o 18/01/2006, sen recibir resposta ningunha.

#### SITUACIÓN

Queixa presentada o 2/02/2006. Con data 6/02/2006 solicítase o preceptivo informe, que foi reiterado nas seguintes datas: 6/03/2006, 3/04/2006, 2/05/2006, 5/06/2006, 3/07/2006, 9/08/2006, 7/09/2006, 9/10/2006, 9/11/2006 e 4/12/2006.

#### REFLEXIÓNS

Estamos ante unha situación de indefensión dunha comunidade de veciños que se ve abandonada pola falta de eficacia e axilidade ante as súas demandas, o que indica unha falta de racionalización e unha modernización escasa para a protección dos dereitos dos cidadáns, todo o contrario do que propugna a lexislación vixente. Neste senso, o último exemplo vén dado pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a modernización dos gobernos locais, pero que, neste caso e no noso ámbito, aínda non se practica.

A Lei 9/2002, de Ordenación urbanística e protección do medio rural, explicita claramente que *“en ningún caso poderá a administración deixar de adoptar as medidas tendentes a repoñer a orde urbanística vulnerada”*.

#### RECOMENDACIÓN

O cumprimento da legalidade que dimana do artigo 12 do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán e das leis urbanísticas, nos casos como o que nos ocupa.

## **EXPEDIENTE 12/2006**

### ASUNTO

Queixa en relación coa concesión da licenza de primeira ocupación a un edificio, xa que as obras non se axustan á correspondente autorización.

### SITUACIÓN

Queixa presentada o 2/03/2006. Con data 6/03/2006 solicítase o preceptivo informe, petición que se reitera o 3/04/2006.

Con data 10/04/2006 recíbese escrito do departamento de Licenza de obras da X.M.U. asinado o 4/04/2006, no que informa con detalle do procedemento seguido no expediente correspondente, concluíndo co seguinte acordo:

*“PRIMEIRO.- Declarar como realizadas sen axustarse á licenza concedida ... non legalizables, as obras obxecto do presente expediente ... consistentes na construción de casetóns na planta baixo cuberta.*

*SEGUNDO.- Requirir a ... para que no prazo de TRES MESES contados a partir da recepción da notificación deste acordo, para que proceda voluntariamente ó axuste á licenza das obras referidas no apartado anterior, derrubando as obras non amparadas por esta, co apercibimento de que, en caso de incumprimento, procederase por este Concello á execución forzosa da citada demolición, ben mediante execución subsidiaria por conta do interesado, ben mediante a imposición de multas coercitivas reiterables ata logra-la execución polo suxeito obrigado, de conformidade cos artigos 95 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común”.*

*Á vista do exposto, e en tanto non se proceda á restauración da legalidade urbanística vulnerada, non é posible a concesión da licenza de primeira ocupación ao edificio sito ...”*

De todo o anterior dáse cumprida información ó interesado o 10/04/2006, quen con data 21/04/2006 remítenos escrito no que indica que, non obstante o anterior, o edificio está ocupado e habitado.

Con data 24/04/2006 infórmase do anterior á X.M.U., instando a adopción das medidas pertinentes para acadar o disposto no informe de 4/04/2006, xa que as contradicións entre este e a realidade son evidentes.

Con data 18/05/2006 recíbese escrito do departamento de Licenza de obras, no que se reafirma no mesmo senso que no informe de data 4/04/2006, engadindo que aquel acordo non é firme en vía administrativa e pode ser recorrido polo denunciado. O anterior trasládase ó interesado na mesma data.

Á vista da situación, o 29/05/2006 solicítase á X.M.U. información actualizada en relación co acordo non firme en vía administrativa, pedimento que se reitera nas seguintes datas: 22/06/2006, 30/08/2006, 28/09/2006, 26/10/2006, 27/11/2006 e 21/12/2006.

## REFLEXIÓNS

Se o acordo de data 4/04/2006 non é firme, como é posible que seis meses despois aínda non se saiba nada de si se esgotou a vía administrativa ou non. Que pasa co prazo de tres meses para realizar a derruba decretada? Que medidas subsidiarias acordou a X.M.U.?

Sabida e coñecida é a doutrina da xurisprudencia no tema da imposición de sancións económicas, consideradas como algo simbólico e que non cumpren co previsto na lei. Non se pode deixar de adoptar as medidas que a lei prevé para reparar a orde urbanística alterada.

## RECOMENDACIÓN

O cumprimento da legalidade que deriva do artigo 12 do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán.

Promover as canles que acrediten a credibilidade dos cidadáns, mediante unhas actuacións presididas polos principios de axilidade e eficacia, tan escasamente utilizados en materia urbanística.

## **EXPEDIENTE 13/2006**

### ASUNTO

Queixa en relación coa construción dun muro ilegal en zona protexida que causa graves molestias ós veciños en forma de ruídos, vertidos, impacto ambiental e desvalorización de propiedades e que, non obstante a orde de paralización das obras, estas seguen a realizarse.

### SITUACIÓN

Queixa presentada o 8/03/2006. Con data 9/03/2006 solicítase o preceptivo informe, petición que se reitera o 4/04/2006, o 2/05/2006, o 5/06/2006 e o 3/07/2006.

Con data 11/07/2006 recíbese escrito da vicepresidencia da X.M.U., no que informa que se procedeu á apertura de expediente e que a técnica municipal emitiu un informe o 9 de xullo de 1999 no que sinala que a edificación se atopa en chan non urbanizable especialmente protexido de paisaxe e masa forestais; con data 12/07/1999 acordouse a paralización das expresadas obras ó carecer da preceptiva licenza municipal. Indícase, ademais, que conforme o artigo 180 da Lei 1/1997, remitiuse o expediente de protección da legalidade urbanística á Delegación provincial de Pontevedra da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia, por ser esta administración a competente (solo rústico con especial protección).

Con data 12/07/2006 dáse cumprida información ó interesado, indicándolle que, ó tratarse dun tema alleo á administración municipal, esta institución carece de competencia para intervir no procedemento. Non obstante, con esa mesma data diriximos escrito

á vicepresidencia da X.M.U. en demanda dunha actuación por parte da mesma para que inste á Consellería de Política territorial, obras públicas e vivenda a adoptar unha acción axeitada en base a que, *“se ben a Lei 30/1992 contempla a denominada “cooperación obrigatoria”, ten que se recoñecer que a mesma non pode, como regra, estenderse a supostos de execución de actos con efectos extraterritoriais por falta da competencia mesma para dítar tales actos; pero si é factible un intercambio de información ou puntos de vista que permita examinar en común os problemas de cada sector.*

*Sabido é que a harmonización non só é necesaria, senón tamén imprescindible entre os intereses xerais e locais, que non por iso se quere dicir que estes últimos non sexan tamén xerais; trátase, sen máis, dun problema de coherencia.*

*Por iso, prégase teña a ben considerar a posibilidade de que se reciba información da administración competente en relación coa situación do expediente en cuestión, pois, polo que parece, un expediente iniciado por esa concellería no ano 1999, aínda está sen solucionar, sete anos despois, por ser competencia doutra administración”.*

Reitérase o pedimento anterior nas seguintes datas: 9/08/2006, 7/09/2006, 9/10/2006, 9/11/2006 e 4/12/2006.

## REFLEXIÓNS

As que se recollen no pedimento feito o 12/07/2006 sobre a cooperación entre administracións, sen esquecer, ademais, que a Constitución española impón un carácter de supralgalidade que serve de marco e referencia para as demais normas. O seu valor normativo ten que proxectarse e expandir, e incidir en todo o ordenamento, con especial reflexión no ámbito público que regula as relacións entre todas as Administracións públicas e os cidadáns e que se configura como incuestionable elemento de equilibrio entre os privilexios administrativos e as garantías individuais. No seu papel a desenvolver, ten que facilitar os medios para que a administración, sexa cal sexa, leve a cabo as súas tarefas de conformación social e o seu significado de límite, de defensa, de control e de garantía dos cidadáns.

## RECOMENDACIÓN

Unhas actuacións áxiles que faciliten solucións de plena eficacia.

## **EXPEDIENTE 23/2006**

### ASUNTO

Queixa en relación coas obras efectuadas nun edificio que afectan a todas as vivendas agás á do promotor da queixa, da que ten a condición de arrendatario, e que producen rúidos, molestias e danos na súa propiedade. As obras realízanse sen a preceptiva licenza, xa que esta abrangue a reforma de dúas plantas, a 1ª e a 4ª, e a instalación dun ascensor, o que supera o ámbito daquela.

O promotor da queixa indica que presentou no Concello denuncias o 19/10/2004, o 30/06/2005 e o 31/10/2005, sen recibir resposta ningunha.

## SITUACIÓN

Queixa presentada o 12/04/2006. Con data 19/04/2006 solicítase o preceptivo informe, que se recibe desde a vicepresidencia da X.M.U. o 15/05/2006 e no que se indica que se achega copia da resolución de 29/04/2006 pola que se outorga licenza de obras para incrementar o número de vivendas existentes no edificio, reformando os andares 2º e 3º. O anterior trasládase ó interesado o 18/05/2006, sen que se desen actuacións posteriores.

## REFLEXIÓNS

O promotor da queixa tería que ser informado cando o propietario solicitou a reforma das plantas 1ª e 2ª, dando así a debida satisfacción á petición en relación cunha actividade que lle afecta.

## RECOMENDACIÓN

Tería que adoptarse como exemplo esta resposta en canto á axilidade coa que se informou a esta Institución do Valedor do Cidadán.

## **EXPEDIENTE 25/2006**

### ASUNTO

Queixa en relación coas obras efectuadas nun local con actividade de bar con música na zona vella de Vigo que provoca contaminación acústica.

Indica o interesado que non está de acordo coa comunicación efectuada pola X.M.U. o 1/03/2006 en relación cun expediente, polos motivos seguintes:

*“1.- Que o local en cuestión realizou reformas interiores e obras sen a preceptiva licenza, segundo comprobacións e notificación oficial, o que se considera unha aldraxe.*

*2.- Que estima lamentable que nunha zona “residencial e de servizos” (PERI/2002), como é a zona en cuestión, se outorguen licenzas para “bar con música”, o que favorece incomodidades pola contaminación acústica ata altas horas da madrugada, confundindo a citada actividade coa de discoteca, tal como se acreditou nas medicións sonométricas feitas pola Policía local, segundo consta no expediente do departamento de Medio Ambiente.*

*O local en cuestión incumpriu reiteradamente a Ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica.*

*3.- O local carece de insonorización, o que debe conducir, cando menos, a unha suspensión cautelar da actividade, interesando unha revisión da licenza, así como a redefinición do Casco Vello como zona habitable sen rúidos. Sublíñase, ademais, que a ... é zona BIC, polo que non entende que coa Lei de patrimonio cultural español e galego se produzan na zona actividades dese tipo que só carrexan prexuízos patrimoniais e culturais.”*



## SITUACIÓN

Queixa presentada o 27/04/2006. Con data 2/05/2006 solicítase o preceptivo informe, petición que se reitera o 5/06/2006 e o 3/07/2006.

Con data 8/08/2006 recíbese escrito do servizo de Participación Cidadá, no que indica que achega copia da resposta remitida ó Valedor do Pobo e que ten relación coa solicitude desta oficina do Valedor do Cidadán. Ademais, remite copia das respostas dadas polos servizos de Medio Ambiente, Policía local e Licenza de actividades e instalacións, relativas ó mesmo concepto. De todo o anterior dáse cumprida información ó interesado o 18/08/2006.

Con data 18/09/2006 solicítase ó servizo de Participación Cidadá información actualizada, sinalando que a recibida do departamento de Licenza de actividades e instalacións, indica que *“a denuncia, ao igual que o informe de inspección evacuado, foi remitido ao departamento de Inspección de obras: infraccións, para a incoación, se procede, do correspondente expediente de reposición da legalidade urbanística. En todo caso cómpre subliñar, sen prexuízo do exposto, que a insonorización esixida para a actividade de restaurante (sen música) é menor que a esixida para a actividade de bar con música que está autorizada no local.”*

Con data 29/09/2006 recíbese escrito do servizo de Participación Cidadá, co que se achega copia dos informes da Inspección de obras da X.M.U., da Inspección técnica de obras, no que inclúe o do Inspector xefe da Policía local, e do arquitecto municipal.

Con data 2/10/2006 dáse cumprida información ó interesado do contido dos escritos anteriores, indicándolle que en datas vindeiras solicitarase información actualizada, especialmente en relación coa execución de obras de adaptación do local sen previa licenza e coa cheminea para a saída de fumes, petición que se formula ó servizo de Participación Cidadá o 26/10/2006, o 22/11/2006 e o 12/12/2006.

Con respecto á contaminación acústica, sublíñase que a Policía local, en informe de 15/09/2006, indica que o interesado manifestou que non é necesario levar a cabo máis medicións sonométricas, xa que non é tanto un problema de ruídos como das vibracións producidas pola música e a xente que se atopa no local, ademais dos fumes e cheiros que saen da cociña do local.

## REFLEXIÓNS

Da proliferación de informes e inspeccións realizadas dedúcese que non se aclaran os distintos aspectos formulados polo interesado na súa queixa, destacando que na mesma indica que se fixeron reformas interiores sen licenza.

En canto ás medicións sonométricas, xa o Valedor do Pobo indica que non é preciso solicitar que se realicen expresamente por escrito, e as realizadas non se corresponden cos tempos actuais.

Pódese dicir que, unha vez máis, a resposta do Concello é lenta e, polo tanto, carente de eficacia.

## RECOMENDACIÓN

A adopción de medidas coherentes, áxiles e eficaces en temas de urbanismo, seguindo a pauta constitucional, que indica que a Administración pública serve con obxectividade os intereses xerais, e actúa (debería) de acordo cos principios de eficacia, ..., con sometemento pleno á lei e ó dereito.

### **EXPEDIENTE 30/2006**

#### ASUNTO

Queixa en relación coa solicitude dunha prórroga de licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar. O interesado indica que no mes de abril tivo coñecemento de que se lle ía denegar tal solicitude, polo que presentou un escrito desistindo da mesma, segundo as instrucións dun funcionario municipal, quen lle indicou os pasos a seguir: *“Non hai ningún problema para rematar unha obra coa licenza caducada, pero si se pide a prórroga, esta se denega posteriormente, iníciase un expediente de caducidade e a licenza perde os seus efectos”*. Malia á solicitude de desistimento, notificáronlle a resolución desestimatoria da prórroga.

Subliña o promotor da queixa que non é política do Concello iniciar de oficio o expediente de caducidade e, ademais, resulta absurdo que seguir coa obra sen dar conta ó Concello non teña consecuencias, mentres que tratar de comportarse legalmente supoñía unha penalización para os cidadáns. Estima que non ten sentido continuar con este proceso, que ben podería acabar coa incoación dun expediente de caducidade e a posibilidade de que se lle impida rematar a obra, coas dramáticas consecuencias económica que isto suporía para a súa familia, xa que tería que facerse cargo do pago da hipoteca solicitada para o remate das obras e do aluguer actual. Alega o interesado, ademais, que cando hoxe se está a falar de políticas de vivenda e axudas para rematar obras inacabadas, desde distintos ámbitos territoriais, resulta incongruente que se poñan atrancos de tipo burocrático a quen intenta construír unha vivenda perfectamente acorde co ordenamento urbanístico. Hai que ter en conta que a casa pertence proindiviso a varios familiares e algún destes con cargas familiares, á súa vez. O interesado ten a certeza da existencia de presións externas en favor da caducidade da licenza e solicita que se estime o desistimento presentado e que non se lle denegue a prórroga da licenza.

#### SITUACIÓN

Queixa presentada o 22/05/2006. Con data 23/05/2006 solicítase o preceptivo informe, que se recibe desde a vicepresidencia da X.M.U. o 22/06/2006, no que se reflite o procedemento seguido neste expediente, do que transcorreron os prazos de caducidade e un tempo razoable para o remate das obras, seguindo a regulamentación establecida ó efecto. Non hai pronunciamento sobre as opinións, consideracións e demais pareceres relatados por tratarse de meras manifestacións de parte, sen fundamentación.

O anterior trasládase ó promotor da queixa o 26/06/2006, sen que se desen actuacións posteriores.

## REFLEXIÓNS

Non se observan tardanzas nin demoras inxustificadas nas actuacións da Concellería de Urbanismo.

## RECOMENDACIÓN

Unhas actuacións axeitadas con respecto á atención prestada á Institución do Valedor do Cidadán.

### **EXPEDIENTE 33/2006**

#### ASUNTO

Queixa en relación co estreitamento dun camiño público mediante postes de madeira e rede de plástico que afecta a unha curva moi pechada, o que supón un elevado risco para os cidadáns. Esta situación denunciouse reiteradamente polo interesado.

#### SITUACIÓN

Queixa presentada o 1/06/2006. Con data 5/06/2006 solicítase o preceptivo informe ó servizo de Vías e Obras, desde onde, o 20/06/2006, nos indican que trasladaron o expediente á Concellería de Urbanismo, por ser da súa competencia. Con esa mesma data solicítase a esa concellería o preceptivo informe, que se reitera nas seguintes datas: 18/07/2006, 22/08/2006, 26/09/2006, 26/10/2006, 27/11/2006 e 21/12/2006.

## REFLEXIÓNS

Trátase dun suposto denunciado en xuño de 2005 e que afecta a un vial público de titularidade municipal, con numerosas intervencións da Policía local desde o ano 2004. A pesar de todo, a finais do ano 2006 seguen as mesmas circunstancias, coma se fose un asunto descoñecido.

Neste suposto obviase claramente a función que corresponde á Administración municipal, que debe servir ós intereses xerais con obxectividade e actuar de acodo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á lei e ó dereito. Este mandato, imposto polo artigo 103 da Constitución española, confirma, xunto co artigo 106, a concepción constitucional dunha administración eficaz e controlada, con implicacións de diversa índole; concluíndo, polo tanto, coa falta de racionalización dunha actividade pública, tal como pretende a Lei 57/2003, de modernización dos gobernos locais, ó facer caso omiso da obriga de actuar en defensa da legalidade urbanística.

## RECOMENDACIÓN

O cumprimento da legalidade que dimana do artigo 12 do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán.

O cumprimento axeitado da protección da legalidade urbanística.

### **EXPEDIENTE 34/2006**

#### ASUNTO

Queixa en relación co cambio de cualificación dun terreo propiedade do interesado, polo que sufraga o imposto sobre bens inmobles de natureza urbana, o cal pasa de ser solo industrial, a rústico de protección forestal.

O promotor da queixa subliña que é coñecido o feito de que lindeiras a súa propiedade estanse a edificar naves industriais, o que, ademais de considerar unha discriminación, resulta contradictorio, xa que existe unha opinión xeneralizada da falta de terreo industrial, polo que medidas como a que se adoptou no seu caso resultan pouco viables.

#### SITUACIÓN

Queixa presentada o 2/06/2006. Con data 6/06/2006 solicítase o preceptivo informe, que se recibe desde a X.M.U. o 19/06/2006, no que se indica que para poder informar o expediente de referencia é necesario que se presente por triplicado o plano de situación da cartografía municipal no que estea sinalado o emprazamento da propiedade á que se fai referencia; tal pedimento cumprimentouse na mesma data.

Con data 3/07/2006 recíbese escrito da X.M.U., co que se achega informe técnico da oficina de Planeamento, no que se subliña que, no seu día, se deu resposta ás alegacións do interesado desestimando a súa petición, e que, unha vez aprobado definitivamente o P.X.O.M., as discrepancias poderán ser impugnadas en vía contencioso-administrativa ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. O anterior trasládase ó promotor da queixa o 4/07/2006, sen que se desen actuacións posteriores.

#### REFLEXIÓNS

Debería prestarse a mesma dilixencia que se practicou neste suposto a todos os expedientes deste ámbito.

#### RECOMENDACIÓN

O exposto no apartado anterior.

### **EXPEDIENTE 41/2006**

#### ASUNTO

Queixa en relación coa legalidade do P.X.O.M.. O interesado, en representación dunha asociación, alega indefensión polas diversas actuacións municipais, que tiveron lugar no curso da tramitación do referido plan xeral, e achega un ditame que apunta nunha dirección que o interesado estima moi clara:

O P.X.O.M. incorre, desde a perspectiva xurídica, nunha nulidade de pleno dereito.

Consecuentemente, o plan debería partir novamente desde o inicio.

O promotor da queixa remata a súa exposición expoñendo que, de seguir adiante o proxecto, poderían darse graves consecuencias derivadas das actuacións que se leven ante os tribunais de xustiza, non obstante as conclusións e recomendacións que figuran no referido ditame.

## SITUACIÓN

Queixa presentada o 21/06/2006. Con data 26/06/2006 solicítase o preceptivo informe, petición que se reitera o 19/07/2006, o 23/08/2006 e o 26/09/2006.

Con data 19/10/2006 recíbese escrito da X.M.U., no que se informa o seguinte:

*“En resposta ao seu escrito de data 26 de xuño de 2006, sobre o asunto de referencia, comunícolle o seguinte:*

*1º.- O Proxecto do novo Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo foi aprobado provisionalmente polo Pleno municipal mediante Acordo do 19/05/2006 e remitido acto seguido á Consellería de Política Territorial da Xunta de Galicia para a súa aprobación definitiva. En consecuencia, neste momento esta Administración municipal carece de competencia para altera-la ordenación do devandito instrumento de planeamento urbanístico provisionalmente aprobado, que obra xa en poder da Administración autonómica.*

*2º.- Con independencia e sen prexuízo do anterior, as obxección ao proxecto do novo P.X.O.M. deberon formularse durante os trámites de información pública que se abriron especificamente para tal fin. As novas alegación interpostas polos particulares unha vez rematados ditos períodos de información pública –como é o caso da que motivou a queixa- deben inadmitirse por extemporáneas.*

*3º.- Resulta difícil entender a queixa remitida polo Valedor do Cidadán a esta Administración municipal. O P.X.O.M. é unha disposición xeral de rango regulamentario. O procedemento establecido para a súa aprobación é polo tanto análogo ao dos regulamentos. Nesta caso tramitouse en legal forma, abríndose incluso dous períodos de información pública (o primeiro trala aprobación do “Avance” e o segundo trala aprobación inicial do P.X.O.M.). O Concello de Vigo é o primeiro de Galicia que incorporou na súa páxina web a ordenación do P.X.O.M. inicial e provisionalmente aprobado, e incluso o informe do equipo redactor sobre as alegacións presentadas, nun exercicio inusitado de transparencia, que permite a calquera cidadán coñecer a ordenación provisional proxectada.*

*A potestade de planeamento urbanístico, ademais de discrecional, é de exercicio indispoñible pola Administración municipal e autonómica. Os interesados que discrepen da ordenación urbanística aprobada só a poden impugnar –na vía contencioso/administrativa- cumprindo os seguintes dous requisitos:*

a).- *O Plan Xeral impugnado debe ter sido aprobado definitivamente con carácter previo ao da impugnación (requisito que non se produciu neste caso).*

b).- *O motivo da impugnación debe fundarse no incumprimento dun precepto legal concreto. Non basta a mera confrontación de criterios ou apreciacións.*

*Con estes antecedentes, a instrumentalización da institución do Valedor do Cidadán polo denunciante co propósito de “presionar” no procedemento de aprobación do novo P.X.O.M., por vías distintas das previstas no ordenamento xurídico urbanístico (trámites de información pública e proceso contencioso-administrativo) constitúe sen dúbida un suposto de “fraude de lei” e incluso un intento de agresión á autonomía municipal”.*

Con data 26/10/2006 dáse cumprida información ó interesado.

## REFLEXIÓNS

En relación coa información recibida desde a X.M.U., esta Institución do Valedor do Cidadán remítelle escrito, coas seguintes puntualizacións:

*“1.-O Regulamento orgánico da Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións e do Valedor do Cidadán, aprobado polo Pleno do Concello o 25 de outubro de 2004, ten igual validez que calquera outro regulamento.*

*No seu artigo 5 atribúe á Comisión, entre outros, o coñecemento e o seguimento das reclamacións e suxestións que se formulen relativas ó funcionamento da Administración municipal.*

*No apartado 5 atribúelle a investigación, de oficio ou a instancia de parte, de calquera acto ou resolución adoptado polos órganos de goberno municipal e polos seus órganos superiores e directivos.*

*No artigo 7.2 recóllese o dereito de petición, que tamén poderá referirse a propoñer o que se estime conveniente con referencia á mellora da calidade dos servizos municipais e da actividade administrativa en xeral.*

*No artigo 8 encoméndase ó Valedor do Cidadán o control, seguimento e coñecemento das reclamacións que se formulen, emitindo informes e resolucións relativas ás mesmas; o Valedor actuará con independencia, imparcialidade e obxectividade.*

*Segundo o artigo 10, o Valedor estará facultado para suxerir a modificación dos criterios utilizados para a produción de actos e resolucións, así como para propoñer a modificación das normas municipais que poidan provocar situacións inxustas ou prexudiciais para os administrados.*

*O Valedor poderá formular advertencias, recomendacións ou recordatorios dos deberes legais da Administración municipal.*

*No artigo 13 recóllese a situación de actitude hostil ou entorpecedora do seu labor que, como exemplo, se exporá máis adiante.*

*O Valedor do Cidadán recoñécese doutrinalmente como alguén alleo ó poder administrativo, sen interese directo na resolución dos actos públicos, é “un signo dos tempos”; a súa participación está presidida por unha total neutralidade social e política. Sería un órgano independente, que se ocupa de “calquera” tipo de queixa contra a actividade administrativa, prescindindo da súa forma e contido, que poda apreciar a discrecionalidade e oportunidade, e non estea limitado polo caso concreto, e que ofrezca, polo tanto, unha maior variedade de solucións ás queixas formuladas.*

*A propia Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea (Niza 2000) recolle o que se pode coñecer como boas prácticas das administracións, entre as que figura o tratamento dos asuntos dentro de prazos razoables e de xeito imparcial e equitativo, así como o dereito a ser oído antes de resolver; sen esquecer que as medidas que se adopten sexan proporcionais ós obxectivos que se pretenden, tendo en conta os factores relevantes e utilizando a corrección e a cortesía.*

*O carácter público e administrativo da actividade urbanística esixe a participación dos particulares, graduada con diversa intensidade segundo a natureza do título co que aqueles comparecen. Nos regulamentos urbanísticos refórzase ou debe reforzarse notablemente a participación cidadá en todo o seu percorrido aprobatorio, esixindo un segundo trámite de información pública cando a primeira versión sofre cambios substanciais na fase posterior; esta participación non se reduce á posibilidade de formular reclamacións, senón que tamén comporta a presentacións de suxestións.*

*Está xurisprudencialmente recoñecido que si cabe atribuírle a condición de acto definitivo a aquel polo que se efectúa a aprobación definitiva polo órgano competente, sen que, polo tanto, sexa posible a impugnación de máis acto que este ó tempo de impugnarse, excepcionalmente, permítese a impugnación dos actos intermedios cando represente unha nulidade radical ou de pleno dereito ou resulte unha imposibilidade física ou xurídica de levar a cabo o planeamento proxectado e a algúns dos actos de trámite se os asemella a actos definitivos a efectos de recursos no suposto de que sexan negativos do planeamento de iniciativa particular ou supoñan ou leven consigo a suspensión do outorgamento de licenza (STS 19/10/1993).*

*Independentemente do exposto, desde un punto de vista estritamente funcional e con independencia dos criterios, tense que considerar, polo menos, que os interesados no expediente que nos ocupa presentaron ante as autoridades municipais as súas consideracións ou suxestións o 13 de maio e que o PXOM foi aprobado provisionalmente o 19/05/2006, e que, polo que parece non foron obxecto de ningunha atención.*

*Non debemos esquecer que todo procedemento administrativo implica unha pluralidade de actos que xurisprudencialmente foron cualificados de actos instrumentais, é dicir, que carecen de substantividade propia á marxe da resolución; os actos de trámite e a resolución constitúen un todo complexo e, ó mesmo tempo, unitario (J.R.Parada), do mesmo xeito que a resolución poderá decidir sobre todas as cuestións suscitadas, fosen ou non presentadas ou alegadas polos interesados.*

*Os controis administrativos previstos na lexislación poden clasificarse segundo diferentes parámetros que, basicamente, teñen en conta a medida, que ademais de ser ele-*



mento esencial tamén é o de máis fácil descrición. Dentro da clasificación merece especial atención a referida ó control de legalidade e de oportunidade.

O control de oportunidade non pretende corroborar a correspondencia da actuación administrativa cos preceptos legais, o que fai é valorar esta actuación a partir da conveniencia dos actos de control, indagando sobre si se acadan ou non as finalidades de utilidade colectiva que a actividade dos entes públicos está destinada a perseguir. É importante amosar que o realmente característico do control administrativo é o control de oportunidade, xa que a comprobación da legalidade dunha actuación é unha función propia do Poder xudicial (Eva Giménez).

2.-Do seu escrito dedúcese que a institución do Valedor do Cidadán está intercedendo por unha reclamación que se formula fóra dos prazos establecidos por unha disposición xeral de rango regulamentario, e máis concretamente por unha reclamación efectuada fóra dos prazos regulamentarios establecidos. Cómpre lembrar neste senso, o disposto no artigo 35.g da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común, ó citar como dun dereito dos cidadáns na súa relación coas Administracións públicas o de obter información e orientación acerca dos requisitos xurídicos ou técnicos que as disposicións vixentes imponen ós proxectos, actuacións ou solicitudes que se propoñan realizar. Este dereito foi o que utilizou o interesado neste caso, e que está Institución lle ten demandado a esa concellería.

Así, insistindo no cumprimento das normas regulamentarias, cómpre citar o artigo 10.2 do Regulamento orgánico da Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións e do Valedor do Cidadán, que reflite que o Valedor do Cidadán enviará escrito ás dependencias administrativas responsables, dando conta do contido esencial das reclamacións dos cidadáns e estas, no prazo máximo de quince días, remitirán informe fundamentado e completo sobre os feitos obxecto da reclamación.

No artigo 12 do citado regulamento indícase que todas as autoridades, funcionarios, órganos e organismos da Administración municipal están obrigados a colaborar e auxiliar ó Valedor do Cidadán nas súas actuacións con carácter prioritario; e continúa dicindo: “A actitude hostil ou entorpecedora do labor da Comisión ou do Valedor por parte de calquera organismo, funcionarios, directivo ou persoal ó servizo da Administración municipal poderá ser obxecto dun informe especial, ademais de destacalo no informe anual”.

Ante estas precisións de rango regulamentario, cómpre destacar a situación en relación con numerosos expedientes competencia da área de urbanismo e que, como se verá, poderían cualificarse de “incumprimento ou fraude” dunha norma regulamentaria de obrigado cumprimento, entendendo por fraude non a utilización de disposición legal co ánimo de crear unha aparencia xurídica para acadar efectos non recoñecibles, senón como falta das actuacións que son debidas e que, ó non realizarse, supoñen un incumprimento das obrigacións, non só con respecto ó Valedor do Cidadán, senón tamén con respecto ós cidadáns que pretender a defensa dos seus dereitos:

ANO 2002

- Expediente 7/2002.- Incumprimento de orde de derruba; denuncia formulada no ano 1996.
- Expediente 15/2002.- Denuncias pola apertura dun taller sen licenza.



- Expediente 17/2002.- Instalación dun taller sen licenza.
- Expediente 25/2002.- Orde de derruba dun tellado sobre un patio.
- Expediente 51/2002.- Construción dun muro en propiedade lindante.

#### ANO 2003

- Expediente 20/2003.- Apertura dun local de hostalería sen licenza que exerce unha actividade que non corresponde á licenza solicitada. As obras efectuadas ocasionaron danos nunha vivenda e molestias por ruídos e fumes. O interesado presentou denuncias no ano 2002, sen recibir resposta ningunha.

- Expediente 21/2003.- Instalación dunha antena de telefonía móbil nunha azotea.

- Expediente 54/2003.- O interesado solicita a execución dunha sentenza ditada polo TS de X de Galicia, de 30/12/1998, pola que se declara firme a sentenza que ordena a demolición das obras de construción dunha vivenda.

#### ANO 2004

- Expediente 23/2004: construción ilegal dun galpón.

- Expediente 30/2004: construción ilegal dunha nave industrial.

- Expediente 34/2004: molestias da actividade dunha chatarreiría.

- Expediente 51/2004: instalación dunha antena de telefonía móbil sen licenza.

- Expediente 57/2004: construción ilegal dun galpón.

- Expediente 65/2004: construción ilegal dunha vivenda.

- Expediente 78/2004: obras sen licenza.

#### ANO 2005:

- Expediente 1/2005: local de hostalería que funciona sen licenza.

- Expediente 26/2005: obras sen licenza.

- Expediente 35/2005: estufa de leña sen licenza.

- Expediente 44/2005: furados practicados nun edificio que producen danos.

- Expediente 45/2005: obras en zona forestal.

- Expediente 49/2005: nave sen licenza.

- Expediente 53/2005: obras con danos en propiedade allea.

- Expediente 62/2005: obras sen licenza.

- Expediente 73/2005: local sen licenza que produce molestias.

- Expediente 83/2005: taller sen licenza.

- Expediente 87/2005: obras de reforma sen licenza.

- Expediente 96/2005: antena de telefonía móbil sen licenza.

- Expediente 101/2005: actividade sen axustarse á licenza.

3.-Esta Institución en ningún suposto actúa como medio ou instrumento de presión e utiliza as vías que, como tal Valedor, lle foron encomendadas polo seu regulamento orgánico, sen que en ningún momento da súa actividade fose instrumento atentatorio da autonomía municipal, sen obviar as disposicións que sobre o termo existen.

Non obstante, cómpre comentar que a autonomía municipal, na Constitución española, é o que se ten dado en chamar unha autonomía en “branco”, cuxa configuración definitiva pola Lei de bases de réxime local queda como unha autonomía subordinada ás

*potestades do Estado e das Comunidades Autónomas, posto que os Entes locais teñen que cumprir as leis emanadas de ambos os dous. O Tribunal Supremo entende que os seus regulamentos están subordinados ós das entidades superiores, non obstante diverxencias nalgúns supostos concretos.*

*A Política local é un mero calco da situación nacional; o espazo político local non pode considerarse como un espazo autonómico, con referentes exclusivamente localistas; diversas influencias conduciron a que o local se situase na órbita do nacional e, neste senso, ten perdido autonomía (Botella y Capo).*

*Ninguén concreta o principio de autonomía local. O Tribunal Constitucional identifícaa cun poder limitado porque autonomía non é soberanía (sentenza 4/81); non obstante, recoñécese como principio básico da organización territorial do Estado (así os artigos 137, 140 e 141 da CE).*

*Os Entes locais deberán limitarse a executar lexislación allea, e cómpre dicir que incluso a autonomía administrativa non está concretada.*

*A criterio de parte da doutrina (Eva Giménez), a Administración local ten unha autonomía entendida como a capacidade de determinar os propios proxectos políticos dentro do marco competencial establecido polas administracións superiores. Non existen asuntos exclusivamente locais, a autonomía é un poder limitado de auto-organización.*

*En canto ó suposto de “fraude de lei”, é coñecido que os actos executados baixo esa denominación non impiden a debida aplicación da norma. Tamén é ben coñecida a definición romanista de “obra contra a lei o que fai o que a lei prohibe; en fraude dela o que, respectando as palabras da lei, elude o seu senso”.*

*Entendemos que tanto o promotor da queixa como este Valedor, como xa quedou explicitado na descrición das súas funcións, non pretenden obrar contra a lei; a súa conduta non constitúe unha quebra da norma. A proposta, as suxestións, as alegacións do interesado supoñen o non axeitarse ós prazos que o procedemento regulamentario aplicable sinalou no seu momento. Coa aplicación da normativa recollida no artigo correspondente, e en consonancia co disposto no marco do artigo 47 da Lei 30/1992, tivese sido suficiente.”*

## RECOMENDACIÓN

O cumprimento da legalidade que dimana dos artigos 10.2 e 12 do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán.

## **EXPEDIENTE 43/2006**

### ASUNTO

Queixa en relación coa instalación dunha estación de telefonía móbil sen licenza, feito denunciado repetidamente.

O interesado indica que existe unha notificación da X.M.U., de 24/04/2006, na que se reflite unha resolución pola que se ordena a incoación de expediente de protección da legalidade urbanística pola execución de obras sen licenza e non legalizables, en principio; así como a concesión do trámite de audiencia ó interesado. Ademais, hai outra notificación da mesma xerencia, de 3/02/2006, na que se indica a suspensión do procedemento para o outorgamento de licenza de obras e instalacións.

## SITUACIÓN

Queixa presentada o 26/06/2006. Con data 29/06/2006 solicítase o preceptivo informe, que se reitera nas seguintes datas: 19/07/2006, 23/08/2006, 26/09/2006, 26/10/2006, 27/11/2006 e 21/12/2006.

## REFLEXIÓNS

Estamos, unha vez máis, ante unha falta de accións decididas, áxiles e eficaces, en canto á protección da legalidade urbanística se refire.

Non é clarificador indicar só que se ordena a incoación dun expediente de protección da legalidade urbanística cando o prioritario sería o precinto e a interrupción da subministración eléctrica, tal como se reflite na lexislación ó respecto (Decreto 28/1999, de Disciplina urbanística de Galicia).

O promotor da queixa achega informes dun centro de investigación médica, nos que se fan precisións sobre os efectos deste tipo de instalación: alteración do sono, cefaleas, perdas de memoria, alteracións cardiovasculares e formación de tumores; e conclúe dicindo que parece que o que se intenta é non danar os intereses económicos das empresas provedoras, máis que protexe-la saúde dos cidadáns.

¿Que pasa entre a instalación e o funcionamento do equipo ata que se produza un acordo definitivo? ¿Que pasa no suposto contemplado na Lei 38/1972, modificada pola Lei 16/2002, de Prevención e control integrados da contaminación, no caso de que haxa presenza de formas de enerxía no aire que impliquen risco, dano u molestias graves para as persoas e bens de calquera natureza?

Na memoria do ano 2004 xa se indicaba que a planificación estratéxica das cidades cobra unha dimensión prioritaria debido a que o desenvolvemento futuro depende, en gran medida, dunha axeitada identificación das súas vantaxes comparativas e da posta en práctica de actuacións orixinais e específicas. Isto ten que basearse en compromisos nos que a imaxinación, a planificación e a produción conduzan a xestionar as cidades dun xeito máis transparente, eficiente e eficaz.

Noutros expedientes de denuncia destas instalacións acordouse suspender os outorgamentos de licenza en toda a área territorial do municipio nos casos en que a nova ordenación, inicialmente aprobada, resultase incompatible coa establecida no ordenamento vixente.

## RECOMENDACIÓN

O exercicio eficaz das competencias que teñan por finalidade a preservación de dereitos constitucionais dos cidadáns e a incoación dos expedientes sancionadores por infraccións urbanísticas

### **EXPEDIENTE 49/2006**

#### ASUNTO

Queixa en relación coas construcións que se están facendo fronte ó patio de luces dunha vivenda, as cales privan ó interesado da visión e da iluminación de tres ventás da súa vivenda.

O interesado indica que denunciou na X.M.U. esta situación o 17/03/2006, sen recibir resposta.

#### SITUACIÓN

Queixa presentada o 21/07/2006. Con data 9/08/2006 solicítase o preceptivo informe, petición que se reitera o 29/08/2006.

Con data 28/09/2006 recíbese escrito da vicepresidencia da X.M.U., no que indica que o expediente está a disposición do interesado na oficina de rexistro de urbanismo, onde poderá examinalo no prazo de dez días. Ademais, xúntase copia da solicitude ó respecto, na que o promotor da queixa solicita examinar o expediente, sen manifestar ningunha queixa.

Con data 2/10/2006 dáse cumprida información do anterior ó interesado, ó cal nos diriximos de novo o día vinte e seis do mesmo mes para que nos comunique se procedeu ó exame do expediente e se fixo algunha xestión en relación co mesmo, a fin de defini-la situación da queixa promovida ante esta Institución do Valedor do Cidadán. Esta petición reitérase o 26/10/2006, sen que se desen actuacións posteriores.

## RECOMENDACIÓN

Unhas actuacións áxiles, como a que nos ocupa.

### **EXPEDIENTE 50/2006**

#### ASUNTO

Queixa en relación co precinto dun local de hostalería alegando que carece de licenza de apertura, cando a mesma está solicitada desde agosto de 2006. O interesado indica que, se o Concello non se pronuncia no prazo dos seis meses seguintes á presentación da solicitude, se produce un silencio administrativo por tratarse dunha actividade

inocua. Na oficina de licenzas, en Urbanismo, dinlle que se trata dunha actividade molesta e que, polo tanto, o período para a concesión non é aquel.

O promotor da queixa subliña que o local carece de cociña pola negativa da comunidade de veciños para instalar unha cheminea co fin de poder cociñar, polo que o servizo de tapería faino a través dunha empresa de catering. Por todo, cómpre unha explicación para comprender a tardanza na concesión da licenza, xa que a situación forzada de peche impídelle o mantemento económico do negocio.

Indica, ademais, que o conveniente sería que se levase a cabo unha inspección para determinar se actividade é ou non molesta, e, de non selo, axilizar a tramitación da licenza para lograr a apertura do local. Para tal fin, presentou recurso de reposición o 22/06/2006.

#### SITUACIÓN

Queixa presentada o 27/07/2006. Con data 9/08/2006 solicítase o preceptivo informe, petición que se reitera o 18/09/2006, o 24/10/2006, o 22/11/2006 e o 12/12/2006.

#### RECOMENDACIÓN

O cumprimento da legalidade que deriva do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán.

### **EXPEDIENTE 62/2006**

#### ASUNTO

Queixa en relación coa situación de abandono na que se atopa o edificio no que reside o interesado. Indica que desde o 15/11/2001 presentou catro denuncias na X.M.U., sen recibir resposta.

#### SITUACIÓN

Queixa presentada o 13/10/2006. Con data 18/10/2006 solicítase o preceptivo informe, petición que se reitera o 17/11/2006 e o 11/12/2006.

#### REFLEXIÓNS

O interesado sente desprotexidos os seus dereitos ó non obter información nin orientación en relación coas solicitudes presentadas. As súas queixas son obxecto de demora, o que implica unha manifesta desatención por non ser orientado sobre a natureza e o modo de exercer-lo seu dereito e, incluso, sobre as institucións e órganos ós que se ten que dirixir se a denuncia presentada non é competencia do Concello. Todo isto de acordo co previsto no artigo 35 da Lei 30/1992 e co contido do Real Decreto 208/1996.

Desde outra perspectiva, a Constitución impón ós poderes públicos a obriga de garantir a defensa dos consumidores e usuarios, protexendo, mediante procedementos

eficaces, a seguridade dos mesmos. Do mesmo xeito, o cidadán ten dereito á protección da saúde de forma específica e da súa dignidade como persoa.

### RECOMENDACIÓN

Unhas actuacións puntuais, áxiles e eficaces en relación coas peticións que se formulan, que son facilmente contrastables con visitas de inspección.

### **EXPEDIENTE 63/2006**

#### ASUNTO

Queixa en relación coa invasión da vía pública por parte duns veciños. O interesado indica que desde o 3/01/2005 presentou varias denuncias no Concello, xa que uns veciños forraron unha columna que estreita o camiño e puxeron unha balaustrada e lanzadeiras de ferro para tendais, ademais de que producen vertidos de auga que anegan o camiño público e impiden o tránsito.

#### SITUACIÓN

Queixa presentada o 18/10/2006. Con data 24/10/2006 solicítase o preceptivo informe, petición que se reitera o 20/11/2006 e o 11/12/2006.

#### REFLEXIÓNS

Á queixa xúntase documentación da unidade de Patrimonio do Concello de Vigo, na que se acredita a titularidade municipal do camiño, e da unidade técnica de obras na que se comproba que as obras realizáronse sen licenza (16/01/2006); así como outro informe técnico (23/06/2006), polo que se ordena a incoación de expediente de protección da legalidade urbanística.

Resulta que, dezaoito meses despois da primeira denuncia, acórdase incoar expediente de protección da legalidade urbanística, o que demostra, unha vez máis, unha falta na mellora dos métodos de traballo. A racionalización non se pon de manifesto, polo que cómpre adoptar sistemas de calidade na xestión, unha metodoloxía de mellora continua que facilite unha avaliación da calidade dos servizos que chegue a provocar a satisfacción dos cidadáns, e unha mellora da lexitimidade da actividade pública pola vía dos rendementos.

Nun caso como este, o que está a primar é o pesadelo dos cidadáns.

### RECOMENDACIÓN

Un proceder axeitado na protección da legalidade urbanística.

## **EXPEDIENTE 66/2006**

### ASUNTO

Queixa en relación coa colocación dun valo na terraza dun edificio de dezasete alturas. O interesado indica que lles comunicaron a colocación do mesmo con dous días de antelación.

### SITUACIÓN

Queixa presentada o 24/10/2003. Con data 30/10/2006 solicítase o preceptivo informe, que se reitera o 28/11/2006 e o 26/12/2006.

### REFLEXIÓNS

A colocación do valo vulnera a Ordenanza municipal reguladora da publicidade exterior, aprobada o 24 de febreiro de 2003, especialmente os artigos seguintes:

Artigo 6.1: indica que os soportes publicitarios e os seus elementos e estruturas de sustentación, así como o seu conxunto, deberán reunir as condicións suficientes de calidade e seguridade, mesmo en condicións atmosféricas adversas.

Artigo 8.4: cando as instalacións produzan molestias ós ocupantes, será requisito indispensable acreditar, mediante documento fidedigno, a expresa aceptación polos afectados de tales limitacións ou molestias.

Artigo 8.5.4: non se autorizarán instalacións publicitarias que poidan afectar á seguridade dos inmobles.

Artigo 17.2: as superficies publicitarias só poderán instalarse sobre a coroación da última planta do edificio (cornisa de fachada, cumio ou terraza) sempre que ningunha zona da mesma se dedique a vivenda.

Artigo 17.6: non existirán zonas do anuncio a menos de 15 metros dos ocios das ventás.

Precísase que a descrición do valo non se axusta ás prescricións expostas. Ademais, realizouse unha inspección ocular, co apoio de fotografías que constan no expediente, por parte de técnicos do Concello que expuxeron o seu asombro ante semellante desatino.

Esta situación causa alarma entre os veciños, máxime cando, ó parecer, dáse unha apropiación de elementos comúns, produciuse a rachadura da varanda da terraza e o elemento colocouse a distancias inferiores ás establecidas na normativa municipal.

Por outra banda, existe unha contradición entre a colocación do valo e o informe solicitado polos veciños a técnicos municipais, xa que este indica que o acondicionamento e a colocación non se axusta á licenza, o que debe conducir a unha acción rápida e eficaz por parte da concellería competente para devolver o edificio ás condicións que lle son debidas.

## RECOMENDACIÓN

Unha acción áxil e eficaz para a protección da legalidade urbanística.

### **EXPEDIENTE 67/2006**

#### ASUNTO

Queixa en relación coa colocación dunha caseta de climatización en zona verde privada, instalación que non consta no expediente da X.M.U.

#### SITUACIÓN

Queixa presentada o 30/10/2006. Con data 2/11/2006 solicítase o preceptivo informe, petición que se reitera o 20/12/2006.

#### REFLEXIÓNS

Con data 7/02/2006, a Inspección técnica de obras dita unha resolución na que indica que os feitos que se relatán poden constituír infracción urbanística, polo que se incoa expediente de protección da legalidade urbanística e se concede un prazo de quince días para alegacións e proposta de medios de proba.

Con data 10/03/2006, o interesado insta para que se logre unha solución en defensa daquela legalidade, que reitera o 21/09/2006, é dicir, seis meses despois.

Entendemos que no momento do inicio deste expediente na oficina do Valedor do Cidadán, catorce meses despois da primeira denuncia do promotor da queixa, xa debería ter recaído unha acción axeitada, cumprindo así os principios de axilidade e eficacia na defensa da legalidade urbanística vulnerada.

Prodúcese, unha vez máis, a insatisfacción do cidadán, máxime cando neste suposto constan danos psíquicos acreditados por facultativo que obrigarón ó interesado a trasladar a súa residencia fóra da súa vivenda habitual, cos conseguíntes prexuízos económicos.

## RECOMENDACIÓN

A protección axeitada dos dereitos constitucionais que defenden a saúde dos cidadáns e unha acción áxil e eficaz na protección da legalidade urbanística.

### **EXPEDIENTE 69/2006**

#### ASUNTO

Queixa en relación coas molestias (ruídos e cheiros) producidas por unha campá extractora instalada, sen licenza, nun patio exterior.



## SITUACIÓN

Queixa presentada o 9/11/2006. Con data 13/11/2006 solicítase o preceptivo informe, petición que se reitera o 20/12/2006.

## REFLEXIÓNS

Estamos ante un feito denunciado o 30/12/2004 e do cal existe un informe do departamento de Medio Ambiente de 21/01/2005 no que se indica que a instalación incumpre a ordenanza protectora do ambiente atmosférico. Ademais, con data 10/02/2005 esténdese dilixencia do servizo de Licenza de actividades e instalacións da X.M.U. no que se reflicte que non consta a licenza de actividades e instalacións.

Cómpre salientar que en escrito do 24/10/2005 o departamento Medio Ambiente traslada o expediente ó servizo de Disciplina urbanística para que se incoase, de se-lo caso, expediente de protección da legalidade urbanística.

Que pasa coas molestias que o interesado está a padecer desde que fixeron a súa denuncia?

O cidadán non pode soportar tanta realidade. A falta de axilidade conduce a unha ineficacia que produce danos na saúde e na tranquilidade ás que ten dereito a gozar o promotor da queixa, como calquera outro cidadán, e que, polo acontecido, non se lle proporciona.

## RECOMENDACIÓN

O cumprimento axeitado da defensa dos dereitos do cidadán e da legalidade urbanística.

## **EXPEDIENTE 74/2006**

### ASUNTO

Queixa en relación cunhas obras ilegais nun edificio. O interesado indica que presentaron denuncia ó respecto o 14/11/2005 e en catro ocasións máis, sen recibir resposta ningunha.

### SITUACIÓN

Queixa presentada o 17/11/2006. Con data 20/11/2006 solicítase o preceptivo informe, petición que se reitera o 20/12/2006.

### REFLEXIÓNS

Da documentación que presenta o promotor da queixa dedúcese que as obras de referencia, detalladas na denuncia de 14/11/2006, non son conformes coa legalidade urbanística por infrinxir a normativa vixente e non se axustan á licenza de obra concedi-

da, polo que o Concello está obrigado a iniciar un expediente de protección da legalidade urbanística.

O interesado, en defensa da legalidade, solicita copia das actuacións levadas a cabo polo Concello de Vigo, solicitude que reitera en diversas ocasións e das cales non recibe resposta.

O carácter público da actividade urbanística permite e esixe a participación dos particulares, que neste ámbito se debe reforzar. Ademais, doutrinalmente reconécese que a Administración municipal ten a obriga inescusable de abrir expediente e suspender calquera construción que non teña licenza ou que non se axuste ás condicións da mesma; en caso contrario, daríase un incumprimento que debería ser obxecto de responsabilidade.

### RECOMENDACIÓN

O cumprimento da legalidade que dimana da normativa de urbanismo e a defensa do dereito do cidadán a ser informado puntualmente en temas nos que é parte interesada.

### **EXPEDIENTE 75/2006**

#### ASUNTO

Queixa en relación coa construción dun muro de peche nun camiño público sen deixar ningún tipo de retranqueo.

#### SITUACIÓN

Queixa presentada o 4/12/2006. Con data 5/12/2006 solicítase o preceptivo informe.

### **EXPEDIENTE 77/2006**

#### ASUNTO

Queixa en relación coa instalación dunha antena de telefonía móbil sen licenza.

#### SITUACIÓN

Queixa presentada o 13/12/2006, solicitándose na mesma data o preceptivo informe.

### **EXPEDIENTE 78/2006**

#### ASUNTO

Queixa en relación cunha obra declarada ilegal e incompatible coa legalidade, segundo acordo do ano 1997, e que segue sen solución.

## SITUACIÓN

Queixa presentada o 26/12/2006, solicitándose o preceptivo informe na mesma data.

---

## CAPÍTULO VIII: XESTIÓN MUNICIPAL

---

### **EXPEDIENTE 20/2006**

#### ASUNTO

Queixa en relación coa falta de pago dos recibos da taxa pola recollida do lixo da vivenda que ten alugada o interesado, debido a que se atopa en situación de parado de longa duración. Recoñece que descoñecía que tal situación puidese ser motivo de exención do pagamento da citada taxa.

#### SITUACIÓN

Queixa presentada o 29/03/2006. Con data 30/03/2006 solicítase o preceptivo informe, que se recibe o 18/04/2006, no cal se pormenoriza a situación do expediente municipal relativo ó tema que nos ocupa, concluíndo coa desestimación da reclamación do interesado. O anterior trasládase ó interesado o 19/04/2006.

O 15/05/2006 a concellería competente comunícanos que, por suxestión desta Institución do Valedor do Cidadán, mantivo unha entrevista co promotor da queixa para analiza-la súa situación e que estudiará o caso co ánimo de considerar a supresión dalgún pagamento pendente ou establecer un plan de pago o máis cómodo posible, considerando as circunstancias que concorren. Esta información trasládase ó interesado o 22/05/2006, quen, posteriormente, nos comunica que chegou a un acordo co Concello, polo que se dá o expediente por pechado.

#### REFLEXIÓNS

A eficacia dunha acción pública vén presidida pola axilidade na resolución dos expedientes e trámites ata a adopción das medidas tendentes a resolver os problemas da vida cotiá.

O concepto de equidade resulta, neste suposto, axeitadamente ponderado, e esta ponderación non é máis que a súa valoración como fonte complementaria ou subsidiaria da norma. Con isto non se produce ningunha violación da xustiza, non é suavidade senón xusteza, non se trata dun indulto, é simplemente un personaxe de conciliación. Estase a facer a realidade social do tempo en que se van aplicar as normas.

#### RECOMENDACIÓN

A adopción de medidas áxiles e adaptadas ó caso concreto como as deste expediente.

## **EXPEDIENTE 21/2006**

### ASUNTO

Queixa en relación coa facturación de máis dun recibo pola recollida de lixo nunha vivenda unifamiliar polo feito de que no baixo existe algún servizo, como baño, trasteira, etc. A vivenda ten unha única entrada e un único contador para o consumo de enerxía eléctrica e outro para a subministración de auga.

### SITUACIÓN

Queixa presentada o 31/03/2006. Con data 3/04/2006 solicítase o preceptivo informe, que se recibe o 18/04/2006 desde o servizo de Administración de Tributos, no que se reflicte polo miúdo a situación e indica que ó reclamante se lle desestimou a súa petición, dado que o inmovible está composto de dúas plantas habilitadas como vivendas independentes.

Con data 19/04/2006 dáse cumprida información do anterior ó interesado, quen nos comunica o seu desexo de que se revise a decisión adoptada polo Concello en base a:

*“- A existencia de vivenda única, unifamiliar, habitada por tres persoas, cun baixo non habitable.*

*- No baixo non se dá unha continuidade das persoas, tal como se comprobou na visita realizada por funcionario municipal no seu día, e así o recoñeceu.*

*- A realidade confórmase tamén na configuración da vivenda: casa pequena, un só portal, un único timbre no portal, un único contador de luz, única entrada de auga, único colector de lixo e única liña telefónica.”*

Con data 13/06/2006 recíbese escrito de Administración de tributos, no que informa que trasladan a petición ó Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, por ser un tema da súa competencia. Do anterior dáse traslado ó interesado o 14/06/2006.

Con data 13/07/2006 solicítase información actualizada ó citado tribunal, petición que se reitera o 22/08/2006, o 18/09/2006, o 24/10/2006, o 27/11/2006 e o 18/12/2006.

### REFLEXIÓNS

Interésase unha acción áxil e eficaz en canto ó contido das alegacións do interesado, aplicando, se fose necesario, criterios de equidade e de axuste á situación do caso concreto.

### RECOMENDACIÓN

O cumprimento da legalidade que dimana do artigo 12 do Regulamento orgánico do Valedor do Cidadán en canto á emisión dos informes solicitados.

A revisión da petición formulada polo interesado, prestando a máxima atención ás alegacións e realidades da vivenda en cuestión.

## **EXPEDIENTE 27/2006**

### ASUNTO

Queixa en relación cunha caída na rúa polo mal estado do pavimento, como consecuencia da cal o interesado sufriu golpes na faciana e nas mans e rompéronse os lentes.

O promotor da queixa indica que presentou a reclamación no Concello o 7/07/2004, achegou documentación complementaria nos meses de xullo, agosto e setembro de 2004 e recibiu a última notificación do servizo de Responsabilidade patrimonial o 26/07/2005, na que se lle informaba que tiña á súa disposición o expediente para a súa vista e quedaba pendente de resolución.

### SITUACIÓN

Queixa presentada o 28/04/2006. Solicítase o preceptivo informe o 2/05/2006, que se recibe o 24/05/2006, no que se reflite que o expediente se atopa pendente do informe-proposta de resolución e que estes se resolven por orde de incoación (segundo o artigo 74.2 da Lei 30/1992), habendo na actualidade outros anteriores pendentes de resolución. O anterior trasládase ó interesado o 24/05/2006.

A información anterior recíbese dez meses despois da comunicación ó promotor da queixa, na que se indicaba que o expediente estaba pendente de resolución.

Con data 5/06/2006, dado o tempo transcorrido, solicítase información actualizada, facendo as reflexións que se refliten no apartado correspondente ás mesmas.

Con data 14/06/2006 recíbese escrito do servizo de Responsabilidade patrimonial, no que se indica que o expediente foi remitido o 1/06/2006 á Xunta de goberno local para a súa resolución, do que se dá cumprida información ó interesado coa mesma data.

Con data 3/07/2006 solicítase nova información, no suposto de que recaese resolución, a cal se recibe o 14/07/2006, na que se indica que se desestima expresamente a solicitude de reclamación por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos ó non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento dun servizo público municipal.

O anterior trasládase ó interesado o 17/07/2006, sen que se desen actuacións posteriores.

### REFLEXIÓNS

Cómpre facer constar que para dar cumprimento ó artigo 42 da Lei 30/1992 e de acordo co artigo 13 do Real Decreto 429/93, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de procedemento das Administracións públicas en materia de responsabilidade patrimonial, o prazo para resolver as reclamacións é de seis meses a partir da data en que tivo entrada a solicitude no rexistro xeral, máis o do período extraordinario de proba á que fai referencia o artigo 9 do citado regulamento. Hai que lembrar que o expediente estaba rematado o 26/07/2005.

Neste expediente non se cuestiona a ordenación do procedemento en canto ó impulso necesario do mesmo, nin moito menos a alusión ó disposto no artigo 74.2 da Lei 30/1992, pero hai que recordar o contido do artigo 75 da mesma lei en canto ó presuposto de celeridade, así como tamén as facultades que ten a Administración pública para adaptar o persoal ás necesidades, e non á inversa.

## RECOMENDACIÓN

Unha actuación áxil e eficaz, de acordo cos procedementos establecidos.

## **EXPEDIENTE 32/2006**

### ASUNTO

Queixa en relación cunha caída no paseo de Samil debido ó mal estado do pavimento, o que produciu ó interesado danos acreditados medicamente. O promotor da queixa indica que entregou no Concello de Vigo toda a documentación requirida, pero non recibiu, desde xuño de 2005, ningunha resposta sobre o resultado do seu expediente.

Cómpre subliñar que, case un ano despois, os desperfectos do pavimento seguen igual, segundo fotografías que achega o interesado.

### SITUACIÓN

Queixa presentada o 29/05/2006. Con data 30/05/2006 solicítase o preceptivo informe, que se recibe, desde o servizo de Responsabilidade patrimonial, o 20/06/2006, no que informa que o expediente se atopa pendente de informe proposta de resolución, unha vez rematada a fase de instrución. Do anterior dáse cumprida información ó interesado na mesma data.

Á vista do anterior, con data 18/07/2006 solicítase, de se-lo caso, información actualizada ó respecto, a cal se recibe o 8/08/2006, na que se reflite que recaeu resolución o 10/07/2006 no senso de que se propón á Xunta de goberno local a adopción do seguinte acordo:

*“1º. Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial de D. ....*

*2º. Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde a ..., empresa adjudicataria do servizo, de conformidade co establecido nos artigos 97 e 161.c) do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño e no punto 19, apartado C, do prego de condicións administrativas de conservación e reposición de zonas verdes, debendo dita empresa indemnizar á reclamante na contía de ...euros.*

*Acordo: a Xunta de goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.”*

Do anterior dáse cumprida información ó interesado o 18/08/2006, sen que existan actuacións posteriores.

## REFLEXIÓNS

As mesmas do expediente anterior.

## RECOMENDACIÓN

Un procedemento áxil e eficaz, así como a necesidade de actuacións coordinadas con outros servizos ou departamentos competentes para que se corrixan puntual e oportunamente os desperfectos que causan os accidentes e que, no caso que nos ocupa, aínda seguían sen arranxar o 7/06/2006, case dous anos despois do acontecido.

## **EXPEDIENTE 37/2006**

### ASUNTO

Queixa en relación coa taxas que tivo que satisfacer o interesado no Rexistro xeral da X.M.U. para que lle selaran a copia dun escrito.

Á vista do anterior, o promotor da queixa remitiu un escrito á Sra. Alcaldesa, recibindo por resposta unha chamada de teléfono comunicándolle que a devolución da taxa era imposible.

Como contrapartida, achega unha copia dun escrito presentado no mesmo rexistro en abril de 2005, do que nunca recibiu resposta, e polo que non tivo que facer pagamento ningún.

### SITUACIÓN

Queixa presentada o 12/06/2006. Con data 14/06/2006 solicítase o preceptivo informe á Concellería de Xestión Municipal - Tributos, petición que se reitera o 12/07/2006.

Con data 21/07/2006 recíbese escrito da xefatura de Tributos, no que se indica que o tema compete á X.M.U., desde onde se recibe o informe o 8/08/2006, no que se reflicte que a Ordenanza fiscal reguladora das taxas polos documentos que expida a Administración municipal, recolle unha serie de servizos cuxa prestación dá lugar ó cobro dunha taxa, como son a expedición de certificados, a realización de copias de planos, de expedientes ou documentos.

Do anterior dáse cumprida información ó interesado o 18/08/2006, sen que se desen actuacións posteriores.

## RECOMENDACIÓN

Neste expediente estase ante unha actuación áxil e eficaz por parte da concellería de Xestión Municipal.

## **EXPEDIENTE 53/2006**

### ASUNTO

Queixa en relación coa titularidade dun inmovible que non corresponde ó interesado. Con data 7/06/2005 presentou na Xerencia territorial do catastro de Vigo solicitude instando a baixa naquela titularidade, requiríndolle para que achegase nova documentación ó respecto, o que fai o 1/07/2005.

A pesar do anterior, desde o Concello remítenlle á súa entidade bancaria o recibo do IBI, que non foi atendido pola mesma, segundo as súas instrucións.

Con data 16/01/2006 recibe notificación de constrinximento pola falta de pago polo que presentou escrito coas alegacións pertinentes e a documentación xustificativa, coa intención de deixar sen efecto a vía de constrinximento.

Con data 5/06/2006 recibe notificación da entidade bancaria sobre a retención da súa conta por dilixencia de embargo, polo que presenta novo escrito e, o 28/06/2006, sen resposta ningunha, reténselle da súa conta a cantidade correspondente.

### SITUACIÓN

Queixa presentada o 22/08/2006. Na mesma data solicítase o preceptivo informe, petición que se reitera o 28/09/2006.

Con data 11/10/2006 recíbese escrito do departamento de Administración de tributos, no que se informa dos trámites seguidos polo interesado e que a Xerencia territorial do catastro, mediante resolución ditada no expediente en cuestión, acordou acceder á solicitude do interesado e modifica-la titularidade da finca obxecto do mesmo. Á vista da citada resolución, procédese a iniciar o procedemento para o recoñecemento do dereito á devolución dos ingresos indebidos a petición do interesado polo concepto de imposto sobre bens inmoables, correspondente ós exercicios 2001, 2002, 2003, 2004 e 2005 e á anulación do recibo do exercicio 2006, estando no momento actual en trámite de solicitude dos correspondentes informes á Tesourería municipal co fin de realizar a correspondente proposta.

Do anterior dáse cumprida información ó interesado o 18/10/2006, sen que se desen máis actuacións.

### REFLEXIÓNS

Non se observa unha dilixencia administrativa áxil, como é de desexar, xa que estamos ante unha reclamación efectuada no mes de xuño do ano 2005.

Os dereitos dos cidadáns, transcendendo da súa estrita formulación constitucional, grazas á Lei 30/1992, de 26 de novembro, compromete a actividade das Administracións públicas, que teñen que someterse ás pautas de comportamento definidas en ambas as dúas normas en canto á información e comunicación con aqueles que teñan que recibir a colaboración daquelas, de xeito que asegure a transparencia da acción administrativa e, por ende, unha maior proximidade ós cidadáns.



As actuacións administrativas terán que servir de garantía específica para o cidadán, o cal está obrigado a intervir reiteradamente para acadar a tutela efectiva do seu dereito.

## RECOMENDACIÓN

Unha maior axilidade na resolución das reclamacións dos cidadáns.

A tramitación deste expediente é un exemplo a seguir en canto á colaboración coa Institución do Valedor do Cidadán.

## **EXPEDIENTE 57/2006**

### ASUNTO

Queixa en relación cos trámites a seguir polo interesado para a inscrición no padrón municipal.

O promotor da queixa indica que se lle denega a solicitude por non comparecer ou, no seu defecto, non presentar o D.N.I. da persoa representante da vivenda.

### SITUACIÓN

Queixa presentada o 20/09/2006, solicitándose o preceptivo informe coa mesma data.

Con data 6/10/2006 recíbese escrito do servizo de Estatística, no que informa que se require a presenza dun adulto que xa figure na folla de inscrición para que se persoe co seu D.N.I. e acreditar a sinatura da autorización de inclusión no padrón municipal. O anterior trasládase ó interesado o 9/10/2006.

Con data 9/10/2006, ante a falta de previsión da folla de inscrición no padrón, dirixímonos á Concellería de Xestión Municipal – Estatística, indicando o seguinte:

*“- O impreso de solicitude soamente esixe a sinatura do representante da vivenda (director do establecemento colectivo) e para nada fai mención ó D.N.I. ou a outra documentación ó respecto. A única mención ó anterior faise no reverso da folla de inscrición para os que realizan o empadramento.*

*- No mesmo impreso ou folla de inscrición (reverso) indícase que, de incorporaren novos habitantes a unha folla existente, ademais deberá asinar a autorización das novas inscricións algunha persoa maior de idade que xa figure inscrita na folla, que en realidade é o que se fixo. Non se menciona para nada o D.N.I.*

*- Non obstante, se houbese outro mandato legal que xustifique a obriga de presentar aquela documentación, agradeceríase que se nos indicase.”*

Con data 10/11/2006 recíbese escrito do Sr. Concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, no que se explicita que o artigo 59 do Real Decreto 2612/1996, de 20

de decembro, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación das Entidades locais, indica que os Concellos poderán comprobar a veracidade dos datos consignados polos veciños, esixindo para o efecto, a presentación do D.N.I. ou tarxeta de residencia, libro de familia, e o título que lexitime a ocupación da vivenda ou outros documentos análogos. Ademais, indica que a Resolución de 4 de xullo de 1997, conxunta da Presidencia do Instituto Nacional de Estatística e do Director Xeral de Cooperación Territorial pola que se dictan instrucións técnicas aos Concellos sobre actualización do Padrón Municipal, no seu apartado 3.- Comprobación de datos, entre outras aclaracións ao devandito artigo 59 do Regulamento de poboación, di:

*“Cando un cidadán solicite a súa alta nun enderezo onde consten empadroadas outras persoas, en vez de solicitarlle a aportación de documentación que xustifique a súa ocupación da vivenda, deberáselle esixir a autorización por escrito dunha persoa maior de idade que xa figure empadroada neste enderezo, debidamente identificada.”*

Do anterior dáse cumprida información ó interesado o 13/11/2006, sen que se desen actuacións posteriores.

## REFLEXIÓN

As precisións que se fan no escrito anterior deberían ser as mesmas que se lle fixeran ó interesado o día da súa comparecencia e, ademais, figurar no escrito informativo recibido o 6/10/2006, remitido polo servizo de Estatística.

Sería desexable que as follas de inscrición tamén reflectiran estas precisións de xeito breve, xa que dá a impresión de que as mesmas son anteriores á normativa sinalada.

## RECOMENDACIÓN

A tramitación deste expediente é un exemplo a seguir en canto á colaboración coa Institución do Valedor do Cidadán.

## **EXPEDIENTE 59/2006**

### ASUNTO

Queixa en relación cunha caída ocasionada pola existencia dun furado na beirarrúa debido á falta de dúas lousas.

O interesado indica que precisou a axuda da Policía local e foi trasladado en ambulancia a unha institución sanitaria, onde o trataron de diversas lesións, en especial no xeonllo dereito, polo que precisou o uso de muletas.

### SITUACIÓN

Queixa presentada o 27/09/2006, solicitándose o preceptivo informe o 28/09/2006, petición que se reitera o 26/10/2006 e o 27/11/2006.

Con data 12/12/2006 recíbese escrito do servizo de Responsabilidade Patrimonial, no que indica que o expediente está pendente de informe proposta de resolución, o que se traslada ó interesado na mesma data.

## REFLEXIÓNS

O accidente tivo lugar o 17/06/2006 e, tres meses despois, o furado seguía sen reparar, o que manifesta a escasa coordinación nas actuacións interdepartamentais, como noutros supostos análogos, en relación co arranxo puntual de desperfectos que causan danos e molestias ós cidadáns.

Con data 1/12/2006 recíbese informe do servizo de Vías e Obras no que indica que o furado reparouse o 13/11/2006.

## RECOMENDACIÓN

Axilidade na resolución deste tipo de expedientes, así como a comunicación ó servizo competente en materia de mantemento e reparación dos desperfectos na vía pública para o seu arranxo.

## **EXPEDIENTE 60/2006**

### ASUNTO

Queixa en relación coas cartas de pagamento duns bens de natureza urbana. O interesado indica que os terreos están afectados por unha torre e liñas de Fenosa.

### SITUACIÓN

Queixa presentada o 29/09/2006. Con data 2/10/2006 solicítase o preceptivo informe, petición que se reitera o 2/11/2006.

Con data 3/11/2006 recíbese escrito do servizo de Administración de tributos da Concellería de Xestión Municipal, no que indica que, de acordo coa información que consta na base de datos da Xerencia territorial do catastro, dedúcese que o interesado presentou escrito o 27/04/2006 manifestando a existencia de discrepancias entre os datos que figuran no catastro e a realidade, e que aquela xerencia acusa recibo das súas manifestacións e informa ó interesado que, en caso de estimar oportuno o inicio do procedemento, recibirá a oportuna comunicación e se lle concederá un prazo para alegacións.

Do anterior dáse cumprida información ó interesado o 6/11/2006 que, o 20/11/2006, faíños chegar escrito no que indica que non recibiu noticia sobre o anterior, só recibiu os recibos de pagamento e que se personou dúas veces no catastro, onde lle indicaron que pasarían a súa reclamación ó funcionario encargado deses temas e xa o informarían. Polo anterior, sorpréndelle que se lle diga que lle contestaron.

Con data 22/11/2006 remítese ó servizo de Administración de tributos copia do escrito presentado polo interesado solicitando información ó respecto, resposta que se recibe

o 30/11/2006. Na mesma reflítese que se reiteran no informe remitido o 3/11/2006 e que o artigo 77 do Texto refundido da Lei de facendas locais, aprobado polo Real Decreto Lei 2/2004, de 5 de marzo, establece un reparto competencial segundo o cal a xestión catastral corresponde á administración estatal, a través das xerencias territoriais do catastro, e a práctica das liquidacións corresponde ós Concellos, á vista dos datos remitidos polo catastro. Polo indicado, as discrepancias do interesado corresponde resolvelas á Xerencia territorial do catastro. Do anterior dáse información literal ó interesado o 4/12/2006.

## REFLEXIÓNS

É obvio que do reparto competencial o máis prexudicado é o cidadán, o cal non se sente atendido coa dilixencia e eficacia ás que ten dereito.

O Concello ingresa uns impostos que, posiblemente, lle son obrigados por outra Administración pública que comete un erro.

Todo parece indicar que ninguén se lembra dun principio básico, cal é o da cooperación, que contempla a Lei 30/1992, de 26 de novembro, cooperación obrigatoria que fai posible un intercambio de información ou puntos de vista que permita examinar en común os problemas de cada sector.

É necesaria e imprescindible a harmonización entre os intereses xerais e locais, tratándose simplemente dun problema de coherencia.

## RECOMENDACIÓN

Cómpre facer real o mandato do artigo 103 da Constitución española cando proclama que a Administración pública serve con obxectividade os intereses xerais e actúa de acordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e COORDINACIÓN.

## **EXPEDIENTE 65/2006**

### ASUNTO

Queixa en relación co trato discriminatorio recibido con respecto a uns bens inmo- bles situados en zona histórica.

O interesado indica que posúe un edificio con máis de cen anos de antigüidade, con apreciable interese histórico, arquitectónico e urbanístico e que tratou o tema co persoal dos departamentos da Concellería de Xestión Municipal, a niveis técnicos e adminis- trativos, onde lle explicaron o sistema a seguir para acadar a correspondente exención de impostos, tal como teñen os locais e edificios anexos ós seus.

### SIUTACIÓN

Queixa presentada o 24/10/2006. Con data 30/10/2006 solicítase o preceptivo infor- me, petición que se reitera o 27/11/2006.

Con data 28/11/2006 recíbese escrito do servizo de Administración de tributos que rexeita a petición do promotor da queixa cos mesmos argumentos da resolución de maio de 2006. O anterior trasládase ó interesado o 29/11/2006.

## REFLEXIÓNS

Á vista do contido da queixa, e dos documentos complementarios que se achegan, cómpre seguir a doutrina xurisprudencial do principio de igualdade que garante o artigo 14 da Constitución española, que impide que se poidan configurar respostas de feito da norma de xeito que produzan un trato distinto a persoas que, desde un punto de vista adaptable, se atopan na mesma situación. Este principio tería que entenderse en función das circunstancias que concorren en cada caso concreto, tendo en conta que o termo da comparación non resulte caprichoso ou arbitrario.

## RECOMENDACIÓN

Unha revisión detida do expediente promovido polo interesado.

## **EXPEDIENTE 68/2006**

### ASUNTO

Queixa en relación coa solicitude de desaloxo por ocupación dun terreo considerado municipal e coas filtracións de auga no garaxe dunha comunidade de propietarios.

O interesado indica que presentou a solicitude o 18/02/2003 e tivo que reiterala dúas veces durante o ano 2005, sen recibir resposta ningunha.

### SITUACIÓN

Queixa presentada o 2/11/2006. Coa mesma data solicítase o preceptivo informe, que se recibe desde o servizo de Patrimonio o 10/11/2006, no que se reflite que *“procede aclarar que o Concello non é propietario do terreo sobre o que se producen as citadas filtracións, senón unicamente dun dereito real para o seu uso público en superficie, resultando delimitados os dereitos e obrigas deste Concello ós derivados de uso público en superficie que do espazo puidera facer, pero non sobre o tecido impermeabilizante da placa sobre a que en superficie se desenvolve o dereito. Neste contexto, e tendo en conta a ocupación do citado espazo por un terceiro que imposibilita o seu uso público, determinou, como trámite previo, a necesidade da tramitación dun procedemento de recuperación posesoria por esta administración.*

*Conseguentemente, esta unidade de patrimonio, tras a instrución do correspondente expediente administrativo, formulou informe proposta á Xunta de Goberno Local para a recuperación posesoria da propiedade ..., atopándose actualmente pendente do informe do titular da Asesoría Xurídica deste Concello”.*

Con data 13/11/2006 dáse cumprida información do anterior ó interesado, indicando que en datas vindeira instarase información actualizada en relación coa instrución do expediente que se cita, o que se fai o 20/12/2006.

### REFLEXIÓNS

No mes de decembro de 2001 redáctase un informe no que se transcribe un acordo do Pleno do Concello de 26 de marzo de 2001. No mesmo reflítese que, por unanimidade dos presentes, acórdase incoar expediente de recuperación posesoria da propiedade municipal.

É moi salientable que desde marzo de 2001 se estea aínda pendente da conclusión do expediente de recuperación. Esta situación fai recapacitar sobre o impulso que debe presidir o procedemento acordado. A celeridade requirida non se produce do xeito deseado.

O cidadán, unha vez máis, séntese desalentado, moi lonxe da súa administración máis próxima e resúltalle imposible comprender a realidade.

### RECOMENDACIÓN

Cómpre salientar a celeridade posta de manifesto pola unidade de Patrimonio ante a petición de informe feita por esta Institución do Valedor do Cidadán.

## **EXPEDIENTE 72/2006**

### ASUNTO

Queixa en relación cunha caída no autobús de transporte municipal, Vitrassa, debido a que o condutor do vehículo iniciou a marcha sen que o interesado terminase o seu movemento de acceso.

### SITUACIÓN

Queixa presentada o 13/11/2006, solicitándose o preceptivo informe o 15/11/2006, petición que se reitera o 21/12/2006.

**REQUIRIMENTOS DE EXPEDIENTES INICIADOS NO ANO 2006****ÁREA DE ASUNTOS SOCIAIS**

<b>QUEIXA</b>	<b>MOTIVO</b>	<b>PETICIÓN INFORME</b>	<b>RECEPCIÓN INFORME</b>
<b>58/2006</b>	Falta de procedemento na resolución de axudas escolares	20/09/2006 26/10/2006	30/10/2006
<b>79/2006</b>	Actividade dun órgano de asistencia social	27/12/2006	

**ÁREA DE MEDIO AMBIENTE**

<b>QUEIXA</b>	<b>MOTIVO</b>	<b>PETICIÓN INFORME</b>	<b>RECEPCIÓN INFORME</b>
<b>16/2006</b>	Contaminación acústica procedente dos talleres e instalacións de Renfe	16/03/2006 17/04/2006 18/05/2006 12/06/2006 13/07/2006 22/08/2006 25/09/2006 8/11/2006 5/12/2006	16/06/2006 6/10/2006
<b>24/2006</b>	Falta de ornato e decoro no peche dunha propiedade	19/04/2006 18/05/2006 12/06/2006 13/07/2006	21/07/2006
<b>26/2006</b>	Contaminación acústica e cheiros dun local dedicado a un servizo asistencial	2/05/2006 5/06/2006 3/07/2006 9/08/2006 7/09/2006 7/12/2006	6/10/2006
<b>44/2006</b>	Contaminación acústica nocturna	27/06/2006	6/10/2006
<b>45/2006</b>	Situación dun colector de lixo	4/07/2006 18/07/2006 9/08/2006	18/08/2006
<b>51/2006</b>	Falta de puntos limpos para o tratamento de aparellos eléctricos e electrónicos e a xestión dos seus residuos	9/08/2006 7/09/2006 25/09/2006 26/10/2006 27/11/2006 21/12/2006	20/09/2006
<b>61/2006</b>	Estado de parcela municipal	9/10/2006 8/11/2006 4/12/2006	
<b>71/2006</b>	Contaminación acústica nocturna	20/11/2006 20/12/2006	29/12/2006
<b>73/2006</b>	Contaminación acústica nocturna	20/11/2006 20/12/2006	29/12/2006

## ÁREA DE MOBILIDADE E SEGURIDADE

QUEIXA	MOTIVO	PETICIÓN INFORME	RECEPCIÓN INFORME
<b>3/2006</b>	Sanción de tráfico	30/01/2006 22/02/2006 22/03/2006 20/04/2006 23/05/2006 21/06/2006 17/07/2006 22/08/2006 24/10/2006 23/11/2006 19/12/2006	28/02/2006 24/08/2006
<b>7/2006</b>	Sanción de tráfico	13/02/2006	2/03/2006
<b>9/2006</b>	Sanción de tráfico	2/03/2006 3/04/2006 2/05/2006 5/06/2006 3/07/2006 9/08/2006 7/09/2006 10/10/2006 8/11/2006 4/12/2006	
<b>10/2006</b>	Sanción de tráfico	2/03/2006 24/04/2006 24/05/2006 21/06/2006 17/07/2006 22/08/2006 24/10/2006 23/11/2006 19/12/2006	20/03/2006 24/08/2006
<b>11/2006</b>	Baixa nunha agrupación de voluntarios	6/03/2006 3/04/2006 2/05/2006 5/06/2006 3/07/2006 9/08/2006 7/09/2006 10/10/2006 8/11/2006 4/12/2006	
<b>17/2006</b>	Sanción de tráfico	16/03/2006 17/04/2006 18/05/2006 12/06/2006 13/07/2006	21/07/2006



<b>QUEIXA</b>	<b>MOTIVO</b>	<b>PETICIÓN INFORME</b>	<b>RECEPCIÓN INFORME</b>
<b>19/2006</b>	Situación de salubridade dunha praza pública	23/03/2006 20/04/2006 23/05/2006 21/06/2006 17/07/2006 22/08/2006 29/09/2006 24/10/2006 23/11/2006 19/12/2006	
<b>28/2006</b>	Sanción de tráfico	3/05/2006 5/06/2006 3/07/2006	21/07/2006
<b>31/2006</b>	Dificultades de aparcamento	23/05/2006 22/06/2006 18/07/2006 22/08/2006 26/09/2006 24/10/2006 23/11/2006 20/12/2006	
<b>35/2006</b>	Dificultades de acceso a vivenda	8/06/2006 12/07/2006 9/08/2006 18/09/2006 23/10/2006 22/11/2006 13/12/2006	
<b>36/2006</b>	Sanción de tráfico	12/06/2006 12/07/2006 9/08/2006	24/08/2006
<b>38/2006</b>	Asignación de postos de venta	19/06/2006 9/08/2006 18/09/2006 23/10/2006 22/11/2006 13/12/2006	
<b>39/2006</b>	Sanción de tráfico	19/06/2006 13/07/2006 9/08/2006 18/09/2006 23/10/2006 23/11/2006 13/12/2006	
<b>40/2006</b>	Sanción de tráfico. Non procede investigación		

<b>QUEIXA</b>	<b>MOTIVO</b>	<b>PETICIÓN INFORME</b>	<b>RECEPCIÓN INFORME</b>
<b>46/2006</b>	Actitude da Policía local	12/07/2006 22/08/2006 25/09/2006 23/10/2006 22/11/2006 20/12/2006	
<b>48/2006</b>	Retirada dun vehículo da vía pública	19/07/2006 22/08/2006 25/09/2006 23/10/2006 22/11/2006 20/12/2006	
<b>52/2006</b>	Sanción de tráfico	22/08/2006 25/09/2006 23/10/2006 22/11/2006 20/12/2006	
<b>54/2006</b>	Sanción de tráfico	30/08/2006 28/09/2006 26/10/2006 27/11/2006 21/12/2006	
<b>55/2006</b>	Sanción de tráfico	26/09/2006 26/10/2006 27/11/2006 21/12/2006	
<b>56/2006</b>	Ampliación de liñas de transporte público	11/09/2006 9/10/2006 8/11/2006 4/12/2006	
<b>76/2006</b>	Denegación de tarxeta de aparcamento de minusválido	5/12/2006	

#### ÁREA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ

<b>QUEIXA</b>	<b>MOTIVO</b>	<b>PETICIÓN INFORME</b>	<b>RECEPCIÓN INFORME</b>
<b>40/2006</b>	Lingua das comunicacións do Concello. Non precisou actuación ante aquel		
<b>14/2006</b>	Consumo de auga	16/03/2006 17/04/2006	16/05/2006
<b>18/2006</b>	Facturación de auga	21/03/2006 19/04/2006	16/05/2006
<b>22/2006</b>	Facturación de auga	17/04/2006	11/05/2006
<b>29/2006</b>	Actuación policial	8/05/2006 9/08/2006	7/06/2006 29/09/2006
<b>70/2006</b>	Estado de abandono dunha rúa	13/11/2006 20/12/2006	

**ÁREA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA**

<b>QUEIXA</b>	<b>MOTIVO</b>	<b>PETICIÓN INFORME</b>	<b>RECEPCIÓN INFORME</b>
<b>64/2006</b>	Denegación dunha praza na piscina pública	20/10/2006 27/11/2006 19/12/2006	12/12/2006

**ÁREA DE SERVIZOS XERAIS**

<b>QUEIXA</b>	<b>MOTIVO</b>	<b>PETICIÓN INFORME</b>	<b>RECEPCIÓN INFORME</b>
<b>8/2006</b>	Tarifa por consumo de auga	21/02/2006 9/03/2006 21/03/2006 19/04/2006 28/05/2006 17/07/2006 22/08/2006 28/08/2006 23/10/2006 22/11/2006	7/03/2006 28/04/2006 24/08/2006 7/12/2006
<b>15/2006</b>	Acceso a unha finca	16/03/2006 29/05/2006	4/04/2006 8/06/2006
<b>42/2006</b>	Rede de sumidoiros	22/06/2006 19/07/2006 28/09/2006 25/10/2006 27/11/2006	25/08/2006 1/12/2006
<b>47/2006</b>	Aparcamiento privado en zona pública e iluminación pública	12/07/2006 22/08/2006 25/09/2006 23/10/2006 22/11/2006 18/12/2006	

**ÁREA DE URBANISMO**

<b>QUEIXA</b>	<b>MOTIVO</b>	<b>PETICIÓN INFORME</b>	<b>RECEPCIÓN INFORME</b>
<b>1/2006</b>	Estado dunha finca	9/01/2006 22/03/2006 20/04/2006 23/05/2006 21/06/2006 7/09/2006 9/10/2006 9/11/2006 4/12/2006	18/01/2006 4/04/2006 5/07/2006
<b>2/2006</b>	Alegacións ó P.X.O.M.	23/01/2006 22/02/2006	21/03/2006

<b>QUEIXA</b>	<b>MOTIVO</b>	<b>PETICIÓN INFORME</b>	<b>RECEPCIÓN INFORME</b>
<b>5/2006</b>	Alegacións ó P.X.O.M.	6/02/2006	6/03/2006
<b>6/2006</b>	Instalación dun portalón sen licenza	6/02/2006 6/03/2006 3/04/2006 2/05/2006 5/06/2006 3/07/2006 9/08/2006 7/09/2006 9/10/2006 9/11/2006 4/12/2006	
<b>12/2006</b>	Realización de obras sen axustarse á licenza	6/03/2006 3/04/2006 24/04/2006 29/05/2006 22/06/2006 30/08/2006 28/09/2006 26/10/2006 27/11/2006 21/12/2006	10/04/2006 18/05/2006
<b>13/2006</b>	Obras ilegais en zona protexida	9/03/2006 4/04/2006 2/05/2006 5/06/2006 3/07/2006 12/07/2006 9/08/2006 9/09/2006 9/10/2006 8/11/2006 4/12/2006	11/07/2006
<b>23/2006</b>	Obras sen licenza	19/04/2006	12/05/2006
<b>25/2006</b>	Obras e reformas sen licenza	2/05/2006 5/06/2006 3/07/2006 18/09/2006 26/10/2006 22/11/2006 12/12/2006	8/08/2006 29/09/2006
<b>30/2006</b>	Solicitude de prórroga de licenza de obras	23/05/2006	22/06/2006

<b>QUEIXA</b>	<b>MOTIVO</b>	<b>PETICIÓN INFORME</b>	<b>RECEPCIÓN INFORME</b>
<b>33/2006</b>	Obras nun camiño público con perigo para os viandantes	5/06/2006 18/07/2006 22/08/2006 26/09/2006 26/10/2006 27/11/2006 21/12/2006	20/06/2006
<b>34/2006</b>	Recualificación dun terreo	6/06/2006 19/06/2006	19/06/2006 3/07/2006
<b>41/2006</b>	Alegacións ó P.X.O.M.	26/06/2006 19/07/2006 23/08/2006 26/09/2006	19/10/2006
<b>43/2006</b>	Instalación dunha antena de telefonía móbil sen licenza	29/06/2006 19/07/2006 23/08/2006 26/09/2006 26/10/2006 27/11/2006 21/12/2006	
<b>49/2006</b>	Obras lindeiras coa vivenda do interesado	9/08/2006 29/08/2006	28/09/2006
<b>50/2006</b>	Precinto dun local de hostalería	9/08/2006 18/09/2006 24/10/2006 22/11/2006 12/12/2006	
<b>62/2006</b>	Estado dun edificio	18/10/2006 17/11/2006 11/12/2006	
<b>63/2006</b>	Obras que invaden un camiño público	24/10/2006 20/11/2006 11/12/2006	
<b>66/2006</b>	Colocación dun valo publicitario na terraza dun edificio	30/10/2006 28/11/2006 26/12/2006	
<b>67/2006</b>	Instalación dunha caseta de ventilación sen licenza	2/11/2006 20/12/2006	
<b>69/2006</b>	Instalación dunha campá extractora sen licenza	13/11/2006 20/12/2006	
<b>74/2006</b>	Obras sen licenza	20/11/2006 20/12/2006	
<b>75/2006</b>	Peche dun camiño público	5/12/2006	
<b>77/2006</b>	Instalación dunha antena de telefonía móbil sen licenza	13/12/2006	
<b>78/2006</b>	Obra declarada ilegal no ano 1997	26/12/2006	

## ÁREA DE XESTIÓN MUNICIPAL

<b>QUEIXA</b>	<b>MOTIVO</b>	<b>PETICIÓN INFORME</b>	<b>RECEPCIÓN INFORME</b>
<b>20/2006</b>	Pagamento da taxa pola recollida do lixo	3/03/2006 15/05/2006	18/04/2006
<b>21/2006</b>	Pagamento de dous recibos pola recollida do lixo en vivenda unifamiliar	3/04/2006 10/05/2006 13/07/2006 22/08/2006 18/09/2006 24/10/2006 27/11/2006 18/12/2006	18/04/2006 13/06/2006
<b>27/2006</b>	Lesións por caída na rúa	2/05/2006 5/06/2006 3/07/2006	24/05/2006 14/06/2006 14/07/2006
<b>32/2006</b>	Lesión por caída nun paseo público	30/05/2006 18/07/2006	20/06/2006 8/08/2006
<b>37/2006</b>	Reclamación polas taxas por expedición de documentos	14/06/2006 12/07/2006	8/08/2006
<b>53/2006</b>	Titularidade incorrecta dun inmovible	22/08/2006 22/09/2006	11/10/2006
<b>57/2006</b>	Trámites dun procedemento	20/09/2006 9/10/2006	6/10/2006 10/11/2006
<b>59/2006</b>	Lesións por caída na rúa	28/09/2006 26/10/2006 27/11/2006	12/12/2006
<b>60/2006</b>	Cobro indebido do I.B.I.	2/10/2006 22/11/2006	3/11/2006 30/11/2006
<b>65/2006</b>	Tratamento impositivo sobre bens inmoables	30/10/2006 27/11/2006	28/11/2006
<b>68/2006</b>	Ocupación de terreos municipais	2/11/2006 20/12/2006	10/11/2006
<b>72/2006</b>	Lesións por caída nun autobús de Vitrasa	15/11/2006 20/12/2006	

## PARTE VI

### RESUMO ESTATÍSTICO


#### EXPEDIENTES ANALIZADOS NO ANO 2006 QUE SE CORRESPONDEN CON ACTUACIÓNS INICIADAS EN ANOS ANTERIORES

ÁREA	ANO DE COMEZO DO EXPEDIENTE				
	2002	2003	2004	2005	Total
ASUNTOS SOCIAIS	-	-	-	4	4
MEDIO AMBIENTE	-	-	-	12	12
MOBILIDADE E SEGURIDADE	-	2	7	23	32
PARTICIPACIÓN CIDADÁ	-	-	-	2	2
SERVIZOS XERAIS	-	-	1	9	10
URBANISMO	6	4	8	18	36
XESTIÓN MUNICIPAL	-	-	2	5	7
<b>TOTAL</b>	<b>6</b>	<b>6</b>	<b>18</b>	<b>73</b>	<b>103</b>

#### EXPEDIENTES QUE PASAN A TRÁMITE NO ANO 2007

ÁREA	ANO DE COMEZO DO EXPEDIENTE					
	2002	2003	2004	2005	2006	Total
ASUNTOS SOCIAIS	-	-	-	1	-	1
MEDIO AMBIENTE	-	-	-	6	6	12
MOBILIDADE E SEGURIDADE	-	1	4	4	16	25
PARTICIPACIÓN CIDADÁ	-	-	-	2	2	4
SERVIZOS XERAIS	-	-	-	1	2	3
URBANISMO	6	4	7	15	18	50
XESTIÓN MUNICIPAL	-	-	-	-	4	4
<b>TOTAL</b>	<b>6</b>	<b>5</b>	<b>11</b>	<b>29</b>	<b>48</b>	<b>99</b>

#### EXPEDIENTES PENDENTES DE ANOS ANTERIORES A TRAMITAR NO ANO 2007 POR ÁREAS







# ANO 2006

## ENTREVISTAS

ÁREA	NÚM.	%
<b>1. ASUNTOS SOCIAIS</b>	<b>14</b>	<b>4,1</b>
- Benestar Social	12	
- Varios	2	
<b>2. MEDIO AMBIENTE</b>	<b>32</b>	<b>9,4</b>
- Fumes	2	
- Ruídos	28	
- Maleza	2	
<b>3. MOBILIDADE E SEGURIDADE</b>	<b>114</b>	<b>33,3</b>
- Accesos	2	
- Mobilidade	46	
- Sancións	52	
- Varios	14	
<b>4. PARTICIPACIÓN CIDADÁ</b>	<b>8</b>	<b>2,3</b>
- Plans comunitarios	2	
- Varios	6	
<b>5. SERVIZOS XERAIS</b>	<b>30</b>	<b>8,8</b>
- Aqualia	10	
- Recollida lixo	6	
- Vías e obras	14	
<b>6. URBANISMO</b>	<b>76</b>	<b>22,2</b>
- Infraccións urbanísticas	68	
- P.X.O.M	2	
- Varios	6	
<b>7. XESTIÓN MUNICIPAL</b>	<b>32</b>	<b>9,4</b>
- Contratación	2	
- Cualificación urbanística	2	
- Estadística	2	
- Responsabilidade patrimonial	8	
- Tributos	8	
- Varios	10	
<b>8. OUTROS</b>	<b>36</b>	<b>10,5</b>
- Cuestións civís	36	
<b>TOTAL:</b>	<b>342</b>	<b>100,0</b>

## CONSULTAS POR CORREO ELECTRÓNICO

ÁREA	NÚM.	%
<b>1. ASUNTOS SOCIAIS</b>	<b>3</b>	<b>4,8</b>
- Educación	2	
- Normalización lingüística	1	
<b>2. MEDIO AMBIENTE</b>	<b>14</b>	<b>22,2</b>
- Ruídos	7	
- Salubridade	7	
<b>3. MOBILIDADE E SEGURIDADE</b>	<b>16</b>	<b>25,1</b>
- Aparcamentos	2	
- Mobilidade	6	
- Sancións	4	
- Seguridade	4	
<b>4. PARTICIPACIÓN CIDADÁ</b>	<b>1</b>	<b>1,6</b>
- Información	1	
<b>5. SERVIZOS XERAIS</b>	<b>2</b>	<b>3,5</b>
- Aqualia	1	
- Vías e obras	1	
<b>6. URBANISMO</b>	<b>5</b>	<b>7,9</b>
- Licenzas	1	
- P.X.O.M.	2	
- Varios	2	
<b>7. XESTIÓN MUNICIPAL</b>	<b>8</b>	<b>12,7</b>
- Taxas	6	
- Tributos	1	
- Varios	1	
<b>8. OUTROS</b>	<b>14</b>	<b>22,2</b>
- Consumo	3	
- Cuestións civís	4	
- Outras Administracións públicas	7	
<b>TOTAL:</b>	<b>63</b>	<b>100,0</b>

**EXPEDIENTES**

<b>ÁREA DE ASUNTOS SOCIAIS</b>	<b>2</b>
- Axudas escolares	1
- Actuación do persoal	1
<b>ÁREA DE MEDIO AMBIENTE</b>	<b>9</b>
- Contaminación acústica	5
- Estado dunha parcela municipal	1
- Estado do peche dunha propiedade	1
- Puntos limpos reciclaxe aparellos	1
<b>ÁREA DE. MOBILIDADE E SEGURIDADE</b>	<b>21</b>
- Sancións	12
- Protección Civil	1
- Aparcamentos/acceso a vivendas	2
- Asignación posto de venta	1
- Actitude policial	1
- Retirada vehículo	1
- Ampliación liñas Vitrasa	1
- Tarxeta minusválido	1
- Orde pública e salubridade en praza pública	1
<b>ÁREA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ</b>	<b>6</b>
- Actuación policial	1
- Estado dunha rúa	1
- Lingua das comunicacións	1
- Facturación consumos auga	3
<b>ÁREA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA</b>	<b>1</b>
- Praza piscina pública	1
<b>ÁREA DE SERVIZOS XERAIS</b>	<b>4</b>
- Acceso a finca	1
- Iluminación camiño	1
- Rede de sumidoiros	1
- Tarifas consumo de auga	1
<b>ÁREA DE URBANISMO</b>	<b>24</b>
- Alegacións P.X.O.M.	3
- Estado fincas	2
- Obras sen licenza	14
- Peche de local	1
- Peche dun camiño público	1
- Prórroga de licenza	1
- Recualificación dun terreo	1
- Valo publicitario	1
<b>ÁREA DE XESTIÓN MUNICIPAL</b>	<b>12</b>
- Estatística	1
- Ocupación de terreos públicos	1
- Responsabilidade patrimonial	4
- Titularidade de inmovble	1
- Taxas	5
<b>TOTAL EXPEDIENTES</b>	<b>79</b>

**REFERENCIA PORCENTUAL POR ÁREAS\***

Urbanismo	30,37%
Mobilidade e Seguridade	26,58%
Xestión Municipal	15,18%
Medio Ambiente	11,39%
Participación cidadá	7,34%
Servizos Xerais	5,06%
Asuntos Sociais	2,52%
Promoción Económica	1,26%

\* Ordenados porcentualmente de maior a menor.

## TOTAL DE ACTUACIÓNS

### ENTREVISTAS, CONSULTAS CORREO ELECTRÓNICO E EXPEDIENTES

ÁREA	NÚM.	%
1. MOBILIDADE E SEGURIDADE	151	31,20
3. URBANISMO	105	21,69
4. MEDIO AMBIENTE	55	11,36
5. XESTIÓN MUNICIPAL	52	10,74
5. SERVIZOS XERAIS	36	7,44
6. ASUNTOS SOCIAIS	19	3,93
7. PARTICIPACIÓN CIDADÁ	15	3,10
8. PROMOCIÓN ECONÓMICA	1	0,21
9. OUTROS	50	10,33
<b>TOTAL ACTUACIÓNS</b>	<b>484</b>	<b>100,0</b>

